

Número 13 - Ano 2024

ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

26 de setembro de 2024

No Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e doce minutos do día vinte e seis de setembro de dous mil vinte e catro; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, reúnen os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGU VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Transición Ecolóxica; DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde da Área de Xestión Integral de Recursos Internos; DON MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Internacionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Social e Territorial; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores; DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, Concelleira Delegada de Muller, Igualdade e Inclusión; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenente de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Incorpórase a sesión, logo da súa toma de posesión como concelleiro do Excmo. Concello de Lugo, DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

Dá fe do acto a Secretaria Xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Luis Ramón Vázquez Parga.

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 23 de setembro de 2024 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/141 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE ÁS SESIÓNS ORDINARIAS DO EXCMO. CONCELLO PLENO, CELEBRADAS OS DÍAS 30 DE MAIO, 27 DE XUÑO E 26 DE XULLO DE 2024, RESPECTIVAMENTE.

2/142 TOMA DE POSESIÓN DE DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ COMO CONCELLEIRO DESTA EXCMA. CORPORACIÓN (Exp 2024/G004/000638).

A) PARTE RESOLUTIVA

BENESTAR SOCIAL

3/143 APROBACIÓN INICIAL POLO PLENO DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO RÉXIME INTERIOR DO FOGAR DO TRANSEÚNTE-ALBERGUE-DO CONCELLO DE LUGO.

4/144 APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO CONSELLO SECTORIAL DE PERSOAS MAIORES DO CONCELLO DE LUGO.

FACENDA LOCAL

5/145 DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE DA SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES PRESENTADA POR DON MARTÍN FERNÁNDEZ VILA, EN NOME E REPRESENTACON DE CASA ROXA SC, E REFERIDA A ACTIVIDADES ECÓNICAS AGRARIAS OU GANDEIRAS PERTENCENTES AO SECTOR PRIMARIO

6/146 IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.- DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE E BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES A S.COOP. DEL CAMPO LAMABOA, CO CIF: F27011337, POR ESTAR REFERIDA A ACTIVIDADES ECONÓMICAS AGRARIAS OU GANDEIRAS PERTENCENTES AO SECTOR PRIMARIO.

7/147 IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.- DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE E BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES A GANADERIA CASTEDO SC CO, CIF: J27498047, POR

ESTAR REFERIDA A ACTIVIDADES ECONÓMICAS AGRARIAS OU GANDEIRAS PERTENCENTES AO SECTOR PRIMARIO.

8/148 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL REFERENTE Á SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRA PARA PROXECTO DE OBRA DE AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE GANDO VACÚN DE LEITE EN ARGONDE, PRESENTADA POR INLOGA ENXEÑEIROS, EN REPRESENTACIÓN DE JOSÉ LUIS CASTRO TEIJEIRO.

9/149 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL.

10/150 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 103 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL.

11/151 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 107 REGULADORA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL.

12/152 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 109 REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO MUNICIPAL DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE A DOMICILIO. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL.

13/153 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 201 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL.

14/154 MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL NÚMERO 203 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL.

INTERVENCIÓN

15/155 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 24/2024-

16/156 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 25/2024. REPARO NÚMERO 57/2024.

FOMENTO

17/157 ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEGAMP, A FIN DE PODER CONTRATAR OS SERVIZOS POSTAIS E TELEGRÁFICOS QUE SEXAN CONTRATADOS POLA MESMA.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

PROPOSICIÓNS

18/158 PROPOSICIÓ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 302/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL A APERTURA DO EDIFICIO DO CENTRO CULTURAL AUDITORIO DA CIDADE DE LUGO (Exp. 2024/G004/000581).

19/159 PROPOSICIÓ DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 303/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA RECLAMAR MAIOR SEGURIDADE VIARIA NAS ESTRADAS, TITULARIDADE DA XUNTA DE GALICIA, AO SEU PASO POR LUGO (Exp. 2024/G004/000591).

20/160 PROPOSICIÓ DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, NÚMERO 304/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A RECTIFICAR A SUBA DO CANON QUE O CONCELLO DE LUGO ABONA A SOGAMA POLA XESTIÓN DOS SEUS RESIDUOS (Exp. 2024/G004/000602).

21/161 PROPOSICIÓ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 325/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA O CUMPRIMENTO DO COMPROMISO ADQUIRIDO CO OBXECTO DE MODIFICAR O PXOM NO PERI-6 CARA Á CREACIÓN DUN NOVO ESTACIONAMENTO DE BALDE DETRÁS DA CAPELA DO CARME (Exp. 2024/G004/000630).

22/162 PROPOSICIÓ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 326/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL A DOTAR Á PRAZA DE ABASTOS E AO MERCADO DE MELLORAS NAS SÚAS INSTALACIÓNS E NO SEU SISTEMA DE XESTIÓN (Exp. 2024/G004/000631).

23/163 PROPOSICIÓ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 327/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL A IMPLEMENTAR MEDIDAS DE ORDENACIÓN DE ESTACIONAMENTO BUSCANDO O CONSENSO CON OUTRAS INSTITUCIÓNS (Exp. 2024/G004/000632).

B) FUNCIO NS DE FISCALIZACIÓ N, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

24/164 DACIÓ N DE CONTA DAS RESOLUCIÓ NS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍ A 5 DE XULLO DE 2024, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓ NS (EXP. 2024/G004/000607).

TESOUREIRÍ A

25/165 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DOS MESES DE XULLO E AGOSTO 2024.

26/166 DACIÓN DE CONTAS AO PLENO DOS DATOS DE MOROSIDADE CORRESPONDENTES AO 2º TRIMESTRE 2024.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 328/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE REPARE A RÚA FERMÍN RIVERA NO BARRIO DA PONTE.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 329/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO INTERCEDA ANTE ADIF CO OBXECTO DO DESBLOQUEO DA SUPRESIÓN DE PASOS A NIVEL NO MUNICIPIO DE LUGO.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 330/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE REPARE A PISTA DO CAMIÑO AGRA DE MUXA.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 331/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA COLOCAR UN PASO DE PEÓNS NA AVENIDA DE MAGOI NÚMERO 35, Á ALTURA DE DON LEÓN E GADIS.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 332/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE O PROXECTO DE EXECUCIÓN DO NOVO PAVILLÓN POLIVALENTE.

B) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 333/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE AS OBRAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO POLVORÍN.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 334/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE O ARRANXO E LIMPEZA DO LAVADOIRO DE CEIDE, NA PARROQUIA DE SAN SALVADOR DE OUTEIRO.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 335/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE DIVERSAS CUESTIÓNS RELATIVAS ÁS REPARACIÓNS DA REDE DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA DURANTE AS 24 HORAS DO DÍA.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

Aberto o acto, a Presidenta sinala: Ben, bos días a todos e a todas. Imos comezar esta sesión plenaria ordinaria. Hoxe incorpórase un novo concelleiro, polo tanto é un día bonito para esta sesión plenaria é para todos os compañeiros e compañeiras.

Seguidamente e de orde da Presidencia, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/141 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE ÁS SESIÓNS ORDINARIAS DO EXCMO. CONCELLO PLENO, CELEBRADAS OS DÍAS 30 DE MAIO, 27 DE XUÑO E 26 DE XULLO DE 2024, RESPECTIVAMENTE.- Vista a proposta da Secretaría, do 16 de setembro de 2024, do teor literal seguinte:

“O Excmo. Concello Pleno, os días 30 de maio, 27 de xuño e 26 de xullo, celebrou as sesións ordinarias correspondentes aos referidos meses. Das citadas sesións levantáronse as correspondentes actas que, unha vez incorporadas as intervencións nelas producidas, foron asinadas polos secretarios asistentes e pola alcaldesa-presidenta.

Por todo o exposto, propónse a adopción do seguinte acordo:

APROBAR as actas correspondentes ás sesións ordinarias celebradas polo Excmo. Concello Pleno os días 30 de maio, 27 de xuño e 26 de xullo do ano 2024, respectivamente.”

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 24 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

APROBAR as actas correspondentes ás sesións ordinarias celebradas polo Excmo. Concello Pleno os días 30 de maio, 27 de xuño e 26 de xullo do ano 2024,

respectivamente.

2/142 TOMA DE POSESIÓN DE DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ COMO CONCELLEIRO DESTA EXCMA. CORPORACIÓN (Exp 2024/G004/000638).-

Recibida neste Concello a credencial -expedida pola Junta Electoral Central con data do 8 de agosto de 2024- na que se designa concelleiro do Concello de Lugo a DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ, en substitución -por renuncia- de don Enrique Ceferino Rozas López, pola candidatura do Partido Popular ás eleccións locais do 28 de maio de 2023.

Presentada o día 17 de setembro a documentación esixida no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e de conformidade co previsto no artigo 108.8 da Lei orgánica do réxime electoral xeral para os efectos da adquisición da súa plena condición de concelleiro, procede a súa toma de posesión, de conformidade coa fórmula establecida no artigo primeiro do Real decreto 707/1979, do 5 de abril.

A continuación a secretaria xeral do Pleno tómalle xuramento/promesa a DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ, segundo a seguinte fórmula:

XURA OU PROMETE POLA SÚA CONCIENCIA E HONOR CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRO CON LEALDADE A EL-REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO?

Don DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ responde "XURO", tras o cal a Presidencia imponse a Medalla da Corporación e faille entrega da insignia corporativa.

Logo da súa toma de posesión como concelleiro municipal, o Sr. Carballo Méndez toma asento no seu escano incorporándose ao desenvolvemento da sesión.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Ben, como lle dicía ao novo concelleiro, Damián Carballo Méndez, para nós era un día bonito. Temos outra vez xa a corporación en pleno, despois da renuncia de Quique Rozas. Esperamos, como lle dixen, que teña sorte no seu desempeño deste cargo público e sempre hai que ter sorte e que lle saian as cousas ben. O que é evidente, Damián, e que temos expectativas muy altas, cobres un oco importante, pois Quique Rozas entendía a oposición, como un traballo con lealdade, con compromiso e sen crispación. Sempre poñía de manifesto que se pode cumprir esa faceta de oposición dunha maneira moi construtiva. Polo tanto, temos expectativas moi altas en ti, esperamos que así sexa e desexarille toda a sorte. Moitas grazas.

A) PARTE RESOLUTIVA

BENESTAR SOCIAL

3/143 APROBACIÓN INICIAL POLO PLENO DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO RÉXIME INTERIOR DO FOGAR DO TRANSEÚNTE-ALBERGUE-DO CONCELLO DE LUGO.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DE BENESTAR SOCIAL, asinada pola xefa do servizo e pola concelleira delegada, do 26 de xullo de 2024, do teor literal seguinte:

“Vistos.-

Primeiro.- O informe do Servizo de Benestar Social do 09/05/2024, polo cal se propón a iniciación do expediente para a aprobación da Ordenanza reguladora do réxime interior do Fogar do Transeúnte-Albergue- do Concello de Lugo, do seguinte teor literal:

Co obxecto de regular as normas de funcionamento de réxime interior do *Fogar do Transeúnte -Albergue-* do Concello de Lugo, e a instancia da *concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, dona Olga López Racamonde*, propónse a iniciación dun expediente para a aprobación da Ordenanza reguladora do *Fogar do Transeúnte*.

O *Fogar do Transeúnte – Albergue-* do Concello de Lugo, configúrase como un centro específico de carácter social que ten a finalidade de procurar aloxamento de carácter temporal a persoas en situación de emerxencia social, persoas transeúntes e /ou sen fogar, proporcionándolles aloxamento e manutención por un período limitado de tempo.

Do mesmo xeito, e co obxectivo de garantir a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango regulamentario, e en cumprimento do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas- LPACAP- con carácter previo á elaboración do regulamento, levarase a cabo unha consulta pública a través do portal web da administración competente para solicitar a opinión da cidadanía e das organizacións máis representativas que potencialmente se poidan ver afectadas por ela, sobre

unha serie de aspectos como son os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Por todo iso, proponse iniciar expediente para a aprobación da Ordenanza reguladora do réxime interior do Fogar do Transeúnte do Concello de Lugo, dándolles traslado do acordo do inicio do expediente ás persoas interesadas, profesionais, asociacións e entidades que traballan no sector das persoas transeúntes e/ou sen fogar, así como os colexios profesionais, co obxecto de que manifesten o seu parecer á proposta da aprobación dunha Ordenanza reguladora do *Fogar do Transeúnte* do Concello de Lugo, a fin de que, posteriormente, se someta a proposta referida á consideración do pleno corporativo, tras o ditame da comisión informativa.

Segundo.- A exposición ao público a través do Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo por un período de 20 días hábiles, dende o día 10/05/2024 ao 10/06/2024, da proposta de iniciación do expediente para a aprobación da Ordenanza reguladora do réxime interior do Fogar do Transeúnte-Albergue-, do Concello de Lugo, co obxectivo de garantir a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas con rango regulamentario, e en cumprimento do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas-LPACAP- con carácter previo á elaboración do Regulamento, levarase unha consulta pública, a través do portal web da administración competente para solicitar a opinión da cidadanía e das organizacións máis representativas que potencialmente se poidan ver afectadas por ela, sobre unha serie de aspectos como son os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Terceiro.- A ausencia de alegacións a proposta da aprobación da Ordenanza reguladora do Fogar do Transeúnte no período indicado.

Cuarto.- O informe favorable ao proxecto de ordenanza da Asesoría Xurídica do 19-06-2024

Quinto.- Resulta competente para a adopción deste acordo do proxecto de Ordenanza municipal reguladora do réxime interior do Fogar do Transeúnte-Albergue-do Concello de Lugo a Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127. 1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Sexto.- O acordo da Xunta de Goberno Local do 26-6-24 de aprobación do proxecto de Ordenanza municipal reguladora do réxime interior do Fogar do Transeúnte-Albergue-do Concello de Lugo, que é do seguinte teor literal:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia estrutura o sistema galego de servizos sociais en forma de rede en dous niveles de actuación, comunitaria e especializada, correspondéndolles aos concellos con carácter xeral a competencia na creación e xestión dos servizos sociais comunitarios, que á súa vez se diferencian en comunitarios básicos e específicos. De conformidade coa dita lei, os servizos sociais comunitarios específicos desenvolverán programas e xestionarán centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando a súa normalización e reincorporación social ou como espazo de tránsito a un servizo especializado.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, desenvolve no seu capítulo IV os servizos que a Lei 13/2008 define como servizos sociais comunitarios específicos, e nos artigos 25 e 26 establece a natureza e funcións destes servizos.

Así mesmo, o Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, polo que se define a carteira de servizos sociais de inclusión, recolle para cada servizo a súa denominación, nivel de actuación, tipoloxía, obxectivos, destinatarios, condicións de acceso e prestacións que incorpora, clasificando os albergues como servizos de atención nocturna para os que se precisa a preceptiva autorización administrativa da Xunta de Galicia.

O Concello de Lugo, dentro do ámbito das súas competencias, establece neste regulamento o marco legal, funcións, acceso e organización do Albergue Fogar do Transeúnte do Concello de Lugo.

CAPÍTULO I. NATUREZA E DEFINICIÓN

Artigo 1. OBXECTO DO SERVIZO

O Albergue Fogar do Transeúnte do Concello de Lugo é un centro específico de carácter social que ten a finalidade de procurar aloxamento de carácter temporal a persoas en situación de emerxencia social, persoas

transeúntes e persoas que están sen fogar, proporcionándolles aloxamento e manutención por un período limitado de tempo.

Artigo 2. IDENTIFICACIÓN

A sede do albergue fogar do transeúnte establécese na rúa Deputación, núm.12, 27004 Lugo. O Concello de Lugo poderá, por motivos de interese público, cambiar a súa situación, tras autorización da Xunta de Galicia, procurando sempre que se sitúe nunha zona residencial ben comunicada.

A capacidade do Albergue Fogar do Transeúnte, en canto a prazas de aloxamento, será a autorizada pola Xunta de Galicia a través do seu organismo competente. Na actualidade conta con 28 prazas de aloxamento. Para modificar o número de prazas debe contar coa autorización previa do organismo competente da Xunta de Galicia.

Artigo 3. NATUREZA XURÍDICA

O Albergue Fogar do Transeúnte, de titularidade municipal, intégrase na rede pública de equipamentos dos servizos sociais en materia de acción social. Carece de personalidade xurídica propia e o seu réxime administrativo queda suxeito ás regras e prácticas xerais na ordenación e prestación dos servizos do Concello de Lugo, correspondendo a súa dirección á concellería que teña atribuídas as competencias en materia de servizos sociais.

O Concello de Lugo, tras comunicación e autorización do organismo competente da Xunta de Galicia, poderá articular cantos instrumentos estime precisos para a súa xestión directa ou indirecta así como para a modificación ou cesamento de actividades deste equipamento. De igual xeito, poderá ditar aquelas normas de réxime interior que considere oportunas para o mellor uso das instalacións e dos servizos prestados.

CAPÍTULO II. DAS PERSOAS DESTINATARIAS

Artigo 3. CONDICIÓN DE PERSOA DESTINATARIA

Con carácter xeral, poderán acceder ao Albergue Fogar do Transeúnte as persoas maiores de 18 anos.

1. Persoas transeúntes. Ten a consideración de persoa transeúnte toda aquela que, sen estar empadroada nin ter establecida a súa residencia na

cidade de Lugo, estea en situación de desarraigo e careza de recursos persoais e económicos para afrontar a súa situación, mantendo en todo caso o albergue o carácter de recurso temporal.

2. Persoas sen fogar do concello de Lugo. Considérase persoa sen fogar aquela que, estando empadroada no Concello de Lugo, por circunstancias conxunturais (económicas, xurídicas, laborais, enfermidade, de vivenda...) se encontra nun momento determinado sen un domicilio para vivir e sen recursos para afrontar a súa situación.

3. Persoas en situación de exclusión ou emerxencia social que carezan de fogar ou núcleo substitutivo daquel.

4. Persoas que sufran catástrofe persoal ou civil.

5. Menores acompañados dun maior de idade que se encontren en calquera das situacións referidas nos anteriores apartados.

De maneira excepcional, sempre que existan razóns de emerxencia que xustifiquen a súa acollida, e sempre dun xeito excepcional, poderán ser acollidos menores sen acompañar, para o que será preceptivo comunicar esta circunstancia de xeito inmediato á unidade administrativa da Xunta de Galicia competente na área de menores.

Artigo 4. CONDICIÓNS DE ACCESO

As persoas que accedan ao Albergue Fogar do Transeúnte deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Ser maior de idade, agás nos supostos de admisión de menores recollidos no artigo anterior.

2. Ter autonomía para a realización das actividades básicas da vida diaria e non padecer alteracións psíquicas que poidan supoñer un risco claro para a saúde ou integridade física das outras persoas usuarias (ou, no caso de padecerlas, cumprir axeitadamente o tratamento prescrito), nin enfermidade infecto-contaxiosa en fase activa que implique un risco para a saúde pública.

3. Acreditar a identidade persoal mediante documento válido (DNI, NIE; pasaporte, xustificante actualizado de denuncia por perda ou roubo do

documento de identidade, acreditación consular ou calquera outro válido en dereito).

4. Non estar incurso en prohibición de acceso aos servizos do Albergue Fogar do Transeúnte segundo o disposto neste regulamento.

5. Non dispor de medios económicos para financiar un aloxamento segundo a valoración profesional do técnico/a municipal de servizos sociais.

6. Non presentar signos externos de embriaguez ou de estar baixo os efectos do consumo de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas.

CAPÍTULO III. DOS SERVIZOS

Artigo 5. SERVICIOS DO ALBERGUE FOGAR DO TRANSEÚNTE

O Albergue Fogar do Transeúnte municipal conta cos seguintes servizos obrigatorios para os albergues, definidos polo Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, que define a carteira de servizos sociais de inclusión:

Acollida, valoración e asesoramento.

Aloxamento

Manutención.

Hixiene.

Lavandería.

Consigna.

Enderezo postal.

Artigo 6. ACOLLIDA, VALORACIÓN E ASESORAMENTO

É función deste servizo a acollida, a identificación da persoa usuaria, a valoración da súa situación social, o asesoramento sobre os recursos e prestacións sociais ás que poida ter acceso e a información sobre a normativa interna do fogar.

Artigo 7. ALOXAMENTO CON MANUTENCIÓN

O servizo de aloxamento con manutención ten como finalidade facilitar un lugar para pasar a noite e cubrir as necesidades de alimentación (almorzo, xantar e cea) a toda persoa que teña a condición de persoa usuaria e cumpra coas normas establecidas neste regulamento.

Cada persoa usuaria terá dereito a unha cama, mesa de noite, cadeira, armario e punto de luz individual. A persoa usuaria poderá prescindir do servizo de manutención comunicándolle esta decisión á persoa encargada do Fogar.

No caso de urxencia e de non dispor de prazas dispoñibles no Fogar do Transeúnte, con carácter excepcional poderán establecerse medidas extraordinarias para facilitar aloxamento alternativo ás persoas ou familias que o precisen, logo do informe favorable técnico/a municipal de servizos sociais. Terán a consideración de situación excepcional os casos de familias con menores a cargo que estean en situación de emerxencia social e carezan de fogar ou lugar substitutivo, ou cando existan motivos graves de saúde.

Artigo 8. MANUTENCIÓN

Este servizo inclúe a obriga de atender as necesidades básicas de alimentación, entendendo como tales a subministración do almorzo, xantar e cea. Só terán dereito ao almorzo as persoas que sexan usuarias do servizo de aloxamento. O menú será único e universal pero, cando por motivos relixiosos ou outros motivos xustificados, a persoa usuaria o rexeite, faráselle entrega dun bocadillo e unha peza de froita.

Poderán utilizar o servizo de comedor familias en situación de problemática conxuntural cando o/a traballador/a social de referencia o considere como recurso complementario axeitado á súa situación.

Cando teñan asignado este servizo familias con menores a cargo, poderán optar por recoller a comida e levala para o seu domicilio. Por causas excepcionais debidamente xustificadas tamén poderán optar por recoller a comida familias sen menores.

A aquelas persoas que non teñan concedido o servizo de manutención pero demanden comida faráselles entrega dun bocadillo e unha peza de froita. Non será preciso ter a condición de persoa usuaria do centro para ter acceso a este servizo, pero si serán de obrigado cumprimento as súas normas de funcionamento.

Artigo 9. HIXIENE

Este servizo ten como función cubrir as necesidades básicas de hixiene persoal das persoas usuarias do Albergue Fogar do Transeúnte. Será obrigatoria a utilización das duchas para pasar a noite.

Poderán facer uso deste servizo persoas que non teñan a condición de persoa usuaria do Fogar a xuízo do técnico/a municipal de servizos sociais.

Artigo 10. LAVANDERÍA

Este servizo inclúe o lavado e secado de roupa. Poderán facer uso del as persoas que teñan a condición de persoas usuarias do Albergue Fogar do Transeúnte e aqueloutras persoas que malia que non teñan a dita condición acrediten a necesidade deste tras o informe técnico.

A persoa usuaria deste servizo recollerá a súa roupa na lavandería. O Concello de Lugo non se fará responsable de calquera perda, extravío ou deterioración.

Artigo 11. CONSIGNA

O servizo de consigna ten a función de ofrecer un espazo para gardar as equipaxes e pertenzas das persoas usuarias durante a súa estancia. O Fogar do Transeúnte non se fará responsable das perdas ou subtraccións das pertenzas das persoas usuarias. Se ao rematar a estancia a persoa usuaria non retira as súas pertenzas no prazo dunha semana, entenderase que renuncia a elas.

Artigo 12. ENDEREZO POSTAL

O servizo de enderezo postal ten como finalidade facilitarles ás persoas que pasen a noite no Albergue Fogar do Transeúnte un enderezo de correo no que recibir a súa correspondencia mentres dure a súa estadía.

CAPÍTULO IV. DO FUNCIONAMENTO DO CENTRO

Artigo 13. HORARIOS DO CENTRO

O Albergue Fogar do Transeúnte prestará os seus servizos todos os días do ano.

As persoas usuarias do Fogar están obrigadas ao cumprimento dos horarios. Só se admitirá un atraso nos horarios de 10 minutos, sempre que a persoa non sexa reincidente na tardanza, tras a advertencia de que, por necesidade do servizo, non se permitirá reiterar o atraso. O non cumprimento dos horarios dará lugar á perda do servizo de xantar, cea ou pasar a noite.

O horario de acollida para o servizo aloxamento é das 19.00 ás 22.00 horas, e requirirá da correspondente autorización. Este horario poderá ser modificado por necesidades do servizo e adaptado ás circunstancias xustificadas que requiriran da dita modificación.

Fóra do horario indicado, o persoal de vixilancia admitirá a entrada cando a persoa usuaria se encontre nalgunha das seguintes situacións:

- a) Con autorización do técnico/a municipal de servizos sociais.
- b) Con autorización para pasar a noite da Policía Local, que deberá ser permitida cando concorran causas xustificadas que fixeron imposible o cumprimento do horario de entrada. Neste suposto, a Policía Local deberá poñerse en contacto co persoal en quenda no Fogar para verificar a existencia de prazas vacantes e comprobar que a persoa solicitante non está incurso en prohibición de entrada. Unha vez realizadas estas comprobacións, deberá expedirse a autorización para pasar a noite e comunicar os datos de identificación da persoa usuaria, quen deberá presentarse no Fogar inmediatamente para efectuar a entrada. O persoal de vixilancia do Fogar, como responsable da seguridade no centro, só poderá denegar unha entrada autorizada fóra do horario cando a persoa usuaria presente signos externos de embriaguez ou de estar baixo os efectos do consumo de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas, ou ben presente actitudes ou comportamentos que poñan en risco a seguridade do persoal do centro e das restantes persoas usuarias do Fogar.

O servizo de manutención terá os seguintes horarios que poderán ser modificados por circunstancias xustificadas por necesidades do servizo:

Almorzo: de luns a domingo, das 8.00 ás 9.00 h como máximo, cómpre indicar que unha vez que termine o almorzo deberán abandonar as instalacións do Fogar.

Xantar: de luns a domingo, dende as 13.00 ás 14.00 horas. Do mesmo xeito, cómpre indicar que unha vez que termine o xantar deberán abandonar as instalacións do Fogar.

Cea: de luns a domingo, entre as 19.30 e as 20.30 horas.

Por circunstancias excepcionais, poderanse establecer dúas quendas de comidas e/ou ceas. Nese caso, as franxas horarias quedarían establecidas na marxe horaria entre as 12.30 e as 14.00 horas para o xantar, e dende as 19.30 ás 21.00 horas para a cea.

O horario do servizo de hixiene para aquelas persoas que non sexan usuarias do servizo de aloxamento con manutención é das 19.00 ás 21.00 h.

Artigo 14. DURACIÓN DA ESTADÍA

Poderán ter praza no Albergue Fogar do Transeúnte as persoas que teñan a condición de persoa usuaria e cumpran cos requisitos de acceso, agás naqueles supostos nos que expresamente se exima dalgún destes requisitos.

Como regra xeral, a estadía no fogar será de tres días ao mes, tanto para o servizo de aloxamento con manutención como para o servizo de manutención, e poderán desfrutarse en días consecutivos ou alternos. Cando os días do servizo de aloxamento se desfruten de maneira alterna, non se poderá facer en ningún caso reserva de cama. Se a estadía coincide cos últimos días do mes, esta non poderá prolongarse cos tres días do mes seguinte, tendo que transcorrer un mínimo de catro días entre unha estadía e a seguinte.

Unha vez esgotados os tres días mensuais de estadía, a permanencia no fogar estará supeditada á concesión de prórroga por parte do técnico/a municipal de servizos sociais, tras a valoración da súa situación. O técnico/a municipal de servizos sociais establecerá na prórroga o período de duración dela que como norma xeral non excederá dunha semana, o número de prórrogas non estará limitado, pero o tempo máximo de permanencia no Fogar será de 2 meses. Por causas excepcionais debidamente xustificadas, rematado este prazo, poderanse realizar novas prórrogas ata un máximo de 3 meses máis.

Os motivos taxados de prórroga son os seguintes:

1. Estar á espera do primeiro soldo, circunstancia que deberá acreditarse mediante contrato de traballo.
2. Estar á espera de prestación social, acreditada mediante achega da correspondente documentación oficial de solicitude, que será valorada pola/o profesional de referencia.
3. Participación en obradoiros ou proxectos de inserción social, tras o informe da/o profesional de referencia.

4. Motivos sanitarios de urxencia acreditados que fagan necesario o uso do Fogar.

5 .Outros motivos sociais valorados polo técnico/a municipal de servizos sociais.

O técnico/a municipal de servizos sociais que emita a prórroga deberá comunicarllo á persoa encargada do Albergue Fogar do Transeúnte. As prórrogas poderán ser revogadas polos técnicos de servizos sociais e persoal municipal que presta os seus servizos no Fogar do Transeúnte, se non se cumpren as normas do Albergue Fogar do Transeúnte ou deixan de existir os motivos polos que foi concedida.

Artigo 15. ADMISIÓN DE PERSOAS USUARIAS

A asignación de praza para a estadía inicial de pasar a noite con manutención precisará da identificación e comunicación dos datos da persoa usuaria á Policía Local, e será realizada por:

- A persoa encargada do Fogar, ou persoa na que delegue, en horario de luns a venres entre a franxa horaria das 12.00 ás 13.00 horas.
- O persoal de vixilancia do fogar entre a franxa horaria das 18.00 ás 19.00 horas, e das 12.00 ás 13.00 horas os sábados, domingos e festivos e, en calquera caso, cando o Fogar non conte coa persoa encargada do Fogar ou persoa na que delegue.

Os horarios de admisión das persoas usuarias poderán modificarse por razóns xustificadas do servizo garantindo en todo caso a atención para as admisións en quenda de mañá e tarde ás persoas usuarias.

A persoa responsable do Albergue Fogar do Transeúnte, ou persoa en quen delegue, levará un control das prazas demandadas e ocupadas, así como das prazas dispoñibles nun sistema de rexistro que permanecerá constantemente actualizado.

O técnico/a municipal de servizos sociais realizará a valoración social das persoas acollidas así como accións de información, asesoramento e orientación ou derivación co fin de procurarlles o acceso aos recursos que precisen, ademais de informar as prórrogas cando se soliciten.

CAPÍTULO V. DOS REQUISITOS FUNCIONAIS DO CENTRO

Artigo 16. DOCUMENTACIÓN BÁSICA DO CENTRO

O Albergue Fogar do Transeúnte contará cun rexistro de persoas usuarias no que se farán constar os datos persoais, DNI, número de identificación de persoa estranxeira (NIE) ou pasaporte, data de nacemento, domicilio, data de ingreso, incidencias, data de baixa e o motivo desta.

O persoal do fogar do transeúnte levará un control das noites e/ou comidas de cada persoa usuaria, rexistraraas diariamente no sistema establecido para ese fin, para os efectos de controlar o seu número. Así mesmo, se é o caso, levará un rexistro das persoas usuarias que utilicen os servizos do Albergue distintos de pasar a noite.

Artigo 17. NORMAS DE FUNCIONAMENTO INTERNO

As persoas usuarias do Fogar do Transeúnte están obrigadas ao cumprimento das seguintes normas:

- Identificarse mediante documento válido sen falsear ou ocultar datos.
- Cumprir as instrucións e respectar o persoal do centro, persoal de servizos sociais, persoal de vixilancia así como calquera persoa que desempeñe servizos profesionais ou laborais no centro.
- Respectar os dereitos das outras persoas usuarias do Fogar.
- Non intercambiar a cama e resto de equipamento asignado.
- Cumprir os horarios establecidos.
- Non falsear as autorizacións de pasar a noite ou manutención establecidas para obter a condición de persoa usuaria, nin as establecidas para autorización de prórrogas.
- Non introducir ou consumir bebidas alcólicas ou outras substancias psicoactivas no Fogar nin acceder baixo os seus efectos.
- Non fumar nas instalacións do centro.
- Preavisar no caso de que non vaia utilizar o servizo de manutención ou aloxamento.

As persoas usuarias serán responsables dos danos ou perdas ocasionados, por acción ou omisión, nas instalacións do centro ou das alteracións de orde que produzan neste.

Non se permitirá a entrada de animais de compañía.

CAPÍTULO VI. DOS DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS USUARIAS

Artigo 18. DEREITOS

As persoas usuarias do Fogar gozarán dos seguintes dereitos:

- A recibir un trato acorde á dignidade da persoa e ao respecto dos seus dereitos e liberdades por parte do persoal do fogar e do persoal municipal.
- A recibir información sobre as normas de funcionamento do Fogar do Transeúnte.
- A recibir información sobre os recursos e prestacións do sistema de servizos sociais.
- Á confidencialidade, sixilo e respecto en relación cos seus datos de carácter persoal e coa información que sexa coñecida polos servizos sociais, sen prexuízo do eventual acceso a estes no exercicio dunha acción inspectora, de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 19. OBRIGAS

As persoas usuarias do fogar estarán obrigadas a:

- Facilitar información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o uso do Fogar e comunicar as variacións que se produzan nestas.
- Cumprir o regulamento e as normas de funcionamento do centro recollidas na Ordenanza de réxime interior e aquelas outras que puidieran ditarse con posterioridade.
- Manter un trato respectuoso co persoal municipal, coas persoas que presten os seus servizos no fogar e centros de convivencia municipais, así como cos demais usuarios/as dos servizos municipais.
- Asistir ás citas e entrevistas indicadas polo persoal de servizos sociais e seguir os programas e orientacións que se lles indiquen para mellorar a súa integración.
- Usar de forma respectuosa as instalacións, mobiliario e equipamento do Fogar así como doutras instalacións municipais.
- Cumprir as instrucións dadas polas persoas responsables do Fogar, persoal técnico municipal e persoal do servizo de vixilancia.
- Cumprir coas demais obrigas que, en materia de servizos sociais, recoñeza a normativa vixente en cada momento.

Artigo 20. INCUMPRIMENTO DAS OBRIGAS

O incumprimento das normas de funcionamento do Fogar do Transeúnte e da súa normativa reguladora poderá motivar a perda do dereito á utilización dos seus servizos de acordo co seguinte réxime disciplinario.

CAPÍTULO VII. RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 21. TIPOLOXÍA DOS INCUMPRIMENTOS

Consideraranse faltas disciplinarias os incumprimentos das obrigas establecidas neste regulamento. En función da súa gravidade, os incumprimentos clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Artigo 22. INCUMPRIMENTOS LEVES:

Considéranse incumprimentos leves aqueles que non poidan ser cualificados como graves ou moi graves e, expresamente, os seguintes:

- Non respectar as normas básicas do centro que garantan o normal desenvolvemento da convivencia, como as relacionadas co cumprimento dos horarios, o uso axeitado das instalacións e calquera incumprimento da normativa reguladora que, pola súa natureza ou gravidade, non se tipifique como grave ou moi grave.
- Non preavisar da súa intención de non utilizar o servizo de aloxamento ou manutención.

Artigo 23. INCUMPRIMENTOS GRAVES:

Constitúen incumprimentos graves os seguintes:

- Falsear ou ocultarlle ao persoal municipal e/ou que preste os seus servizos no Fogar do Transeúnte e centros de convivencia municipais, os datos requiridos para acceder ao Fogar ou para realizar algún tipo de intervención social e/ou non comunicar a alteración das circunstancias ou requisitos tidos en conta para ser usuario/a do fogar.
- Calquera incumprimento da ordenanza que ocasione prexuízos notorios na prestación do servizo ou produzan danos ou prexuízos graves a outras persoas usuarias ou ao persoal que preste os seus servizos no Fogar.
- Portar ou exhibir armas, obxectos punzantes ou elementos intimidatorios.

Artigo 24. INCUMPRIMENTOS MOI GRAVES:

Constitúen incumprimentos moi graves os seguintes:

- Provocar ou participar en desordes, pelexas, rifas ou altercados de calquera tipo que produzan alteracións moi graves no servizo que fagan imposible a continuidade da súa prestación, tanto no interior das dependencias municipais coma nos accesos inmediatos a estas.
- A agresión física ou verbal, as faltas de respecto graves, a intimidación, o acoso ou as ameazas cara ao persoal do Fogar, o persoal de vixilancia ou o persoal dos servizos sociais, así como ás persoas responsables dos programas que se leven a cabo neste e cara ao resto das persoas usuarias.
- Provocar danos nas instalacións ou no equipamento ou subtraer bens do centro, doutras persoas usuarias ou do persoal traballador.
- Exercer calquera tipo de explotación, abuso ou atentado grave contra os dereitos fundamentais da persoa.
- O tráfico de calquera substancia que se tipifique na lexislación penal como delito contra a saúde pública.

Artigo 25. SANCIÓN

Cada incumprimento e a decisión que se adopte ao respecto farase constar no libro de incidencias do Fogar do Transeúnte, e xuntarase á ficha de ingreso da persoa usuaria. As incidencias seranlles comunicadas aos servizos sociais municipais e/ou profesionais de referencia da persoa usuaria, así como á Policía Local.

Na gradación das sancións aparelladas aos incumprimentos atenderanse primordialmente as seguintes circunstancias: a gravidade do risco ou o perigo xerado, os prexuízos causados nas persoas ou nos bens, o incumprimento de advertencias previas formuladas e a reiteración da conduta por parte da persoa usuaria.

1. A comisión dun incumprimento leve terá como consecuencia o apercibimento público ou a prohibición de acceso aos servizos do Fogar do Transeúnte por un período dun mes. No caso de que no momento da súa comisión, a persoa usuaria xa esgotara o tempo de permanencia correspondente a ese mes, a prohibición de acceso trasladarase ao mes seguinte.

2. A comisión dun incumprimento grave terá como consecuencia a prohibición de acceso aos servizos do Fogar do Transeúnte por un período de un a tres meses.

3. A comisión dun incumprimento moi grave terá como consecuencia a prohibición de acceso aos servizos do Fogar do Transeúnte por un período de entre tres e seis meses.

Sen prexuízo do anterior, todas aquelas actuacións que revistan carácter penal ou estean tipificadas como delito no código penal serán obxecto de denuncia perante os órganos xudiciais competentes.

As sancións serán impostas pola concellería delegada da Área de Benestar Social, quen abrirá un expediente sancionador no que xustifique a gravidade da conduta, a pertinencia da sanción proposta e, de ser o caso, as medidas cautelares adoptadas, que poderán incluír a baixa provisional no Fogar. Na súa tramitación observaranse as normas de procedemento administrativo común e sancionador que resulten aplicables, concedéndolle un trámite de audiencia á persoa interesada para que realice as alegacións que estime pertinentes.

Artigo 26. MEDIDAS CAUTELARES

Cando se reciba a comunicación de incidencias, ben do persoal municipal ou da empresa encargada da vixilancia do Fogar do Transeúnte e/ou dos centros de convivencia municipais, como medida cautelar, e con carácter previo o inicio do procedemento sancionador que puidera corresponder, e co obxecto de protexer os intereses do persoal e os demais usuarios/as, así como dos bens materiais ou calquera outro interese público, poderase adoptar como medida cautelar a prohibición de entrada no Fogar do Transúnte-Albergue, durante o período mínimo necesario e ata a incoación do procedemento sancionador, de ser o caso.

Sétimo.- Resulta competente o Pleno para a adopción do acordo de aprobación da Ordenanza municipal reguladora do réxime interior do Fogar do Transeúnte-Albergue-do Concello de Lugo, segundo o artigo 123.1 d) da LRBRL.

Con base no exposto, PROPONSE a adopción do seguinte acordo por parte do Pleno:

Primeiro.- Acordar a aprobación da Ordenanza municipal reguladora do réxime interior do Fogar do Transeúnte-Albergue do Concello de Lugo, nos

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

mesmos termos aprobados pola Xunta de Goberno Local do 26-6-2024 e recollidos no apartado sexto deste informe.”

2.- INFORME DA SECRETARIA XERAL DO PLENO, do 29 de xullo de 2024, no que, entre outros aspectos, se fai referencia ao *iter* procedemental do expediente.

3.- DITAME FAVORABLE da Comisión Permanente Ordinaria de Dinamización Económica e Cohesión social, emitido na sesión celebrada o día 20 de setembro de 2024.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|--------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Votos en contra: | 0 | |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

APROBAR inicialmente a ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO RÉXIME INTERIOR DO FOGAR DO TRANSEÚNTE- ALBERGUE- DO CONCELLO DE LUGO, que é do seguinte teor literal:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia estrutura o sistema galego de servizos sociais en forma de rede en dous niveles de actuación, comunitaria e especializada, correspondéndolles aos concellos con carácter xeral a competencia na creación e xestión dos servizos sociais comunitarios, que á súa vez se diferencian en comunitarios básicos e específicos. De conformidade coa dita lei, os servizos sociais comunitarios específicos desenvolverán programas e xestionarán centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando a súa normalización e reincorporación social ou como espazo de tránsito a un servizo especializado.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, desenvolve no seu capítulo IV os servizos que a Lei 13/2008 define como servizos sociais comunitarios

específicos, e nos artigos 25 e 26 establece a natureza e funcións destes servizos.

Así mesmo, o Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, polo que se define a carteira de servizos sociais de inclusión, recolle para cada servizo a súa denominación, nivel de actuación, tipoloxía, obxectivos, destinatarios, condicións de acceso e prestacións que incorpora, clasificando os albergues como servizos de atención nocturna para os que se precisa a preceptiva autorización administrativa da Xunta de Galicia.

O Concello de Lugo, dentro do ámbito das súas competencias, establece neste regulamento o marco legal, funcións, acceso e organización do Albergue Fogar do Transeúnte do Concello de Lugo.

CAPÍTULO I. NATUREZA E DEFINICIÓN

Artigo 1. OBXECTO DO SERVIZO

O Albergue Fogar do Transeúnte do Concello de Lugo é un centro específico de carácter social que ten a finalidade de procurar aloxamento de carácter temporal a persoas en situación de emerxencia social, persoas transeúntes e persoas que están sen fogar, proporcionándolles aloxamento e manutención por un período limitado de tempo.

Artigo 2. IDENTIFICACIÓN

A sede do albergue fogar do transeúnte establécese na rúa Deputación, núm.12, 27004 Lugo. O Concello de Lugo poderá, por motivos de interese público, cambiar a súa situación, tras autorización da Xunta de Galicia, procurando sempre que se sitúe nunha zona residencial ben comunicada.

A capacidade do Albergue Fogar do Transeúnte, en canto a prazas de aloxamento, será a autorizada pola Xunta de Galicia a través do seu organismo competente. Na actualidade conta con 28 prazas de aloxamento. Para modificar o número de prazas debe contar coa autorización previa do organismo competente da Xunta de Galicia.

Artigo 3. NATUREZA XURÍDICA

O Albergue Fogar do Transeúnte, de titularidade municipal, intégrase na rede pública de equipamentos dos servizos sociais en materia de acción social. Carece de personalidade xurídica propia e o seu réxime

administrativo queda suxeito ás regras e prácticas xerais na ordenación e prestación dos servizos do Concello de Lugo, correspondendo a súa dirección á concellería que teña atribuídas as competencias en materia de servizos sociais.

O Concello de Lugo, tras comunicación e autorización do organismo competente da Xunta de Galicia, poderá articular cantos instrumentos estime precisos para a súa xestión directa ou indirecta así como para a modificación ou cesamento de actividades deste equipamento. De igual xeito, poderá ditar aquelas normas de réxime interior que considere oportunas para o mellor uso das instalacións e dos servizos prestados.

CAPÍTULO II. DAS PERSOAS DESTINATARIAS

Artigo 3. CONDICIÓN DE PERSOA DESTINATARIA

Con carácter xeral, poderán acceder ao Albergue Fogar do Transeúnte as persoas maiores de 18 anos.

1. Persoas transeúntes. Ten a consideración de persoa transeúnte toda aquela que, sen estar empadroadada nin ter establecida a súa residencia na cidade de Lugo, estea en situación de desarraigo e careza de recursos persoais e económicos para afrontar a súa situación, mantendo en todo caso o albergue o carácter de recurso temporal.

2. Persoas sen fogar do concello de Lugo. Considérase persoa sen fogar aquela que, estando empadroadada no Concello de Lugo, por circunstancias conxunturais (económicas, xurídicas, laborais, enfermidade, de vivenda...) se encontra nun momento determinado sen un domicilio para vivir e sen recursos para afrontar a súa situación.

3. Persoas en situación de exclusión ou emerxencia social que carezan de fogar ou núcleo substitutivo daquel.

4. Persoas que sufran catástrofe persoal ou civil.

5. Menores acompañados dun maior de idade que se encontren en calquera das situacións referidas nos anteriores apartados.

De maneira excepcional, sempre que existan razóns de emerxencia que xustifiquen a súa acollida, e sempre dun xeito excepcional, poderán ser

acollidos menores sen acompañar, para o que será preceptivo comunicar esta circunstancia de xeito inmediato á unidade administrativa da Xunta de Galicia competente na área de menores.

Artigo 4. CONDICIÓNS DE ACCESO

As persoas que accedan ao Albergue Fogar do Transeúnte deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Ser maior de idade, agás nos supostos de admisión de menores recollidos no artigo anterior.
2. Ter autonomía para a realización das actividades básicas da vida diaria e non padecer alteracións psíquicas que poidan supoñer un risco claro para a saúde ou integridade física das outras persoas usuarias (ou, no caso de padecelas, cumprir axeitadamente o tratamento prescrito), nin enfermidade infecto-contaxiosa en fase activa que implique un risco para a saúde pública.
3. Acreditar a identidade persoal mediante documento válido (DNI, NIE; pasaporte, xustificante actualizado de denuncia por perda ou roubo do documento de identidade, acreditación consular ou calquera outro válido en dereito).
4. Non estar incurso en prohibición de acceso aos servizos do Albergue Fogar do Transeúnte segundo o disposto neste regulamento.
5. Non dispor de medios económicos para financiar un aloxamento segundo a valoración profesional do técnico/a municipal de servizos sociais.
6. Non presentar signos externos de embriaguez ou de estar baixo os efectos do consumo de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas.

CAPÍTULO III. DOS SERVIZOS

Artigo 5. SERVIZOS DO ALBERGUE FOGAR DO TRANSEÚNTE

O Albergue Fogar do Transeúnte municipal conta cos seguintes servizos obrigatorios para os albergues, definidos polo Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, que define a carteira de servizos sociais de inclusión:

Acollida, valoración e asesoramento.

Aloxamento

Manutención.

Hixiene.

Lavandería.

Consigna.

Enderezo postal.

Artigo 6. ACOLLIDA, VALORACIÓN E ASESORAMENTO

É función deste servizo a acollida, a identificación da persoa usuaria, a valoración da súa situación social, o asesoramento sobre os recursos e prestacións sociais ás que poida ter acceso e a información sobre a normativa interna do fogar.

Artigo 7. ALOXAMENTO CON MANUTENCIÓN

O servizo de aloxamento con manutención ten como finalidade facilitar un lugar para pasar a noite e cubrir as necesidades de alimentación (almorzo, xantar e cea) a toda persoa que teña a condición de persoa usuaria e cumpra coas normas establecidas neste regulamento.

Cada persoa usuaria terá dereito a unha cama, mesa de noite, cadeira, armario e punto de luz individual. A persoa usuaria poderá prescindir do servizo de manutención comunicándolle esta decisión á persoa encargada do Fogar.

No caso de urxencia e de non dispor de prazas dispoñibles no Fogar do Transeúnte, con carácter excepcional poderán establecerse medidas extraordinarias para facilitar aloxamento alternativo ás persoas ou familias que o precisen, logo do informe favorable técnico/a municipal de servizos sociais. Terán a consideración de situación excepcional os casos de familias con menores a cargo que estean en situación de emerxencia social e carezan de fogar ou lugar substitutivo, ou cando existan motivos graves de saúde.

Artigo 8. MANUTENCIÓN

Este servizo inclúe a obriga de atender as necesidades básicas de alimentación, entendendo como tales a subministración do almorzo, xantar

e cea. Só terán dereito ao almorzo as persoas que sexan usuarias do servizo de aloxamento. O menú será único e universal pero, cando por motivos relixiosos ou outros motivos xustificados, a persoa usuaria o rexeite, faráselle entrega dun bocadillo e unha peza de froita.

Poderán utilizar o servizo de comedor familias en situación de problemática conxuntural cando o/a traballador/a social de referencia o considere como recurso complementario axeitado á súa situación.

Cando teñan asignado este servizo familias con menores a cargo, poderán optar por recoller a comida e levala para o seu domicilio. Por causas excepcionais debidamente xustificadas tamén poderán optar por recoller a comida familias sen menores.

A aquelas persoas que non teñan concedido o servizo de manutención pero demanden comida faráselles entrega dun bocadillo e unha peza de froita. Non será preciso ter a condición de persoa usuaria do centro para ter acceso a este servizo, pero si serán de obrigado cumprimento as súas normas de funcionamento.

Artigo 9. HIXIENE

Este servizo ten como función cubrir as necesidades básicas de hixiene persoal das persoas usuarias do Albergue Fogar do Transeúnte. Será obrigatoria a utilización das duchas para pasar a noite.

Poderán facer uso deste servizo persoas que non teñan a condición de persoa usuaria do Fogar a xuízo do técnico/a municipal de servizos sociais.

Artigo 10. LAVANDERÍA

Este servizo inclúe o lavado e secado de roupa. Poderán facer uso del as persoas que teñan a condición de persoas usuarias do Albergue Fogar do Transeúnte e aquelas outras persoas que malia que non teñan a dita condición acrediten a necesidade deste tras o informe técnico.

A persoa usuaria deste servizo recollerá a súa roupa na lavandería. O Concello de Lugo non se fará responsable de calquera perda, extravío ou deterioración.

Artigo 11. CONSIGNA

O servizo de consigna ten a función de ofrecer un espazo para gardar as equipaxes e pertenzas das persoas usuarias durante a súa estancia. O

Fogar do Transeúnte non se fará responsable das perdas ou subtraccións das pertenzas das persoas usuarias. Se ao rematar a estancia a persoa usuaria non retira as súas pertenzas no prazo dunha semana, entenderase que renuncia a elas.

Artigo 12. ENDEREZO POSTAL

O servizo de enderezo postal ten como finalidade facilitarles ás persoas que pasen a noite no Albergue Fogar do Transeúnte un enderezo de correo no que recibir a súa correspondencia mentres dure a súa estadía.

CAPÍTULO IV. DO FUNCIONAMENTO DO CENTRO

Artigo 13. HORARIOS DO CENTRO

O Albergue Fogar do Transeúnte prestará os seus servizos todos os días do ano.

As persoas usuarias do Fogar están obrigadas ao cumprimento dos horarios. Só se admitirá un atraso nos horarios de 10 minutos, sempre que a persoa non sexa reincidente na tardanza, tras a advertencia de que, por necesidade do servizo, non se permitirá reiterar o atraso. O non cumprimento dos horarios dará lugar á perda do servizo de xantar, cea ou pasar a noite.

O horario de acollida para o servizo aloxamento é das 19.00 ás 22.00 horas, e requirirá da correspondente autorización. Este horario poderá ser modificado por necesidades do servizo e adaptado ás circunstancias xustificadas que requiran da dita modificación.

Fóra do horario indicado, o persoal de vixilancia admitirá a entrada cando a persoa usuaria se encontre nalgunha das seguintes situacións:

- a) Con autorización do técnico/a municipal de servizos sociais.
- b) Con autorización para pasar a noite da Policía Local, que deberá ser permitida cando concorran causas xustificadas que fixeron imposible o cumprimento do horario de entrada. Neste suposto, a Policía Local deberá poñerse en contacto co persoal en quenda no Fogar para verificar a existencia de prazas vacantes e comprobar que a persoa solicitante non está incurso en prohibición de entrada. Unha vez realizadas estas comprobacións, deberá expedirse a autorización para pasar a noite e comunicar os datos de identificación da persoa usuaria, quen deberá

presentarse no Fogar inmediatamente para efectuar a entrada. O persoal de vixilancia do Fogar, como responsable da seguridade no centro, só poderá denegar unha entrada autorizada fóra do horario cando a persoa usuaria presente signos externos de embriaguez ou de estar baixo os efectos do consumo de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas, ou ben presente actitudes ou comportamentos que poñan en risco a seguridade do persoal do centro e das restantes persoas usuarias do Fogar.

O servizo de manutención terá os seguintes horarios que poderán ser modificados por circunstancias xustificadas por necesidades do servizo:

Almorzo: de luns a domingo, das 8.00 ás 9.00 h como máximo, cómpre indicar que unha vez que termine o almorzo deberán abandonar as instalacións do Fogar.

Xantar: de luns a domingo, dende as 13.00 ás 14.00 horas. Do mesmo xeito, cómpre indicar que unha vez que termine o xantar deberán abandonar as instalacións do Fogar.

Cea: de luns a domingo, entre as 19.30 e as 20.30 horas.

Por circunstancias excepcionais, poderanse establecer dúas quendas de comidas e/ou ceas. Nese caso, as franxas horarias quedarían establecidas na marxe horaria entre as 12.30 e as 14.00 horas para o xantar, e dende as 19.30 ás 21.00 horas para a cea.

O horario do servizo de hixiene para aquelas persoas que non sexan usuarias do servizo de aloxamento con manutención é das 19.00 ás 21.00 h.

Artigo 14. DURACIÓN DA ESTADÍA

Poderán ter praza no Albergue Fogar do Transeúnte as persoas que teñan a condición de persoa usuaria e cumpran cos requisitos de acceso, agás naqueles supostos nos que expresamente se exima dalgún destes requisitos.

Como regra xeral, a estadía no fogar será de tres días ao mes, tanto para o servizo de aloxamento con manutención como para o servizo de manutención, e poderán desfrutarse en días consecutivos ou alternos. Cando os días do servizo de aloxamento se desfruten de maneira alterna, non se poderá facer en ningún caso reserva de cama. Se a estadía coincide cos últimos días do mes, esta non poderá prolongarse cos tres

días do mes seguinte, tendo que transcorrer un mínimo de catro días entre unha estadía e a seguinte.

Unha vez esgotados os tres días mensuais de estadía, a permanencia no fogar estará supeditada á concesión de prórroga por parte do técnico/a municipal de servizos sociais, tras a valoración da súa situación. O técnico/a municipal de servizos sociais establecerá na prórroga o período de duración dela que como norma xeral non excederá dunha semana, o número de prórrogas non estará limitado, pero o tempo máximo de permanencia no Fogar será de 2 meses. Por causas excepcionais debidamente xustificadas, rematado este prazo, poderanse realizar novas prórrogas ata un máximo de 3 meses máis.

Os motivos taxados de prórroga son os seguintes:

1. Estar á espera do primeiro soldo, circunstancia que deberá acreditarse mediante contrato de traballo.
2. Estar á espera de prestación social, acreditada mediante achega da correspondente documentación oficial de solicitude, que será valorada pola/o profesional de referencia.
3. Participación en obradoiros ou proxectos de inserción social, tras o informe da/o profesional de referencia.
4. Motivos sanitarios de urxencia acreditados que fagan necesario o uso do Fogar.
- 5 .Outros motivos sociais valorados polo técnico/a municipal de servizos sociais.

O técnico/a municipal de servizos sociais que emita a prórroga deberá comunicarllo á persoa encargada do Albergue Fogar do Transeúnte. As prórrogas poderán ser revogadas polos técnicos de servizos sociais e persoal municipal que presta os seus servizos no Fogar do Transeúnte, se non se cumpren as normas do Albergue Fogar do Transeúnte ou deixan de existir os motivos polos que foi concedida.

Artigo 15. ADMISIÓN DE PERSOAS USUARIAS

A asignación de praza para a estadía inicial de pasar a noite con manutención precisará da identificación e comunicación dos datos da persoa usuaria á Policía Local, e será realizada por:

- A persoa encargada do Fogar, ou persoa na que delegue, en horario de luns a venres entre a franxa horaria das 12.00 ás 13.00 horas.

- O persoal de vixilancia do fogar entre a franxa horaria das 18.00 ás 19.00 horas, e das 12.00 ás 13.00 horas os sábados, domingos e festivos e, en calquera caso, cando o Fogar non conte coa persoa encargada do Fogar ou persoa na que delegue.

Os horarios de admisión das persoas usuarias poderán modificarse por razóns xustificadas do servizo garantindo en todo caso a atención para as admisións en quenda de mañá e tarde ás persoas usuarias.

A persoa responsable do Albergue Fogar do Transeúnte, ou persoa en quen delegue, levará un control das prazas demandadas e ocupadas, así como das prazas dispoñibles nun sistema de rexistro que permanecerá constantemente actualizado.

O técnico/a municipal de servizos sociais realizará a valoración social das persoas acollidas así como accións de información, asesoramento e orientación ou derivación co fin de procurarlles o acceso aos recursos que precisen, ademais de informar as prórrogas cando se soliciten.

CAPÍTULO V. DOS REQUISITOS FUNCIONAIS DO CENTRO

Artigo 16. DOCUMENTACIÓN BÁSICA DO CENTRO

O Albergue Fogar do Transeúnte contará cun rexistro de persoas usuarias no que se farán constar os datos persoais, DNI, número de identificación de persoa estranxeira (NIE) ou pasaporte, data de nacemento, domicilio, data de ingreso, incidencias, data de baixa e o motivo desta.

O persoal do fogar do transeúnte levará un control das noites e/ou comidas de cada persoa usuaria, rexistraraas diariamente no sistema establecido para ese fin, para os efectos de controlar o seu número. Así mesmo, se é o caso, levará un rexistro das persoas usuarias que utilicen os servizos do Albergue distintos de pasar a noite.

Artigo 17. NORMAS DE FUNCIONAMENTO INTERNO

As persoas usuarias do Fogar do Transeúnte están obrigadas ao cumprimento das seguintes normas:

- Identificarse mediante documento válido sen falsear ou ocultar datos.

- Cumprir as instrucións e respectar o persoal do centro, persoal de servizos sociais, persoal de vixilancia así como calquera persoa que desempeñe servizos profesionais ou laborais no centro.
- Respectar os dereitos das outras persoas usuarias do Fogar.
- Non intercambiar a cama e resto de equipamento asignado.
- Cumprir os horarios establecidos.
- Non falsear as autorizacións de pasar a noite ou manutención establecidas para obter a condición de persoa usuaria, nin as establecidas para autorización de prórrogas.
- Non introducir ou consumir bebidas alcólicas ou outras substancias psicoactivas no Fogar nin acceder baixo os seus efectos.
- Non fumar nas instalacións do centro.
- Preavisar no caso de que non vaia utilizar o servizo de manutención ou aloxamento.

As persoas usuarias serán responsables dos danos ou perdas ocasionados, por acción ou omisión, nas instalacións do centro ou das alteracións de orde que produzan neste.

Non se permitirá a entrada de animais de compañía.

CAPÍTULO VI. DOS DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS USUARIAS

Artigo 18. DEREITOS

As persoas usuarias do Fogar gozarán dos seguintes dereitos:

- A recibir un trato acorde á dignidade da persoa e ao respecto dos seus dereitos e liberdades por parte do persoal do fogar e do persoal municipal.
- A recibir información sobre as normas de funcionamento do Fogar do Transeúnte.
- A recibir información sobre os recursos e prestacións do sistema de servizos sociais.
- Á confidencialidade, sxiilo e respecto en relación cos seus datos de carácter persoal e coa información que sexa coñecida polos servizos sociais, sen prexuízo do eventual acceso a estes no exercicio dunha acción inspectora, de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 19. OBRIGAS

As persoas usuarias do fogar estarán obrigadas a:

- Facilitar información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o uso do Fogar e comunicar as variacións que se produzan nestas.
- Cumprir o regulamento e as normas de funcionamento do centro recollidas na Ordenanza de réxime interior e aquelas outras que puidieran ditarse con posterioridade.
- Manter un trato respectuoso co persoal municipal, coas persoas que presten os seus servizos no fogar e centros de convivencia municipais, así como cos demais usuarios/as dos servizos municipais.
- Asistir ás citas e entrevistas indicadas polo persoal de servizos sociais e seguir os programas e orientacións que se lles indiquen para mellorar a súa integración.
- Usar de forma respectuosa as instalacións, mobiliario e equipamento do Fogar así como doutras instalacións municipais.
- Cumprir as instrucións dadas polas persoas responsables do Fogar, persoal técnico municipal e persoal do servizo de vixilancia.
- Cumprir coas demais obrigas que, en materia de servizos sociais, recoñeza a normativa vixente en cada momento.

Artigo 20. INCUMPRIMENTO DAS OBRIGAS

O incumprimento das normas de funcionamento do Fogar do Transeúnte e da súa normativa reguladora poderá motivar a perda do dereito á utilización dos seus servizos de acordo co seguinte réxime disciplinario.

CAPÍTULO VII. RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 21. TIPOLOXÍA DOS INCUMPRIMENTOS

Consideraranse faltas disciplinarias os incumprimentos das obrigas establecidas neste regulamento. En función da súa gravidade, os incumprimentos clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Artigo 22. INCUMPRIMENTOS LEVES:

Considéranse incumprimentos leves aqueles que non poidan ser cualificados como graves ou moi graves e, expresamente, os seguintes:

- Non respectar as normas básicas do centro que garantan o normal desenvolvemento da convivencia, como as relacionadas co cumprimento dos horarios, o uso axeitado das instalacións e calquera incumprimento da normativa reguladora que, pola súa natureza ou gravidade, non se tipifique como grave ou moi grave.
- Non preavisar da súa intención de non utilizar o servizo de aloxamento ou manutención.

Artigo 23. INCUMPRIMENTOS GRAVES:

Constitúen incumprimentos graves os seguintes:

- Falsear ou ocultarlle ao persoal municipal e/ou que preste os seus servizos no Fogar do Transeúnte e centros de convivencia municipais, os datos requiridos para acceder ao Fogar ou para realizar algún tipo de intervención social e/ou non comunicar a alteración das circunstancias ou requisitos tidos en conta para ser usuario/a do fogar.
- Calquera incumprimento da ordenanza que ocasione prexuízos notorios na prestación do servizo ou produzan danos ou prexuízos graves a outras persoas usuarias ou ao persoal que preste os seus servizos no Fogar.
- Portar ou exhibir armas, obxectos punzantes ou elementos intimidatorios.

Artigo 24. INCUMPRIMENTOS MOI GRAVES:

Constitúen incumprimentos moi graves os seguintes:

- Provocar ou participar en desordes, pelexas, rifas ou altercados de calquera tipo que produzan alteracións moi graves no servizo que fagan imposible a continuidade da súa prestación, tanto no interior das dependencias municipais coma nos accesos inmediatos a estas.
- A agresión física ou verbal, as faltas de respecto graves, a intimidación, o acoso ou as ameazas cara ao persoal do Fogar, o persoal de vixilancia ou o persoal dos servizos sociais, así como ás persoas responsables dos programas que se leven a cabo neste e cara ao resto das persoas usuarias.
- Provocar danos nas instalacións ou no equipamento ou subtraer bens do centro, doutras persoas usuarias ou do persoal traballador.
- Exercer calquera tipo de explotación, abuso ou atentado grave contra os dereitos fundamentais da persoa.

- O tráfico de calquera substancia que se tipifique na lexislación penal como delito contra a saúde pública.

Artigo 25. SANCIÓN

Cada incumprimento e a decisión que se adopte ao respecto farase constar no libro de incidencias do Fogar do Transeúnte, e xuntarase á ficha de ingreso da persoa usuaria. As incidencias seranlles comunicadas aos servizos sociais municipais e/ou profesionais de referencia da persoa usuaria, así como á Policía Local.

Na gradación das sancións aparelladas aos incumprimentos atenderanse primordialmente as seguintes circunstancias: a gravidade do risco ou o perigo xerado, os prexuízos causados nas persoas ou nos bens, o incumprimento de advertencias previas formuladas e a reiteración da conduta por parte da persoa usuaria.

1. A comisión dun incumprimento leve terá como consecuencia o apercibimento público ou a prohibición de acceso aos servizos do Fogar do Transeúnte por un período dun mes. No caso de que no momento da súa comisión, a persoa usuaria xa esgotara o tempo de permanencia correspondente a ese mes, a prohibición de acceso trasladarase ao mes seguinte.

2. A comisión dun incumprimento grave terá como consecuencia a prohibición de acceso aos servizos do Fogar do Transeúnte por un período de un a tres meses.

3. A comisión dun incumprimento moi grave terá como consecuencia a prohibición de acceso aos servizos do Fogar do Transeúnte por un período de entre tres e seis meses.

Sen prexuízo do anterior, todas aquelas actuacións que revistan carácter penal ou estean tipificadas como delito no código penal serán obxecto de denuncia perante os órganos xudiciais competentes.

As sancións serán impostas pola concellería delegada da Área de Benestar Social, quen abrirá un expediente sancionador no que xustifique a gravidade da conduta, a pertinencia da sanción proposta e, de ser o caso, as medidas cautelares adoptadas, que poderán incluír a baixa provisional no Fogar. Na súa tramitación observaranse as normas de procedemento administrativo común e sancionador que resulten aplicables, concedéndolle un trámite de audiencia á persoa interesada para que realice as alegacións que estime pertinentes.

Artigo 26. MEDIDAS CAUTELARES

Cando se reciba a comunicación de incidencias, ben do persoal municipal ou da empresa encargada da vixilancia do Fogar do Transeúnte e/ou dos centros de convivencia municipais, como medida cautelar, e con carácter previo o inicio do procedemento sancionador que puidera corresponder, e co obxecto de protexer os intereses do persoal e os demais usuarios/as, así como dos bens materiais ou calquera outro interese público, poderase adoptar como medida cautelar a prohibición de entrada no Fogar do Transúnte-Albergue, durante o período mínimo necesario e ata a incoación do procedemento sancionador, de ser o caso.”

SEGUNDO.- Someter a información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de TRINTA DÍAS para a presentación de reclamacións e suxestións.

No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, debendo darse conta ao Pleno desta circunstancia.

4/144 APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO CONSELLO SECTORIAL DE PERSOAS MAIORES DO CONCELLO DE LUGO.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO CONSELLO SECTORIAL DE PERSOAS MAIORES DO CONCELLO DE LUGO, asinada pola xefa de servizo de Benestar Social e pola tenenta de alcaldesa delegada da área de Cohesión Social e Territorial, en substitución da concelleira delegada de Benestar Social e Maiores do seguinte teor literal:

“Vistos.-

Primeiro.- O informe do Servizo de Benestar Social do 08/05/2024, polo cal se propón a iniciación do expediente para a creación dun Consello Sectorial de Persoas Maiores do Concello de Lugo, que é do seguinte teor literal:

Co obxecto de favorecer e impulsar a participación na xestión da corporación da cidadanía e das asociacións nos asuntos municipais e a instancia de *dona Olga López Racamonde, concelleira delegada de Benestar Social e Maiores*, considérase oportuno establecer, dentro do marco organizativo da corporación, un **Consello Sectorial de Persoas Maiores**, cuxa finalidade será o informe e proposta en relación coas

iniciativas municipais relativas ao sector das persoas maiores, e, en particular, a teor das previsións contidas no artigo 71 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia:

- a) Proporlle ao órgano competente fórmulas encamiñadas a resolver os problemas relacionados co ámbito das súas funcións.
- b) Emitir informes, a iniciativa propia ou do Concello, sobre materias da súa competencia.
- c) Emitir e formular propostas e suxestións en relación co funcionamento dos servizos e organismos públicos municipais.
- d) Exercer as demais de natureza semellante que determine o acordo de creación.

Por todo iso, proponse iniciar expediente para a constitución dun **Consello Sectorial de Persoas Maiores do Concello de Lugo**. Daráselles traslado do acordo ás persoas interesadas, asociacións veciñais, asociacións do sector de maiores e os colexios profesionais relacionados co ámbito das persoas maiores, co obxecto de que manifesten o seu parecer e achegas en relación coa proposta de creación deste órgano a fin de que, posteriormente, se someta a proposta referida á consideración do Pleno corporativo tras o ditame da comisión informativa.

Segundo.- A exposición ao público a través do Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo por un período de 20 días hábiles, dende o día 09/05/2024 ao 07/06/2024, da proposta de creación do Consello Sectorial de Persoas Maiores do Concello de Lugo.

Terceiro.- A única alegación presentada pola Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Lugo, do 14/05/2024, pola que solicita ser membro do Consello Sectorial de Persoas Maiores.

Cuarto.- O acordo da aprobación da creación do órgano “Consello Sectorial de Persoas Maiores do Concello de Lugo” polo Pleno ordinario do 27-6-2024, dependente da Concellería de Benestar Social e Maiores, o cal se configura como órgano de participación, con funcións de informe e, se é o caso, proposta, en todas as cuestións referentes as súas competencias, buscando a mellor solución para acadar un maior nivel de benestar posible, así como a autonomía e integración social das persoas maiores do municipio de Lugo.

Quinto.- O acordo da XGL do 7-08-2024 de aprobar o proxecto de regulamento do Consello Sectorial de Persoas Maiores do Concello de Lugo, coa indicación do

vicesecretario na que pon de manifesto que debe darse unha nova redacción á disposición final, e onde di: “O presente regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, despois da súa aprobación definitiva. Publicarase así mesmo no Boletín Municipal do Concello de Lugo”, deberá dicir: “Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no BOP de Lugo, despois da súa aprobación definitiva. Publicarase, así mesmo, no Taboleiro de Edictos Municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Lugo, conforme ao previsto no artigo 7.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.”

Sexto.- O informe favorable da secretaria en relación co Regulamento do Consello de Maiores do Concello de Lugo.

Sétimo.- De conformidade co disposto nos artigos 127.1 a) e 123.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, correspóndelle á Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo a aprobación do proxecto de regulamento e, posteriormente, ao Pleno da corporación municipal a aprobación inicial do regulamento.

Con base no exposto, PROPONSE:

Primeiro.- A aprobación inicial do Regulamento do Consello Sectorial de Persoas Maiores do Concello de Lugo que é do seguinte teor literal:

PREÁMBULO

A Constitución española no artigo 50 declara que os poderes públicos promoverán o benestar social das persoas maiores mediante un sistema de servizos sociais que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 25, das competencias, establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e exercerá en todo caso como competencias propias, entre outras a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A Lei 5/1997 da Administración local de Galicia, no seu artigo 80, atribúelles aos municipios as competencias na prestación dos servizos

sociais e na promoción e reinserción sociais así como na execución de programas propios destinados, entre outros, á terceira idade.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, de conformidade co establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía en relación co artigo 148.1º 20 da Constitución española.

No artigo 4 do Estatuto de autonomía, establécese que lles corresponde aos poderes públicos de Galicia facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, recolle no seu artigo 4 apartado i) como un dos principios xerais dos servizos sociais o principio de participación, establecendo que os poderes públicos promoverán a participación das persoas usuarias, familiares, dos grupos sociais e entidades representativas das persoas ou colectivos aos que van destinados os servizos, das entidades do terceiro sector e dos axentes sociais, tanto na súa planificación coma no seu deseño e seguimento. A participación promoverase a través das vías e mecanismos que estableza a normativa, e, en calquera caso, deberán estar inspirados en criterios democráticos de calidade e eficacia na prestación dos servizos. Do mesmo xeito no art.60.i), establece como competencias dos concellos a creación, regulamentación e impulso dos mecanismos de participación local no ámbito dos servizos sociais.

O artigo 43 da participación cidadán e das persoas usuarias de servizos sociais establece no seu punto 1 que as administracións públicas competentes en materia de servizos sociais garantirán a participación cidadá no sistema galego de servizos sociais, mediante o establecemento, por vía regulamentaria, de sistemas de consulta e debate abertos a toda a cidadanía e, de maneira particular, as persoas usuarias e sectores directamente afectados, como é o das persoas maiores, ao tratarse dun colectivo especificamente contemplado na configuración dos servizos sociais comunitarios.

Deste xeito, a participación activa das persoas maiores é un obxectivo para conseguir na orientación das políticas públicas co fin de acadar o maior nivel de benestar posible deste colectivo, acadar a súa autonomía e integración social, polo que se fai necesaria a constitución dun órgano que posibilite a súa participación activa no ámbito do noso municipio.

En cumprimento da normativa anteriormente citada, a Concellería de Benestar Social e Maiores propónlles ao colectivo de persoas maiores da cidade, á Xunta de Goberno Local e, finalmente, ao Pleno do Concello de Lugo unha normativa particular para artellar o funcionamento, composición

e outras especificacións necesarias para garantir o dereito á participación na vida municipal da cidadanía de Lugo, na que se atenda as características específicas do colectivo de persoas maiores ao que vai dirixido.

CAPÍTULO I. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

Artigo 1. NATUREZA

O Consello de Maiores é un órgano de participación social sectorial de natureza consultiva non vinculante que asesora á entidade local en todas as cuestións relativas ás súas competencias, establecido con base nas previsións que sobre participación cidadá nos asuntos municipais dispón a normativa mencionada no preámbulo deste regulamento.

Configúrase como órgano de participación con funcións de informe e, se é o caso, proposta, en todas as cuestións referentes ás súas competencias, buscando a mellor solución para acadar un maior nivel de benestar posible, así como a autonomía e integración social das persoas maiores do municipio de Lugo.

Artigo 2. OBXECTO

O Consello, que terá carácter consultivo e asesor nas materias relacionadas co seu ámbito, estará integrado por representantes das asociacións e colectivos de maiores, así como sindicatos maioritarios e grupos políticos que forman a corporación municipal, ademais doutros axentes implicados como son a universidade e as forzas e corpos de seguridade do estado (Policía Nacional e Local). Ten como obxectivo instrumentar a representación, participación e a colaboración das persoas maiores do municipio na definición, aplicación, seguimento da planificación e ordenación dos servizos para a mellor atención das súas necesidades, así como para a defensa dos seus dereitos e a promoción do seu benestar. Consonte o seu obxecto, correspóndelle, entre outros, a satisfacción dos seguintes fins:

1. Servir de canle de participación e diálogo cos organismos públicos e privados en asuntos de interese común para as persoas maiores.
2. Fomentar o desenvolvemento do asociacionismo e da participación das persoas maiores no noso municipio.
3. Potenciar a coordinación entre as institucións e entidades que actúan no ámbito das persoas maiores.
4. Promover a realización de estudos e investigacións sobre as persoas maiores.
5. Presentar iniciativas, propostas ou suxestións ás diversas concellarías e/ou institucións.

6. Así mesmo, a corporación municipal deberá solicitarlle informe ao consello de persoas maiores nos temas que considere pertinentes da materia tratada.
7. Calquera outro fin que contribúa a acadar o benestar, a autonomía e a integración social das persoas maiores do municipio de Lugo.

A consecución destes fins atribúense sen menoscabo das funcións que lles correspondan a outros órganos de representación e participación legalmente establecidos.

Artigo 3. RÉXIME XURÍDICO

O Consello rexerase no seu funcionamento e actuación por este regulamento e polas súas propias normas de funcionamento interno, de acordo, en todo caso, co disposto na regulación complementaria pertencente ao ámbito municipal.

CAPÍTULO II. ÁMBITO DE ACTUACIÓN E FUNCIÓNS

Artigo 4. ÁMBITO

O Consello coñecerá cantas cuestións afecten á atención e promoción do benestar social das persoas maiores do Concello de Lugo.

Artigo 5. FUNCIÓNS

1. Correspóndenlle ao Consello Sectorial de Persoas Maiores dentro do ámbito local do municipio de Lugo as seguintes funcións:
 - a) Representar e velar polos intereses das persoas maiores ante as entidades, tanto públicas como privadas, especialmente, ante o Concello de Lugo. Será a vía de comunicación entre estas e o Concello.
 - b) Cooperar coas entidades públicas e privadas no desenvolvemento de programas, actividades e campañas informativas e de divulgación relacionadas coas persoas maiores.
 - c) Coñecer e avaliar os resultados da xestión dos recursos que se desenvolvan para as persoas maiores e propoñer a adopción de medidas para a súa mellora.
 - d) Participar, na forma e co carácter que se determine, nos órganos consultivos que estableza o Concello.
 - e) Favorecer a participación activa, tanto no eido social, político como cultural, de todas as persoas maiores. Actuará como interlocutor válido do colectivo ante os poderes públicos.

- f) Fomentar o asociacionismo do colectivo prestando o apoio técnico que se precise.
- g) Fomentar e facilitar a coordinación e o intercambio de ideas, análises, reflexións, así como a colaboración con outras entidades ou asociacións que se dediquen a temas semellantes con independencia da súa adscrición xeográfica.
- h) Promover as actuacións e medidas que impulsen e fomenten o voluntariado social por e para os maiores, así como a solidariedade interxeracional.
- i) Promover o desenvolvemento, seguimento e avaliación dos obxectivos e accións que se leven a cabo na materia de atención a persoas maiores.
- j) Impulsar a realización de estudos e investigacións en temas relacionados co envellecemento, o benestar social e a mellora dos servizos sociais.
- k) Contribuír á sensibilización da sociedade en materias de interese para as persoas maiores, promovendo que Lugo sexa un concello adaptado ás persoas maiores e buscando a necesaria solidariedade interxeracional.
- l) Propoñer iniciativas que fomenten unha visión positiva e plural das persoas maiores, da contribución á sociedade e do seu papel activo nela.
- m) Colaborar con outros consellos municipais na difusión de experiencias e iniciativas.
- n) Divulgar experiencias, iniciativas, xornadas, encontros e calquera outra actividade que permita unha mellora da imaxe social do colectivo.
- o) Calquera outra actividade que contribúa ao mellor cumprimento dos seus fins.
- p) Derivarlles aos órganos competentes as consultas que lles fagan relacionadas coas persoas maiores.
- q) Promover estudos e iniciativas sobre actuacións e proxectos relacionados coas persoas maiores.

2. O Concello de Lugo facilitaralle ao Consello Sectorial de Persoas Maiores a información necesaria para garantir o cumprimento das funcións encomendadas.

3. Todas as funcións enumeradas terán carácter consultivo, informativo e non vinculante, e atribúense sen prexuízo das que correspondan a outros órganos de participación legalmente establecidos.

CAPÍTULO III. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN

Artigo 6. COMPOSICIÓN DO CONSELLO SECTORIAL LOCAL DE PERSOAS MAIORES

O Consello Sectorial de Persoas Maiores do Concello de Lugo estará composto por:

- a) Presidencia.
- b) Vicepresidencia
- c) Pleno do Consello.
- d) Secretaría.

Artigo 7. PRESIDENCIA DO CONSELLO

A Presidencia será exercida polo/a alcalde/sa presidente/a ou concelleiro/a da corporación en quen delegue. Corresponderanlle as seguintes funcións:

- a) Representar ao Consello e dirixir a súa actividade.
- b) Convocar as sesións ordinarias e extraordinarias do Consello e fixar a orde do día, tendo en conta, se é o caso, as peticións dos demais membros formuladas por escrito e coa suficiente antelación a través do Rexistro Municipal.
- c) Convocar con voz pero sen voto a expertos ou expertas nas materias para tratar na orde do día.
- d) Presidir as sesións, dirixir as deliberacións e dirimir as votacións en caso de empate co seu voto de calidade.
- e) Autorizar coa súa sinatura os acordos do pleno do Consello Municipal de Persoas Maiores e visar as actas das sesións que se celebren.
- f) Dispoñer o cumprimento dos acordos do Consello, que terán carácter asesor e non vinculante.
- g) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente do Consello, ou lle sexan encomendadas por el.

Artigo 8. VICEPRESIDENCIA DO CONSELLO

A Vicepresidencia recaerá no/a concelleiro/a delegado/a da Área de Benestar Social.

Serán as súas funcións:

- a) Auxiliar a Presidencia do Consello Municipal de Persoas Maiores nos asuntos que esta lle requira.
- b) Suplir as funcións da Presidencia por delegación desta, ausencia, enfermidade ou calquera circunstancia que impida a presenza da presidencia na reunión.

Artigo 9. O PLENO DO CONSELLO

1. Estará integrado por:

- a) A Presidencia.
- b) A Vicepresidencia
- b) Os vogais que determina o artigo 10 deste regulamento.
- c) A Secretaría.

2. Todos os integrantes do Pleno terán dereito a voz e voto agás a secretaria, que só terá o primeiro deles.

3. Son funcións do pleno do Consello:

- a) Fixar as liñas xerais de actuación do Consello e elaborar todo tipo de normas que completen e non contradigan este regulamento.
- b) Proporlle ao Concello a través da Presidencia do Consello a modificación deste regulamento, tras o acordo adoptado co voto favorable de dous terzos das persoas integrantes do pleno do Consello.
- c) Coñecer e opinar sobre as decisións que adoptaran os órganos de goberno municipais, respecto a aqueles temas de interese específico para o benestar social das persoas maiores.
- d) Solicitar puntualmente o asesoramento de calquera persoa ou entidade respecto a aqueles aspectos que se consideren convenientes.
- e) Coñecer o programa anual de actuación municipal en materia de atención e promoción do benestar social das persoas maiores.
- f) Emitir acordos ou ditames non vinculantes nas materias relacionadas coas persoas maiores.
- g) Participar nos debates, efectuar as propostas e elevar recomendacións ao pleno do Consello.
- h) Exercer o seu dereito ao voto e formular o seu voto particular así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
- i) Formular rogos e preguntas.
- j) Cantas outras funcións lle sexan inherentes á súa condición de vogal.

2. En todo caso, a asistencia dos membros representantes das asociacións ou entidades será voluntaria e altruísta, sen que supoña para estas a adquisición de compromisos alleos aos derivados dos contemplados neste regulamento.

Artigo 10. VOGAIS DO PLENO DO CONSELLO

1. Os vogais do Consello serán designados mediante o correspondente acordo polas asociacións, entidades ou institucións ás que representen.

2. A actuación das persoas integrantes do Consello Municipal de Persoas Maiores coincidirá co mandato da corporación municipal. Serán renovados ao inicio do novo mandato. Para o caso de que se produzan cambios internos nas directivas das asociacións, entidades ou institucións

representadas no Consello deberán serlle comunicados por escrito dirixido á Concellería de Benestar Social coa maior brevidade posible.

3. Serán vogais do pleno do Consello:

- a) Unha persoa representante por cada un dos grupos políticos con representación municipal designados a tal fin.
- b) Unha persoa representante de cada unha das concellerías con competencias en materias que afecten ás persoas maiores.
- c) Unha persoa representante da Confederación de Empresarios.
- d) Unha persoa representante da Universidade.
- e) Unha persoa representante da Unidade de Xeriatria do HULA a designación da Xerencia do SERGAS.
- f) Unha persoa representante das obras sociais das caixas de aforros.
- g) Unha persoa representante dos centros socioculturais do Concello de Lugo que desenvolvan actividades para persoas maiores.
- h) Unha persoa representante das entidades ou empresas prestadoras de servizos sociais ás persoas maiores.
- i) Unha persoa representante por cada unha das organizacións sindicais máis representativas que obtiveran esta condición de acordo coa Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical e que contén unha sección de pensionistas e xubilados que desenvolva a súa actividade no concello de Lugo.
- j) Unha persoa representante de cada unha das asociacións ou entidades que traballan no eido das persoas maiores legalmente constituídas, que desenvolvan a súa actividade no concello de Lugo e/ou xestionen recursos ou equipamentos de titularidade municipal, e que estean inscritas como tales no rexistro municipal de asociacións.
- k) Unha persoa representante da Policía Nacional.
- l) Unha persoa representante da Policía Local.

2. A proposta de 3/5 partes do pleno do Consello ou da Presidencia, os membros do Consello poderanse ampliar puntualmente coa representación doutras entidades que traballen no eido das persoas maiores. Para tal efecto, a incorporación deberá ser solicitada mediante escrito dirixido á Concellería de Benestar Social, que lle trasladará a petición ao pleno do Consello.

3. Para os efectos de ter representación no pleno do Consello, cada entidade interesada terá que solicitalo mediante escrito dirixido á Presidencia do Consello.

4. Todos os vogais serán designados e cesados a proposta das súas respectivas entidades, por acordo das asociacións, entidades ou institucións ás que representen. Corresponderalle á Xunta de Goberno do

Concello de Lugo o seu nomeamento e revogación. Os cambios de vogais, tanto de titulares como de suplentes, que se produzan unha vez constituído o Consello, efectuaraoas a Alcaldía igualmente a proposta delas. Non terán dereito a remuneración polo exercicio das súas funcións.

5. En todo caso, a asistencia dos membros representantes das asociacións ou entidades será voluntaria e altruísta sen que supoña para estas a adquisición de compromisos alleos aos derivados dos contemplados neste regulamento.

6. Os nomeamentos terán a duración do mandato da corporación. A actuación dos/as integrantes do Consello Municipal de Persoas Maiores coincidirá co mandato da corporación municipal. Serán renovados ao inicio do novo mandato. Para o caso de que se produzan cambios internos nas directivas das asociacións, entidades ou institucións representadas no Consello, deberán ser comunicados por escrito dirixido á Concellaría de Benestar Social, coa maior brevidade posible.

7. Os vogais cesarán como tales:

- a) A petición propia.
- b) A proposta da entidade á que representa.
- c) Á conclusión do cargo.
- d) Pola falta reiterada e non xustificada de asistencia ás reunións do pleno do Consello dúas reunións ordinarias e consecutivas no prazo dun ano.
- e) Por incorrer en penas que inhabiliten para o exercicio de cargos públicos.
- f) Producida unha vacante, o vogal cesante será substituído automaticamente polo seu suplente. No caso de non existir suplente, procederase á súa cobertura a proposta da persoa, órgano ou entidade que corresponda efectuala e segundo o procedemento que corresponda, e permanecerá na súa representación polo tempo que lle restase ao substituído.

8. Correspóndenlles aos **vogais do Consello as seguintes funcións.**

- a) Presentar ao Consello as propostas, iniciativas ou queixas que procedan e que xurdan tanto no seo das entidades ás que representan como a escala individual e que afecten ou poidan afectar ao colectivo de maiores.
- b) Debater e discutir as propostas e iniciativas que se presenten.
- c) Exercer o seu dereito ao voto e formular seu voto particular así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
- d) Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.
- e) Formular rogos e preguntas.

- f) Cantas outras funcións lle sexan inherentes á súa condición de vogal.

Artigo 11. SECRETARÍA DO CONSELLO

1. A Secretaría do Consello corresponderalle ao persoal funcionario da Área de Benestar Social no que se delegue.
2. Correspóndelle á Secretaría:
 - a) Asistir ás sesións do Consello con voz pero sen voto.
 - b) Efectuar a convocatoria das sesións do Consello así como as citacións aos seus membros, xuntando a documentación precisa.
 - c) Redactar e autorizar as actas das sesións co visado da Presidencia.
 - d) Custodiar e remitir copia das actas cando así sexa requirido por algún membro de pleno dereito do Consello.
 - e) Calquera outra que lle encomende a Presidencia.

CAPÍTULO IV. FUNCIONAMENTO

Artigo 12. DO PLENO

1. O Consello Sectorial de Persoas Maiores constituirase na primeira sesión do Pleno a convocatoria da Presidencia.
2. O pleno do Consello reunirase con carácter ordinario semestralmente, como mínimo, dúas veces ao ano, e con carácter extraordinario cando o estime oportuno a Presidencia ou o solicite a cuarta parte dos membros do pleno do Consello con dereito a voto.
3. As decisións do pleno do Consello adoptaranse co voto favorable da maioría simple dos membros presentes con dereito a voto, agás a decisión de solicitude de modificación deste regulamento, que requirirá o voto favorable de dous terzos dos seus membros. O voto do presidente será dirimente en caso de empate. O voto e persoal e indelegable.
4. As convocatorias, cursadas pola Secretaría, realizaranse cunha antelación mínima de 5 días, e as extraordinarias con 2 días de antelación, acompañadas da orde do día da sesión, data, hora e lugar de celebración e, se é o caso, da documentación suficiente.
5. A sesión do pleno quedará validamente constituída en primeira convocatoria da Presidencia, cando asista, polo menos, a metade mais un dos seus membros con dereito a voto e en segunda convocatoria sempre que estean presentes a Presidencia, a Secretaría e tres vogais.

6. O pleno do Consello Sectorial de Persoas Maiores de Lugo celebrará as súas sesións en dependencias municipais.

Artigo 13. A SECRETARÍA

A Secretaría do consello levantará acta de cada sesión na que figurarán os acordos adoptados e as incidencias que sexan procedentes para reflectir fielmente á sesión.

As actas serán asinadas polo secretario/a co visto e praxe da Presidencia, e serán sometidas para a súa aprobación o inicio da seguinte sesión.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

A modificación total ou parcial deste regulamento así como a disolución do Consello Sectorial de Maiores correspóndelle ao EXCELENTÍSIMO CONCELLO DE LUGO en Pleno.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

En todo o non previsto por este regulamento, correspóndelle á Presidencia do Consello adoptar a decisión que considere máis axeitada consonte cos criterios xerais que inspiran as normas reguladoras destes, así como as normas reguladoras da participación cidadá. Informaralle ao pleno na sesión seguinte para a súa ratificación e propoñerá, se procede, a correspondente modificación da normativa.

DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa publicación íntegra no BOP de Lugo, despois da súa aprobación definitiva. Publicarase, así mesmo, no Taboleiro de Edictos municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Lugo, conforme ao previsto no artigo 7.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Permanente Ordinaria de Dinamización Económica e Cohesión Social, emitido na sesión celebrada o día 20 de setembro de 2024.

3. ITER PROCEDIMENTAL, sinalado no informe da secretaria xeral do Pleno, no seu informe do 29 de xullo de 2024, que figura no expediente.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación. Acadáronse os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, e polo tanto co quórum de maioría absoluta legalmente requirida, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- A aprobación inicial do Regulamento do Consello Sectorial de Persoas Maiores do Concello de Lugo que é do seguinte teor literal:

PREÁMBULO

A Constitución española no artigo 50 declara que os poderes públicos promoverán o benestar social das persoas maiores mediante un sistema de servizos sociais que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 25, das competencias, establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e exercerá en todo caso como competencias propias, entre outras a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A Lei 5/1997 da Administración local de Galicia, no seu artigo 80, atribúelles aos municipios as competencias na prestación dos servizos sociais e na promoción e reinserción sociais así como na execución de programas propios destinados, entre outros, á terceira idade.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, de conformidade co establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía en relación co artigo 148.1º 20 da Constitución española.

No artigo 4 do Estatuto de autonomía, establécese que lles corresponde aos poderes públicos de Galicia facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, recolle no seu artigo 4 apartado i) como un dos principios xerais dos servizos sociais o principio de participación, establecendo que os poderes públicos promoverán a participación das persoas usuarias, familiares, dos grupos sociais e entidades representativas das persoas ou colectivos aos que van destinados os servizos, das entidades do terceiro sector e dos axentes sociais, tanto na súa planificación coma no seu deseño e seguimento. A participación promoverase a través das vías e mecanismos que estableza a normativa, e, en calquera caso, deberán estar inspirados en criterios democráticos de calidade e eficacia na prestación dos servizos. Do mesmo xeito no art.60.i), establece como competencias dos concellos a creación, regulamentación e impulso dos mecanismos de participación local no ámbito dos servizos sociais.

O artigo 43 da participación cidadán e das persoas usuarias de servizos sociais establece no seu punto 1 que as administracións públicas competentes en materia de servizos sociais garantirán a participación cidadá no sistema galego de servizos sociais, mediante o establecemento, por vía regulamentaria, de sistemas de consulta e debate abertos a toda a cidadanía e, de maneira particular, as persoas usuarias e sectores directamente afectados, como é o das persoas maiores, ao tratarse dun colectivo especificamente contemplado na configuración dos servizos sociais comunitarios.

Deste xeito, a participación activa das persoas maiores é un obxectivo para conseguir na orientación das políticas públicas co fin de acadar o maior nivel de benestar posible deste colectivo, acadar a súa autonomía e integración social, polo que se fai necesaria a constitución dun órgano que posibilite a súa participación activa no ámbito do noso municipio.

En cumprimento da normativa anteriormente citada, a Concellería de Benestar Social e Maiores propónlles ao colectivo de persoas maiores da cidade, á Xunta de Goberno Local e, finalmente, ao Pleno do Concello de Lugo unha normativa particular para artellar o funcionamento, composición e outras especificacións necesarias para garantir o dereito á participación na vida municipal da cidadanía de Lugo, na que se atenda as características específicas do colectivo de persoas maiores ao que vai dirixido.

CAPÍTULO I. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

Artigo 1. NATUREZA

O Consello de Maiores é un órgano de participación social sectorial de natureza consultiva non vinculante que asesora á entidade local en todas as cuestións relativas ás súas competencias, establecido con base nas previsións que sobre participación cidadá nos asuntos municipais dispón a normativa mencionada no preámbulo deste regulamento.

Configúrase como órgano de participación con funcións de informe e, se é o caso, proposta, en todas as cuestións referentes ás súas competencias, buscando a mellor solución para acadar un maior nivel de benestar posible, así como a autonomía e integración social das persoas maiores do municipio de Lugo.

Artigo 2. OBXECTO

O Consello, que terá carácter consultivo e asesor nas materias relacionadas co seu ámbito, estará integrado por representantes das asociacións e colectivos de maiores, así como sindicatos maioritarios e grupos políticos que forman a corporación municipal, ademais doutros axentes implicados como son a universidade e as forzas e corpos de seguridade do estado (Policía Nacional e Local). Ten como obxectivo instrumentar a representación, participación e a colaboración das persoas maiores do municipio na definición, aplicación, seguimento da planificación e ordenación dos servizos para a mellor atención das súas necesidades, así como para a defensa dos seus dereitos e a promoción do seu benestar. Consonte o seu obxecto, correspóndelle, entre outros, a satisfacción dos seguintes fins:

1. Servir de canle de participación e diálogo cos organismos públicos e privados en asuntos de interese común para as persoas maiores.
2. Fomentar o desenvolvemento do asociacionismo e da participación das persoas maiores no noso municipio.
3. Potenciar a coordinación entre as institucións e entidades que actúan no ámbito das persoas maiores.
4. Promover a realización de estudos e investigacións sobre as persoas maiores.
5. Presentar iniciativas, propostas ou suxestións ás diversas concellarías e/ou institucións.
6. Así mesmo, a corporación municipal deberá solicitarlle informe ao consello de persoas maiores nos temas que considere pertinentes da materia tratada.
7. Calquera outro fin que contribúa a acadar o benestar, a autonomía e a integración social das persoas maiores do municipio de Lugo.

A consecución destes fins atribúense sen menoscabo das funcións que lles correspondan a outros órganos de representación e participación legalmente establecidos.

Artigo 3. RÉXIME XURÍDICO

O Consello rexeráse no seu funcionamento e actuación por este regulamento e polas súas propias normas de funcionamento interno, de acordo, en todo caso, co disposto na regulación complementaria pertencente ao ámbito municipal.

CAPÍTULO II. ÁMBITO DE ACTUACIÓN E FUNCIÓNS

Artigo 4. ÁMBITO

O Consello coñecerá cantas cuestións afecten á atención e promoción do benestar social das persoas maiores do Concello de Lugo.

Artigo 5. FUNCIONES

2. Correspóndenlle ao Consello Sectorial de Persoas Miores dentro do ámbito local do municipio de Lugo as seguintes funcións:

- a) Representar e velar polos intereses das persoas maiores ante as entidades, tanto públicas como privadas, especialmente, ante o Concello de Lugo. Será a vía de comunicación entre estas e o Concello.
- b) Cooperar coas entidades públicas e privadas no desenvolvemento de programas, actividades e campañas informativas e de divulgación relacionadas coas persoas maiores.
- c) Coñecer e avaliar os resultados da xestión dos recursos que se desenvolvan para as persoas maiores e propoñer a adopción de medidas para a súa mellora.
- d) Participar, na forma e co carácter que se determine, nos órganos consultivos que estableza o Concello.
- e) Favorecer a participación activa, tanto no eido social, político como cultural, de todas as persoas maiores. Actuará como interlocutor válido do colectivo ante os poderes públicos.
- f) Fomentar o asociacionismo do colectivo prestando o apoio técnico que se precise.
- g) Fomentar e facilitar a coordinación e o intercambio de ideas, análises, reflexións, así como a colaboración con outras entidades ou asociacións que se dediquen a temas semellantes con independencia da súa adscrición xeográfica.

- h) Promover as actuacións e medidas que impulsen e fomenten o voluntariado social por e para os maiores, así como a solidariedade interxeracional.
- i) Promover o desenvolvemento, seguimento e avaliación dos obxectivos e accións que se leven a cabo na materia de atención a persoas maiores.
- j) Impulsar a realización de estudos e investigacións en temas relacionados co envellecemento, o benestar social e a mellora dos servizos sociais.
- k) Contribuír á sensibilización da sociedade en materias de interese para as persoas maiores, promovendo que Lugo sexa un concello adaptado ás persoas maiores e buscando a necesaria solidariedade interxeracional.
- l) Propoñer iniciativas que fomenten unha visión positiva e plural das persoas maiores, da contribución á sociedade e do seu papel activo nela.
- m) Colaborar con outros consellos municipais na difusión de experiencias e iniciativas.
- n) Divulgar experiencias, iniciativas, xornadas, encontros e calquera outra actividade que permita unha mellora da imaxe social do colectivo.
- o) Calquera outra actividade que contribúa ao mellor cumprimento dos seus fins.
- p) Derivarlles aos órganos competentes as consultas que lles fagan relacionadas coas persoas maiores.
- q) Promover estudos e iniciativas sobre actuacións e proxectos relacionados coas persoas maiores.

2. O Concello de Lugo facilitaralle ao Consello Sectorial de Persoas Maiores a información necesaria para garantir o cumprimento das funcións encomendadas.

3. Todas as funcións enumeradas terán carácter consultivo, informativo e non vinculante, e atribúense sen prexuízo das que correspondan a outros órganos de participación legalmente establecidos.

CAPÍTULO III. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN

Artigo 6. COMPOSICIÓN DO CONSELLO SECTORIAL LOCAL DE PERSOAS MAIORES

O Consello Sectorial de Persoas Maiores do Concello de Lugo estará composto por:

- a) Presidencia.

- b) Vicepresidencia
- c) Pleno do Consello.
- d) Secretaría.

Artigo 7. PRESIDENCIA DO CONSELLO

A Presidencia será exercida polo/a alcalde/sa presidente/a ou concelleiro/a da corporación en quen delegue. Corresponderanlle as seguintes funcións:

- a) Representar ao Consello e dirixir a súa actividade.
- b) Convocar as sesións ordinarias e extraordinarias do Consello e fixar a orde do día, tendo en conta, se é o caso, as peticións dos demais membros formuladas por escrito e coa suficiente antelación a través do Rexistro Municipal.
- c) Convocar con voz pero sen voto a expertos ou expertas nas materias para tratar na orde do día.
- d) Presidir as sesións, dirixir as deliberacións e dirimir as votacións en caso de empate co seu voto de calidade.
- e) Autorizar coa súa sinatura os acordos do pleno do Consello Municipal de Persoas Maiores e visar as actas das sesións que se celebren.
- f) Dispoñer o cumprimento dos acordos do Consello, que terán carácter asesor e non vinculante.
- g) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente do Consello, ou lle sexan encomendadas por el.

Artigo 8. VICEPRESIDENCIA DO CONSELLO

A Vicepresidencia recaerá no/a concelleiro/a delegado/a da Área de Benestar Social.

Serán as súas funcións:

- a) Auxiliar a Presidencia do Consello Municipal de Persoas Maiores nos asuntos que esta lle requira.
- b) Suplir as funcións da Presidencia por delegación desta, ausencia, enfermidade ou calquera circunstancia que impida a presenza da presidencia na reunión.

Artigo 9. O PLENO DO CONSELLO

1. Estará integrado por:

- a) A Presidencia.
- b) A Vicepresidencia
- b) Os vogais que determina o artigo 10 deste regulamento.
- c) A Secretaría.

2. Todos os integrantes do Pleno terán dereito a voz e voto agás a secretaria, que só terá o primeiro deles.

3. Son funcións do pleno do Consello:

- a) Fixar as liñas xerais de actuación do Consello e elaborar todo tipo de normas que completen e non contradigan este regulamento.
- b) Proporlle ao Concello a través da Presidencia do Consello a modificación deste regulamento, tras o acordo adoptado co voto favorable de dous terzos das persoas integrantes do pleno do Consello.
- c) Coñecer e opinar sobre as decisións que adoptaran os órganos de goberno municipais, respecto a aqueles temas de interese específico para o benestar social das persoas maiores.
- d) Solicitar puntualmente o asesoramento de calquera persoa ou entidade respecto a aqueles aspectos que se consideren convenientes.
- e) Coñecer o programa anual de actuación municipal en materia de atención e promoción do benestar social das persoas maiores.
- f) Emitir acordos ou ditames non vinculantes nas materias relacionadas coas persoas maiores.
- g) Participar nos debates, efectuar as propostas e elevar recomendacións ao pleno do Consello.
- h) Exercer o seu dereito ao voto e formular o seu voto particular así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
- i) Formular rogos e preguntas.
- j) Cantas outras funcións lle sexan inherentes á súa condición de vogal.

2. En todo caso, a asistencia dos membros representantes das asociacións ou entidades será voluntaria e altruísta, sen que supoña para estas a adquisición de compromisos alleos aos derivados dos contemplados neste regulamento.

Artigo 10. VOGAIS DO PLENO DO CONSELLO

1. Os vogais do Consello serán designados mediante o correspondente acordo polas asociacións, entidades ou institucións ás que representen.

2. A actuación das persoas integrantes do Consello Municipal de Persoas Maiores coincidirá co mandato da corporación municipal. Serán renovados ao inicio do novo mandato. Para o caso de que se produzan cambios internos nas directivas das asociacións, entidades ou institucións representadas no Consello deberán serlle comunicados por escrito dirixido á Concellería de Benestar Social coa maior brevidade posible.

3. Serán vogais do pleno do Consello:

- a) Unha persoa representante por cada un dos grupos políticos con representación municipal designados a tal fin.
- b) Unha persoa representante de cada unha das concellerías con competencias en materias que afecten ás persoas maiores.
- c) Unha persoa representante da Confederación de Empresarios.
- d) Unha persoa representante da Universidade.
- e) Unha persoa representante da Unidade de Xeriatria do HULA a designación da Xerencia do SERGAS.
- f) Unha persoa representante das obras sociais das caixas de aforros.
- g) Unha persoa representante dos centros socioculturais do Concello de Lugo que desenvolvan actividades para persoas maiores.
- h) Unha persoa representante das entidades ou empresas prestadoras de servizos sociais ás persoas maiores.
- i) Unha persoa representante por cada unha das organizacións sindicais máis representativas que obtiveran esta condición de acordo coa Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical e que contén cunha sección de pensionistas e xubilados que desenvolva a súa actividade no concello de Lugo.
- j) Unha persoa representante de cada unha das asociacións ou entidades que traballan no eido das persoas maiores legalmente constituídas, que desenvolvan a súa actividade no concello de Lugo e/ou xestionen recursos ou equipamentos de titularidade municipal, e que estean inscritas como tales no rexistro municipal de asociacións.
- k) Unha persoa representante da Policía Nacional.
- l) Unha persoa representante da Policía Local.

2. A proposta de 3/5 partes do pleno do Consello ou da Presidencia, os membros do Consello poderanse ampliar puntualmente coa representación doutras entidades que traballen no eido das persoas maiores. Para tal efecto, a incorporación deberá ser solicitada mediante escrito dirixido á Concellería de Benestar Social, que lle trasladará a petición ao pleno do Consello.

3. Para os efectos de ter representación no pleno do Consello, cada entidade interesada terá que solicitalo mediante escrito dirixido á Presidencia do Consello.

4. Todos os vogais serán designados e cesados a proposta das súas respectivas entidades, por acordo das asociacións, entidades ou institucións ás que representen. Corresponderalle á Xunta de Goberno do

Concello de Lugo o seu nomeamento e revogación. Os cambios de vogais, tanto de titulares como de suplentes, que se produzan unha vez constituído o Consello, efectuaraos a Alcaldía igualmente a proposta delas. Non terán dereito a remuneración polo exercicio das súas funcións.

5. En todo caso, a asistencia dos membros representantes das asociacións ou entidades será voluntaria e altruísta sen que supoña para estas a adquisición de compromisos alleos aos derivados dos contemplados neste regulamento.

6. Os nomeamentos terán a duración do mandato da corporación. A actuación dos/as integrantes do Consello Municipal de Persoas Maiores coincidirá co mandato da corporación municipal. Serán renovados ao inicio do novo mandato. Para o caso de que se produzan cambios internos nas directivas das asociacións, entidades ou institucións representadas no Consello, deberán ser comunicados por escrito dirixido á Concellaría de Benestar Social, coa maior brevidade posible.

7. Os vogais cesarán como tales:

- a) A petición propia.
- b) A proposta da entidade á que representa.
- c) Á conclusión do cargo.
- d) Pola falta reiterada e non xustificada de asistencia ás reunións do pleno do Consello dúas reunións ordinarias e consecutivas no prazo dun ano.
- e) Por incorrer en penas que inhabiliten para o exercicio de cargos públicos.
- f) Producida unha vacante, o vogal cesante será substituído automaticamente polo seu suplente. No caso de non existir suplente, procederase á súa cobertura a proposta da persoa, órgano ou entidade que corresponda efectuala e segundo o procedemento que corresponda, e permanecerá na súa representación polo tempo que lle restase ao substituído.

8. Correspóndenlles aos **vogais do Consello as seguintes funcións.**

- a) Presentar ao Consello as propostas, iniciativas ou queixas que procedan e que xurdan tanto no seo das entidades ás que representan como a escala individual e que afecten ou poidan afectar ao colectivo de maiores.
- b) Debater e discutir as propostas e iniciativas que se presenten.
- c) Exercer o seu dereito ao voto e formular seu voto particular así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
- d) Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.

- e) Formular rogos e preguntas.
- f) Cantas outras funcións lle sexan inherentes á súa condición de vogal.

Artigo 11. SECRETARÍA DO CONSELLO

1. A Secretaría do Consello corresponderalle ao persoal funcionario da Área de Benestar Social no que se delegue.

2. Correspóndelle á Secretaría:

- a) Asistir ás sesións do Consello con voz pero sen voto.
- b) Efectuar a convocatoria das sesións do Consello así como as citacións aos seus membros, xuntando a documentación precisa.
- c) Redactar e autorizar as actas das sesións co visado da Presidencia.
- d) Custodiar e remitir copia das actas cando así sexa requirido por algún membro de pleno dereito do Consello.
- e) Calquera outra que lle encomende a Presidencia.

CAPÍTULO IV. FUNCIONAMENTO

Artigo 12. DO PLENO

1. O Consello Sectorial de Persoas Maiores constituirase na primeira sesión do Pleno a convocatoria da Presidencia.

2. O pleno do Consello reunirase con carácter ordinario semestralmente, como mínimo, dúas veces ao ano, e con carácter extraordinario cando o estime oportuno a Presidencia ou o solicite a cuarta parte dos membros do pleno do Consello con dereito a voto.

3. As decisións do pleno do Consello adoptaranse co voto favorable da maioría simple dos membros presentes con dereito a voto, agás a decisión de solicitude de modificación deste regulamento, que requirirá o voto favorable de dous terzos dos seus membros. O voto do presidente será dirimente en caso de empate. O voto e persoal e indelegable.

4. As convocatorias, cursadas pola Secretaría, realizaranse cunha antelación mínima de 5 días, e as extraordinarias con 2 días de antelación, acompañadas da orde do día da sesión, data, hora e lugar de celebración e, se é o caso, da documentación suficiente.

5. A sesión do pleno quedará validamente constituída en primeira convocatoria da Presidencia, cando asista, polo menos, a metade mais un

dos seus membros con dereito a voto e en segunda convocatoria sempre que estean presentes a Presidencia, a Secretaría e tres vogais.

6. O pleno do Consello Sectorial de Persoas Maiores de Lugo celebrará as súas sesións en dependencias municipais.

Artigo 13. A SECRETARÍA

A Secretaría do consello levantará acta de cada sesión na que figurarán os acordos adoptados e as incidencias que sexan procedentes para reflectir fielmente á sesión.

As actas serán asinadas polo secretario/a co visto e praxe da Presidencia, e serán sometidas para a súa aprobación o inicio da seguinte sesión.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

A modificación total ou parcial deste regulamento así como a disolución do Consello Sectorial de Maiores correspóndelle ao EXCELENTÍSIMO CONCELLO DE LUGO en Pleno.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

En todo o non previsto por este regulamento, correspóndelle á Presidencia do Consello adoptar a decisión que considere máis axeitada consonte cos criterios xerais que inspiran as normas reguladoras destes, así como as normas reguladoras da participación cidadá. Informaralle ao pleno na sesión seguinte para a súa ratificación e propoñerá, se procede, a correspondente modificación da normativa.

DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa publicación íntegra no BOP de Lugo, despois da súa aprobación definitiva. Publicarase, así mesmo, no Taboleiro de Edictos municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Lugo, conforme ao previsto no artigo 7.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno."

SEGUNDO.- Someter a información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de TRINTA DÍAS para a presentación de reclamacións e suxestións.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, debendo dar conta ao Pleno desta circunstancia.

A EXCMA. SRA. ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: ... Esperamos un momento para que entren os traballadores e traballadoras da Xunta de Persoal e Comité de Empresa polo ruído que pode haber. Esperemos un minuto para que se coloquen.

Grazas. Ben, darvos a benvida a este Pleno, sodes os representantes dos traballadores municipais, Xunta de Persoal, Comité de Empresa, e, unha vez máis, como dicía, darvos a benvida que esta é a vosa casa, evidentemente. Estadese exercendo os vosos dereitos como traballadores en representación dos traballadores. Por lo tanto, sodes sempre benvidos. E o que si quero poñer de manifesto é que estar sempre en comunicación é o máis importante, e eu teño que dicir que aquí estou sempre que se me solicita. Esta mesma semana recibín ao Comité de Empresa cando mo solicitou, recibín tamén a un dos sindicatos cando mo solicitou. Estamos sempre así, sempre aí, cando eles o solicitan. Sabemos que hai temas que negociar e tratar. Estamos, como xa lle comentei ao Comité de Empresa, xa lle comuniquei, que estamos traballando neles. Déronse circunstancias conxunturais que atrasaron determinadas cousas, pero hai unha folla de ruta, como vós sabedes, que ten marcado o concelleiro hoxe aquí presente, que tamén quero darlle a benvida despois de varios plenos sen poder asistir, hoxe temos aquí a Pablo Permuy, o concelleiro de Persoal; polo tanto, as portas están sempre abertas, recibimos sempre que se nos solicita, esperemos continuar coas negociacións e que vaian a bo porto. Moitas grazas a todos e todas.

FACENDA LOCAL

5/145 DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE DA SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES PRESENTADA POR DON MARTÍN FERNÁNDEZ VILA, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE CASA ROXA SC, E REFERIDA A ACTIVIDADES ECONÓMICAS AGRARIAS OU GANDEIRAS PERTENCENTES AO SECTOR PRIMARIO.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DO ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, do 15 de maio de 2024, do teor literal seguinte:

“IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.- Solicitud de declaración de especial interese ou utilidade da solicitude de bonificación na cota do Imposto sobre Bens Inmobles presentada por Don Martín Fernández Vila en nome e representación de

“Casa Roxa SC”, e referida a actividades económicas agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- A vixente Ordenanza Fiscal 203 do Excelentísimo Concello de Lugo, Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles, contempla no seu artigo 5.6 a bonificación do 95% da cota íntegra do imposto durante tres anos, para “...aqueles inmóbles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades económicas agrarias ou gandeiras, pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponderá ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, sempre que se acredite que o ben inmóble figura afecto a unha explotación agrícola ou gandeira explotada directamente polo suxeito pasivo ou por un terceiro que o poda acreditar por calquera título...”

SEGUNDO.- Presentada a solicitude por Don Martín Fernández Vila con data do 25 de abril de 2024, xunto coa certificación correspondente e documentación complementaria xustificativa da titularidade do inmóble e da constitución da sociedade, cumprindo o resto de condicións establecidas na normativa do imposto, se entende que procede o recoñecemento do beneficio fiscal instado pola seguinte referencia catastral;

Referencia catastral	Localización	Titular
27900A164003200000SM	Polígono 164 Parcela 320 FINCA CASA. LUGO 27185-LUGO	Martín Fernández Vila
27900A164004900000SI	Polígono 164 Parcela 490 FINCA CASA. LUGO 27185-LUGO	

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- O Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, sinala no seu artigo 60 que “O Imposto sobre Bens Inmóbles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmóbles nos termos establecidos nesta Lei”. Pola súa banda, o artigo 77.5 do mesmo texto legal dispón que “O Imposto xestiónase a partir da información contida no padrón catastral e nos demais documentos expresivos das súas variacións elaborados para os efectos pola Dirección Xeral do Catastro, sen prexuízo da competencia municipal para a cualificación de inmóbles de uso residencial desocupados. O dito padrón, que se formará anualmente para cada termo municipal, conterá a información relativa aos bens inmóbles, separadamente para os de cada clase e será remitido ás entidades xestoras do imposto antes do 1 de marzo de cada ano”.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

SEGUNDO.- O artigo 63 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, establece: “Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.”

TERCEIRO.- A delimitación do beneficio fiscal instado se atopa no artigo 5.6 da Ordenanza Fiscal 203, que di; “...Gozarán dunha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto, durante 3 anos, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades económicas agrarias ou gandeiras, pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego, que xustifiquen tal declaración. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponderá ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, sempre que se acredite que o ben inmovible figura afecto a unha explotación agrícola ou gandeira explotada directamente polo suxeito pasivo ou por un terceiro que o poda acreditar por calquera título, xurdindo efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude. Para a súa concesión, deberá aportar a seguinte documentación:

- Certificado actualizado da inscrición da explotación agraria no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.
- De ser necesario, título acreditativo da explotación por un terceiro da actividade agrícola ou gandeira no ben inmovible obxecto da bonificación.
- Referencia catastral do inmovible onde se exerce a explotación agrícola ou gandeira...”

Polo exposto, e segundo se establece no artigo 74.2. quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e artigo 5.6 da Ordenanza Fiscal 203 do Excelentísimo Concello de Lugo, Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles, procede a continuación da tramitación polo que procede;

Someter ao Excelentísimo Concello Pleno de Lugo a declaración de interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego, para as referencias catastrais detalladas deseguido nas que se desenvolven actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario, con aplicación a partir do exercicio 2025;

Referencia catastral	Localización	Titular
27900A164003200000SM	Polígono 164 Parcela 320 FINCA CASA. LUGO 27185-LUGO	Martín Fernández Vila
27900A164004900000SI	Polígono 164 Parcela 490 FINCA CASA. LUGO 27185-LUGO	

2.- **DITAME FAVORABLE** da Comisión Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto de Cidade, emitido na sesión celebrada o día 23 de setembro de 2024.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

DECLARAR de interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego, para as referencias catastrais detalladas deseguido nas que se desenvolven actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario, con aplicación a partir do exercicio 2025:

Referencia catastral	Localización	Titular
27900A164003200000SM	Polígono 164 Parcela 320 FINCA CASA. LUGO 27185-LUGO	Martín Fernández Vila
27900A164004900000SI	Polígono 164 Parcela 490 FINCA CASA. LUGO 27185-LUGO	

6/146 IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.- DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE E BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES A S.COOP. DEL CAMPO LAMABOA, CO CIF: F27011337, POR ESTAR REFERIDA A ACTIVIDADES ECONÓMICAS AGRARIAS OU GANDEIRAS PERTENCENTES AO SECTOR PRIMARIO.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA EXCMA. ALCALDESA, EN SUBSTITUCIÓN DO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, do 22 de agosto de 2024, do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- Escrito do 21/04/2024 rexistrada de entrada neste concello co número 202499900008730 presentada por PIÑEIRO SOTELO, MARIA ELENA co NIF

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

35312284Q en nome e representación de S.COOP. DEL CAMPO LAMABOA co CIF: F27011337 na que solicita a bonificación correspondente na cota do IBI do ben inmovible de referencia catastral 27900A146001820000SQ, sito en LG LAMABOA [SAN XOAN DO CAMP Polígono 146 Parcela 182 FINCA DE BARRELA. 27182 LUGO [LUGO] alegando estar referida a actividades económicas agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario.

SEGUNDO.- Xunto coa súa solicitude achega documentación xustificativa de constitución da sociedade así como o certificado de explotación prioritaria expedido polo Servizo de Explotacións Agrarias da Consellería do Medio Rural de data 05/06/2024, segundo cal a explotación agraria con código REAGA G2702800878 da que é titular S.COOP. DEL CAMPO LAMABOA co CIF: F27011337, sita no lugar de LAMABOA do concello de LUGO figura de alta no REAGA desde o 01/01/1995 ata a actualidade.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- O Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei de facendas locais, sinala no seu artigo 60 que “O Imposto sobre Bens Inmóbles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmóbles nos termos establecidos nesta lei”.

Pola súa banda, o artigo 77.5 do mesmo texto legal dispón que “O Imposto xestiónase a partir da información contida no padrón catastral e nos demais documentos expresivos das súas variacións elaborados para os efectos pola Dirección Xeral do Catastro, sen prexuízo da competencia municipal para a cualificación de inmóbles de uso residencial desocupados. O dito padrón, que se formará anualmente para cada termo municipal, conterá a información relativa aos bens inmóbles, separadamente para os de cada clase e será remitido ás entidades xestoras do imposto antes do 1 de marzo de cada ano”.

SEGUNDO.- O artigo 74 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido la lei reguladora das facendas locais en canto a bonificacións potestativas sinala no apartado 2 quáter: “*Los ayuntamientos mediante ordenanza podrán regular una bonificación de hasta el 95 por ciento de la cuota íntegra del impuesto a favor de inmuebles en los que se desarrollen actividades económicas que sean declaradas de especial interés o utilidad municipal por concurrir circunstancias sociales, culturales, histórico artísticas o de fomento del empleo que justifiquen tal declaración. Corresponderá dicha declaración al Pleno de la Corporación y se acordará, previa solicitud del sujeto pasivo, por voto favorable de la mayoría simple de sus miembros*”.

TERCEIRO.- Neste senso a Ordenanza Fiscal 203 do Excelentísimo Concello de Lugo, Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles, contempla no seu artigo 5.6 a bonificación do 95% da cota íntegra do imposto durante tres anos, para “...aqueles inmóbles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades económicas agrarias ou gandeiras, pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponderá ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, sempre que se acredite que o ben inmovible figura afecto a unha explotación agrícola ou gandeira explotada directamente polo suxeito pasivo ou por un terceiro que o poda acreditar por calquera título producindo efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude. Para a súa concesión, deberá aportar a seguinte documentación:

- Certificado actualizado da inscrición da explotación agraria no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.
- De ser necesario, título acreditativo da explotación por un terceiro da actividade agrícola ou gandeira no ben inmovible obxecto da bonificación.
- Referencia catastral do inmovible onde se exerce a explotación agrícola ou gandeira...”

Visto o informe de Facenda Local do 21.08.2024 segundo o que se conclúese que a solicitude cumpre os requisitos esixidos no disposto no artigo 5.6 da Ordenanza Fiscal núm. 203 reguladora do imposto sobre bens inmóbles, correspondendo ao Pleno por maioría simple a declaración de especial interese.

E dentro das potestades que a Lei outorga aos concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Declarar de interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego, para a referencia catastral detallada deseguido na que se desenvolven actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario, segundo segue:

Referencia catastral	Localización	Titular	NIF
27900A1460018200005 Q	LG LAMABOA [SAN XOAN DO CAMP Polígono 146 Parcela 182 FINCA DE BARRELA. 27182 LUGO [LUGO]	SDAD COOP GALLEGA DEL CAMPO LAMABOA	F27011337

2.- DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto de Cidade, emitido na sesión celebrada o día 23 de setembro de 2024.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

DECLARAR de interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego, para a referencia catastral detallada deseguido na que se desenvolven actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario, segundo segue:

Referencia catastral	Localización	Titular	NIF
27900A1460018200005 Q	LG LAMABOA [SAN XOAN DO CAMP Polígono 146 Parcela 182 FINCA DE BARRELA. 27182 LUGO [LUGO]	SDAD COOP GALLEGA DEL CAMPO LAMABOA	F27011337

7/147 IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.- DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE E BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES A GANADERÍA CASTEDO SC CO, CIF: J27498047, POR ESTAR REFERIDA A ACTIVIDADES ECONÓMICAS AGRARIAS OU GANDEIRAS PERTENCENTES AO SECTOR PRIMARIO.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA EXCMA. ALCALDESA EN SUBSTITUCIÓN DO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA AREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS,

“ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- Solicitud de 20/06/2024 rexistrada de entrada neste concello co número 202499900013481 a instancia de CASTEDO LOPEZ, ALEJANDRO co NIF 34305358F en nome e representación de GANADERÍA CASTEDO SC co CIF: J27498047 na que solicita a bonificación correspondente na cota do IBI do ben inmovible de referencia catastral 27900A350001290000UM, sito en Polígono 350 Parcela 129 CHOUSA DA COVA. LUGO [LUGO] alegando estar referida a actividades económicas agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario.

SEGUNDO.- Xunto coa súa solicitude achega documentación xustificativa de constitución da sociedade e o certificado de explotación prioritaria expedido polo Servizo de Explotacións Agrarias da Consellería do Medio Rural de data 18.06.2024, segundo cal a explotación agraria con código REAGA G2702803749 da que é titular GANADERÍA CASTEDO SC co CIF: J27498047, sita no lugar de BASCUAS do concello de LUGO figura de alta no REAGA desde o 01/04/2019 ata a actualidade

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- O Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei de facendas locais, sinala no seu artigo 60 que “O Imposto sobre Bens Inmóbles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmóbles nos termos establecidos nesta lei”.

Pola súa banda, o artigo 77.5 do mesmo texto legal dispón que “O Imposto xestiónase a partir da información contida no padrón catastral e nos demais documentos expresivos das súas variacións elaborados para os efectos pola Dirección Xeral do Catastro, sen prexuízo da competencia municipal para a cualificación de inmóbles de uso residencial desocupados. O dito padrón, que se formará anualmente para cada termo municipal, conterá a información relativa aos bens inmóbles, separadamente para os de cada clase e será remitido ás entidades xestoras do imposto antes do 1 de marzo de cada ano”.

SEGUNDO.- O artigo 74 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais en canto a bonificacións potestativas sinala no apartado 2 quáter: “*Los ayuntamientos mediante ordenanza podrán regular una bonificación de hasta el 95 por ciento de la cuota íntegra del impuesto a favor de inmuebles en los que se desarrollen actividades económicas que sean declaradas de especial interés o utilidad municipal por concurrir circunstancias sociales, culturales, histórico artísticas o de fomento del empleo que justifiquen tal declaración. Corresponderá dicha declaración al Pleno de la Corporación y se acordará, previa solicitud del sujeto pasivo, por voto favorable de la mayoría simple de sus miembros*”.

TERCEIRO.- Neste senso a Ordenanza Fiscal 203 do Excelentísimo Concello de Lugo, Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles, contempla no seu artigo 5.6 a bonificación do 95% da cota íntegra do imposto durante tres anos, para “...aqueles inmóbles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades económicas agrarias ou gandeiras, pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración. A declaración de interese ou

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

utilidade municipal corresponderá ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, sempre que se acredite que o ben inmovible figura afecto a unha explotación agrícola ou gandeira explotada directamente polo suxeito pasivo ou por un terceiro que o poda acreditar por calquera título producindo efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude. Para a súa concesión, deberá aportar a seguinte documentación:

- Certificado actualizado da inscrición da explotación agraria no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.
- De ser necesario, título acreditativo da explotación por un terceiro da actividade agrícola ou gandeira no ben inmovible obxecto da bonificación.
- Referencia catastral do inmovible onde se exerce a explotación agrícola ou gandeira...”

Visto o informe de Facenda Local do 21.08.2024 segundo o que se conclúese que a solicitude cumpre os requisitos esixidos no disposto no artigo 5.6 da Ordenanza Fiscal núm. 203 reguladora do imposto sobre bens inmoables, correspondendo ao Pleno por maioría simple a declaración de especial interese.

E dentro das potestades que a Lei outorga aos concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Declarar de interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego, para a referencia catastral detallada deseguido na que se desenvolven actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario, segundo segue:

Referencia catastral	Localización	Titular	NIF
27900A350001290000UM	Polígono 350 Parcela 129 CHOUSA DA COVA. LUGO [LUGO]	CASTEDO LOPEZ ALEJANDRO CASTEDO LOPEZ MARCOS	34305358F 33555727S

2.- DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto da Cidade, emitido na sesión celebrada o día 23 de setembro de 2024.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

DECLARAR de interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego, para a referencia catastral detallada deseguido na que se desenvolven actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario, segundo segue:

Referencia catastral	Localización	Titular	NIF
27900A350001290000UM	Polígono 350 Parcela 129 CHOUZA DA COVA. LUGO [LUGO]	CASTEDO LOPEZ ALEJANDRO CASTEDO LOPEZ MARCOS	34305358F 33555727S"

8/148 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL REFERENTE Á SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRA PARA PROXECTO DE OBRA DE AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE GANDO VACÚN DE LEITE EN ARGONDE, PRESENTADA POR INLOGA ENXEÑEIROS, EN REPRESENTACIÓN DE JOSÉ LUIS CASTRO TEIJEIRO.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA, EN SUBSTITUCIÓN DO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, do 17 de setembro de 2024, do teor literal seguinte:

“ANTECEDENTES: Na data de 11.01.2023, INLOGA ENXEÑEIROS SL (CIF B27348481), en representación de JOSÉ LUIS CASTRO TEIJEIRO (NIF 33536857M) solicita licenza de obra para proxecto de obra de ampliación de explotación de gando vacún de leite en Argonde (exp. 2023/Y001/000005).

Na mesma data de 11.01.2023, INLOGA ENXEÑEIROS SL (CIF B27348481), en representación de JOSÉ LUIS CASTRO TEIJEIRO (NIF 33536857M) presenta escrito no que insta que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal as obras do proxecto de obra de ampliación de explotación de gando vacún de leite en Argonde, para a concesión da bonificación recollida na Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, alegando o seguinte:

“Don José Luis Castro Teijeiro, es titular de una explotación de vacuno de leche sita en el lugar de Argonde, Parroquia de San Xoán do Campo. Las instalaciones de dicha explotación se encuentran diseminadas entre los lugares de Pacios y Argonde; dos localidades que aunque próximas, condicionan ostensiblemente el

proceso productivo; lo que influye en el bienestar de los animales y en las condiciones laborales de la explotación, y redundando en los costes de producción, la calidad del producto y en la propia calidad de vida del ganadero y demás trabajadores.

Para solventar tales inconvenientes, se ha optado por un ambicioso proyecto de ampliación que conlleva no sólo el aumento de la cabaña ganadera, sino también la reubicación de todos los animales en las instalaciones emplazadas en Argonde, donde está ubicado el establo más moderno, abandonando las existentes y ya obsoletas de Pacios.

Pero una ampliación de este calado no sólo consiste en añadir uno o varios edificios más a los ya construidos, se requiere una eficiente instalación de saneamiento para evitar daños al medioambiente, dotaciones de cubículos adecuados para comodidad del ganado, una instalación de fontanería en estado óptimo, cuadras acondicionadas para los distintos estados de los animales, y muchas otras instalaciones que harán de ésta una explotación eficiente y próspera.

Con todo ello, la inversión a realizar será cuantiosa, pero beneficiosa en todos los sentidos. Baste recordar que el sólo hecho de abandonar unas instalaciones obsoletas en el núcleo de Pacios, supondrá una mejora en el impacto visual de la propia localidad o que la inversión de la propia obra empleará a muchos de los oficios ligados a la construcción.” (exp. 2023/T028/000876).

Con data do 21.03.2023, requíreselle ao solicitante para que no prazo de 10 días corrixa a falta na solicitude da documentación esixida pola Ordenanza fiscal núm. 202 (exp. 2023/T028/000876).

Con data do 29.03.2023 o interesado achega certificado actualizado da inscrición da explotación agraria con código REAGA G2702800559 (da que é titular o solicitante da licenza) no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA), figurando de alta no mesmo (exp. 2023/T028/000876).

O parágrafo a) do artigo 103.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, establece que as ordenanzas fiscais poderán regular “a) Unha bonificación de ata o 95 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros”.

Ó amparo da referida habilitación legal, o artigo 4ºbis.9 da Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, establece:

“Establécese unha bonificación do 50% da cota do Imposto para as construcións, instalación e obras vinculadas con explotacións agrícolas, gandeiras e forestais, que sexan declaradas de “especial interese ou utilidade municipal” tales como establos, fosas sépticas, silos almacéns ou calquera outra, que serva a tales fins. En ningún caso se aplicará esta bonificación ás construcións, instalacións e obras de vivendas asociadas á explotación, xa se refiran tanto a novas construcións como ao mantemento das existentes.

Esta bonificación non terá carácter acumulativo.

A declaración de “especial interese ou utilidade municipal” corresponderá ó Pleno da Corporación por maioría simple. Para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos do Imposto poderán instar a solicitude de declaración de especial interese dentro do período comprendido dende a data da solicitude da licenza de obras ata a data de finalización do prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional xirada en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras.

A solicitude irá acompañada dun certificado actualizado da inscrición da explotación agraria no REGA (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia), que se corresponda co solicitante da licenza de obras.

Presentada a solicitude e a correspondente documentación, e unha vez completado o expediente co informe do Servizo de Facenda Local, elevarase a correspondente proposta de acordo ao Pleno da Corporación. O acordo polo que se conceda ou denegue a declaración de especial interese ou utilidade municipal notificaráselle ao interesado. Unha vez outorgada polo Pleno a declaración de especial interese ou utilidade da construción, instalación ou obra, procederase á concesión da bonificación polo órgano competente. No momento da aprobación da preceptiva licenza de obras, procederase á aprobación da liquidación provisional resultante aplicando a bonificación concedida. Non obstante o anterior, se outorgada a licenza, aínda non se tivese efectuado a declaración de especial interese ou utilidade municipal instada en prazo polo suxeito pasivo, non se teña solicitado aínda esta, ou non se tivese concedido a bonificación, practicarase unha liquidación provisional conforme ao proxecto presentado ou a valoración efectuada polo Servizo de Arquitectura, procedéndose á devolución da parte que corresponda se posteriormente se outorgase polo Pleno a mencionada declaración e/ou se concedese a oportuna bonificación.”

Visto o informe de Facenda Local de data 16.09.2024, segundo o cal JOSÉ LUIS CASTRO TEIJEIRO (NIF 33536857M) cumpre os requisitos esixidos no artigo 4ºbis.9 da Ordenanza Fiscal núm. 202 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, e dentro das potestades que a Lei outorga ós concellos para a

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

ESTIMAR a solicitude formulada por INLOGA ENXEÑEIROS SL (CIF B27348481), en representación de JOSÉ LUIS CASTRO TEIJEIRO (NIF 33536857M), procedendo á declaración das obras para a ampliación de explotación de gando vacún de leite en Argonde, como de especial interese ou utilidade municipal, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación."

2.- **DITAME FAVORABLE** da Comisión Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto de Cidade, emitido na sesión celebrada o día 23 de setembro de 2024.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

ESTIMAR a solicitude formulada por INLOGA ENXEÑEIROS SL (CIF B27348481), en representación de JOSÉ LUIS CASTRO TEIJEIRO (NIF 33536857M), procedendo á declaración das obras para a ampliación de explotación de gando vacún de leite en Argonde, como de especial interese ou utilidade municipal, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

9/149 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. INFORME-PROPOSTA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL XERAL, asinada pola xefa do servizo de Facenda Local e polo tenente de alcalde de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica, en suplencia do tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, do seguinte teor:

“Visto o Decreto núm. 5535/2024, do 10 de xuño de 2024, de incoación de expedientes para a modificación de determinadas ordenanzas fiscais.

Visto o Informe- proposta do Servizo de Tesourería de modificación da ordenanza fiscal xeral, asinada pola Tesoureira municipal na data 10/09/2024 de co conforme do Ilmo. Miguel Fernández Méndez Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Transición Ecolóxica en substitución do Tenente de Alcaldesa Delegado de Área de Xestión Integral de Recursos Internos de data 10/09/2024.

Visto o Informe-proposta do Servizo de Enxeñaría, asinada polo Xefe do Servizo de Enxeñaría, na data de 6/09/2024 co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Infraestructuras Urbanas de data de 06/09/2024.

Visto o informe da Xefa do Servizo de Facenda Local de data 11/09/2024 co conforme da Asesoría Xurídica de data 11/09/2024.

Visto o proxecto de modificación da Ordenanza fiscal xeral do Ilmo. Miguel Fernández Méndez Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Transición Ecolóxica en substitución do tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, de data 11/09/2024.

Visto o ditame favorable do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo de data 12/09/2024.

Visto o informe da tesourería municipal de data 13/09/2024.

Visto o informe da Xefa de servizo de fiscalización previa e función interventora mailo Interventor Xeral Municipal de data 13/09/2024.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 18 de setembro de 2024, acordou a aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

En razón do exposto, ao abeiro do artigo 123.1 d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sométese ao Excmo. Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal xeral, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ORDENANZA FISCAL XERAL

1) Modifícase o apartado 3. do artigo 18ª bis, que queda redactado como segue:

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

«3. A cidadanía terá dereito a relacionarse electronicamente coa Administración Tributaria do Concello a través da Sede Electrónica do Concello de Lugo».

2) Modifícase o artigo 24.8 da ordenanza fiscal xeral, que queda redactado como segue:

«8. Para respectar o principio de proporcionalidade entre o importe da débeda e os medios empregados para a súa realización, e atendendo a criterios de eficiencia na utilización dos recursos dispoñibles e de economía e eficacia na xestión recadatoria na tramitación dos expedientes de derivación da acción de cobro a terceiras persoas distintas da que figura na providencia de constrinximento, non se procederá a tal derivación cando o importe principal pendente da débeda tributaria sexa inferior ás contías que a continuación se relacionan:

DERIVACIÓN A ADMINISTRADORES	1.000,00 €
DERIVACIÓN POR CONTINUIDADE DE EXPLOTACIÓN	1.000,00 €
DERIVACIÓN POR AFECCIÓN DE IBI	1.000,00 €
DERIVACIÓN DE AUGA	1.000,00 €
SANCIÓN DE TRÁFICO	1.000,00 €»

3) Modifícase o apartado 2 do artigo 26 da ordenanza fiscal xeral, que queda redactado como segue:

«2. Para formular solicitudes, presentar declaracións responsables ou comunicacións, interpoñer recursos, desistir de accións e renunciar a dereitos en nome doutra persoa, deberá acreditarse a representación. Para os actos e xestións de mero trámite presumirase aquela representación.

A representación pode acreditarse mediante calquera medio válido en Dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia, entre outros:

a) Mediante apoderamento apud acta efectuada por comparecencia persoal nas oficinas de asistencia en materia de rexistros ou comparecencia electrónica na correspondente sede electrónica ou sede electrónica asociada.

b) Mediante acreditación da súa inscrición no rexistro electrónico de apoderamentos da Administración Pública competente ou nos seus rexistros particulares de apoderamentos.

c) Mediante un certificado electrónico cualificado de representante.

d) Mediante documento público cuxa matriz conste nun arquivo notarial ou dunha inscrición practicada nun rexistro mercantil.

No caso de actuacións en nome de persoa xurídica, a capacidade de representación poderá acreditarse tamén mediante certificado electrónico cualificado de representante, entendéndose en tal caso que o poder de representación abarca calquera actuación ante calquera Administración Pública.

Corresponderá ao órgano administrativo competente para a tramitación do procedemento valorar se o medio empregado deixa constancia fidedigna da existencia de representación. En calquera caso, a falta de acreditación da representación cando esta sexa obrigatoria é un requisito subsanable, debendo o órgano administrativo competente, no seu caso, requirir ao interesado a que proceda á súa emenda e cumprimento no caso de que a documentación achegada considérese insuficiente».

4) Engádese un apartado 4 ao artigo 33 da ordenanza fiscal xeral, que queda redactado como segue:

«4.- No suposto de concorrencia de varios obrigados tributarios nun mesmo presuposto, cando o Concello só coñeza a identidade dun titular practicará e notificará as liquidacións tributarias a nome do mesmo, quen virá obrigado a satisfacelas se non solicita a súa división. A tal efecto, para que proceda a división será indispensable que o interesado o solicite facilitando os datos persoais e o domicilio dos demais obrigados ao pago, así como os documentos públicos que acrediten a proporción en que cada un deles participe no dominio ou dereito transmitido.

En ningún caso procederá a división da cota do tributo nos supostos de réxime económico matrimonial de sociedade legal de gananciais.

Non se poderá dividir a cota naqueles supostos que como consecuencia da devandita división resulten cotas líquidas de importe inferior a 6,00 €.

Unha vez aceptada pola Administración a solicitude de división, incorporárase ao padrón inmediatamente posterior a aquel no que se solicite a división e se manterá nos sucesivos mentres non se solicite a modificación».

5) Engádese un parágrafo ao apartado 5 do artigo 42 da ordenanza fiscal xeral, que queda redactado como segue:

«5. Os criterios xerais de concesión de aprazamentos son:

- a) As débedas entre 301,00 euros e 600,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de tres meses ou mensualidades.*
- b) As débedas entre 601,00 euros e 900,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de seis meses ou mensualidades.*

c) As débedas entre 901,00 euros e 1.500,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de nove meses ou mensualidades.

d) As débedas entre 1.501,00 euros e 3.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de doce meses ou mensualidades.

e) As débedas entre 3.001,00 euros e 4.500,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de quince meses ou mensualidades.

f) As débedas de importe superior a 4.501,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de dezaioito meses ou mensualidades.

Non obstante, a Administración poderá estimar outro número de prazos cando a situación económica do interesado e a contía da débeda, apreciada pola Administración, o requira.

Nos casos de solicitude de aprazamentos ou fraccionamentos derivados de autorizacións de uso ou ocupación do dominio público, o prazo dos aprazamentos ou fraccionamentos non poderá exceder do prazo da autorización ou título habilitante».

6) Modifícase o artigo 44.2 da ordenanza fiscal xeral, que queda redactado como segue:

«2. Salvo circunstancias excepcionais apreciadas polo órgano que resolva, denegaranse as seguintes solicitudes:

a) As de reconsideración de aprazamentos resoltos segundo os presentes criterios e que non estean debidamente fundadas, tendo como única finalidade demorar o cumprimento da obriga tributaria.

b) As presentadas por contribuíntes que incumpriran aprazamentos concedidos ou non formalizaran as garantías.

c) As que correspondan a débedas illadas presentadas por contribuíntes que manteñen outras débedas co Concello de Lugo sen regularizar».

7) Engádesse un parágrafo ao apartado 2 do artigo 48 da ordenanza fiscal xeral, que queda redactado como segue:

«2. As débedas a favor do Concello, cando o debedor sexa un ente territorial, organismo autónomo, Seguridade Social ou entidade de dereito público nos que a súa actividade non se rexa polo ordenamento privado, serán compensables de oficio.

Con todo, e unha vez finalizado o período de ingreso en período voluntario, desde a Tesourería Municipal, remitirase unha comunicación de inicio do período de ingreso en período executivo na que se advertirá da débeda tributaria pendente coa Facenda Municipal, así como da concesión dun prazo de 10 días para o seu abono,

transcorrido o cal, procederase á compensación de oficio. De non ser suficiente a compensación para satisfacer a débeda pendente, iniciárase o procedemento de constrinximento coas recargas e intereses que resulten de aplicación consonte á normativa tributaria aplicable pola débeda restante».

8) Modifícanse as tarifas establecidas no artigo 92º Responsabilidade dos administrados, apartado 4 letra D Sinalización viaria e protección peonil para os bolardos, que quedan redactados como segue:

Por cada unidade de bolardo de polietileno e de caucho:	158,75 €
Por cada unidade de bolardo, a petición de particulares:	158,75 €

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación publicarase no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comezando a contar o prazo a partir do día seguinte ao da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.

TERCEIRO.- Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2025 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internas, emitido na sesión celebrada o día 23 de setembro de 2024.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal xeral, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ORDENANZA FISCAL XERAL

1) Modifícase o apartado 3. do artigo 18ª bis, que queda redactado como segue:

«3. A cidadanía terá dereito a relacionarse electronicamente coa Administración Tributaria do Concello a través da Sede Electrónica do Concello de Lugo».

2) Modifícase o artigo 24.8 da ordenanza fiscal xeral, que queda redactado como segue:

«8. Para respectar o principio de proporcionalidade entre o importe da débeda e os medios empregados para a súa realización, e atendendo a criterios de eficiencia na utilización dos recursos dispoñibles e de economía e eficacia na xestión recadatoria na tramitación dos expedientes de derivación da acción de cobro a terceiras persoas distintas da que figura na providencia de constrinximento, non se procederá a tal derivación cando o importe principal pendente da débeda tributaria sexa inferior ás contías que a continuación se relacionan:

DERIVACIÓN A ADMINISTRADORES	1.000,00 €
DERIVACIÓN POR CONTINUIDADE DE EXPLOTACIÓN	1.000,00 €
DERIVACIÓN POR AFECCIÓN DE IBI	1.000,00 €
DERIVACIÓN DE AUGA	1.000,00 €
SANCIÓN DE TRÁFICO	1.000,00 €»

3) Modifícase o apartado 2 do artigo 26 da ordenanza fiscal xeral, que queda redactado como segue:

«2. Para formular solicitudes, presentar declaracións responsables ou comunicacións, interpoñer recursos, desistir de accións e renunciar a dereitos en nome doutra persoa, deberá acreditarse a representación. Para os actos e xestións de mero trámite presumirase aquela representación.

A representación pode acreditarse mediante calquera medio válido en Dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia, entre outros:

a) *Mediante apoderamento apud acta efectuada por comparecencia persoal nas oficinas de asistencia en materia de rexistros ou comparecencia electrónica na correspondente sede electrónica ou sede electrónica asociada.*

b) *Mediante acreditación da súa inscrición no rexistro electrónico de apoderamentos da Administración Pública competente ou nos seus rexistros particulares de apoderamentos.*

c) *Mediante un certificado electrónico cualificado de representante.*

d) *Mediante documento público cuxa matriz conste nun arquivo notarial ou dunha inscrición practicada nun rexistro mercantil.*

No caso de actuacións en nome de persoa xurídica, a capacidade de representación poderá acreditarse tamén mediante certificado electrónico cualificado de representante, entendéndose en tal caso que o poder de representación abarca calquera actuación ante calquera Administración Pública.

Corresponderá ao órgano administrativo competente para a tramitación do procedemento valorar se o medio empregado deixa constancia fidedigna da existencia de representación. En calquera caso, a falta de acreditación da representación cando esta sexa obrigatoria é un requisito subsanable, debendo o órgano administrativo competente, no seu caso, requirir ao interesado a que proceda á súa emenda e cumprimento no caso de que a documentación achegada considérese insuficiente».

4) Engádese un apartado 4 ao artigo 33 da ordenanza fiscal xeral, que queda redactado como segue:

«4.- No suposto de concorrencia de varios obrigados tributarios nun mesmo presuposto, cando o Concello só coñeza a identidade dun titular practicaré e notificaré as liquidacións tributarias a nome do mesmo, quen virá obrigado a satisfacelas se non solicita a súa división. A tal efecto, para que proceda a división será indispensable que o interesado o solicite facilitando os datos persoais e o domicilio dos demais obrigados ao pago, así como os documentos públicos que acrediten a proporción en que cada un deles participe no dominio ou dereito transmitido.

En ningún caso procederá a división da cota do tributo nos supostos de réxime económico matrimonial de sociedade legal de gananciais.

Non se poderá dividir a cota naqueles supostos que como consecuencia da devandita división resulten cotas líquidas de importe inferior a 6,00 €.

Unha vez aceptada pola Administración a solicitude de división, incorporarase ao padrón inmediatamente posterior a aquel no que se solicite a división e se manterá nos sucesivos mentres non se solicite a modificación».

6) Engádesse un parágrafo ao apartado 5 do artigo 42 da ordenanza fiscal xeral, que queda redactado como segue:

«5. Os criterios xerais de concesión de aprazamentos son:

- a) As débedas entre 301,00 euros e 600,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de tres meses ou mensualidades.*
- b) As débedas entre 601,00 euros e 900,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de seis meses ou mensualidades.*
- c) As débedas entre 901,00 euros e 1.500,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de nove meses ou mensualidades.*
- d) As débedas entre 1.501,00 euros e 3.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de doce meses ou mensualidades.*
- e) As débedas entre 3.001,00 euros e 4.500,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de quince meses ou mensualidades.*
- f) As débedas de importe superior a 4.501,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de dezaioito meses ou mensualidades.*

Non obstante, a Administración poderá estimar outro número de prazos cando a situación económica do interesado e a contía da débeda, apreciada pola Administración, o requira.

Nos casos de solicitude de aprazamentos ou fraccionamentos derivados de autorizacións de uso ou ocupación do dominio público, o prazo dos aprazamentos ou fraccionamentos non poderá exceder do prazo da autorización ou título habilitante».

6) Modifícase o artigo 44.2 da ordenanza fiscal xeral, que queda redactado como segue:

«2. Salvo circunstancias excepcionais apreciadas polo órgano que resolva, denegaranse as seguintes solicitudes:

- a) As de reconsideración de aprazamentos resoltos segundo os presentes criterios e que non estean debidamente fundadas, tendo como única finalidade demorar o cumprimento da obriga tributaria.*
- b) As presentadas por contribuíntes que incumpriran aprazamentos concedidos ou non formalizaran as garantías.*
- c) As que correspondan a débedas illadas presentadas por contribuíntes que manteñen outras débedas co Concello de Lugo sen regularizar».*

7) Engádesse un parágrafo ao apartado 2 do artigo 48 da ordenanza fiscal xeral, que queda redactado como segue:

«2. As débedas a favor do Concello, cando o debedor sexa un ente territorial, organismo autónomo, Seguridade Social ou entidade de dereito público nos que a súa actividade non se rexa polo ordenamento privado, serán compensables de oficio.

Con todo, e unha vez finalizado o período de ingreso en período voluntario, desde a Tesourería Municipal, remitirase unha comunicación de inicio do período de ingreso en período executivo na que se advertirá da débeda tributaria pendente coa Facenda Municipal, así como da concesión dun prazo de 10 días para o seu abono, transcorrido o cal, procederase á compensación de oficio. De non ser suficiente a compensación para satisfacer a débeda pendente, iníciase o procedemento de constrinximento coas recargas e intereses que resulten de aplicación consonte á normativa tributaria aplicable pola débeda restante».

8) Modifícanse as tarifas establecidas no artigo 92º Responsabilidade dos administrados, apartado 4 letra D Sinalización viaria e protección peonil para os bolardos, que quedan redactados como segue:

Por cada unidade de bolardo de polietileno e de caucho:	158,75 €
Por cada unidade de bolardo, a petición de particulares:	158,75 €

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación publicarase no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

SEGUNDO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comezando a contar o prazo a partir do día seguinte ao da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.

TERCEIRO.- Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2025 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

DELIBERACIÓN

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Os seguintes puntos ao 9, 10, 11, 12, 13 e 14 vanse debater conxuntamente tal como se acordou na Xunta de Voceiros e despois procederase á súa votación por separado. Ten a palabra polo goberno don Mauricio Repetto.

DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN: Buenos días a todos. Grazas, alcaldesa.

Traemos a este Pleno la modificación de seis ordenanzas dentro del proyecto de revisión previsto para este año. En total se modifican seis ordenanzas: la Ordenanza fiscal general, la ordenanza de bienes inmuebles, la ordenanza reguladora del servicio municipal de suministro de agua potable, rede sumideros, la ordenanza Saneamiento y depuración de aguas residuales, la ordenanza que rigen los servicios urbanísticos y la ordenanza reguladora del incremento de valor de terrenos de naturaleza urbana. Recordar que el Ayuntamiento de Lugo lleva más de 12 años manteniendo las tasas y tributos locales congelados, con el objetivo, especialmente en la época del COVID, y la postpandemia, unido a la crisis energética, de apoyar a las economías domésticas y contribuir a la viabilidad del tejido productivo. Nos encontramos actualmente en otro momento, el momento de la recuperación económica y de superar esa etapa tan compleja, y se hace necesario actuar desde la responsabilidad para equilibrar el esfuerzo económico y fiscal que este ayuntamiento estuvo realizando. Ahora toca una actualización moderada de las tasas y que solo afectará a los recibos del IBI, agua y sumideros; Desde la rigurosidad se realizó un estudio de revisión de costes determinando un servicio cuya prestación resulta deficitaria por el incremento que supuso para el Ayuntamiento, sin que hasta la fecha esto supusiera un incremento para los vecinos. De ese estudio se desprende la necesidad de actualizar tres tasas: el IBI, el agua y los sumideros. También debemos recordar que la Intervención Municipal viene señalando en estos últimos ejercicios de la necesidad de conseguir una mayor recaudación, y desde este Gobierno se acatan esas recomendaciones, pero de una forma moderada y acompañada de otras medidas, como es la contención del gasto que se viene a experimentar en este mandato.

Las principales variaciones en las ordenanzas son: la Ordenanza fiscal general es la que sufre un mayor número de cambios, pero todos de pequeño calado, desde la sustitución de terminología, por ejemplo, haciendo referencia a la sede electrónica, actualizando la normativa; la regulación del supuesto de división de deuda entre varios deudores, excepciones y denegaciones de aplazamiento, entre otros.

La Ordenanza reguladora de bienes inmuebles, por un lado, el nuevo texto, pasa a recoger diferentes supuestos, como es el caso de parejas separadas o familias numerosas; se introduce un incremento de un 10% para compensar los valores catastrales que en Lugo parten del año 98. El hecho que este importe esté tan desfasado compromete la fiscalidad municipal, lo que obliga a elevar los

gravámenes locais para adecuar el importe el tributo a la realidad. Esa pequeña suba que se leva a un 0,07 el tipo que repercute en los bienes de naturaleza urbana y en el de naturaleza rústica un 0,20. Por exemplo, una vivienda tipo cuyo valor catastral sea de 23.545 euros que pagaba 157,75 euros, pasará a ser de 174,23 euros; estamos hablando de 16,48 euros máis. Este pequeno aumento permite ya incorporar a las arcas municipales 2.327.258 euros en la recaudación anual, dinero que luego se destinará a la mejora de equipamientos y de atención social, ampliando las existentes y asumiendo nuevos servicios.

La Ordenanza reguladora da tasa de servicios de suministro de agua potable y prestación de servicios de red de sumideros, saneamiento y depuración de aguas residuales, ambas presentarán una única modificación, la actualización de costes, para ajustarlas al IPC, el índice de precios al consumo, sin alcanzar el máximo que esté índice ha alcanzado la última década, el IPC del año 2012 al 2024 varió un 25,4%, mientras que el Ayuntamiento sólo repercutirá una suba de un 25%, a pesar de esa magnitud el recibo medio de una vivienda compuesta por cuatro personas, sólo se encarecerá 8 euros al trimestre. En este punto debemos recordar que las exigencias en el marco legal europeos son muy exigentes en cuanto a las tarifas del suministro del agua, un reto que resulta imperativo asumir, pero que queremos asumirlo con moderación, para que ese aumento no implique ese desequilibrio en la economía de la familia de Lugo. Los vecinos son conscientes del aumento de todos los precios y suministros. Por lo tanto, se trata de una circunstancia que el Ayuntamiento no puede ser ajena. Después de muchos años, el Ayuntamiento venía asimilándolo solo. El aumento de esa tasa de forma equitativa e equilibrada redundará en las arcas municipales en 1. 584.573 euros.

Y luego pasamos a la Ordenanza reguladora de la tasa para la prestación de servicios urbanísticos, en la que simplemente se renumera un único artículo del texto a favor de una mayor corrección semántica, y luego, por último, la Ordenanza reguladora del impuesto sobre incremento de valor de los terrenos de naturaleza urbana, que experimenta una actualización del coeficiente de aplicación y la mayor parte de ellas a la baja, establecido en el texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas locales para adecuarse a los cambios normativos.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas. Polo Grupo Municipal Popular, señora Candia.

DON MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Moi bo día a todos. Eu tamén dou a benvinda especialmente ao señor Permuy, que me alegro que nos acompañe neste pleno. Máis do común se cabe. E anunciamos xa, ademais de facelo con moita contundencia, claridade, a nosa oposición á votación dos puntos 11 ao 14, que o señor Repetto intentou, dende o meu humilde punto de vista non conseguiu, pois xustificar o que a todas luces é unha decisión que supón un esforzo aos lucenses inxustificada e da que consideramos que non son merecedores, nun contexto onde Lugo é onde máis se paga impostos locais de Galicia, nun contexto xeral obxectivo. Ademais non é unha noticia do Partido Popular. Nun contexto onde veñen vostedes nos últimos cinco anos de dilapidar practicamente 50 millóns de euros de

remanentes de tesourería, advertidos en cada exercicio orzamentario do precipicio ao que estaban levando a economía municipal.

Vostede, ademais, especialmente, porque é coñecido como o concelleiro dos contratos de 14.999,99. Unha situación onde se dicía, insisto, polos técnicos municipais que se gastaba, en gasto improdutivo e que os cidadáns ven claramente como eses esforzos acaban sendo destinados a proxectos sen ningún valor engadido para a cidade e que na maioría dos casos acaba sendo unha carga.

Ese esforzo, que vostede minimiza, alcanza, e supera en termos que vostedes mesmos expoñen, máis de catro millóns e medio de euros, castigando especialmente a zona rural, onde o IVE rústico pasa a incrementarse un 66%. Por dar un dato, un lucense paga o dobre practicamente de IBI rústico, que é un veciño do Corgo, por darlle un dato. E no IBI urbano, que xa eramos a segunda cidade de Galicia co IBI máis alto, aínda teñen o atrevemento, a ousadía e a irresponsabilidade de incrementalo un 10%. Pero todo isto xa devén en moitísimo máis inxustificado a subida no que atinxe aos impostos de abastecemento de auga e saneamento. Se hai desde logo algún imposto que custe máis explicar e entender os lucenses é que teñan a valentía cando non prestan o servizo. Porque esta é a segunda reflexión. Un esforzo aos lucenses de catro millóns e medio a cambio de que? ¿A que van destinar eses catro millóns e medio de euros? Dixo vostede a mellorar servizos. A literatura evidentemente aguanta todo, o papel tamén, pero aquí levamos a un Pleno precisamente que se acordará por parte da Corporación un compromiso para racionalizar o gasto, e vostedes foron os primeiros en votar en contra, porque o tema non é que se suba, que entendemos que o diñeiro público se reverte en investimentos e mellora de servizos, se hai unha boa xestión, pode ter, por suposto, o apoio das forzas da oposición. O problema é que este esforzo para nada, en todo o que nos entregan, ten unha acreditación xustificada porque calquera dos servizos que vostede citou están moitísimo peor que cando vostedes empezaron a gobernar, e se hai algún imposto que xa é absolutamente inxusto, de feito no noso programa electoral estaba a súa eliminación, é a plusvalía, que é o mecanismo que agora lle aplican de subida, porque tamén sobe, é ata inxusto, porque gravan, pois, ao mellor, o lucense tipo que, ao mellor, acaba de recibir unha herdanza, en cambio bonifican a aquel lucense que compra e vende con calquera intención, pero ata incluso con ese ánimo de gañar diñeiro ou de especular. É dicir, analícese por onde se analice calquera das subas é absolutamente inxustificada.

E hoxe é que nos arroupaban novamente os traballadores, que ata agora a alcaldesa cando viñan, saudábaos como se fose un grupo de turistas chinos, hoxe polo menos dixo que lles ía coller o teléfono. Pero a realidade é que o contexto que vostedes están facendo da súa xestión é que os servizos están peor, ás “plantillas” non se lles está respectando os seus dereitos, ¿que fan vostedes co diñeiro? Dicía unha pancarta, saca cartos de persoal para levalos ao San Froilán, que di que non lles chegan.

É absolutamente irresponsable a súa xestión e todos os proxectos que poñen en marcha acaban encarecendo os servizos e non hai en ningún momento unha xestión nin responsable nin equitativa.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Ten a palabra novamente polo goberno o señor Repetto.

DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN: Bueno, señora Candia, yo estoy realmente sorprendido de esto que usted dice: Esos 50 millones de euros se han invertido en la ciudad para mejorar los servicios, en infraestructuras, Y en primer lugar decir que se viene aplicando un Plan de contención del gasto en este Ayuntamiento, pero quiero recordarle que hemos atravesado una pandemia con unas consecuencias terribles, donde sí, es verdad, hemos echado mano de esos remanentes para poner en marcha en nuestro municipio proyectos pioneros de apoyo a la ciudadanía, al comercio, a la hostelería, a las empresas para que puedan atravesar esas dificultades de la pandemia, con el Plan Reactiva, el Plan Reanima -100 millones de euros de ayudas directas a pymes- Se reforzaron las ayudas sociales con presupuesto municipal, se creó el primer fondo de capital riesgo para atraer empresas y crear empleo en la ciudad, con 12 millones e euros; se exoneró de las tasas a los hosteleros, se impulsó un proyecto pionero de Localmente Lucense con un millón de euros de apoyo al comercio pequeño, a esos autónomos que para nosotros son nuestros vecinos y son fundamentales y debíamos que apoyarnos en el peor momento posible. Eso no es despilfarro. Entre otras tantas inversiones que se han realizado en la ciudad, como son los fondos europeos, esos fondos europeos que la Xunta de Galicia no sabe ejecutar y acaba devolviendo el dinero y de los cuales al Ayuntamiento de Lugo nunca le ha llegado nada, esos fondos COVID que nunca llegaron all Ayuntamiento de Lugo, también se lo digo, y si tan preocupada está por esto de los aumentos de esas tres ordenanzas que llevan 12 años sin actualizarse, también le digo que usted, como delegada de la Xunta en Lugo en la sombra, podría hacer llegar este ayuntamiento los 13 millones de euros de competencias impropias que este Ayuntamiento año a año asume. Si asume ese compromiso, igual podemos no subir algunas ordenanzas, pero asúmalo, porque estamos asumiendo competencias impropias, pero competencias impropias que son fundamentales para nuestros vecinos, porque todas son en el tema social, y no vamos a dejar a nuestros vecinos que más lo necesitan solos.

Como le decía, a mí me sorprende que esté aquí y venga tan libremente a decir todo esto, sabiendo la mala gestión de la Xunta y lo egoísta que es con la ciudad y con los vecinos de Lugo. Si tanto le preocupa esta ciudad, como le decía, ponga los trece millones de competencias impropias encima de la mesa. Si tanto le preocupan las arcas municipales. Estamos hablando de temas sociales, de educación, de comedores, de guarderías, de cosas fundamentales, de servicios esenciales para nuestros vecinos. Nada más, Muchas gracias.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Señor Repetto, ten a palabra novamente a voceira do Grupo Popular, señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Se vostede estivese na oposición, interromperíao a alcaldesa e diríalle que se ataña á cuestión, pero como está no goberno, pode falar do que lle dea a gana.

Miren, a Xunta, xa llelo recordo todos os días, que fai... aínda non rematou o ano onde pasou por caixa dos lucenses, onde os lucenses manifestaron o seu apoio, e onde deron o apoio incuestionable, co cal creo que xa lle contesto.

Perdeu vostede unha oportunidade en dicir en que ía destinar eses catro millóns e medio de euros que lle vai supoñer de esforzo aos lucenses. E a min gustárame que lle fose a explicar a este señor de San Fiz que tivo 53 horas sen auga e que tivo que levar, nunha cidade que presume de acadou os 100.000 habitantes, para os seus servizos básicos auga a caldeiros, como se facía en 1960. Gustárame que lle explicará cómo vai mellorar e qué lle vai supoñer ese esforzo do 25%, porque para vostede entendo que co seu salario non é moito oito euros, como citaba. Os datos, ben sabe que son como os borrachos aos farois: ás veces ilumínanos e ás veces sérvenos para apoiarnos, pero un 25% é unha cantidade, polo menos, inxustificada, porque vostedes non melloraron o servizo e as axudas que se puxeron en marcha ás actividades económicas, algún hostaleiro aínda está esperando que lle devolvan esa taxa que lle prometeron devolver, por exemplo, non superou, polos datos que están nos orzamentos, os cinco millóns de euros. E estamos falando duns remanentes, que subían dos 51 millóns de euros, dilapidaron absolutamente sen control. E non o di o Partido Popular, dino os informes de Intervención en repetidos exercicios orzamentarios. Non está xustificada esta subida porque non se fan merecedores dunha boa xestión cos datos, porque dato mata relato. E temos unha rede de abastecemento, castigan vostedes a zona rural, que non sei que lles fixo, xa sei que non nos apoiaron moito, pero iso non é xusto.

Pagan o IBI moi, moi alto e con esta subida pónennos nunha situación moi complicada, sen servizos, cunha rede de pistas sen reparar, cunhas rozas, que este ano foi absolutamente catastrófico, sen abastecemento de auga na maioría dos lugares, cun IBI que haberá que ver o que pasa coas zonas de expansión do Plan xeral, que aínda non nos deron a correspondente contestación. En definitiva, e aí xa me remito máis á señora alcaldesa, porque vostede indubidablemente non é o responsable de todo isto, salvo, insisto, da súa área, que por certo, algún día tamén vira a análise a este Pleno. En oito meses, pide vostede un esforzo aos lucenses de catro millóns e medio de euros cando fixo a inauguración máis esperpéntica e ridícula da historia lucense, colocando una rampla e retirándoa aos 15 días. Cometeu erros, como anunciando o inicio das obras cando aínda non estaban adxudicadas. Iso si...

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: ... si se ... 10 segundos, pero se sae do tema, está falando doutras cousas, non está falando das ordenanzas fiscais... (voces de fondo) Polo tanto, si... Retírolle a palabra a señora Candia. Quedábanlle sete segundos, pero . Non, non...

Señor Repetto, ten a palabra...

DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN: Señora Candia, somos exemplo de execución de fondos europeos, a diferenza da Xunta de Galicia... Estamos peatonalizando o 100% do casco histórico, unha zona de baixas emisións a través de fondos europeos de máis de seis millóns... tamén lle direi. Usted facía referencia...

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: ... Perdón Sr. Repetto... Non vou permitir que estean interrompendo. Ninguén lles interrompeu. Sempre o digo: hai dúas bancadas, unha que respecta, unha que está respectando sempre todas as actuacións de todos os concelleiros, e outra que está interrompendo constantemente, e, como digo, sempre, non se vai permitir. Continúe, señor Repetto.

DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN: ... Gracias, alcaldesa. En referencia a lo do auga, tamén lle recuerdo o canon finalista do auga que fai máis de 10 anos que a Xunta de Galicia non revierte en esta cidade para mellorar esa red. Tamén explíquele a ese vecino a situación en la que estamos agora. Tamén lle digo que os vecinos si se benefician e se van a beneficiar de ese aumento sensible de impostos, porque van a revertir en mellorar servizos, en ampliarlos, e tamén en esos servizos, que hablamos agora, de competencias impropias, que a Xunta de Galicia non asume, porque somos un goberno progresista, porque ponemos o acento en lo social e lo seguiremos facendo.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Moitas grazas, señor Repetto. Imos proceder á votación.

10/150 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 103 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. INFORME-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL NÚM. 103 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS, asinado pola xefa do servizo de Facenda Local e por tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica, en suplencia do tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos , 18 de setembro de 2024, do seguinte teor:

“Visto o Decreto núm. 5535/2024, do 10 de xuño de 2024, de incoación de expedientes para a modificación de determinadas ordenanzas fiscais.

Visto o Informe- proposta do Servizo de Facenda Local co conforme do Ilmo. Miguel Fernández Méndez Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Transición

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

Ecolóxica en substitución do Tenente de Alcadesa Delegado de Área de Xestión Integral de Recursos Internos, de data 10/09/2024.

Visto o informe da Xefa do Servizo de Facenda Local de data 11/09/2024 co conforme da Asesoría Xurídica de data 11/09/2024.

Visto o proxecto de modificación da Ordenanza fiscal núm. 103 Reguladora da Taxa pola prestación de servizos urbanísticos do Ilmo. Miguel Fernández Méndez tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica en substitución do tenente de alcaldesa delegado de Área de Xestión Integral de Recursos Internos, de data 11/09/2024.

Visto o ditame favorable do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo de data 12/09/2024.

Visto o informe da Secretaria Xeral do Pleno de data 12/09/2024.

Visto o informe da Xefa de servizo de fiscalización previa e función interventora mailo Interventor Xeral Municipal de data 13/09/2024.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 18 de setembro de 2024, acordou a aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza fiscal núm. 103 Reguladora da Taxa pola prestación de servizos urbanísticos.

En razón do exposto, ao abeiro do artigo 123.1 d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sométese ao Excmo. Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal núm. 103 Reguladora da Taxa pola prestación de servizos urbanísticos, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ORDENANZA FISCAL NÚM. 103 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS.

Modifícase o apartado IV Outras obras relativo ao artigo 3º Bases de gravame e tarifas apartado 2 Tarifa xeral, quedando redactado do seguinte xeito:

IV.- Outras obras:

As licenzas de obras non mencionadas nin excluídas expresamente, as comunicacións ou declaracións responsables e as que sexan obxecto de regulación especial nesta ordenanza gravaranse co 1% do seu presuposto, determinado segundo o disposto no artigo 4º da presente ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación publicarase no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comezando a contar o prazo a partir do día seguinte ao da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.

TERCEIRO.- Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2025 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto de cidade, emitido na sesión celebrada o día 23 de setembro de 2024.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal núm. 103 Reguladora da Taxa pola prestación de servizos urbanísticos, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ORDENANZA FISCAL NÚM. 103 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS.

Modifícase o apartado IV Outras obras relativo ao artigo 3º Bases de gravame e tarifas apartado 2 Tarifa xeral, quedando redactado do seguinte xeito:

IV.- Outras obras:

As licenzas de obras non mencionadas nin excluídas expresamente, as comunicacións ou declaracións responsables e as que sexan obxecto de regulación especial nesta ordenanza gravaranse co 1% do seu presuposto, determinado segundo o disposto no artigo 4º da presente ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación publicarase no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comezando a contar o prazo a partir do día seguinte ao da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.

TERCEIRO.- Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2025 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

DELIBERACIÓN

Os asuntos 9/149, 10/150, 11/151, 12/152, 13/153 e 14/154 foron debatidos conxuntamente. As intervencións producidas figura transcritas na presente acta ao pé do punto 9/149.

11/151 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 107 REGULADORA

REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. INFORME-PROPOSTA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL NÚM. 107 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, asinado pola xefa do servizo de Facenda Local e polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica, en suplencia tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, do 18 de setembro de 2024, do teor literal seguinte:

“Visto o Decreto núm. 5535/2024, do 10 de xuño de 2024, de incoación de expedientes para a modificación de determinadas ordenanzas fiscais.

Visto o informe técnico-económico para a modificación da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, de data 10/09/2024.

Visto a proposta do Ilmo. Miguel Fernández Méndez tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica en substitución do tenente de alcaldesa delegado de Área de Xestión Integral de Recursos Internos de data 10/09/2024.

Visto o informe da xefa do servizo de Facenda Local de data 11/09/2024 co conforme da Asesoría Xurídica de data 11/09/2024.

Visto o proxecto de modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais do Ilmo. Miguel Fernández Méndez tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica en substitución do tenente de alcaldesa delegado de Área de Xestión Integral de Recursos Internos, de data 11/09/2024.

Visto o ditame favorable do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo de data 12/09/2024.

Visto o informe da secretaria xeral do Pleno de data 12/09/2024

Visto o informe da xefa de servizo de fiscalización previa e función interventora mailo interventor xeral municipal de data 13/09/2024.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 18 de setembro de 2024, acordou a aprobación do proxecto de modificación Ordenanza

fiscal núm. 107 Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.

En razón do exposto, ao abeiro do artigo 123.1 d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sométese ao Excmo. Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da da Ordenanza fiscal núm. 107 Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ORDENANZA FISCAL NÚM. 107 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

1) Modifícase o artigo 5ª Tarifas, que queda redactado como segue:

ARTIGO 5º. TARIFAS

Establécense as seguintes tarifas:

TARIFA A.- COTA DE ABOAMENTO

Deberán facer efectivo este concepto tarifario todos os usuarios que, dispoñendo do correspondente contrato de subministración, utilicen a rede de sumidoiros e de saneamento e depuración de augas residuais.

As cotas establecidas no presente epígrafe terán carácter fixo, liquidándose en períodos trimestrais conxuntamente coa facturación dos consumos rexistrados.

Cota de aboamento ó servizo, por usuario, ó trimestre:

a) Inmobles con servizo domiciliario de auga potable para o consumo doméstico:	6,56 €
b) Inmobles ou actividades con servizo domiciliario de auga potable para o consumo non doméstico:	19,69 €

TARIFA B.- CONSUMO (servizos a que se refire o artigo 4-a da ordenanza).

Seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.

Epígrafe a) Sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais (Inmobles con servizo domiciliario de auga potable para o consumo doméstico):

- De 0 a 10 m ³ :	0,158 €/m ³
- Exceso de 10 a 30 m ³ :	0,158 €/m ³
- Exceso de 30 a 60 m ³ :	0,341 €/m ³
- Exceso de 60 a 100 m ³ :	0,499 €/m ³
- Exceso de 100 m ³ :	0,656 €/m ³

Nas comunidades de veciños con contador xeral, a cota tributaria a esixir pola prestación do servizo determinarase dividindo o consumo total polo número de vivendas e/ou locais para obter o consumo medio por veciño en metros cúbicos. Sobre o dito consumo medio aplicarase a liquidación por tramos contida nesta tarifa e o resultado multiplicarase polo número de vivendas e/ou locais da comunidade, facturándose nun único recibo a nome desta.

Epígrafe b) Sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais (Inmobles con servizo domiciliario de auga potable para o consumo non doméstico):

- De 0 a 75 m ³ :	0,158 €/m ³
- Exceso de 75 a 150 m ³ :	0,394 €/m ³
- Exceso de 150 a 300 m ³ :	0,53 €/m ³
- Exceso de 300 m ³ :	0,5644 €/m ³

Para os establecementos en que a auga non constitúa primeira materia ou elemento esencial e imprescindible, conforme ó previsto no artigo 4-tarifa B, epígrafe b) da Ordenanza fiscal núm. 109, os tipos de gravame serán os que corresponden a consumo doméstico.

TARIFA C.- Polo servizo da rede de sumidoiros municipal e de saneamento e depuración de augas residuais, no caso do artigo 4-b da ordenanza:

Sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, uso doméstico, ó trimestre:	12,57 €
Sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, uso non doméstico, ó trimestre:	31,47 €

TARIFA D.- Taxas pola expedición de licenzas para acometida ou conexións á rede de sumidoiros, saneamento e de depuración de augas residuais municipal:

Por cada acometida á rede xeral, e que hai que satisfacer por unha soa vez:

En edificios cunha vivenda ou local:	123,47 €
En edificios de 2 a 10 vivendas ou locais por vivenda ou local:	61,77 €
Con máis de 10 vivendas, por vivenda ou local:	47,02 €

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

Non obstante, en caso de derribamento e nova edificación, aboaranse de novo os dereitos de entroncamento á rede

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes modificacións publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e comezarán a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025, e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comezando a contar o prazo a partir do día seguinte ao da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.

TERCEIRO.- Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2025 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.”

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto de Cidade, emitido na sesión celebrada o día 23 de setembro de 2024.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|--------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 13 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Votos en contra: | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal núm. 107 Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento

e depuración de augas residuais, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ORDENANZA FISCAL NÚM. 107 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

2) Modifícase o artigo 5ª Tarifas, que queda redactado como segue:

ARTIGO 5º. TARIFAS

Establécense as seguintes tarifas:

TARIFA A.- COTA DE ABOAMENTO

Deberán facer efectivo este concepto tarifario todos os usuarios que, dispoñendo do correspondente contrato de subministración, utilicen a rede de sumidoiros e de saneamento e depuración de augas residuais.

As cotas establecidas no presente epígrafe terán carácter fixo, liquidándose en períodos trimestrais conxuntamente coa facturación dos consumos rexistrados.

Cota de aboamento ó servizo, por usuario, ó trimestre:

a) Inmobles con servizo domiciliario de auga potable para o consumo doméstico:	6,56 €
b) Inmobles ou actividades con servizo domiciliario de auga potable para o consumo non doméstico:	19,69 €

TARIFA B.- CONSUMO (servizos a que se refire o artigo 4-a da ordenanza).

Seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.

Epígrafe a) Sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais (Inmobles con servizo domiciliario de auga potable para o consumo doméstico):

- De 0 a 10 m³:	0,158 €/m³
- Exceso de 10 a 30 m³:	0,158 €/m³
- Exceso de 30 a 60 m³:	0,341 €/m³
- Exceso de 60 a 100 m³:	0,499 €/m³
- Exceso de 100 m³:	0,656 €/m³

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

Nas comunidades de veciños con contador xeral, a cota tributaria a esixir pola prestación do servizo determinarase dividindo o consumo total polo número de vivendas e/ou locais para obter o consumo medio por veciño en metros cúbicos. Sobre o dito consumo medio aplicarase a liquidación por tramos contida nesta tarifa e o resultado multiplicarase polo número de vivendas e/ou locais da comunidade, facturándose nun único recibo a nome desta.

Epígrafe b) Sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais (Inmobles con servizo domiciliario de auga potable para o consumo non doméstico):

- De 0 a 75 m ³ :	0,158 €/m ³
- Exceso de 75 a 150 m ³ :	0,394 €/m ³
- Exceso de 150 a 300 m ³ :	0,53 €/m ³
- Exceso de 300 m ³ :	0,5644 €/m ³

Para os establecementos en que a auga non constitúa primeira materia ou elemento esencial e imprescindible, conforme ó previsto no artigo 4-tarifa B, epígrafe b) da Ordenanza fiscal núm. 109, os tipos de gravame serán os que corresponden a consumo doméstico.

TARIFA C.- Polo servizo da rede de sumidoiros municipal e de saneamento e depuración de augas residuais, no caso do artigo 4-b da ordenanza:

Sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, uso doméstico, ó trimestre:	12,57 €
Sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, uso non doméstico, ó trimestre:	31,47 €

TARIFA D.- Taxas pola expedición de licenzas para acometida ou conexións á rede de sumidoiros, saneamento e de depuración de augas residuais municipal:

Por cada acometida á rede xeral, e que hai que satisfacer por unha soa vez:

En edificios cunha vivenda ou local:	123,47 €
En edificios de 2 a 10 vivendas ou locais por vivenda ou local:	61,77 €
Con máis de 10 vivendas, por vivenda ou local:	47,02 €

Non obstante, en caso de derribamento e nova edificación, aboaranse de novo os dereitos de entroncamento á rede

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes modificacións publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e comezarán a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025, e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comezando a contar o prazo a partir do día seguinte ao da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.

TERCEIRO.- Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2025 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

DELIBERACIÓN

Os asuntos 9/149, 10/150, 11/151, 12/152, 13/153 e 14/154 foron debatidos conxuntamente. As intervencións producidas figura transcritas na presente acta ao pé do punto 9/149.

12/152 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 109 REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO MUNICIPAL DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE A DOMICILIO. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. INFORME- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL NÚM. 109 REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO MUNICIPAL DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE A DOMICILIO, asinado pola xefa do servizo de Facenda Local e polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica, en suplencia do tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, do 18 de setembro de 2024, do teor literal seguinte:

“Visto o Decreto núm. 5535/2024, do 10 de xuño de 2024, de incoación de expedientes para a modificación de determinadas ordenanzas fiscais.

Visto o informe técnico-económico para a modificación da taxa polo servizo municipal de subministración de auga potable de data 10/09/2024,

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

Visto a proposta do Ilmo. Miguel Fernández Méndez tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica en substitución do tenente de Alcaldesa Delegado de Área de Xestión Integral de Recursos Internos de data 10/09/2024.

Visto o informe da xefa do xervizo de Facenda Local de data 11/09/2024 co conforme da Asesoría Xurídica de data 11/09/2024

Visto o ditame favorable do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo de data 12/09/2024.

Visto o proxecto de modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio do Ilmo. Miguel Fernández Méndez tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica en substitución do tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, de data 11/09/2024.

Visto o informe da secretaria xeral do Pleno de data 12/09/2024

Visto o informe da xefa de servizo de fiscalización previa e función interventora mailo interventor xeral municipal de data 13/09/2024.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 18 de setembro de 2024, acordou a aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza fiscal núm. 109 Reguladora da Taxa polo servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio.

En razón do exposto, ao abeiro do artigo 123.1 d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sométese ao Excmo. Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal núm. 109 Reguladora da Taxa polo servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ORDENANZA FISCAL NÚM. 109 REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO MUNICIPAL DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE A DOMICILIO

1) Modifícase o artigo 4º Tipos de gravame e cotas, que queda redactado como segue:

ARTIGO 4º. TIPOS DE GRAVAME E COTAS

Con base no establecido no artigo 24.3 da Lei 25/1998, establécense as seguintes tarifas:

TARIFA A.- COTA DE ABOAMENTO

Deberán facer efectivo este concepto tarifario todos os usuarios que, dispoñendo do correspondente contrato de subministración, utilicen a rede de subministración de auga potable.

A cota establecida no presente epígrafe terá carácter fixo, liquidándose en períodos trimestrais conxuntamente coa facturación dos consumos rexistrados.

Cota de aboamento ó servizo, por usuario, ó trimestre:

a) Uso doméstico:	11,81 €
b) Uso non doméstico:	26,25 €

TARIFA B.- CONSUMO.

Seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.

Epígrafe a) Uso doméstico:

- De 0 a 10 m ³ :	0,1444 €/m ³ .
- Exceso de 10 a 30 m ³ :	0,236 €/m ³ .
- Exceso de 30 a 60 m ³ :	0,788 €/m ³ .
- Exceso de 60 a 100 m ³ :	1,181 €/m ³ .
- Exceso de 100 m ³ :	1,444 €/m ³ .

Nas comunidades de veciños con contador xeral, a cota tributaria a esixir pola prestación do servizo determinarase dividindo o consumo total polo número de vivendas e/ou locais para obter o consumo medio por veciño en metros cúbicos. Sobre o dito consumo medio aplicarase a liquidación por tramos contida nesta tarifa e o resultado multiplicarase polo número de vivendas e/ou locais da comunidade, facturándose nun único recibo a nome desta.

Epígrafe b) Uso non doméstico.

- De 0 a 75 m ³ :	0,4594 €/m ³ .
- Exceso de 75 a 150 m ³ :	1,2469 €/m ³ .
- Exceso de 150 a 300 m ³ :	1,5094 €/m ³ .
- Exceso de 300 m ³ :	1,706 €/m ³ .

Inclúense nesta tarifa os abastecementos para obras, entidades ou empresas que prestan servizo ó público, residencias colectivas e establecementos

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

nos que a auga constitúa materia prima esencial, tributando os restantes pola cota correspondente ó uso doméstico.

TARIFA C.- INSPECCIÓN DE CONTADORES.

Unha vez solicitada a alta como abonado ou producida esta de oficio, por unha soa vez:

28,90 €

A totalidade das tarifas anteriores non inclúen a cota tributaria que resulte de aplicación á operación en concepto do Imposto sobre o valor engadido (IVE).

TARIFA D.- ACOMETIDAS

Por acometida á rede de distribución, por unha soa vez:

En edificios cunha vivenda ou local:	123,47 €
En edificios de 2 a 10 vivendas ou locais por vivenda ou local:	61,77 €
Con máis de 10 vivendas, por vivenda ou local:	47,02 €

Non obstante, en caso de derribamento e nova edificación, aboaranse de novo os dereitos de entroncamento á rede.

TARIFA E.- OUTRAS SUBMINISTRACIÓNS E ACTUACIÓNS.

Todas as demais subministracións e a colocación de encanamentos, chaves de paso, arquetas, bocas de rega ou para o servizo contra incendios fóra das vías públicas, pezas de toma, e, en xeral, actuacións do servizo non recollidas expresamente nesta ordenanza serán obxecto de liquidación por unha soa vez, polo prezo dos materiais segundo a factura e da man de obra polo tempo investido, recargado este último concepto nun 100%, segundo o presuposto previo formulado polo servizo, autorizado pola Alcaldía, e coa conformidade do solicitante, e sen ese requisito non será atendida a súa petición.

Todos os tributos de calquera tipo que poidan gravar os servizos obxecto desta ordenanza, os contratos de subministración e os recibos, serán sempre por conta do abonado.

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes modificacións publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e comezarán a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025, e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comezando a contar o prazo a partir do día seguinte ao da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.

TERCEIRO.- Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2025 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación."

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto de cidade, emitido na sesión celebrada o día 23 de setembro de 2024.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- Votos a favor:	13	dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- Votos en contra:	12	do Grupo Municipal do Partido Popular.
- Abstencións:	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal núm. 109 Reguladora da Taxa polo servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ORDENANZA FISCAL NÚM. 109 REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO MUNICIPAL DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE A DOMICILIO

2) **Modifícase o artigo 4ª Tipos de gravame e cotas, que queda redactado como segue:**

ARTIGO 4º. TIPOS DE GRAVAME E COTAS

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

Con base no establecido no artigo 24.3 da Lei 25/1998, establécense as seguintes tarifas:

TARIFA A.- COTA DE ABOAMENTO

Deberán facer efectivo este concepto tarifario todos os usuarios que, dispoñendo do correspondente contrato de subministración, utilicen a rede de subministración de auga potable.

A cota establecida no presente epígrafe terá carácter fixo, liquidándose en períodos trimestrais conxuntamente coa facturación dos consumos rexistrados.

Cota de aboamento ó servizo, por usuario, ó trimestre:

a) Uso doméstico:	11,81 €
b) Uso non doméstico:	26,25 €

TARIFA B.- CONSUMO.

Seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.

Epígrafe a) Uso doméstico:

- De 0 a 10 m³:	0,1444 €/m³.
- Exceso de 10 a 30 m³:	0,236 €/m³.
- Exceso de 30 a 60 m³:	0,788 €/m³.
- Exceso de 60 a 100 m³:	1,181 €/m³.
- Exceso de 100 m³:	1,444 €/m³.

Nas comunidades de veciños con contador xeral, a cota tributaria a esixir pola prestación do servizo determinarase dividindo o consumo total polo número de vivendas e/ou locais para obter o consumo medio por veciño en metros cúbicos. Sobre o dito consumo medio aplicarase a liquidación por tramos contida nesta tarifa e o resultado multiplicarase polo número de vivendas e/ou locais da comunidade, facturándose nun único recibo a nome desta.

Epígrafe b) Uso non doméstico.

- De 0 a 75 m³:	0,4594 €/m³.
- Exceso de 75 a 150 m³:	1,2469 €/m³.
- Exceso de 150 a 300 m³:	1,5094 €/m³.
- Exceso de 300 m³:	1,706 €/m³.

Inclúense nesta tarifa os abastecementos para obras, entidades ou empresas que prestan servizo ó público, residencias colectivas e establecementos nos que a auga constitúa materia prima esencial, tributando os restantes pola cota correspondente ó uso doméstico.

TARIFA C.- INSPECCIÓN DE CONTADORES.

Unha vez solicitada a alta como abonado ou producida esta de oficio, por unha soa vez:

28,90 €

A totalidade das tarifas anteriores non inclúen a cota tributaria que resulte de aplicación á operación en concepto do Imposto sobre o valor engadido (IVE).

TARIFA D.- ACOMETIDAS

Por acometida á rede de distribución, por unha soa vez:

En edificios cunha vivenda ou local:	123,47 €
En edificios de 2 a 10 vivendas ou locais por vivenda ou local:	61,77 €
Con máis de 10 vivendas, por vivenda ou local:	47,02 €

Non obstante, en caso de derribamento e nova edificación, aboaranse de novo os dereitos de entroncamento á rede.

TARIFA E.- OUTRAS SUBMINISTRACIÓNS E ACTUACIÓNS.

Todas as demais subministracións e a colocación de encanamentos, chaves de paso, arquetas, bocas de rega ou para o servizo contra incendios fóra das vías públicas, pezas de toma, e, en xeral, actuacións do servizo non recollidas expresamente nesta ordenanza serán obxecto de liquidación por unha soa vez, polo prezo dos materiais segundo a factura e da man de obra polo tempo investido, recargado este último concepto nun 100%, segundo o presuposto previo formulado polo servizo, autorizado pola Alcaldía, e coa conformidade do solicitante, e sen ese requisito non será atendida a súa petición.

Todos os tributos de calquera tipo que poidan gravar os servizos obxecto desta ordenanza, os contratos de subministración e os recibos, serán sempre por conta do abonado.

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes modificacións publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e comezarán a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025, e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comezando a contar o prazo a partir do día seguinte ao da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.

TERCEIRO.- Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2025 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

DELIBERACIÓN

Os asuntos 9/149, 10/150, 11/151, 12/152, 13/153 e 14/154 foron debatidos conxuntamente. As intervencións producidas figura transcritas na presente acta ao pé do punto 9/149.

13/153 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 201 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. INFORME-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN ORDENANZA ORDENANZA FISCAL NÚM. 201 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA, asinado pola xefa do servizo de Facenda Local e polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica, en suplencia do tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo, do 18 de setembro de 2024, do teor literal seguinte:

Visto o Decreto núm. 5535/2024, do 10 de xuño de 2024, de incoación de expedientes para a modificación de determinadas ordenanzas fiscais.

Visto o Informe- proposta do Servizo de Facenda Local de data 10/09/2024 co conforme do Ilmo. Miguel Fernández Méndez tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica en substitución do tenente de alcaldesa delegado de Área de Xestión Integral de Recursos Internos, de data 10/09/2024.

Visto o informe da xefa do servizo de Facenda Local de data 11/09/2024 co conforme da Asesoría Xurídica de data 11/09/2024

Visto o proxecto de modificación da Ordenanza fiscal núm. 201 Reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana do Ilmo. Miguel Fernández Méndez tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica en substitución do tenente de alcaldesa delegado de Área de Xestión Integral de Recursos Internos, de data 11/09/2024.

Visto o ditame favorable do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo de data 12/09/2024.

Visto o informe da Secretaria Xeral do Pleno de data 12/09/2024.

Visto o informe da xefa de servizo de fiscalización previa e función interventora mailo interventor xeral municipal de data 13/09/2024.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 18 de setembro de 2024, acordou a aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

En razón do exposto, ao abeiro do artigo 123.1 d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sométese ao Excmo. Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal núm. 201 Reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ORDENANZA FISCAL NÚM. NÚM. 201 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

MODIFÍCASE o punto dous do artigo 13 que quedaría redactado do seguinte xeito:

2. O coeficiente para aplicar sobre o valor do terreo no momento da devindicación calculado conforme ao disposto nos artigos anteriores e segundo o período de xeración do incremento de valor, será o seguinte:

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

Periodo de generación	Coeficiente
Inferior a 1 ano.	0,15
1 ano.	0,15
2 anos.	0,14
3 anos.	0,14
4 anos.	0,16
5 anos.	0,18
6 anos.	0,19
7 anos.	0,20
8 anos.	0,19
9 anos.	0,15
10 anos.	0,12
11 anos.	0,10
12 anos.	0,09
13 anos.	0,09
14 anos.	0,09
15 anos.	0,09
16 anos.	0,10
17 anos.	0,13
18 anos.	0,17
19 anos.	0,23
Igual o superior a 20 anos.	0,40

Se, como consecuencia da actualización dos coeficientes máximos establecidos no Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, algún dos coeficientes anteriores resultase ser superior ao correspondente novo máximo legal, aplicarase este directamente ata que entre en vigor a nova ordenanza fiscal que corrixa o devandito exceso.

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes modificacións publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e comezarán a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025 e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comezando a contar o prazo a partir do día seguinte ao da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.

TERCEIRO.- Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2025 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación."

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto de cidade, emitido na sesión celebrada o día 23 de setembro de 2024.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal núm. 201 Reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ORDENANZA FISCAL NÚM. NÚM. 201 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

MODIFÍCASE o punto dous do artigo 13 que quedaría redactado do seguinte xeito:

2. O coeficiente para aplicar sobre o valor do terreo no momento da devindicación calculado conforme ao disposto nos artigos anteriores e segundo o período de xeración do incremento de valor, será o seguinte:

Periodo de generación	Coeficiente
Inferior a 1 ano.	0,15

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

Periodo de generación	Coeficiente
1 ano.	0,15
2 anos.	0,14
3 anos.	0,14
4 anos.	0,16
5 anos.	0,18
6 anos.	0,19
7 anos.	0,20
8 anos.	0,19
9 anos.	0,15
10 anos.	0,12
11 anos.	0,10
12 anos.	0,09
13 anos.	0,09
14 anos.	0,09
15 anos.	0,09
16 anos.	0,10
17 anos.	0,13
18 anos.	0,17
19 anos.	0,23
Igual o superior a 20 anos.	0,40

Se, como consecuencia da actualización dos coeficientes máximos establecidos no Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, algún dos coeficientes anteriores resultase ser superior ao correspondente novo máximo legal, aplicarase este directamente ata que entre en vigor a nova ordenanza fiscal que corrixa o devandito exceso.

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes modificacións publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e comezarán a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025 e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comezando a contar o prazo a partir do

día seguinte ao da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.

TERCEIRO.- Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2025 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

DELIBERACIÓN

Os asuntos 9/149, 10/150, 11/151, 12/152, 13/153 e 14/154 foron debatidos conxuntamente. As intervencións producidas figura transcritas na presente acta ao pé do punto 9/149.

14/154 MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL NÚMERO 203 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL.-

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. INFORME-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL NÚM. 203, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES, asinado pola xefa do servizo de Facenda Local e polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica, en suplencia do tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, do 18 de setembro de 2024, que a seguir se transcribe:

“Visto o Decreto núm. 5535/2024, do 10 de xuño de 2024, de incoación de expedientes para a modificación de determinadas ordenanzas fiscais.

Visto a proposta do Ilmo. Miguel Fernández Méndez tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica en substitución do tenente de alcaldesa delegado de Área de Xestión Integral de Recursos Internos, de data 11/09/2024 (modificación tipos gravame).

Visto o Informe- proposta do servizo de Facenda Local de data 10/09/2024 co conforme do Ilmo. Miguel Fernández Méndez tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica en substitución do tenente de alcaldesa delegado de Área de Xestión Integral de Recursos Internos, de data 10/09/2024 (familias numerosas).

Visto o Informe- proposta do servizo de Facenda Local de data 10/09/2024 co conforme do Ilmo. Miguel Fernández Méndez tenente de alcaldesa delegado da

Área de Transición Ecolóxica en substitución do tenente de alcaidesa delegado de Área de Xestión Integral de Recursos Internos, de data 10/09/2024 (xestión)

Visto o informe da xefa do servizo de Facenda Local de data 11/09/2024 co conforme da Asesoría Xurídica de data 11/09/2024

Visto o proxecto de modificación da Ordenanza fiscal núm. 203 Reguladora do imposto sobre bens inmobles do Ilmo. Miguel Fernández Méndez tenente de alcaidesa delegado da Área de Transición Ecolóxica en substitución do tenente de alcaidesa delegado de Área de Xestión Integral de Recursos Internos, de data 11/09/2024.

Visto o ditame favorable do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo de data 12/09/2024.

Visto o informe da secretaria xeral do Pleno de data 12/09/2024.

Visto o informe da sefa de servizo de fiscalización previa e función interventora mailo interventor xeral municipal de data 13/09/2024.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 18 de setembro de 2024, acordou a aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

En razón do exposto, ao abeiro do artigo 123.1 d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sométese ao Excmo. Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal núm. 203, reguladora do imposto sobre bens inmobles, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ORDENANZA FISCAL NÚM. 203, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

1) Modifícase o artigo 2, que queda redactado como segue:

ARTIGO 2º

1. O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no 0,74%

2. O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de natureza rústica queda fixado no 0,50%

3. O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmobles aplicable ós bens de características especiais queda fixado no 1,30%.

4. Establécense os seguintes tipos de gravame diferenciados para os bens inmobles de natureza urbana, excluídos os de uso residencial, que superen atendendo aos usos establecidos na normativa catastral, o valor catastral que para cada un dos usos se recollen no seguinte cadro:

Uso	Valor catastral a partir do cal se aplicará o tipo de gravame diferenciado	Tipo de gravame diferenciado
Comercial	150.000 €	0,77%
Oficina	150.000 €	0,77%

En todo caso, os tipos de gravame diferenciados a que se refire este apartado poderán aplicarse, como máximo, aos bens inmobles do término municipal que, para cada uso, teñen maior valor catastral.

O uso de cada ben inmovible urbano é o que se inclúe no padrón catastral que anualmente facilita a xerencia Territorial do Catastro.

Cando un inmovible teña atribuído varios usos aplicarase o tipo correspondente ó uso da edificación ou dependencia principal.

2) Modifícase o apartado 4) do artigo 5, que queda redactado como segue:

4.- Terán dereito a unha bonificación na cota íntegra do imposto aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa na seguinte contía:

Familia numerosa categoría xeral	30 %
Familia numerosa categoría especial	50 %

Esta bonificación concederase a petición do interesado exclusivamente para a vivenda que constituía a residencia habitual de toda a familia numerosa e que deberá acreditarse na correspondente solicitude. Para estes efectos, se considerará vivenda habitual aquela onde se atopen empadroados todos os seus membros coa única excepción do parágrafo seguinte:

No caso de parellas separadas ou divorciadas concederase a bonificación exclusivamente para aquel inmovible do cónxuxe co que convivan os fillos que integren o título de familia numerosa, e quenes estarán empadroados na vivenda habitual para a que se solicita a bonificación. A separación ou divorcio deberá

acreditarse documentalmente, o ben mediante resolución xudicial ou decreto que declaren a separación ou divorcio, ou escritura pública

Coa presentación da solicitude deberá acreditarse a condición e categoría de familia numerosa, mediante o título de familia numerosa, expedido polo órgano competente da Administración autonómica, vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba xurdir efectos a bonificación.

Esta bonificación ten carácter rogado polo que a súa concesión requirirá, en todo caso, solicitude previa do interesado e acto administrativo expreso favorable a esta, debendo ser solicitada para o exercicio no que se pretenda a súa aplicación dentro do primeiro trimestre. A presentación fora deste prazo determinará que a bonificación teña efectos para o exercicio seguinte.

A bonificación concederase ata a data sinalada como de caducidade no título de familia numerosa aportada polo interesado. En todo caso, a perda da condición de familia numerosa antes do cumprimento do prazo sinalado determinará a perda da bonificación, debéndose comunicar a devandita circunstancia ao Concello. Esta perda será aplicable ao exercicio seguinte a aquel no que se produza.

3) Engádesse un artigo 6 “Período impositivo e pagamento do imposto, que queda redactado como segue:

Artigo 6.- Período impositivo e pagamento do imposto

1. O período impositivo é o ano natural.
2. O imposto devíndase o primeiro día do ano.
3. Os feitos, actos e negocios que, de acordo previsto no artigo seguinte desta Ordenanza, deban ser obxecto de declaración, comunicación ou solicitude, terán efectividade no exercicio inmediato seguinte a aquel en que se produciron, con independencia do momento no que se notifiquen.

Cando o Concello coñeza unha modificación de valor catastral respecto a o que figura no seu padrón, orixinado por algún dos feitos, actos ou negocios mencionados anteriormente, este liquidará o IBI, no seu caso, unha vez a Xerencia Territorial do Catastro notifique o novo valor catastral. A liquidación do imposto comprenderá a cota correspondente aos exercicios devindicados e non prescritos, entendendo como tal os comprendidos entre o seguinte a aquel en que os feitos, actos ou negocios producíronse e o exercicio no que se liquida.

No seu caso, deducirase da liquidación correspondente a este e aos exercicios anteriores a cota satisfeita por IBI en razón doutra configuración do inmovible, distinta á que tivo realidade.

4. Nos procedementos de valoración colectiva, os valores catastrais modificados terán efectividade o día uno de xaneiro do ano seguinte a aquel en que se produza a súa notificación

4) Engádesse un artigo 7 Réxime de declaracións, comunicacións e solicitudes que queda redactado como segue:

Artigo 7.- Réxime de declaracións, comunicacións e solicitudes

1. Os suxeitos pasivos que sexan titulares dos dereitos constitutivos do feito imponible do imposto, están obrigados a declarar as circunstancias determinantes dunha alta, baixa ou modificación da descrición catastral dos inmobles, de conformidade coa normativa catastral.

2. Serán obxecto de declaración ou comunicación, segundo proceda, os seguintes feitos, actos ou negocios:

a) A realización de novas construcións e a ampliación, rehabilitación, demolición ou derriba das xa existentes, xa sexa parcial ou total. Non se considerarán como tal as obras ou reparacións que teñan por obxecto a mera conservación e mantemento dos edificios, e as que afecten só a características ornamentais ou decorativas.

b) A modificación de uso ou destino e os cambios de clase de cultivo ou aproveitamento.

c) A segregación, división, agregación e agrupación dos bens inmobles.

d) A adquisición da propiedade por calquera título, así como a súa consolidación.

e) A constitución, modificación ou adquisición da titularidade dunha concesión administrativa e dos dereitos reais de usufruto e superficie.

f) As variacións na composición interna ou na cota de participación dos copropietarios, ou os cotitulares das entidades do artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria.

g) Os actos de plan e de xestión urbanísticos que se determinen regulamentariamente.

3. Poderá formular solicitude de baixa no Catastro Inmobiliario, que se acompañará da documentación acreditativa correspondente, quen, figurando como titular catastral, cesase no dereito que orixinou dita titularidade.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

4. As declaracións e solicitudes poderanse presentar ante o Concello (a través da Oficina de Xestión Catastral) ou ante a Xerencia Rexional do Catastro.

5. O interesado quedará eximido da súa obrigaón de presentar a declaración, cando a transmisión supoña exclusivamente a adquisición ou consolidación da propiedade da totalidade do inmovble; formalícese en escritura pública ou se solicite a súa inscrición no Rexistro da Propiedade no prazo de dous meses desde o acto traslativo do dominio, sempre que, ademais, acredítese a referencia catastral mediante o achega dun dos seguintes documentos:

- a) Certificación catastral emitida pola Dirección Xeral do Catastro ou polo órgano que actúe por delegación.
- b) O último recibo pago do Imposto sobre Bens Inmóbles.

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes modificacións publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e comezarán a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025 e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comezando a contar o prazo a partir do día seguinte ao da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.

TERCEIRO.- Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2025 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación."

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto de cidade, emitido na sesión celebrada o día 23 de setembro de 2024.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal núm. 203, reguladora do imposto sobre bens inmobles, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ORDENANZA FISCAL NÚM. 203, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

1) Modifícase o artigo 2, que queda redactado como segue:

ARTIGO 2º

1. O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no 0,74%

2. O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de natureza rústica queda fixado no 0,50%

3. O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmobles aplicable ós bens de características especiais queda fixado no 1,30%.

4. Establécense os seguintes tipos de gravame diferenciados para os bens inmobles de natureza urbana, excluídos os de uso residencial, que superen atendendo aos usos establecidos na normativa catastral, o valor catastral que para cada un dos usos se recollen no seguinte cadro:

Uso	Valor catastral a partir do cal se aplicará o tipo de gravame diferenciado	Tipo de gravame diferenciado
Comercial	150.000 €	0,77%
Oficina	150.000 €	0,77%

En todo caso, os tipos de gravame diferenciados a que se refire este apartado poderán aplicarse, como máximo, aos bens inmobles do término municipal que, para cada uso, teñen maior valor catastral.

O uso de cada ben inmoble urbano é o que se inclúe no padrón catastral que anualmente facilita a xerencia Territorial do Catastro.

Cando un inmoble teña atribuído varios usos aplicarase o tipo correspondente ó uso da edificación ou dependencia principal.

2) Modifícase o apartado 4) do artigo 5, que queda redactado como segue:

4.- Terán dereito a unha bonificación na cota íntegra do imposto aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa na seguinte contía:

Familia numerosa categoría xeral	30 %
Familia numerosa categoría especial	50 %

Esta bonificación concederase a petición do interesado exclusivamente para a vivenda que constitúa a residencia habitual de toda a familia numerosa e que deberá acreditarse na correspondente solicitude. Para estes efectos, se considerará vivenda habitual aquela onde se atopen empadroados todos os seus membros coa única excepción do parágrafo seguinte:

No caso de parellas separadas ou divorciadas concederase a bonificación exclusivamente para aquel inmoble do cónxuxe co que convivan os fillos que integren o título de familia numerosa, e quenes estarán empadroados na vivenda habitual para a que se solicita a bonificación. A separación ou divorcio deberá acreditarse documentalmente, o ben mediante resolución xudicial ou decreto que declaren a separación ou divorcio, ou escritura pública

Coa presentación da solicitude deberá acreditarse a condición e categoría de familia numerosa, mediante o título de familia numerosa, expedido polo órgano competente da Administración autonómica, vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba xurdir efectos a bonificación.

Esta bonificación ten carácter rogado polo que a súa concesión requirirá, en todo caso, solicitude previa do interesado e acto administrativo expreso favorable a esta, debendo ser solicitada para o exercicio no que se pretenda a súa aplicación dentro do primeiro trimestre. A presentación fora deste prazo determinará que a bonificación teña efectos para o exercicio seguinte.

A bonificación concederase ata a data sinalada como de caducidade no título de familia numerosa aportada polo interesado. En todo caso, a perda da condición de familia numerosa antes do cumprimento do prazo sinalado determinará a perda da bonificación, debéndose comunicar a devandita circunstancia ao Concello. Esta perda será aplicable ao exercicio seguinte a aquel no que se produza.

3) Engádesse un artigo 6 “Período impositivo e pagamento do imposto, que queda redactado como segue:

Artigo 6.- Período impositivo e pagamento do imposto

1. O período impositivo é o ano natural.
2. O imposto devíndase o primeiro día do ano.
3. Os feitos, actos e negocios que, de acordo previsto no artigo seguinte desta Ordenanza, deban ser obxecto de declaración, comunicación ou solicitude, terán efectividade no exercicio inmediato seguinte a aquel en que se produciron, con independencia do momento no que se notifiquen.

Cando o Concello coñeza unha modificación de valor catastral respecto a o que figura no seu padrón, orixinado por algún dos feitos, actos ou negocios mencionados anteriormente, este liquidará o IBI, no seu caso, unha vez a Xerencia Territorial do Catastro notifique o novo valor catastral. A liquidación do imposto comprenderá a cota correspondente aos exercicios devindicados e non prescritos, entendendo como tal os comprendidos entre o seguinte a aquel en que os feitos, actos ou negocios producíronse e o exercicio no que se liquida.

No seu caso, deducirase da liquidación correspondente a este e aos exercicios anteriores a cota satisfeita por IBI en razón doutra configuración do inmovible, distinta á que tivo realidade.

4. Nos procedementos de valoración colectiva, os valores catastrais modificados terán efectividade o día uno de xaneiro do ano seguinte a aquel en que se produza a súa notificación

4) Engádesse un artigo 7 Réxime de declaracións, comunicacións e solicitudes que queda redactado como segue:

Artigo 7.- Réxime de declaracións, comunicacións e solicitudes

1. Os suxeitos pasivos que sexan titulares dos dereitos constitutivos do feito imponible do imposto, están obrigados a declarar as circunstancias determinantes dunha alta, baixa ou modificación da descrición catastral dos inmoables, de conformidade coa normativa catastral.
2. Serán obxecto de declaración ou comunicación, segundo proceda, os seguintes feitos, actos ou negocios:

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

a) A realización de novas construcións e a ampliación, rehabilitación, demolición ou derriba das xa existentes, xa sexa parcial ou total. Non se considerarán como tal as obras ou reparacións que teñan por obxecto a mera conservación e mantemento dos edificios, e as que afecten só a características ornamentais ou decorativas.

b) A modificación de uso ou destino e os cambios de clase de cultivo ou aproveitamento.

c) A segregación, división, agregación e agrupación dos bens inmobles.

d) A adquisición da propiedade por calquera título, así como a súa consolidación.

e) A constitución, modificación ou adquisición da titularidade dunha concesión administrativa e dos dereitos reais de usufruto e superficie.

f) As variacións na composición interna ou na cota de participación dos copropietarios, ou os cotitulares das entidades do artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria.

g) Os actos de plan e de xestión urbanísticos que se determinen regulamentariamente.

3. Poderá formular solicitude de baixa no Catastro Inmobiliario, que se acompañará da documentación acreditativa correspondente, quen, figurando como titular catastral, cesase no dereito que orixinou dita titularidade.

4. As declaracións e solicitudes poderanse presentar ante o Concello (a través da Oficina de Xestión Catastral) ou ante a Xerencia Rexional do Catastro.

5. O interesado quedará eximido da súa obrigaón de presentar a declaración, cando a transmisión supoña exclusivamente a adquisición ou consolidación da propiedade da totalidade do inmovle; formalícese en escritura pública ou se solicite a súa inscrición no Rexistro da Propiedade no prazo de dous meses desde o acto traslativo do dominio, sempre que, ademais, acredítese a referencia catastral mediante o achega dun dos seguintes documentos:

c) Certificación catastral emitida pola Dirección Xeral do Catastro ou polo órgano que actúe por delegación.

d) O último recibo pago do Imposto sobre Bens Inmobles.

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes modificacións publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e comezarán a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025 e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comezando a contar o prazo a partir do día seguinte ao da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.

TERCEIRO.- Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2025 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

DELIBERACIÓN

Os asuntos 9/149, 10/150, 11/151, 12/152, 13/153 e 14/154 foron debatidos conxuntamente. As intervencións producidas figura transcritas na presente acta ao pé do punto 9/149.

INTERVENCIÓN

15/155 RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 24/2024.-

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDESA, do 17 de setembro de 2024, do seguinte teor:

“Asunto: Tramitación de aprobación de facturas Fase do Gasto: Recoñecemento da obriga fase O Recoñecemento extrajudicial 24-2024 IMPORTE TOTAL: 57.429,29 € IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2024: 57.429,29 €

Durante o presente exercicio remitíronse por parte dos servizos municipais ao departamento de Contabilidade municipal, diversas facturas devengadas e

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

executadas no exercicio anterior que non foron imputadas ao orzamento, por importe total de **57.429,29 €**

No actual exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas de Área ás ditas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos.

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluídas no orzamento corporativo para o exercicio 2024, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade municipal indicativas da referencia dos mandamentos contables RC asinados pola tesoureira municipal como responsable da Contabilidade municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **57.429,29 € (contía imputable ao orzamento)** nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionada, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos no beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades, como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal Ref 2024/1313, do 17.09.2024 relativo ao expediente administrativo de recoñecemento extraxudicial de créditos 24-2024, coas consideracións nel contidas, esta alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do acordo correspondente á seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, proponse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados

nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **57.429,29 €**:

CÓDIGO	PROVEDOR/A	NIF/CIF	NÚM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NÚM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA
103889	EXPOSITO* PARDO, MANUEL	33837849L	23/1/5328	Merenda saudable 24/01/2023-Me rendas saudables Vello Cárcere - Merenda Saudable Sagrado Cora zón-Merenda Saudable MIHL	91201.22699	202400056717	5.795,57	4/12/2023	PRENSA
104287	AUXILIA LUGO	G08317059	2023	Redacción e creación das bases legais para outorgar o selo d istintivo de accesibilidade.-E studo, análiseda accesibilidad	23170.22799	202400037648	2.783,01	20/12/2023	SOCIAIS
104749	EMPRESA MUNICIPAL DE VIVENDA E SOLO DE LUGO SA	A27299080	1	ACORDO 7/489 DA XUNTA DE GOBER NO LOCAL- "ENCARGO A MEDIO PRO PIO PARA TRABALLOS DE DIRECCIÓN FACULTIVA RESPECTO ÁS OBRAS	15000.22799	202400053422	1.464,12	21/3/2023	ARQUITECTU
107673	ENGOBE ARQUEIOLOGIA SLU	B27458793	03	SONDAXES ARQUEOLOXICAS VALORATIVAS NA ZONA AXARDINADA DA MOSQUEIRA.MURALLA DE LUGO.RC1103 00/20-	15300.61900	202400038879	18.545,91	16/4/2024	ENXEÑERIA
108140	DELIRIO COTIDIANO SL	B27453190	12803	Entroido 2022	33000.48101	202400042143	99,99	24/7/2023	CULTURA
99249	FORTES & HERVES ASOCIADOS SL	B27487180	12-23	PROYECTOS, INFORMES, MEMORIA T ÉCNICA FINAL- CONTROL A PIE DE OBRA DE LAS REMOCIONES Y TRABA JOS A REALIZAR POR EQUIPO TÉCN	15300.61900	202400038878	4.356,00	14/4/2023	ENXEÑERIA

99387	PRELO SL	B27021237	00001375	ESCANER GRAN FORMATO BN A0-ESC ANER GRAN FORMATO BN A1-ESCANE R GRAN FORMATO BN A2- ESCANER G GRAN FORMATO BN A3	15300.22699	202400054666	107,61	21/4/2023	ENXEÑERÍA
99950	INVESTIGACION Y CONTROL LUGO SL	B27027143	2023-679	Estudio xeotécnico "Riscos de desprendemento no derrumbament o dun muro e terreos na zona d e Castelo" Según OG-042/23 RC:	15300.61900	202400039143	6.534,61	30/5/2023	ALCALDIA
107550	EL PROGRESO DE LUGO SL	B27000637	491	Convenio urbanístico Pazo D' Urraca e mellora ordenación UI8 2022-C002- 000021 25/01/2023- Proxecto terminal de autobuses	24100.22602	202400039304	9.364,73	28/2/2023	PRENSA
98271	EL PROGRESO DE LUGO SL	B27000637	493	CONCELLO DE LUGO. LUGUAU Ref.2 022-C003- 000021 18/02/2023-CO NCELLO DE LUGO. LUCELUGO Ref.2 022- C003-000021 25/02/2023- Co	17000.22602	202400036708	8.377,74	28/2/2023	AMBIENTE
TOTAL							57.429,29		

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto de Cidade, emitido na sesión celebrada o día 23 de setembro de 2024.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, APROBAR a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **57.429,29 €**:

CÓDIGO	PROVEDOR/A	NIF/CIF	NÚM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NÚM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA
103889	EXPOSITO* PARDO, MANUEL	33837849L	23/1/5328	Merenda saudable 24/01/2023-Me rendas saudables Vello Cárcere - Merenda Saudable Sagrado Cora zón-Merenda Saudable MIHL	91201.22699	202400056717	5.795,57	4/12/2023	PRENSA
104287	AUXILIA LUGO	G08317059	2023	Redacción e creación das bases legais para outorgar o selo d istintivo de accesibilidade.-E estudo, análiseda accesibilidad	23170.22799	202400037648	2.783,01	20/12/2023	SOCIAIS
104749	EMPRESA MUNICIPAL DE VIVENDA E SOLO DE LUGO SA	A27299080	1	ACORDO 7/489 DA XUNTA DE GOBER NO LOCAL- "ENCARGO A MEDIO PRO PIO PARA TRABALLOS DE DIRECCIÓ N FACULTIVA RESPECTO ÁS OBRAS	15000.22799	202400053422	1.464,12	21/3/2023	ARQUITECTU
107673	ENGOBE ARQUEIOLOGIA SLU	B27458793	03	SONDAXES ARQUEOLOXICAS VALORATIVAS NA ZONA AXARDINADA DA MOSQUEIRA.MURALLA DE LUGO.RC1103 00/20-	15300.61900	202400038879	18.545,91	16/4/2024	ENXEÑERÍA
108140	DELIRIO COTIDIANO SL	B27453190	12803	Entroido 2022	33000.48101	202400042143	99,99	24/7/2023	CULTURA
99249	FORTES & HERVES ASOCIADOS SL	B27487180	12-23	PROYECTOS, INFORMES, MEMORIA T ÉCNICA FINAL- CONTROL A PIE DE OBRA DE LAS REMOCIONES Y TRABA	15300.61900	202400038878	4.356,00	14/4/2023	ENXEÑERÍA

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

				JOS A REALIZAR POR EQUIPO TÉCN					
99387	PRELO SL	B27021237	00001375	ESCANER GRAN FORMATO BN A0-ESC ANER GRAN FORMATO BN A1-ESCANE R GRAN FORMATO BN A2- ESCANER G RAN FORMATO BN A3	15300.22699	202400054666	107,61	21/4/2023	ENXEÑERÍA
99950	INVESTIGACION Y CONTROL LUGO SL	B27027143	2023-679	Estudio xeotécnico "Riscos de desprendemento no derrumbament o dun muro e terreos na zona d e Castelo" Según OG-042/23 RC:	15300.61900	202400039143	6.534,61	30/5/2023	ALCALDÍA
107550	EL PROGRESO DE LUGO SL	B27000637	491	Convenio urbanístico Pazo Dº Urraca e mellora ordenación UI8 2022-C002-000021 25/01/2023- Proxecto terminal de autobuses	24100.22602	202400039304	9.364,73	28/2/2023	PRENSA
98271	EL PROGRESO DE LUGO SL	B27000637	493	CONCELLO DE LUGO. LUGUAU Ref.2 022-C003-000021 18/02/2023-CO NCELLO DE LUGO. LUCELUGO Ref.2 022-C003-000021 25/02/2023-Co	17000.22602	202400036708	8.377,74	28/2/2023	AMBIENTE
TOTAL							57.429,29		

DELIBERACIÓN

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moi ben, vanse debater conxuntamente os dous recoñecementos extraxudiciais de crédito e a votación posteriormente será por separado. Ten a palabra, polo goberno, o concelleiro Mauricio Repetto.

DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN: Gracias, alcaldesa, en esta fecha traemos a este Pleno para ser reconocidas extrajudicialmente 17 facturas por un importe de 70.189,5 euros, facturas que no fueron imputadas a las respectivas aplicaciones presupuestarias de los orzamentos vigentes. Las facturas que se traen a este Pleno corresponden en su mayoría a servicios y suministros para el correcto

funcionamiento de los diferentes servicios del Ayuntamiento. Algunos de los reconocimientos extrajudiciales de crédito son cuestiones como la sustitución de puertas en algunos colegios, en la zona de calderas, que por motivos de seguridad no se pudo tramitar en tiempo y forma habitual dicha propuesta de gasto, así como también el repintado de zonas de cruces de peatones, que por motivos de seguridad requeriría máxima urgencia; otras son del último mes del año, como bien saben, se imputan al presupuesto del año siguiente; las propuestas de gasto posteriores al 10 de diciembre se imputan al presupuesto del siguiente año y por eso se traen a este procedimiento extrajudicial de crédito. Al resto de los reconocimientos extrajudiciales de crédito son en su mayoría servicios que han prestado diversas empresas y que por motivos ajenos a esta Administración, ya sea porque hubo errores en la facturación, o su posterior corrección ante la comprobación de los diferentes técnicos municipales o por el retraso de la presentación de dicha facturas por parte de las empresas, no se pudieron tramitar en tiempo y forma, lo que aboca a tener que traer a este Pleno dicho reconocimiento extrajudicial. Gracias.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Repetto. Polo Grupo Municipal Popular, señora Carballas, supoño.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Grazas, alcaldesa. Bo día a todas e a todos. En primeiro lugar quero darlle a benvida ao noso compañeiro Damián, unha persoa valente que estou segura que vai estar á altura das expectativas. Tamén quero darlle a benvida ao noso compañeiro Pablo Permuy. Sabes que me alegra o moito que estes aquí hoxe.

Señor Repetto, vostede vén aquí facendo as contas da leiteira e pásalle igual que na fábula: É todo un conto que está moi lonxe da realidade. O certo é que non sei onde están vostedes. Voulle contar a realidade deste Concello, en concreto deste Pleno, hai uns intres nos que estábamos por un lado, o PSOE e BNG, que seguen derrochando, dilapidando o diñeiro dos lucenses, e por iso vai subir os impostos, e por outro os lucenses, aos que nos queren subir os impostos e aos traballadores do Concello, que encima de subirlles os impostos non lles pagan.

Señor Repetto, déixense de contos e de contas, explíquen nos que é o que fan cos cartos dos lucenses. O que vostedes teñen que facer uns e outros, porque PSOE e BNG aquí teñen a culpa aos dous, teñen que explicar neste Pleno qué é o que fan cos cartos dos lucenses. Neste Pleno, o bigoberno do PSOE e do BNG tráennos dous recoñecementos extraxudiciais de crédito por un importe total de 70.189,05 euros, dos que 12.759,76 teñen reparo de legalidade. O recoñecemento número 24, cun importe de 57.429 euros inclúe 10 facturas, entre elas está unha factura á entidade Auxilia Lugo por un importe de 2.783,01 euros que non se lle paga dende hai 10 meses. É dicir, cando o Grupo Municipal do Partido Popular trae unha iniciativa a Pleno para mellorar as condicións das entidades sociais, o PSOE e BNG votan que non, votan que non a actualizar as cantidades que o Concello de Lugo lles paga ás entidades sociais, votan que non a que as entidades sociais poidan pedir un anticipo, tardan un ano en pagarlles as subvencións e agora vemos que lle

deben case 3.000 euros a Auxilia Lugo dende hai 10 meses. As entidades sociais necesitan os cartos para poder subsistir e o señor Repetto vostede aínda foi capaz de dicir hai uns intres que pon o acento no social, pero, se non lles están pagando ás entidades sociais. Este é o bigoberno do PSOE e do BNG en Lugo, subir os impostos, non lles pagaba aos traballadores nin lles paga ás entidades sociais nin lles paga aos empresarios e aos autónomos. Esta é a cara do bigoberno de Lugo, un bigoberno que ten as súas prioridades ben claras. Para o que queren hai cartos e para o que non queren non os hai. E, como non, neste recoñecemento extraxudicial hai facturas de Cultura e as que están por vir aínda. Como dicía, se inclúe unha factura do Entroido do ano 2022, para que se fagan unha idea, no ano 2022; o Entroido foi do venres 25 de febreiro ao catro de marzo. É dicir, que están incluíndo unha factura de hai dous anos en sete meses, por moitas escusas que nos queiran poñer ter sen pagar unha factura dende o ano 2022 non é normal.

O recoñecemento número 25 ten reparo de legalidade; o reparo número 57, é dicir, que o interventor xa lle parou o pago de varios lotes de factura el 57 veces no que vai de ano. Señor Repetto, pídlle que nos explique porque neste recoñecemento inclúen 8.161,50 euros en facturas nos que omite ou que non seguiron o procedemento dos contratos menores. Pídlle que nos explique porque neste recoñecemento se inclúen 2.823,40 euros en facturas con contratos caducados incumprindo a lei. E pídlle que nos expliquen por qué sigan pagando facturas a quen vostedes lles peta sen seguir os trámites legais. En total, neste recoñecemento con reparo de legalidade, a alcaldesa vai levantar o pago de sete facturas de 12.759,76 euros no que no se están cumprindo os trámites legais. Pero para pagar os traballos non hai cartos para pagar as entidades sociais non hai cartos e para os lucenses que hai?, pois a suba de impostos. Iso é o único que lles ofrece o PSOE e BNG aos lucenses. E o dixo antes a nosa voceira, Elena Candia, dedicáronse a dilapidar os aforros do Concello, dos lucenses. Esa é a súa maneira de gobernar, esa é a maneira de gobernador do PSOE e do BNG. En moitos plenos e dende o Grupo Municipal do Partido Popular tendémoslles a man para traballar e para axudar, pero para subirlles os impostos aos lucenses, para non pagarlles aos traballadores, para encher os caixóns de facturas sen pagar, para iso non conte co Grupo Municipal do Partido Popular. Grazas.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas señora Carballas. Ten a palabra novamente polo goberno, o concelleiro Mauricio Repetto.

DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN: Gracias alcaldesa. Señora Carballas, es tal el desconocimiento que tiene de como funciona esta Administración que me preocupa, porque ya lleva tiempo ahí sentada que ya debería saberlo. Evidentemente le recuerdo, que el período medio de pago de este Ayuntamiento es de los mejores de Galicia, de 7,22 días. Lugo no es un ayuntamiento moroso, y usted lo sabe. Usted está responsabilizando a los trabajadores de esta casa de que no realizan bien su trabajo, y eso no se lo vamos a consentir. La tramitación de los expedientes, la recepción de las facturas, su comprobación y posterior conformidad del gasto para ser abonadas, son realizadas

por los diferentes servicios y por nuestros técnicos municipales, que desarrollan su trabajo con total rigurosidad, y no vamos a consentir que usted ponga en tela de juicio eso y su trabajo. Les recuerdo que al año se pagan alrededor de 7000 facturas en este Ayuntamiento, 7000, por un importe aproximado de 50 millones de euros. Se está a trabajar, por supuesto, para seguir mejorando y poder disminuir los tiempos de tramitación de esas facturas y que nuestros proveedores las cobren en el menor tiempo y plazo posible. ¿Y sabe por que? Porque este equipo de Gobierno apoya las pymes, los autónomos y también, y también, a las entidades sociales. Bueno, también le digo, usted hacía referencia a una de esos reconocimientos extrajudiciales de crédito, como la sustitución de una puerta en la sala de calderas en un colegio, como comprenderá, para nosotros eso es de máxima urgencia, y para eso están estos procedimientos extrajudiciales de crédito, para que no ocurran desgracias dentro del colegio. De acuerdo? Gracias.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Ben, moitas grazas. Señor Repetto, ten novamente a palabra, a concelleira do Partido Popular, señora Carballas.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Señor Repetto, o primeiro non copie frases dos seus antecesores porque non queda moi ben. É o segundo, eu nunca dixen que os traballadores deste Concello non fixeron o seu traballo, non lle vou permitir que poña iso na miña boca porque é mentira, e xa é a segunda vez que o fai, e non llo vou permitir. É mentira. O que ten que facer vostede é preocuparse de pagarlles que nin lles pagan, nin os escoitan, nin os apoian. Así que non teña a cara de dicir que eu dixen iso porque é mentira. Eu si que falo con eles, vostedes non.

Tamén fala vostede de que pagan, de que fixeron unha factura polo trámite de urxencia, eu enténdoo, pero as restantes?, as restantes facturas que? Creo que lle queda moito por explicar aínda. Aquí vemos como isto é cuestión de prioridades, como xa dixen na miña primeira intervención, no Pleno de hoxe, do 26 de setembro, chegamos ao recoñecemento extraxudicial de créditos número 25. E fáleme vostede dunha factura. É nestes nove meses levan 3.061.037,90 euros en recoñecementos, dos que 2.218.064 téñenlles reparo de Intervención case a súa totalidade. É dicir, que seguen aumentando o número de facturas que vostedes deixan sen pagar e que segue aumentando a cantidade que deixan pendente de pago dun ano a outro. Este bigoberno, a estas alturas, en nove meses xa superou os tres millóns de euros; é dicir, xa superaron en número e en cantidade os recoñecementos dos anos 2020, 2021 e 2022, veremos se superan os máis de sete millóns e medio de euros que pagaron en facturas no ano 2023. É que non cambian, seguen a mesma folla de ruta ano tras ano. Gastaron os cartos nun edificio, o do Impulso Verde, que a día de hoxe segue pechado. Gastaron os cartos no carril bici que despois de dous anos, ben, seguen pensando como imos facer para que se use, Novas caldas cuxo mantemento anual é de máis de 400.000 euros, e non lles chega, que ademais pagamos todos os meses un alugueiro de 2.000 euros para pagar as turbinas da Fábrica da Luz, as piscinas flotantes que

queren poñer no Miño, todas esas trapalladas nas que gastan vostedes o diñeiro e que despois non saben que facer con elas. E, por se todo o anterior non fora suficiente, publican un contrato menor para reformar un despacho. Supoño que é, claro, para poñerlle moqueta, porque iso é o que son vostedes: socialistas e nacionalistas de moqueta, cunha falsa ideoloxía de esquerdas. Para o que queren hai cartos, non hai cartos para pagarlles aos traballadores, nin ás entidades, ni a autónomos, nin a empresarios, pese a todo o que vostede diga. E tampouco hai para a Protectora, que non nos esquecemos dela, porque aínda teñen os narices de botarlle en cara á Protectora que lle dan 200.000 euros ao ano cando os animais están amoreados morrendo, pelexándose polo nivel de estrés que teñen, e vostedes ofrécenlles esmola, pero negándolles unha nova protectora. Dende logo que non teñen nin corazón nin conciencia. A min caeríame a cara de vergoña e onte deixárono claro, cando toca escoller entre unhas condicións de vida dignas para os animais, ou coidalos de mortos, prefiren gastalo...

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: ... Señora Carballas acabou a súa intervención. Ten novamente a palabra o concelleiro Mauricio Repetto.

DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN: Gracias, alcaldesa. Está claro, señora Carballas, que a usted le interesa hablar de todo menos de los reconocimientos, eso está más que claro. Aprovecha esta oportunidad para su momento de gloria y aquí hacer un batí burrillo y no hablar de lo que compete aquí, que es hablar de esas e 7.000 facturas que se pagan al año en este Ayuntamiento por importe de 50 millones de euros y, evidentemente, no siendo un Concello moroso y con un periodo medio de pago 7,22 días. Muchas gracias.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas señor Repetto. Pois agora, por alusións, porque a señora Carballas preguntaba ónde ían os cartos dos lucenses. Pois os cartos dos lucenses, como lle dicía o concelleiro anteriormente, van onde teñen que ir, fundamentalmente aos servizos sociais que non asume as súas competencias o goberno do señor Rueda, como lle dicía e explicou estupendamente o señor Repetto, 13 millóns de euros todos os anos, todos os anos, que temos que poñer en competencias impropias. Son competencias da Xunta de Galicia, en educación, en servizos sociais. Recentemente, firmamos un contrato de servizo de axuda no fogar e de xantar no fogar de preto de 35 millóns de euros, porque nós non imos deixar aos nosos veciños e veciñas sen eses servizos, pese a que a Xunta siga racaneando, pero non lle pasa só ao Concello de Lugo, non hai máis que ver as demandas da Fegamp, están todos os concellos, de todas as cores, que están completamente asfixiados, completamente asfixiados. Pero esa asfixia vén de moito antes e fundamentalmente, como lle dicíamos, da época do COVID.

E volvo recordar uns datos que deu o Consello de Contas, é o Consello de Contas, no estou falando do Partido Socialista nin dunha empresa contratada, o Consello de Contas na época COVID, o Goberno central transferiulle á Xunta de Galicia máis de

1.500 millóns de euros extraordinarios para que atendese as necesidades do COVID dos diferentes concellos. Deses 1.500, máis de 1.500 millóns de euros só se dedicaron ás sete grandes cidades galegas o 0,13%, por certo, a Lugo, o cero por cento total. O 0,13 debe ir a non sei onde. En Lugo, 0%, máis de 1.500 millóns. Por suposto que tivemos que ir aos remanentes, por suposto. Ademais non só iso, non só non nos deron nada, senón que os ingresos ese ano foron a metade dos previstos, a metade do que era normal, porque non había actividade económica, señora Carballas. Pero eu queroo repetir unha vez máis: isto é o informe do Consello de Contas, e sempre digo: as sete grandes cidades galegas, onde vive moito máis da metade da poboación galega. O 0,13%, e Lugo concretamente, o 0%. Esa é a sensibilidade da Xunta de Galicia. A ónde foi ese diñeiro. Hoxe mesmo nos levantamos cunha noticia tamén do Consello de Contas, o órgano fiscalizador, e non hai dúbida da súa obxectividade, de que os fondos europeos, no ano 2022, só executou o goberno do señor Rueda o 47%, tivo que devolver o 53%. Saben canto lle tocou a Lugo? Cero euros, a Lugo e a Ourense, pero a min o que me interesa Lugo, cero euros, e os 47 millóns deberon ir ás provincias da Coruña e de Pontevedra, supoño, aquí non chegou nada. Cero. Preferiron devolver 53 millóns de euros, quedarnos nada. Ese é o auténtico castigo que está sufrindo esta cidade, o auténtico castigo, e nós, como sempre dicimos, imos coidar os nosos veciños e veciñas, sobre todo no ámbito social. A nosa concelleira, xunto cos demais concelleiros de benestar social de Galicia estanse reunindo constantemente porque están absolutamente asfixiados ano tras ano. Pero nós non imos deixar os veciños. E por iso quería de contestar a onde vai o diñeiro de Lugo, porque vostede, e falaba diso, falaba tamén de desbaratamento, igual cá súa voceira, a señora Candia, desbaratamento é gastar en carteis cada vez máis grandes e gastar en orquestras e darlle cero euros a Lugo para atender os problemas do COVID, mentres nós tiñamos que ir á caixa que temos aquí, a caixa que tiñamos aforrada para atender os lucenses en momentos en que, como digo, no ano 2021 tivemos a metade dos ingresos previstos no orzamento, porque non había actividade económica, e nós non deixamos a ninguén atrás, estivemos todo o tempo aí, incluso os nosos traballadores.

E para a señora Candia parece que son turistas chinos. Falaba de turistas chinos poden ser chinos, para ela son estranxeiros, non os coñece, evidentemente, por iso para ela son turistas estranxeiros.

Eu teño contacto constante con eles, xa dixeran, non é que lles collera o teléfono, eu recibín ao comité de empresa recentemente, recibo aos sindicatos e, por suposto, o concelleiro Sr. Permuy, os recibe constantemente. Por razóns que todos sabemos. nestes momentos houbo máis problemas para isto, para esas reunións constantes, pero eu, insisto, recibín o Comité de Empresa, non recibín a Xunta de Persoal porque aínda non mo solicitou, pero dende logo ao Comité de Empresa tan pronto mo pediron, recibino. Polo tanto, nós si pagamos aos nosos traballadores, pagarémoslles..., moitas veces existen problemas conxunturais que atrasan, pero sempre pagamos aos traballadores. E, como lle digo, vostede, que é delegada da Xunta, polo menos *in pectore* da Xunta, espero que lle diga, como lle dixo o

concelleiro, que a ver se nos poñen eses 13 millóns todos os anos, vostede que sempre está moi orgullosa de que lle fan caso no goberno do señor Rueda, se nos dan eses 13 millóns de euros todos os anos, asegúrolle que non temos que subir as ordenanzas fiscais, señora Candia. O que si é que está vostede máis preocupada en poñer carteis grandes, en pagar orquestras, como digo sempre, moitas veces non sei en qué calidade actúa vostede. Teño que preguntar en cada acto se vén como vicepresidenta primeira do Parlamento, como delegada da Xunta ou como concelleira de Lugo, pero si lle dicía Damián, é un dos mellores honores ser concelleiro de Lugo, e non se pode un avergonzar diso. Moitas grazas e imos votar.

16/156 **RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 25/2024. REPARO NÚMERO 57/2024.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 17 de setembro de 2024, que seguidamente se transcribe:

“Asunto: Tramitación de aprobación de facturas Fase do Gasto: Recoñecemento da obriga fase O) Reparo 57-2024: Art 216.2 c) Recoñecemento extrajudicial
--

IMPORTE TOTAL:12.759,76 €
IMPORTE TOTAL imputado ó orzamento 2024:12.759,76 €

Durante o presente exercicio remitíronse por parte dos servizos municipais ó departamento de contabilidade municipal, diversas facturas devengadas e executadas no exercicio anterior que non foron imputadas ó orzamento, por importe total de **12.759,76 €**.

No actual exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extrajudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da contabilidade municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas de Área ás ditas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos.

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ó estado de consignacións orzamentarias incluídas no orzamento corporativo para o exercicio 2024, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da contabilidade municipal indicativas da referencia dos mandamentos contables RC

asinados pola tesoureira municipal como responsable da contabilidade municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **12.759,76 € (contía imputable ó orzamento)** nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionada, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo ós créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos no beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención xeral municipal Ref. 2024/1318, do 17.09.2024, relativo ó expediente de Recoñecemento extraxudicial de crédito 25-2024_Reparo 57-2024, coas consideracións nel contidas, e o Decreto de levantamento de reparo núm. 8505/2024, do 16.09.2024, esta Alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ó Pleno a adopción do acordo correspondente á seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, propónse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **12.759,76 €:**

CÓDIGO	PROVEDOR/A NIF/CIF	NUM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NUM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA
102919	RODRIGUEZ* CABANAS, PABLO 33338769Q	110	SUSTITUCION DE PUERTA DE CALDE RA COLEGIO FINGOI 2---	32000.21200	202400010994	444,37	4/10/2023	ENXEN A
108213	SEÑALIZACIONES PLACIDO VERTICAL Y HORIZONTAL, SL B05364989	34	LIQUIDACION-Repintado en vías municipais-Exp 2023/C001/00085 5-Total	15300.22799	202400039181	1.330,59	16/5/2024	INFRAE BA
103729	EXPOSITO*PARDO,MA NUEL 33837849L	23/1/5180	Ágape Patroa Policía Local (ce lebrado 27/05/2023)---	91201.22601	202400056716	3.289,00	24/11/2023	PRENS
104180	CARBALLEIRA HOSTELERIA SL B27356609	2466	MENU CONCERTADO	91201.22601	202400056716	637,50	2/11/2023	PRENS
104458	FREIRE*IGLESIAS, ESTELA 72531838G	2	ELABORACION DE AUDIOVISUALES Y VIDEO DE 14, IMAGEN GRAFICA Y FOTOGRAFIA DE LAS MEDALLAS DE ORO---	91201.22699	202400056717	4.235,00	4/1/2024	PRENS

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

108158	ITEGAL SERVICIOS TIC SL B27405125	022130	BANCOS INTELIXENTES	92002.22799	202400037640	1.411,65	1/11/2023	INFORMAT IC
108159	ITEGAL SERVICIOS TIC SL B27405125	026359	BANCOS INTELIXENTES	92002.22799	202400037640	1.411,65	5/12/2023	INFORMAT IC

12.759,76"

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto de Cidade, emitido na sesión celebrada o día 23 de setembro de 2024.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, APROBAR a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **12.759,76 €:**

CÓDIGO	PROVEDOR/A NIF/CIF	NUM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NUM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA
102919	RODRIGUEZ* CABANAS, PABLO 33338769Q	110	SUSTITUCION DE PUERTA DE CALDE RA COLEGIO FINGOI 2---	32000.21200	202400010994	444,37	4/10/2023	ENXEÑERÍA
108213	SEÑALIZACIONES PLACIDO VERTICAL Y HORIZONTAL, SL B05364989	34	LIQUIDACION-Repintado en vías municipais-Exp 2023/C001/00085 5-Total	15300.22799	202400039181	1.330,59	16/5/2024	INFRAEUBA
103729	EXPOSITO*PARDO,MA NUEL 33837849L	23/1/5180	Ágape Patroa Policía Local (ce lebrado 27/05/2023)---	91201.22601	202400056716	3.289,00	24/11/2023	PRENSA
104180	CARBALLEIRA HOSTELERIA SL B27356609	2466	MENU CONCERTADO	91201.22601	202400056716	637,50	2/11/2023	PRENSA
104458	FREIRE*IGLESIAS, ESTELA 72531838G	2	ELABORACION DE AUDIOVISUALES Y VIDEO DE 14, IMAGEN GRAFICA Y FOTOGRAFIA DE LAS MEDALLAS DE ORO---	91201.22699	202400056717	4.235,00	4/1/2024	PRENSA
108158	ITEGAL SERVICIOS TIC SL B27405125	022130	BANCOS INTELIXENTES	92002.22799	202400037640	1.411,65	1/11/2023	INFORMATIC
108159	ITEGAL SERVICIOS TIC SL B27405125	026359	BANCOS INTELIXENTES	92002.22799	202400037640	1.411,65	5/12/2023	INFORMATIC

12.759,76

DELIBERACIÓN

Asunto debatido conxuntamente co punto número 15/155, ao pé do cal figuran as intervencións producidas.

FOMENTO

17/157 ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEGAMP, A FIN DE PODER CONTRATAR OS SERVIZOS POSTAIS E TELEGRÁFICOS QUE SEXAN CONTRATADOS POLA MESMA.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- INFORME PROPOSTA DO SERVIZO DE FOMENTO, do 17 de setembro de 2024, do teor literal seguinte:

“ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Correo electrónico informativo recibido da FEGAMP, do día 12 de xuño de 2024, dirixido a Alcaldía é no que se pon de manifesto:

“A Federación Galega de Municipios e Provincias, por acordo da Comisión Executiva de data 21 de maio de 2024, aprobou a creación dunha Central de Contratación para a licitación dos servizos postais e telegráficos necesarios no ámbito da FEGAMP e das súas entidades asociadas, ao amparo do previsto nos artigos 227 e 228 da Lei de Contratos do Sector Público.

A fin de darlle continuidade á prestación dos servizos postais e telegráficos conveniados desde o ano 2010, é necesaria a adhesión da entidade local que presides a esta Central de contratación.

A efectos informativos e de instrución dos pertinentes expedientes acompáñase:

a) **REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP)**, do seguinte teor:

ARTIGO 1. CONSTITUCIÓN

A Comisión Executiva da FEGAMP, en xuntanza do día 21 de maio de 2024, acorda a constitución da Central de Contratación como un servizo especializado da Federación para os servizos postais e telegráficos necesarios no ámbito da FEGAMP e das súas entidades adheridas, de conformidade co previsto nos artigos 227 e seguintes da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP) e no apartado 3 da Disposición Adicional 5ª da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL).

ARTIGO 2. RÉXIME XURÍDICO

A organización, funcionamento e réxime xurídico da Central de Contratación da FEGAMP rexeráse polo establecido no presente Regulamento e, para o non previsto, serán de aplicación a LCSP e cantas normas concordantes existan no ámbito da contratación pública en xeral e das entidades locais en particular.

ARTIGO 3. OBXECTIVOS

Son obxectivos da Central de Contratación da FEGAMP:

A. *Centralizar o proceso de tramitación e adxudicación do contrato para os servizos postais e telegráficos necesarios no ámbito da FEGAMP e das súas entidades adheridas que, como entidades adxudicadoras, lles correspondan no ámbito das súas respectivas competencias ás entidades locais adheridas á mesma, o que redundará a favor do principio de simplificación administrativa.*

B. *Homoxeneizar o réxime de prestación dos servizos postais e telegráficos entre as entidades locais adheridas que en cada caso se incorporen aos contratos que se promovan e tramiten a través da Central de Contratación, o que redunda na supresión de desigualdades na execución e na prestación dos mesmos.*

C. *Posibilitar o acceso a determinados servizos por parte daquelas entidades locais que, dada a súa escaseza de poboación, non poderían acometelas doutra maneira.*

D. *Aproveitar ao máximo os recursos económicos dispoñibles das entidades locais a través da activación de economías de escala coa consecución da redución do gasto público, o que permitirá o mantemento e mellora da calidade dos servizos a prestar polas mesmas.*

E. *Dinamizar a contratación pública en Galicia, prestando un servizo de intermediación entre o sector privado da oferta de bens, servizos e subministracións no ámbito postal e telegráfico e o da demanda dos mesmos por parte das entidades locais, promovendo a celebración de contratos centralizados mediante a consecución dos anteriores obxectivos.*

ARTIGO 4. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

A. COMISIÓN EXECUTIVA. *No desenvolvemento das súas atribucións estatutarias, corresponde á Comisión Executiva, como órgano de contratación da FEGAMP:*

1. *A superior dirección da Central de Contratación e o control e vixilancia da actividade contractual da mesma, adoptando cantas decisións redunden na súa boa marcha e funcionamento.*

2. *A aprobación final dos expedientes de contratación centralizada, así como das condicións administrativas e técnicas de cada un dos contratos e a adxudicación dos mesmos.*

B. SECRETARÍA XERAL. *No desenvolvemento das súas atribucións estatutarias, corresponde á Secretaría Xeral:*

1. *Administrar, organizar e desenvolver a xestión ordinaria da Central de Contratación.*

2. *Propoñer á Comisión Executiva da FEGAMP os diferentes procedementos de contratación centralizada, así como as condicións administrativas e técnicas de cada un dos contratos.*

ARTIGO 5. MODALIDADES DE CONTRATACIÓN

A Central de Contratación, como un servizo especializado da Federación para os servizos postais e telegráficos necesarios no ámbito da FEGAMP e das súas entidades adheridas, actuará a través da seguinte modalidade de contratación centralizada: Mediante a adquisición directa de subministracións e servizos por parte da FEGAMP con destino aos concellos. Neste caso, a intervención da FEGAMP esténdese tamén á celebración do contrato centralizado co adxudicatario, determinándose no mesmo a fórmula para arbitrar os pagos ao contratista que finalmente deben soportar os concellos beneficiarios da prestación.

ARTIGO 6. ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN. CUMPRIMENTO DOS CONTRATOS CENTRALIZADOS

Poderán adherirse voluntariamente ao contrato centralizado promovido pola Central de Contratación regulada no presente Regulamento as entidades locais asociadas á FEGAMP, así como os organismos autónomos e entes públicos dependentes deles.

Para facer efectiva a dita adhesión, será preciso que a entidade local remita, mediante correo ordinario ou correo electrónico a través de

contratacion@fegamp.gal:

1. Un documento co seguinte contido: A adopción do correspondente acordo de adhesión á Central de Contratación por parte do órgano competente segundo as normas de réxime local, xunto coa subscrición dun compromiso previo de adquirir as subministracións ou os servizos postais e telegráficos que a Central de Contratación da FEGAMP vai adquirir, nos mesmos termos e condicións de adxudicación do contrato.

2. A certificación da existencia de crédito igual ou superior aos consumos postais e telegráficos correspondentes ao exercicio anterior ao documento de adhesión.

3. O compromiso de reserva do crédito correspondente.

4. En relación á facturación, os seguintes datos que sexan procedentes: relativos á oficina contable, órgano xestor e unidade tramitadora (código DIR)."

SEGUNDO.- Informes do Servizo de Participación e Atención Cidadá do día 11 de setembro de 2024 relativos á:

2.1 Viabilidade e oportunidade de adhesión á Central de Contratación da FEGAMP, en relación a dito asunto emítese informe do seguinte teor literal:

"Con relación ao asunto de referencia e sendo precisa a xustificación da viabilidade e oportunidade da adopción do acordo de incorporación voluntaria do Concello de Lugo a este convenio, cómpre informar:

Con data do 21 de maio de 2024, o órgano competente da FEGAMP aprobou a creación dunha Central de Contratación como un servizo especializado da Federación para os servizos postais e telegráficos necesarios no ámbito de FEGAMP e das súas entidades asociadas, todo iso ao abeiro do establecido nos artigos 227 e 228 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, establecendo no artigo 6 do seu Regulamento a posibilidade de que as Entidades Locais que así o acordan poidan adherirse voluntariamente.

A subscrición de convenios interadministrativos debe estar fundamentada segundo se establece no Capítulo VI do Título preliminar da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público en razóns de necesidade e oportunidade, así como contribuír á mellora da eficiencia da xestión pública e á utilización conxunta de redes e servizos.

Neste sentido, en canto á necesidade, cómpre ter en conta que as relacións ad hoc entre Administración e cidadanía derivan aínda nun elevado número de comunicacións postais dirixidas á persoas físicas, que supoñen un importante custo económico para o Concello.

A subscrición do convenio de referencia coa Central de Contratación da FEGAMP de servizos postais e telegráficos, permite unha xestión máis áxil, ao simplificar e facilitar a xestión e seguimento dos envíos e as correspondentes respostas.

No relativo á viabilidade, a simplificación do propio proceso de contratación implica tamén unha redución de cargas administrativas para a propia Administración, redundante así mesmo na optimización de recursos.

Implica así mesmo unha redución de custos, xa que ao estar implicadas máis entidades cun maior número de servizos a contratar, pódense obter tarifas máis competitivas, co conseguinte aforro, o cal redonda nunha maior eficiencia na prestación dos servizos á cidadanía."

2.2 Designación de responsable de seguimento e execución da dita adhesión, en relación a dito asunto emítese informe do seguinte teor literal:

" Con relación á inminente adhesión do Concello de Lugo á Central de contratación da FEGAMP, creada para a centralización, homoxeneización e dinamización na prestación dos servizos postais e telegráficos entre as Entidades Locais adheridas, comunícase que se encomenda á funcionaria Natalia Rodríguez Alvaredo, Xefa de Negociado de Rexistro, adscrita ao Servizo de Participación e Atención Cidadá as seguintes xestións que realizará baixo a superior dirección da Xefa de servizo:

a) Manter as comunicacións que procedan coa Central de Contratación da FEGAMP, así como notificar calquera modificación que se produza naqueles (nome e apelidos, cargo, teléfono e correo electrónico).

b) Proporcionar á Central de Contratación da FEGAMP canta información e documentación lle sexa requirida en relación coa execución dos servizos contratados.

c) Poñer en coñecemento dos responsables e da a Central de Contratación da FEGAMP as demoras nos prazos de entrega, defectos na prestación dos servizos ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co contrato, para a adopción das medidas oportunas.

d) Xestionar a recepción dos servizos e efectuar o seu pago nos termos contemplados no contrato.

e) Comprometerse a actualizar calquera dato de contacto ou facturación en canto este se produza.

Datos asociados:

Teléfono: 982297161

Mail: rexistro@lugo.gal"

TERCEIRO.- Informe proposta do Servizo de Fomento do día 12 de setembro de 2024 que se somete aos correspondentes informes de secretaría, asesoría xurídica e fiscalización previa.

CUARTO.- Informe da Secretaria Xeral do Pleno do día 13 de setembro de 2024, do seguinte teor literal:

"INFORME DA SECRETARÍA XERAL DO PLENO

ASUNTO: ACORDO DE ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEGAMP: SERVIZOS POSTAIS E TELEGRÁFICOS. Expte N°2024/A006/000059

Ana María Rivas García, Secretaria Xeral do Pleno do Concello de Lugo, en relación ao asunto de referencia e de conformidade co establecido no artigo 3.3 d) 7º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, do réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, conforme ao que se emitirá informe previo en relación á aprobación, modificación ou derogación de convenios e instrumentos de planeamento e xestión urbanística, INFORMO:

Órganos municipais competentes e procedemento para a aprobación do expediente.

As Centrais de Contratación son reguladas nos artigos 227 a 230 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 en diante, LCSP. Estes artigos non resolven a natureza nin cal é o órgano competente para a adopción dos acordos de adhesión a ditas Centrais de Contratación.

O artigo 228.3 da LCSP dispón: Mediante os correspondentes acordos, as Comunidades Autónomas, as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla e as Entidades locais así como os organismos e entidades dependentes dos anteriores, poderán adherirse a sistemas de adquisición centralizada doutras entidades do sector público incluídas no ámbito de aplicación desta Lei. A adhesión ao sistema estatal de contratación centralizada, efectuarase de acordo co disposto nos apartados 2, 3 e 4 do artigo 229 da presente Lei. En ningún caso unha mesma

Administración, ente ou organismo poderá contratar a provisión da mesma prestación a través de varias centrais de contratación.

Pola súa banda a Disposición Adicional Terceira da LCSP dispón no seu apartado 10 que As Entidades Locais, sen prexuízo da posibilidade de adherirse ao sistema estatal de contratación centralizada e ás centrais de contratación das Comunidades Autónomas e doutras Entidades Locais, tal e como prevé o apartado 3 do artigo 228, poderán adherirse tamén ás centrais de contratación que creen conforme esta Lei as asociacións de entidades locais a que refírese a disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, así como ás creadas pola Administración Xeral do Estado

*A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Aragón, no seu Informe 5/2010, de 14 de abril, considerou que **o instrumento axeitado para a adhesión a un acordo marco**, naquel caso promovido por unha Deputación provincial, **é un convenio ou instrumento xurídico similar**. Doutra parte, conforme á Disposición Adicional Segunda citada, cabe defender que as entidades locais poden celebrar convenios de colaboración coa Deputación Provincial de Huesca, mediante os cales se lle **encomenda a xestión** da celebración do acordo marco obxecto deste informe. Con todo, non é menos certo, que tal conclusión **contravén a interpretación sistemática, os principios inspiradores e o propio espírito da LCSP**. A LCSP, na súa exposición de motivos, destaca como unha das súas principais innovacións no ordenamento da contratación pública, a nova regulación de diversas técnicas para racionalizar as adquisicións de bens e servizos, tales como os acordos marco, os sistemas dinámicos de adquisición e as centrais de compras. Non parece encaixar ben, co propósito de racionalizar as adquisicións de bens e servizos, o ter que acudir a encomenda de xestión do artigo 15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, coas peculiaridades que establece o artigo 47.2 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

De acordo con esta interpretación, o acordo de adhesión ten a natureza xurídica de convenio correspondendo ao servizo correspondente a emisión de informe proposta de acordo e á Asesoría Xurídica do Concello de Lugo a emisión de informe, tal e como resulta do disposto no artigo 51 do ROMGA e o Regulamento de control interno do sector público do Concello de Lugo. De conformidade con tal normativa, o informe ten carácter preceptivo.

A competencia para a aprobación de convenios non se atopa resolta a nivel legislativo nin para os Concellos de réxime común nin para os de grande poboación pero cómpre ter en conta, neste caso dous artigos. O primeiro o artigo 229.6 da LCSP que determina o seguinte: A adhesión a un acordo marco ou sistema dinámico de adquisición implicará o compromiso da entidade adherida de cumprir

os termos e condicións establecidos nos pregos que rexen o acordo marco ou sistema dinámico de adquisición, así como as instrucións que a Xunta de Contratación Centralizada dite para a licitación, adxudicación e execución dos contratos baseados ou dos contratos específicos tramitados polas entidades adheridas.

O segundo sería a Disposición adicional segunda da LCSP apartado 4 ao dispoñer que Nos municipios de grande poboación a que se refire o artigo 121 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, as competencias do órgano de contratación que se describen nos apartados anteriores exerceranse pola Xunta de Gobierno Local, calquera que sexa o importe do contrato ou a duración do mesmo, sendo o Pleno o competente para aprobar os pregos de cláusulas administrativas xerais.

A xuízo desta secretaría a interpretación conxunta destes preceptos avalaría a interpretación relativa a que a **competencia para** adoptar o acordo de adhesión **correspondería ao Pleno**. Só mediante acordo plenario poderá o Concello vincularse aos termos que rexen o acordo marco ou sistema dinámico de adquisición, así como as instrucións que a Xunta de Contratación Centralizada dite para a licitación, adxudicación e execución dos contratos baseados ou dos contratos específicos tramitados polas entidades adheridas. Dito esto a **maioría esixida para a adopción deste acordo sería a simple** (por non previsto nos artigos 47.2 nin 123.2 da LBRL)

A Secretaria Xeral do Pleno”

QUINTO.- Informe de Asesoría Xurídica do día 16 de setembro de 2024, do seguinte teor literal:

“INFORME DA ASESORÍA XURÍDICA

ASUNTO: APROBACIÓN DE ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEGAMP AOS EFECTOS DE ADHESIÓN AO CONTRATO CENTRALIZADO DE SERVIZOS POSTAIS E TELEGRÁFICOS CELEBRADO POR DITA CENTRAL DE CONTRATACIÓN.

O día 13 de setembro de 2024, por parte do Servizo de Fomento dáse traslado do expediente de referencia coa solicitude de informe.

Primeiro.- Sobre o carácter do presente informe.

A Asesoría Xurídica do Concello de Lugo é competente para a emisión deste informe, como así resulta do disposto no artigo 51 do ROMGA e o Regulamento de

Control Interno do Sector Público do Concello de Lugo. De conformidade con tal normativa, o informe ten carácter preceptivo.

Segundo.- Sobre a proposta de adhesión.

O obxecto do acordo que se propón adoptar é a adhesión á Central de Contratación da FEGAMP, a fin de poder á súa vez adherirse ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos celebrado por dita Central de Contratación durante o prazo establecido no mesmo, incluídas as prórrogas que eventualmente se acorden e comprometéndose a adquirir as subministracións ou os servizos postais e telegráficos que a Central de Contratación da FEGAMP vai adquirir, nos mesmos termos e condicións de adxudicación do contrato.

As centrais de contratación aparecen reguladas nos artigos 227 a 230 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público e para as entidades locais haberá de estarse tamén ao disposto no apartado 10 da disposición adicional terceira da mesma lei.

Para evitar reiteracións innecesarias emítese o presente informe para facer constar a conformidade da Asesoría Xurídica co informe proposta emitido polo Servizo Municipal de Fomento o día 12.09.2024, que consta no expediente, recolle a normativa de aplicación e, a xuízo do que subscribe, resulta adecuado a Dereito en termos xerais.

Non obstante, en canto ao réxime competencial haberá de estarse ao indicado no informe emitido pola Secretaría Xeral do Pleno do día 13.09.2024.

É todo canto procede informar. O XEFE DA ASESORÍA XURÍDICA.”

SEXTO.- Informe de Intervención do día 16 de setembro de 2024 no que se conclúe: “.....DEVÓLVESE O EXPEDIENTE Á UNIDADE TRAMITADORA, baseado nos seguintes motivos: - Segundo informe da Secretaría Xeral do Pleno que obra no expediente, ó órgano competente para a adhesión á Central de Contratación da FEGAMP, é o Excmo. Concello Pleno, sendo que o servizo de Fomento proponlle a adopción do acordo á Xunta de Goberno Local, polo que se debe modificar esta proposta.

- Deberá así mesmo modificarse o dispositivo 3º do informe proposta do Servizo de Fomento, debendo no seu caso acordar o compromiso de incluír nos Orzamentos 2025 e seguintes, o crédito necesario para dar cobertura ás obrigas de carácter económico que se desprenden da sinalada adhesión (crédito igual ou superior aos consumos postais e telegráficos correspondentes ao exercicio anterior ao documento de adhesión), ou ben requirir ao órgano competente a emisión deste RC (órgano contable)

Este é o meu informe, que someto a calquera outro con mellor criterio fundado en Dereito.”

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. LRXSP.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- O artigo 2 da Lei 7/1985, Reguladora das bases de réxime Local establece: *“Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás Entidades Locais, a lexislación do Estado e a das Comunidades Autónomas, reguladora dos distintos sectores de acción pública, segan a distribución constitucional de competencias, deberá asegurar aos Municipios, ás Provincias e ás Illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da Entidade Local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estricta suxeición á normativa de estabilidade presupostaría e sostenibilidade financeira.”*

SEGUNDA.- Por outra banda, o artigo 86 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, determina que *“As Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ó ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción, e teñan por obxecto satisfacer o interese público que ten encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que, no seu caso, prevea a disposición que o regule, podendo tales actos ter a consideración de finalizadores dos procedementos administrativos ou inserirse neles con carácter previo, vinculante ou non, á resolución que lles poña fin”.*

TERCEIRA.- De igual xeito, o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades.

CUARTA.- A Comisión Executiva da FEGAMP, en xuntanza do día 21 de maio de 2024, acorda a constitución da Central de Contratación como un servizo especializado da Federación para os servizos postais e telegráficos necesarios no ámbito da FEGAMP e das súas entidades adheridas, de conformidade co previsto nos artigos 227 e seguintes da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP) e no apartado 3 da Disposición Adicional 5ª da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL).

QUINTA.- O Excmo. Concello de Lugo está interesado na utilización da dita Central de Contratación creada pola FEGAMP.

RÉXIME COMPETENCIAL

ÚNICO.- Conforme ao informado pola Secretaria Xeral do Pleno, a competencia para *adoptar o acordo de adhesión* correspondería ao Pleno, polo exposto PROPONSE ao Pleno a adopción dos seguintes Acordos:

1º.- Adherirse á Central de Contratación da FEGAMP, a fin de poder contratar os servizos postais e telegráficos que sexan contratados pola mesma.

2º.- Adherirse ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos celebrado por dita Central de Contratación durante o prazo establecido no mesmo, incluídas as prórrogas que eventualmente se acorden, comprometéndose a adquirir as subministracións ou os servizos postais e telegráficos que a Central de Contratación da FEGAMP vai adquirir, nos mesmos termos e condicións de adxudicación do contrato.

3º.- Emitir o correspondente documento de compromiso de reserva do crédito, conforme á estimación de prezo do servizo para a entidade que se recolle nos pregos de cláusulas administrativas.

A ditos efectos acórdase o compromiso de incluír nos Orzamentos 2025 e seguintes, o crédito necesario para dar cobertura ás obrigas de carácter económico que se desprenden da sinalada adhesión (crédito igual ou superior aos consumos postais e telegráficos correspondentes ao exercicio anterior ao documento de adhesión).

4º.- Con relación á adhesión específica ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos, a entidade obrígase a:

- a) Designar un órgano ou persoa de contacto para manter as comunicacións que procedan coa Central de Contratación da FEGAMP, así como notificar calquera modificación que se produza naqueles (nome e apelidos, cargo, teléfono e correo electrónico).

A ditos efectos encomendase á funcionaria Natalia Rodríguez Alvaredo, Xefa de Negociado de Rexistro, adscrita ao Servizo de Participación e Atención Cidadá as correspondentes xestións que realizará baixo a superior dirección da Xefa de servizo.

Datos asociados:

Teléfono: 982297161

Mail: registro@lugo.gal

- b) Proporcionar á Central de Contratación da FEGAMP tanta información e documentación lle sexa requirida en relación coa execución dos servizos contratados.
- c) Poñer en coñecemento da Central de Contratación da FEGAMP as demoras nos prazos de entrega, defectos na prestación dos servizos ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co contrato, para a adopción das medidas oportunas.
- d) Realizar a recepción dos servizos e efectuar o seu pago nos termos contemplados no contrato.
- e) En relación á facturación, proporcionar os seguintes datos que sexan procedentes: relativos á oficina contable, órgano xestor e unidade tramitadora (código DIR).
- f) Comprometerse a actualizar calquera dato de contacto ou facturación en canto este se produza.

5º.- Facultar ao representante da entidade para a formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente Acordo.

A adhesión á Central de Contratación da FEGAMP surtirá efecto a partir do día seguinte á data de toma do presente Acordo e manterá a súa vixencia

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

indefinidamente en tanto non se modifique, denuncie ou resolva por vontade dunha das partes.

6º.- Dar traslado ao Pleno do Excmo. Concello de Lugo aos efectos da súa ratificación.

7º.- Remitir este Acordo á FEGAMP aos efectos oportunos.”

2.- DITAME FAVORABLE, emitido pola Comisión Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto de Cidade, celebrada o día 23 de setembro de 2024.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Adherirse á Central de Contratación da FEGAMP, a fin de poder contratar os servizos postais e telegráficos que sexan contratados pola mesma.

SEGUNDO.- Adherirse ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos celebrado por dita Central de Contratación durante o prazo establecido no mesmo, incluídas as prórrogas que eventualmente se acorden, comprometéndose a adquirir as subministracións ou os servizos postais e telegráficos que a Central de Contratación da FEGAMP vai adquirir, nos mesmos termos e condicións de adxudicación do contrato.

TERCEIRO.- Emitir o correspondente documento de compromiso de reserva do crédito, conforme á estimación de prezo do servizo para a entidade que se recolle nos pregos de cláusulas administrativas.

A ditos efectos acórdase o compromiso de incluír nos Orzamentos 2025 e seguintes, o crédito necesario para dar cobertura ás obrigas de carácter económico que se desprenden da sinalada adhesión (crédito igual ou superior aos consumos

postais e telegráficos correspondentes ao exercicio anterior ao documento de adhesión).

CUARTO.- Con relación á adhesión específica ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos, a entidade obrígase a:

- a) Designar un órgano ou persoa de contacto para manter as comunicacións que procedan coa Central de Contratación da FEGAMP, así como notificar calquera modificación que se produza naqueles (nome e apelidos, cargo, teléfono e correo electrónico).

A ditos efectos encomendase á funcionaria Natalia Rodríguez Alvaredo, Xefa de Negociado de Rexistro, adscrita ao Servizo de Participación e Atención Cidadá as correspondentes xestións que realizará baixo a superior dirección da Xefa de servizo.

Datos asociados:

Teléfono: 982297161

Mail: registro@lugo.gal

- b) Proporcionar á Central de Contratación da FEGAMP tanta información e documentación lle sexa requirida en relación coa execución dos servizos contratados.
- c) Poñer en coñecemento da Central de Contratación da FEGAMP as demoras nos prazos de entrega, defectos na prestación dos servizos ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co contrato, para a adopción das medidas oportunas.
- d) Realizar a recepción dos servizos e efectuar o seu pago nos termos contemplados no contrato.
- e) En relación á facturación, proporcionar os seguintes datos que sexan procedentes: relativos á oficina contable, órgano xestor e unidade tramitadora (código DIR).
- f) Comprometerse a actualizar calquera dato de contacto ou facturación en canto este se produza.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

QUINTO.- Facultar ao representante da entidade para a formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente Acordo.

A adhesión á Central de Contratación da FEGAMP xurdirá efecto a partir do día seguinte á data de toma do presente Acordo e manterá a súa vixencia indefinidamente en tanto non se modifique, denuncie ou resolva por vontade dunha das partes.

SEXTO.- Dar traslado ao Pleno do Excmo. Concello de Lugo aos efectos da súa ratificación.

SÉTIMO.- Remitir este Acordo á FEGAMP aos efectos oportunos.

PROPOSICIÓNS

18/158 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 302/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL A APERTURA DO EDIFICIO DO CENTRO CULTURAL AUDITORIO DA CIDADE DE LUGO (Exp. 2024/G004/000581).- Vista a citada proposición do devandito grupo municipal, expresiva do seguinte:

“O pasado 23 de xuño de 2020 a actual alcaldesa, Paula Alvarellós, firma a formalización da acta de recepción do Auditorio de Magoi.

Pasou o 2020 e o goberno local estaba mais centrado nos seus desencontros que na xestión do Auditorio, chegando a propia concelleira Maite Ferreiro a dicir que o BNG “non ten nada que pintar” xa que o edificio foi recibido por Patrimonio, a pata socialista do goberno, e mentres non se arranxen as deficiencias “non se vai programar nada neste espazo cultural”.

No ano 2021 comezaron as desculpas, como que o edificio non estaba en condicións ou que ten o mesmo aforo que o auditorio Gustavo Freire. Mentres, en marzo o BNG anunciaba que xa tiña o nome sen estar consensuado co resto dos grupos. O ano avanzaba facendo mais notorio o desinterese do goberno local en buscar o modelo de xestión ou de poñelo en marcha, terminando coa valla do Auditorio aberta, danos na fachada con vidros rotos e a maleza rodeando toda a instalación. Mentres o goberno local seguía aumentando a cifra do investimento necesario para arranxar as deficiencias, falando xa de mais de 300.000 €.

No ano 2022 o único que cambiou con respecto o Auditorio foi a cifra do investimento necesario para a súa apertura: incrementábase proporcionalmente os días que a infraestrutura estaba pechada. Primeiro se falaba de 300.000 €, despois pasaba a 800.000 €, a 1M € e por último a 1.3M €, para quedar, finalmente, en 334.000 euros. Incluso a entóns Alcaldesa, Lara Méndez, chegou a anunciar que o inauguraría en febreiro de 2023, pero nada se sabía da programación ou da xestión. O único que non cambiaba era a campaña de oposición á Xunta de Galicia que o bipartito trataba de facer a costa do edificio.

Durante o ano 2023 o goberno local seguiu privando aos lucenses de poder gozar do Auditorio. A única información que se tiña era a dun cartel de obra no que figuraba a reparación das patoloxías, adxudicadas en xaneiro de 2023 por un importe de preto de 300.000 euros e un prazo de execución de catro meses, pero pasaba o ano e as obras non remataban nin se recepcionaban.

Pasaron 50 meses, mais de 4 anos, e mais de dicir 1.520 días, dende que a actual alcaldesa, Paula Alvarellos, firmase a formalización da acta de recepción do Auditorio de Magoi, o edificio segue pechado e nada se sabe da data de apertura do mesmo. Tampouco se o goberno local apostará pola xestión pública do edificio dado o carácter privatizador no que están inmersos.

Foron moitos anuncios, escusas, contradicións pero os lucenses seguen sen ter o Auditorio. Dende o Grupo Municipal do Partido Popular parécenos inaceptable que un investimento de mais de 20M € siga sen estar a disposición de artistas da cultura, os que aínda recentemente iniciaron unha campaña reivindicando a súa apertura.

Por todo o anterior, e dándolle voz a unha reivindicación social e cultural, ademais da deste Grupo Municipal do Partido Popular, traemos esta iniciativa a Pleno para que a Corporación Municipal ACORDE:

- Instar ao Goberno municipal a apertura do edificio do Centro Cultural Auditorio da Cidade de Lugo."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - Votos en contra: | 13 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo Partido Popular, a señora Colmenero.

DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN: Muchas gracias señora alcaldesa. Muy buenos días a todos. Parece increíble que a estas alturas, transcurridos ya más de cuatro años desde que la señora Alvarellos firmara el acta de recepción del nuevo auditorio municipal, todavía tengamos que estar aquí pidiendo su apertura, pero en esta ciudad es así. Hay temas que se le atragantan al Gobierno municipal, llámase Protectora, llámese playa fluvial, llámese rehabilitación de La Milagrosa, construcción de un polideportivo, finalización de las obras del casco histórico, llámese Auditorio de Magoi.

El Auditorio de Magoi es un ejemplo más, una de esas cuestiones que el Gobierno municipal parece sumamente incapaz de digerir. Se lo digo de todo corazón, sin pretender herir a nadie y desde el máximo respeto institucional que le tengo a un gobierno, en este caso al gobierno del municipio. Pero es que es una realidad, una realidad irrefutable, é indiscutible. Tienen ustedes las llaves deste edificio desde el 23 de junio del año 2020. Tienen ustedes las llaves desde hace cuatro años y tres meses que se cumplió el pasado lunes. El edificio está cerrado a cal y canto y desde entonces ningún lucense pudo sentarse en ninguna butaca ni subirse a ninguno de sus escenarios. Podería dedicar el tiempo de intervención a desgranar en como hemos llegado a esta situación, pero entiendo que es innecesario, uno porque los hechos son ya más que conocidos y, en segundo lugar porque llegados a este punto considero que lo más importante, lo que más les importa aos lucenses y lo que esperan que hagamos hoy aquí o que hagan ustedes, mejor dicho, es centrarse en resolver este asunto. Seguir dando vueltas a qué han sido incapaces de poner en marcha unha dotación que además había sido demandada por el propio Ayuntamiento, me parece que no suma ni ni aporta. Es por iso, señores concejales, les propongo también a ustedes que eviten volver y revolver en el pasado, les propongo mirar hacia adelante, hacerlo con rigor, con transparencia y sobre todo con sinceridad. Le ruego que abandonen las excusas, los victimismos y también los falsos anuncios sobre aperturas inminentes que nunca llegan a materializarse. Háblenos del futuro ¿Tienen pensado poner en marcha el edificio este año, en diciembre, como dice hoy la prensa, o es un nuevo farol? ¿Con qué programación cultural? ¿Con qué alcance? ¿Abrirá también la cafetería y el restaurante? El otro día el señor Arroxo nos anunciaba que el auditorio se abriría después de San Froilán, no se si tendría que haber dicho despues del Samaín. En todo caso, en que año? ¿este año? Señores concejales, Lugo capital de provincia

merece un centro cultural de primer nivel, un centro cultural donde se puedan mostrar de una forma más lucida nuestro talento local, como ocurre en otras ciudades donde podemos optar a unha programación de grandes espectáculos y circuitos culturales, donde podemos hacer también talleres, galas, conferencias y congresos. Lugo merece beneficiarse del impacto positivo que tendría en la economía local la puesta en marcha deste edificio. Lugo merece que este centro cultural municipal entre en funcionamento ya. Ustedes saben o deben saber que tanto vecinos como integrantes del sector cultural de esta ciudad y también de la provincia claman la apertura del nuevo auditorio municipal de Lugo, así que demuestren que están trabajando en ello y comprométanse hoy aquí a abrirlo, y díganos también cuándo, qué día, Navidades, qué día, 25 de diciembre, y cómo. Podían aprovechar su tiempo de intervención a contarles a los lucenses cómo va a ser gestionado, si por el Ayuntamiento, como anunció hoy la prensa, o si tienen pensado privatizar otro servicio. También sería de interés que nos digan que han hecho durante todo este año, porque las obras de reparación de deficiencias remataron en noviembre del 2023, casi nueve meses, nueve meses, casi un año, que no tenemos una justificación pública de por que este auditorio continúa cerrado. Muchas gracias.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas señora Colmenero. Ten a palabra polo goberno dona Ana González Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Grazas, señora alcaldesa. Benvidas as novas incorporacións e as reincorporacións, que para min tamén é un gusto velos hoxe, ter todas as bancadas cheas.

E sen máis, señora Colmenero, vostede di que abrir un centro público é cuestión de ter unhas chaves. Non é cuestión de ter unhas chaves, e nós non somos..., actuamos como unha administración responsable e non nos levantamos pola mañá dicindo: que capricho teño, non vou abrir o auditorio. Vostede pensa que nós pensamos así? que nos levantamos e que non nos dá a gana de non abrilo? Se non se abre é porque ten unha serie de requirimentos, sexan técnicos, sexan de avarías, pero o que temos claro é que se deben revisar todos eses aspectos que non comprometan a apertura, e que se procederá a abrir logo dos perceptivos axustes que garantan o uso sobre todo seguro, é bo para o uso público para o que se establece e despois tamén hai que darlle contido. Entón, non é tan simple como ter unhas chaves. E vou rematar a miña intervención dirixíndome ao que vén hoxe en prensa, porque é a realidade e a verdade, que a responsabilidade do goberno, que traballa niso, para o mes de Nadal é a apertura do novo auditorio. Está prevista e seguimos traballando para axustar todos estes requisitos, que son pertinentes, e non é só ter unhas chaves no peto e abrir unha porta.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas señora Abelleira. Ten a palabra novamente a señora Colmenero.

DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN: Pues dicen en prensa y continúan diciendo aquí que van abrir en Navidades un evento único. No sé si nos van traer a Shakira, esperemos que no ocurra como lo sucedido en las semanas previas a las pasadas elecciones municipales, cuando el Gobierno decía en los medios que la inauguración del auditorio iba ser inminente, pero pasada la cita con las urnas de lo dicho, nada. En todo caso, aplaudimos la noticia, no notición, porque les habrá llevado cuatro años y seis meses inaugurar un edificio totalmente rematado y equipado. Nos dicen que están trabajando y que tienen previsto abrir en diciembre. Quiero pensar que tanto no trabajan ustedes, porque con el escaso resultado obtenido si han trabajado mucho, parece evidente que este asunto les supera. En todo caso, si están trabajando en ello, me gustaría que hicieran el esfuerzo de darnos una fecha concreta y también que hicieron el esfuerzo de decirnos que es en lo que han avanzado. Como les decía antes, las obras de reparación acabaron el año pasado, las obras de reparación que se presumía que iban costar más de un millón de euros y quedaron en poco más de 300.000, que han hecho durante todo este tiempo, 10 meses? El auditorio está listo ya para abrir? En todo caso, quieren ponerlo en marcha, sean sinceros, este año o es un nuevo farol? ¿Con qué programación cultural? ¿Y con qué alcance? ¿La cafetería y restaurante, las salas de exposiciones también? ¿El Área de Cultura tiene elaborado alguna programación, cual va ser el procedimiento de elección del nombre? ¿Va a participar la ciudadanía? En los presupuestos del 2024 non hai ningunha partida específica para esta dotación, ¿Han hecho unha estimación de los costes de lo que supondrá abrir este edificio? En todo caso, señores concejales, los vecinos de Magoi nos han pedido que insistamos en que se abra esta dotación cultural, Piensan que se ha perdido una oportunidad única para impulsar el desarrollo del barrio, los representantes do sector cultural de Lugo también avalan esta demanda histórica de forma unánime, en las últimas semanas también piden que se ponga en marcha. Todos sabemos que la puesta en marcha deste centro cultural sería una excelente noticia para Lugo y qué dispondríamos de un espazo digno e de primer nivel onde mostrar nuestro talento local.

En el Partido Popular hemos iniciado una campaña de actividades de pancartas, vallas publicitarias... con el fin de reclamar esta apertura. Con este tipo de actos simbólicos pretendemos presionarles, no sé si lo lograremos, para que recuerden que hai unha petición social y cultural clamando que se abra esta infraestructura. Presentamos hoy en ese sentido también esta moción, y, desde luego, si lo abren en diciembre habrá valido para algo, aunque cuatro años y seis meses habrá sido castigo suficiente con este edificio cerrado. Terminó en todo caso mi intervención con una frase en gallego: A ver se me atende o BNG: PSOE e BNG abride ao auditorio xa.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas señora Colmenero. Ten a palabra polo goberno a Sra. González Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Non tiña pensado dicir nada máis, pero faltoulle dicir que ademais dos veciños de Magoi, os veciños de todo Lugo, o

sector cultural, o goberno de Lugo tamén quere abrir o Auditorio. É, como vexo que están moi interesados, esta campaña está chegando ao seu fin, a ver cal buscan agora para seguir poñendo os letreiros, porque esas campañas tan significativas que lles auguro, que van ter que ir buscando outra.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. O que si lle vou dar unha primicia, señora Colmenero, se quere primicias: non vai actuar Shakira. Esa si que lla dou. Evidentemente, os tiros non van por Shakira ou por ese tipo.... que. ben, son moi respectables e tal, pero creo que a apertura do Auditorio de Lugo merece outro tipo de espectáculos. Doulles a primicia: non vai actuar Shakira.

E tamén quería facer unha matización respecto dos 20 millóns que falan na súa proposición. Ata niso non din a verdade, faltan á verdade constantemente, pero está niso, ademais o poñen aí impunemente, 20 millóns que investiu a Xunta de Galicia no novo auditorio, 20 millóns de que? Claro, probablemente vostede non o sabe, señora Colmenero, pero dígollo eu, todo o que foi dotación se pagou coas exencións e bonificacións fiscais que se lle deron á Xunta de Galicia nos seus edificios que estaban en toda a cidade. É dicir, en vez de poñer nós o diñeiro, o que fixemos é non cobrar todas esas taxas que bonificamos, que aínda están ata o ano 2026. Polo tanto, non falten á verdade, digan a verdade, e non podemos volver atrás, pero non nos cansaremos tamén sempre que nos pregunten de contestar. O que si é certo, que se vai abrir o Auditorio no mes de Nadal. E queremos recordar, aínda que sexa someramente, que se nos entregó un edificio nun estado deplorable cunha execución, un edificio moi bonito, por certo, un edificio impresionante, espectacular, creo que sobredimensionado para a nosa cidade, pero un edificio espectacular, pero cunha execución técnica deplorable, que lles custou aos lucenses máis de 500.000 euros.

Señora Carballas, vaia facendo conta, vaia sumando, 500.000 euros para Auditorio. Aí van tamén os diñeiros de todos e todas as lucenses, porque nos entregaron un edificio que era como un queixo de gruyère, máis ou menos así aproximadamente, e, polo tanto, polo menos, digan a verdade, non son 20 millóns, están faltando á verdade constantemente. Como se entregou ese edificio, é o que dixer, Shakira non vai actuar en Lugo. Moitas grazas. Imos á votación...

DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN: ... Quédame a última intervención...

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: ... Perdoe..., ah, claro,... quere facela? ... Descúlpeme, pero nese caso, sempre que ocorra algo, porque pode haber algún erro, avísenme e paro, vale? Moitas grazas. De todas formas, doulle a palabra é se quere continuar. Perdoe. É máis, tiña dúbidas e pregunteillo a secretaría, non lle estou botando a culpa á secretaria, pero eu tiña dúbidas e pregunteille, e pasoulle igual ca min e por iso o fixen...

DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN: ... Pues si se me deja entonces este minuto, lo que les pido es que sean responsables y que voten a favor de esta

iniciativa del Partido Popular, que no se encaprichen en un no pueril, porque los vecinos y los ciudadanos lo que queremos es un compromiso, un acuerdo plenario y no un nuevo brindis al sol. Así que comprométanse hoy aquí abrirlo y que apoyen esta moción. Muchas gracias.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Colmenero, e desculpe. Imos proceder á votación.

19/159 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 303/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA RECLAMAR MAIOR SEGURIDADE VIARIA NAS ESTRADAS, TITULARIDADE DA XUNTA DE GALICIA, AO SEU PASO POR LUGO (Exp. 2024/G004/000591).- Vista a referida proposición, expresiva do seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza conta cunha importante rede de estradas que comunica os principais núcleos de poboación coas cidades galegas. No caso de Lugo, as estradas LU-530 (Lugo–A Fonsagrada), LU-612 (Lugo–Portomarín) e LU-232 (Lugo–Friol), que forman parte da rede galega, requiren da Xunta unha actuación que garanta a seguridade non só dos vehículos, senón tamén dos peóns que día a día a utilizan nos seus desprazamentos habituais.

A estrada da Fonsagrada conta cunha intensidade media diaria de 10.311 vehículos no seu punto de medida máis próximo ao barrio de Castelo. Este barrio, que está dividido polo percorrido da vía, está a contar cunha importante mobilización veciñal para reclamar melloras, como unha nova limitación de velocidade (pasando a 50 Km/h en lugar dos 70 Km/h actuais), xunto coa instalación de pasos de peóns para evitar que as persoas, especialmente as de avanzada idade ou con problemas de mobilidade teñan que cruzar para chegar ás paradas de bus.

As estradas de Portomarín e de Friol, malia que contan cunha mellor limitación da velocidade nos núcleos de poboación, teñen tamén deficiencias á hora de facilitar o acceso ás paradas de bus urbano. No caso da LU-612, só se atopa un paso de peóns ao comezo do percorrido, na intersección coa Estrada Vella de Santiago, dificultando o acceso da veciñanza de Piúgos e do resto de núcleos de poboación ás paradas de bus, mentres que a LU-232 non conta con ningún paso de peóns, malia que esta estrada conta con cruzamentos do Camiño Primitivo.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG propón ao pleno da Corporación o seguinte **ACORDO**:

A Corporación Municipal de Lugo insta á Xunta de Galiza a realizar as seguintes intervencións nas estradas de titularidade galega:

* LU-530 (Lugo–A Fonsagrada), á altura do barrio de Castelo, reducir os límites de velocidade a 50Km/h, instalar dous pasos de peóns preferentemente regulados por semáforo á altura das paradas de bus e comunicar o barrio de Castelo cunha beirarrúa que una San Eufrasio co Carqueixo.

* LU-612 (Lugo–Portomarín), á altura do barrio de Piúgos, habilitar pasos de peóns que garantan o acceso seguro ás paradas de bus da zona

* LU-232 (Lugo–Friol), habilitar pasos de peóns para garantir a seguridade, especialmente nos puntos de cruce do Camiño Primitivo."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- Votos a favor:	13	dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- Votos en contra:	12	do Grupo Municipal do Partido Popular.
- Abstencións:	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

INSTAR á Xunta de Galiza a realizar as seguintes intervencións nas estradas de titularidade galega:

* LU-530 (Lugo–A Fonsagrada), á altura do barrio de Castelo, reducir os límites de velocidade a 50 Km/h, instalar dous pasos de peóns preferentemente regulados por semáforo á altura das paradas de bus e comunicar o barrio de Castelo cunha beirarrúa que una San Eufrasio co Carqueixo.

* LU-612 (Lugo–Portomarín), á altura do barrio de Piúgos, habilitar pasos de peóns que garantan o acceso seguro ás paradas de bus da zona

* LU-232 (Lugo–Friol), habilitar pasos de peóns para garantir a seguridade, especialmente nos puntos de cruce do Camiño Primitivo.

DELIBERACIÓN

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moi ben, ten a palabra o portavoz do Bloque Nacionalista Galego, don Rubén Arroxó.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Moitas grazas, alcaldesa, e moi bo día a todas e a todos. Ben, traemos aquí unha proposición que entendemos que é de total sentido común e que se refire ás estradas que son titularidade da Xunta de Galiza ao seu paso por Lugo, pero en concreto a tres, en concreto a tres, porque

son as que leva habendo tempo demandas veciñais da mellora de seguridade por cuestións que son bastante evidentes, que son estradas que atravesan barrios ou parroquias polo medio e que non teñen puntos seguros para poder cruzar ou incluso para poderse desprazar ao longo deste vial a pé. Ben, nestas últimas datas, especialmente, pois levan reivindicando veciños e veciñas de Castrelo, cos cales tivemos diversas reunións, e levan reclamando cousas que, como dicía antes, son de auténtico sentido común. Queren pasos de peóns para poder cruzar con seguridade. O barrio de Castelo está totalmente dividido pola estrada da Fonsagrada e cando queren pasar dun lado do barrio ao outro, ben sexa para ir a outra casa, ben sexa para ir a algún dos bares que hai alí ou para outro tipo de cuestións, ou mesmamente algo que fan todos os días cando baixan na parada de bus ou teñen que collelo e viven do outro lado, teñen que cruzar, pois é un auténtico perigo. E véñse imaxes pois a verdade bastante delicadas, como ver sobre todo persoas maiores con problemas de mobilidade, con bastóns, tendo que cruzar a estrada polo medio, e ademais nunha situación, bastante perigosa, porque hai zonas nas que chega a haber entre os carrís de incorporación e demais o ancho de catro carrís, entón é unha situación na que se crean serios problemas de seguridade. No barrio de Castrelo tamén sería necesario reducir a velocidade. É certo que despois de que se presentase esta moción, despois de que os veciños e veciñas estivesen reclamando, no cal chegaron incluso a facer un corte da estrada da Fonsagrada se puxeron sinais de 50, onde antes poñía de 70. Tamén cómpre dicir que non están ben postas porque hay accesos que dan para esa estrada nos cales non se ve a sinalización de 50, porque non se puxo en todos os lugares que había. En todo caso, cremos que é un pequeno avance, pero que está moi lonxe do que hai que acadar. Hai que poñer elementos que realmente calmen esa velocidade, que reduzan esa velocidade, porque vemos que con só co sinal no se está conseguindo o obxectivo buscado. Tamén é necesario no barrio do Castelo poder ter sexa unha beirarrúa, sexa unha senda peonil, como a que se fixo, por exemplo, na estrada de Portomarín, que poida comunicar todo o barrio, sobre todo desde San Eufrasio ao Carqueiso para que a xente poida camiñar ao longo dela. Pero non só é Castelo, estamos, tivemos nós, de feito, xuntanzas con veciños e veciñas doutros sitios que tamén vían perigoso estas estradas. Outro dos casos é a estrada de Portomarín, sobre todo, nas zonas de Piúgos e Soñar, É certo que aí, no que alberga parte de Piúgos, que unha zona que, á parte quedou bastante urbanizada, está case convertida nun barrio nalgunhas partes, teñen unha senda peonil, pero non pode cruzar, e teñen o mesmo problema cando queren ir á parada de bus, cando queren ir á igrexa, simplemente cando queren cambiar de casa pois se atopan co problema de que non hai un sitio seguro polo que cruzar e, polo tanto, sería necesario pódelo facer aí.

E tamén é rechamante outro caso, como é na estrada de Friol, no que son as parroquias sobre todo do Veral e Santa María Alta, que se atopan cunha situación semellante. Pero hay un punto, é moi curioso, que é onde está o cruzamento do Camiño Primitivo. No cruzamento do Camiño Primitivo viamos, sobre todo, neste verán, que houbo un número moi considerable de peregrinos que pasaban pola

cidade de Lugo, que cando cruzaban por aí, pois se atopaban que non tiñan tampouco un punto seguro polo que pasar.

Ben, eu ante isto, cremos que son intervención menores. Estamos a falar de pintar pasos de peóns, nalgúns casos facer unha senda peonil ou unha beirarrúa, son cuestións bastante menores que mellorarían moitísimo a seguridade de centos de veciños e veciñas de Lugo e que, polo tanto, cremos que debería ter tamén o apoio unánime desta Corporación.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Arroxó. Ten a palabra, polo Partido Socialista, a súa voceira Ana González Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Explicadas perfectamente esas tres vías, aínda que sabemos, e todas e todos sabemos que coñecemos que hai outras que se poderían ver afectadas, eu fago extensible a toda a rede viaria autonómica e tamén lle dou a benvida a esa nova, que en maio saíu na que a Xunta ía investir, por fin, despois de catro anos, porque rematou unha estratexia de actuación en tramos de concentración, de accidentes no ano 2020 e non se volveu acordar, ata o 2024. Polo tanto, doulle a benvida a esa nova, espero que todas esas estradas nas que se vai investir 23 millóns de euros, que teña en conta as peticións do Pleno de Lugo de aprobarse esta moción.

Simplemente, destacar, porque despois desa reunión que tivo o delegado da Xunta en Lugo con veciños de Castelo, pediría que falara co seu presidente, porque o señor Rueda di unhas cousas e o señor Arias di outras. E dicir, coma sempre, para o delegado da Xunta de Lugo a solución para a veciñanza de Castelo é traspasarlle esa vía ao Concello de Lugo, é dicir, coma sempre: a Xunta con Lugo non quere asumir ningunha das súas responsabilidades e que as asuma o Concello, esa vía en perfecto estado, iso di o señor Arias, porque ademais tamén di que as peticións que se levan hoxe dende o Pleno xunto coas peticións veciñais que non se poden levar a cabo nese tipo de vía interurbana. Iso é o que pon a nota de prensa do señora Arias. Porén, na estratexia que aproba o goberno galego, o señor Rueda, pois di que engloban melloras do firme de sinalización e balizamento, dos sistemas de contención, de iluminación e pasos de peóns. Polo tanto, o señor Arias o único que quere escorrer o vulto, e o señor Rueda pois a ver se é verdade que inviste nestas estradas e conseguimos que as zonas interurbanas de Lugo sexan máis seguras.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Abelleira. Polo Partido Popular, ten a palabra o señor Cabarcos.

DON MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Grazas, alcaldesa. Bo día a todos. Vou comezar a falar da proposta pola primeira estrada, que é a que máis se refiren no texto da proposición, onde solicitan reducir o límite de velocidade e dous pasos de peóns e unha beirarrúa entre San Eufraxio e O Carqueixo. O primeiro tramo dende

o punto quilométrico cero ata o 850, é un tramo de titularidade municipal que se incorporou recentemente onde a velocidade máxima de 30 quilómetros por hora. Dende o 850 ata o 1.850 onde está a gasoleneira, a velocidade máxima xa vén sendo dende hai moito tempo de 50 quilómetros hora. Pero a maiores desa velocidade limitada, hai unha sinalización de advertencia de perigo pola presenza de peóns; hai sinalización de velocidade recomendada inferior á máxima permitida, hai un paso de peóns, hai reforzo horizontal de velocidade máxima pintado no chan na rúa, na estrada, e bandas transversais con sinais verticais tamén de advertencia, quere dicir que é unha zona abundantemente sinalizada. Dende este punto, onde se atopa a gasoleneira de GALP a este, onde se atopan a xeneralidade ata o 2.750, onde está a glorieta da rolda Leste, a velocidade máxima é de 70 quilómetros, era de 70 quilómetros hora ata hai ben pouco, un día despois de terse solicitado polos veciños, a Xunta ampliou o tramo coa limitación de 50 quilómetros hora ata este punto, ata a altura de intersección coa LU-P2927. Por certo, falan dun elevado paso de vehículos por este tramo de estrada, superior a 10.000 diarios, segundo di a súa proposición, e vostedes din que supón un problema para a veciñanza e efectivamente unha intensidade de tráfico tan importante é un problema, pero ten un pouco que ver coa incongruencia que leva tempo desenvolvéndose no goberno local de proxectar, incorporar ao planeamento urbanístico en vigor unha vía de alta capacidade, que tal como contempla o vixente PXOM, deseñarase para pechar os extremos da terceira rolda e desconxestionar de tráfico ás vías radiais como a que atravesa efectivamente o núcleo de Castelo. Entón, poden ter que explicar agora mesmo aos veciños de Castelo por qué non se pode reducir o tráfico alí, porque a mellor das solucións dende o goberno municipal é non incorporar ningunha outra vía que pode desconxestionar iso, e sabemos de que vía falamos. A estes mesmos veciños aos que a Xunta deu resposta rapidamente para axustar a velocidade da estrada no seu núcleo, explicou que existen exixencias normativas, rixidas e importantes, para incorporar un paso de peóns nunha entrada interurbana como esta e como as outras das que imos falar.

Estás esixencias de seguridade contemplan, Instrución 1/2024, para a implantación de novos pasos de peóns na rede autonómica de estradas, que non só é preciso que exista un cruzamento habitual de peóns, como sucede aquí, que tampouco é suficiente con que a frecuencia de paso de vehículos sexa elevada, que tampouco é suficiente con que sexa un treito urbano, como efectivamente xa practicamente é ou de só núcleo rural, como efectivamente aínda o é, só de núcleo rural, e que a velocidade legal sexa menor ou igual 50, como agora xa hai en todo o tramo, é que a maiores, a maiores disto, ten que ser a circulación peonil segregada. Iso significa que ten que haber beirarrúas ou sendas peonís a ambas as marxes e de xeito continuado. Isto é un exixencia normativa, e tamén que se exista iluminación pública en ambas as marxes en todo o tramo. E por que existen estas exixencias?, porque temos que ter coidado de que, pretendendo facer unha mellora, acabemos tendo un problema, como recorrentemente vén ocorrendo nalgunha das intervencións que se veñen practicando na mobilidade lucense. Non prevendo todas as consecuencias, como está moi presente nalgunha intervención que se fixo no eido urbano de Lugo, colocar un paso de peóns onde non se dan as garantías

para un paso seguro pode xerar unha falsa seguridade de paso para os peóns, que sexa máis perigoso que a ausencia do paso de peóns. Entón, dito que é positivo, controlar dun xeito máis axeitado a circulación neste tramo diario, e para solucionar as limitacións que afectan a este tipo de estradas, a Xunta de Galicia, xa o sabe, amosa a dispoñibilidade para transferirle este tramo ao Concello de Lugo, que de feito urbanisticamente xa está incorporado á cidade, xa é un rueiro máis. Para que a Administración municipal poida actuar, poida adoptar as actuacións que reclama con tratamento de tramo urbano que non ten tantos problemas como o de tramo interurbano. Entón, igual que ocorreu co primeiro tramo que xa se incorporou, invitamos a que incorporen o resto das vías e poidan desenvolver actuacións que se poidan englobar dentro das intervencións de mobilidade do resto da cidade. E na seguinte intervención falo das outras dúas solicitudes.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas señor Cabarcos. Ten a palabra novamente o voceiro do Bloque, don Rubén Arroxo.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Preocúpame un pouco esta intervención, porque eu creo que..., non sei se o resto interpretou o mesmo, pero eu o que interpretei claramente é que o Partido Popular non quere facer eses pasos de peóns, non quere mellorar a seguridade. A min quedoume clarísima esta intervención, porque se usaron ademais argumentacións bastante curiosas. Unha delas é que, claro, pasan por aí 10.000 vehículos diarios. Por certo, chamoume a atención que se utilice ese argumento para defender que se destrúa un quilómetro do parque do Rato e cando, por exemplo, 10.000 vehículos diarios pasaba máis antes da peonalización da Mosqueira pola rolda da Muralla e non pasaba nada, había semáforos, os peóns podían cruzar, non había ningún problema, desapareceron, efectivamente coa peonalización, pero pasaban e non había ningún problema. Pasan máis de 10.000 vehículos diarios, non hai ningún problema para poñer un paso de peóns. De feito, vostede mesmo acaba de dicir na súa declaración, gran contradición, que hai un paso de peóns entre o tramo dos 850 metros aos 1.850 metros, hai un paso de peóns e non pasa nada. Evidentemente, ten que ir ligado a unha beirarrúa, evidentemente agora estamos vendo como se cruza dunha parada de bus á outra, podemos vendar os ollos e facer que non pasa nada, por un sitio que non hai paso de peóns, algo que hai que solucionar porque está pasando xente maior, xente con problemas de mobilidade, e iso hai que solucionalo. Polo tanto, é algo que se pode facer, é algo que se pode facer, e que se debe facer, non é que se poida, é que se debe. E, home, o que me chama a atención destas cousas é que cada vez que pedimos algo que ten todo o sentido común, o Partido Popular o que di é que se lle transfira ao Concello. O primeiro tramo transferíuselle por unha razón moi concreta, que era que había que facer unha rotonda na intersección coas Fontiñas, que a normativa de estradas autonómicas non permitía cos radios que ten para rotondas, que collese alí unha rotonda e por iso se transferiu por unha cuestión moi concreta, técnica, non é o caso este, non é o caso este. A Xunta pode facer as beirarrúas e pode facer os

pasos de peóns, porque, senón, o que acabamos aceptando é que cada vez que haxa un problema, a Xunta diga pois pásollo ao Concello, e que o seguinte vai ser que pidamos aquí ou traíamos unha moción pedindo que se poñan máis médicos para un servizo do HULA, é que o Partido Popular diga que se lle transfira ao Concello. É ao que imos camiñando... Cada un terá que asumir as súas responsabilidades. Esta é unha estrada titular da Xunta. Hai un problema na estrada, e a Xunta ten que resolvelo. Non dicirlle que o colla o Concello e que o solucionen eles. A ver, é que, se non, a ver, se non queren gobernar, se o Partido Popular non quere gobernar na Xunta, que diga: mira que non queremos gobernar, ou queremos disolver a Consellería de Infraestruturas e pasarlles aos concellos todo, co orzamento, evidentemente, porque, senón, só faltaría. Pero, home, é que isto persoalmente paréceme, non sei, non sei o que me pareza, non vou dicir o que me parece, pero acabase dando a impresión de que o que quere, ou máis ben o que non se quere, é mellorar a seguridade neste punto.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas señor Arroxó. Ten a palabra novamente a voceira do Partido Socialista, dona Ana González Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Ben, ao mellor non utilicei termos tan académicos e tan bonitos, que locen ben, pero o que veñen dicir é que non queren mellorar a seguridade, porque é un tramo complicado, que resulta que é propiedade da Xunta de Galicia, pero non me quero meter neste follón, dirá a Xunta de Galicia, e entón ímosllo dar ao Concello de Lugo e que sexa el quen lles diga aos veciños e ás veciñas, concretamente de Castelo, como xa lles dixo o señor Arias, que non o podían facer. Non é verdade que non se poida facer, ten uns requisitos, pero que tamén tería para o Concello de Lugo. É dicir, se queren reducir os riscos das estradas autonómicas, que son interurbanas e que polas que circula tanto tráfico, traballen, é como lles dicía o portavoz do Bloque Nacionalista Galego, senón o queren facer, deixen a outros, é gobernar. E aproveitando, xa que me toca tamén, e todas as obras que se están facendo de acondicionamento das estradas autonómicas, aproveito para pedirllas que, xa de paso, que retiren sinais, que as volvan colocar, porque máis nada creo que é función da Xunta de Galicia ter sinalizadas tamén as súas obras. Falo, concretamente, da de Friol, onde se están poñendo todos eses espazos para os autobuses.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas señora Abelleira. Ten a palabra o portavoz do Grupo Municipal Popular, Señor Cabarcos.

DON MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Ben, pois non sei exactamente a qué sinais se refire, pero seguro que se son preceptivas de colocación, colocaranse despois unha vez que se repoñen ou non sei cal é o motivo ao que apela vostede. Falarei entón destas dúas outras estradas nas que hai demandas de colocación de

pasos de peóns, que concretamente son LU-612, Lugo a Portomarín. Aquí teño que lembrar que a Xunta de Galicia acaba de executar no ano 2019-2021 un itinerario seguro para os peóns, que vostede xa citou, separados da calzada de case dous quilómetros de lonxitude que supuxo un investimento moi importante de medio millón de euros, e que uniu precisamente este núcleo, Piúgos, coa estrada vella de Santiago e, finalmente, con Lugo. A Administración autonómica, titular da vía, apoia lóxicamente, o tránsito peonil e a seguridade no núcleo. Entón, por iso, ten a nosa emenda de substitución para dicirles que, por favor que veñan con deberes feitos e non son con ideas non definidas, é que concreten exactamente onde solicitan a colocación dos pasos de peóns con garantía e seguridade, e que, como dixen no caso da estrada da Fonsagrada, a colocación dun paso de peóns esixe, ademais do cruzamento habitual de peóns e un paso de vehículos elevado, condicións normativas engadidas.

No que respecta a outra, a LU-232, de Lugo Friol, vostedes solicitan tamén paso de peóns, o que pasa é que neste caso non concreten moito e refírense especialmente aos puntos de cruzamento do Camiño Primitivo. Aquí, novamente volvo dicir que a Xunta de Galicia está a acometer continuas melloras na seguridade do camiño na súa confluencia con estradas de titularidade autonómica e que suman 22 xa os puntos intervidos nos últimos catro anos, por un importe de máis de tres millóns de euros. Estas intervencións consistiron na construción de sendas, reforzo de sinalización, elementos reflectantes, carteis de perigo e sinais verticais, E, como dixen antes, para non xerar un problema onde non existía, tamén unha vía con criterios técnicos de intervención que mellora e non minora a seguridade para os peóns. Entón, por responsabilidade, debe ser prioritario neste asunto, efectivamente, esta responsabilidade e o sentido común, ao que apelaba vostede na primeira intervención, que para garantir a seguridade viaria para peóns e automóbiles falemos de condicionar o apoio do grupo municipal do PP, a aceptación da seguinte emenda: Que é a disposición por parte do Concello para asumir a transferencia do tramo da LU-530 no seu paso polo núcleo de Castelo, como ocorreu no seu primeiro tramo, para desenvolver todas as medidas posibles que permita a súa condición de vía urbana de titularidade xa municipal e con iso para mellorar a convivencia e o alto ao tráfico soportado e a circulación de peóns. E, por outra parte, nos outros dous casos, a achega dunha análise previa por parte do Concello do cumprimento das medidas de seguridade, onde solicita a súa implantación por parte da Xunta de Galicia e concretando de localización dentro do trazado destas dúas estradas.

Entón, amosando a postura positiva e favorable da Xunta de Galicia para colocar estes pasos peóns nos dous últimos casos, solicitamos a aceptación desta emenda para pronunciarnos favorablemente.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas señor Cabarcos. Última quenda para o portavoz do Bloque Nacionalista Galego, don Rubén Arroxó.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: A ver, con todos os respectos, nesta emenda, a primeira, ao primeiro punto, pois xa o comentei na intervención anterior. Con respecto ao segundo punto, eu quixera que se lle dese unha volta, que se reflexionase o que aquí se escribe. Imaxinemos que, por exemplo, o Partido Popular presenta unha iniciativa na que lle inste ao Concello de Lugo a mellorar a seguridade na avenida da Coruña, por poñer un exemplo, que pode estar ben, é que nós o que dicimos é pois presentamos unha emenda, e, dicimos: exiximos unha análise rigorosa por parte da Xunta de Galiza para poder mellorar a seguridade dos veciños da avenida da Coruña, que é unha estrada titular do Concello. Non ten xeito. A estrada, o titular neste caso é a Xunta, quen terá que facer os estudos de seguridade será o titular da estrada. Non ten ningunha lóxica nin nunca se fixo, que eu saiba, que sexa outra Administración que vaia alí a facer un estudo, unhas medicións e todo o que sexa necesario. Eu creo que foi unha idea que xurdiu, que non se analizou ben e que se debería revisar. Evidentemente non imos aceptar.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Grazas señor Arroxó. Polo tanto imos votar.

NOTA: Durante o debate do seguinte asunto (20/160) o concelleiro DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ auséntase da sesión e non está presente no momento da votación, polo que, de conformidade coa sinalado no artigo 74.4 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, para os efectos de votación entenderase que se abstén.

20/160 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, NÚMERO 304/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A RECTIFICAR A SUBA DO CANON QUE O CONCELLO DE LUGO ABONA A SOGAMA POLA XESTIÓN DOS SEUS RESIDUOS (Exp. 2024/G004/000602).- Vista a referida proposición, expresiva do seguinte:

“A sociedade Xestora de residuos de Galicia SOGAMA que xestiona os residuos de 295 concellos galegos estableceu en 2019 a bonificación do 10% no canon de lixo aos Concellos que se comprometeran a reducir o volume de lixo e envases lixeiros así coma a repercutir esta rebaixa nos recibos á veciñanza.

Desta proposta beneficiáronse os Concellos galegos que reduciron a cantidade de lixo xerado cumprindo un dos principios fundamentais na xerarquía de residuos, polo tanto facendo ben os deberes medioambientais.

Na lei de acompañamento dos orzamentos 2023 coñecíamos a intención de SOGAMA de suprimir esta bonificación amparándose no aumento dos custos de luz e gas das súas instalacións, pero ante a resposta social e por parte dos concellos

que esta medida ocasionou, finalmente o goberno galego tivo que recuar e substituíu esta medida pola bonificación do 15% condicionada esta vez especificamente á implantación do contedor marrón e ao traslado aos recibos da rebaixa.

No pasado mes de Xuño de 2024 SOGAMA anunciou a eliminación desta bonificación do canon para os meses que quedan de 2024.

A consecuencia disto dende o mes de Xullo a taxa de SOGAMA aos Concellos quedou fixada en 66 euros por tonelada suprimindo ademais a rebaixa do 15% da que se beneficiaban 118 municipios pola implantación do contedor marrón.

Esta cantidade de 66 € calculouse facendo unha media cos 68,05 euros de xaneiro a xuño e os 88,05 euros estimados para a segunda metade do ano.

A media serían 78 euros pero lle restan os 12 euros procedentes do fondo de cooperación local.

Neste momento o goberno galego está a aplicar esta suba a pesar do malestar existente nos concellos e anuncia novamente que no ano 2025 incrementará a cota que pasará dos 66 euros actuais a 108 €, o que vai ocasionar un gran impacto nas arcas municipais e en consecuencia tamén no recibo da veciñanza.

O motivo que alega a entidade para xustificar esta suba é o imposto estatal regulado na Lei 7/22, de 8 de abril, de *Residuos y suelos contaminados* que provoca uns sobrecostos imposibles de asumir, botando a culpa disto ao goberno de España.

A realidade é que esta lei ven regular un imposto que impón unha Directiva Europea do ano 2018 que grava a incineración e o depósito en vertedoiro por ser as formas medioambientalmente menos recomendables para a xestión de residuos e que na actualidade son as formas preferentes de SOGAMA (Incineración 60%; Vertedoiro 21%).

Isto obriga a SOGAMA ter que asumir o imposto pola súa obsoleta xestión e por non ter mudado en todo este tempo (dende o ano 2010) a forma de tratar os residuos.

Pero a pesar desta carga impositiva (cuxa recadación está transferida á Xunta de Galicia) nos orzamentos da Xunta 2024 se estima que a empresa terá uns beneficios anuais de aproximadamente 300.000 € polo que non é certo que sexa deficitaria.

A Xunta non está a cumprir as recomendacións europeas no referente á xestión de residuos e isto fai que esteamos moi lonxe de cumprir os obxectivos de redución e reciclaxe marcados.

Dende o grupo municipal socialista denunciámos esta situación e esiximos ao goberno galego que mude a súa política de xestión de residuos cara unha xestión descentralizada con plantas de proximidade; e primando a redución e a reciclaxe fronte á incineración e o depósito en vertedoiro, axudando economicamente aos concellos para a implantación do contedor marrón ou formas análogas de tratamento diferenciado dos residuos orgánicos.

E por suposto non grave aos concellos que levan dende o ano 2019 facendo os deberes cumprindo os compromisos medioambientais coa supresión do 15% da bonificación do canon. Nin utilice o fondo de cooperación local, cuxo obxecto é levar a cabo investimentos nos diferentes concellos, para compensar o gravame derivado da súa nefasta xestión.

Dende o grupo socialista mostramos a nosa oposición a esta decisión por entender que existen outros mecanismos que evitarían os sobrecustos que unha xestión obsoleta está a producir e a vía para asumilos non pode ser repercutilos na cidadanía.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo do PSdeG-PSOE no Concello de Lugo presenta a Corporación os seguintes puntos de acordo:

1. Manter o canon establecido aos concellos galegos adscritos á xestión de residuos en Sogama de 66,00 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.
2. Manter a anterior bonificación do 15% deste canon unitario, cos mesmos requisitos, resultando así un canon bonificado de 56,10 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.
3. Que se reparta a contía de 12.100.000 millóns de euros en concepto de Fondo Ambiental entre todos os concellos galegos, utilizando como criterio de reparto o número de toneladas depositadas por cada concello. Trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraído do Fondo de Cooperación Local.
4. Que achegue a SOGAMA a cantidade total recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a co-incineración de residuos para implementar bonificacións no canon dos concellos. Deste xeito, cumprir os obxectivos marcados coa creación deste tributo, como poden ser:
 - 4.a. Promover a redución da produción de lixo e/ou incrementar a reciclaxe dos envases lixeiros.

4.b. Trasladar esta rebaixa aos recibos da veciñanza e implantar a recollida separada da materia orgánica.

4.c. Instaurar un programa de compostaxe domiciliario e/ou comunitario en concellos.

5. Incrementar as subvencións aos concellos para implantación de medidas que contribúan á reciclaxe dos biorresiduos, na medida en que boa parte dos pequenos concellos non dispoñen dos recursos para a implantación da recollida selectiva da fracción orgánica.

6. Que se constitúa unha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP para determinar as condicións do canon para o ano 2025 -antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano- e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galicia, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon aínda que non incorpore o quinto contedor, e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria ou financiando modelos de xestión alternativos.

7. Ampliar as plantas de biorresiduos existentes como estaba previsto no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2022 para favorecer a xestión de proximidade."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 12 | do Grupos Municipal do Partido Popular. |
| - Votos en contra: | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Abstencións: | 1 | de don Miguel Fernández Méndez, por ausentarse do salón de sesión no debate do asunto e non estar presente no momento da votación. (Art. 74.4 do ROMP) |

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excma. Sra. alcaldesa presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Manter o canon establecido aos concellos galegos adscritos á xestión de residuos en Sogama de 66,00 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

SEGUNDO.- Manter a anterior bonificación do 15% deste canon unitario, cos mesmos requisitos, resultando así un canon bonificado de 56,10 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.

TERCEIRO.- Que se reparta a contía de 12.100.000 millóns de euros en concepto de Fondo Ambiental entre todos os concellos galegos, utilizando como criterio de reparto o número de toneladas depositadas por cada concello. Trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraído do Fondo de Cooperación Local.

CUARTO.- Que achegue a SOGAMA a cantidade total recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a coincineración de residuos para implementar bonificacións no canon dos concellos. Deste xeito, cumprir os obxectivos marcados coa creación deste tributo, como poden ser:

- a) Promover a redución da produción de lixo e/ou incrementar a reciclaxe dos envases lixeiros.
- b) Trasladar esta rebaixa aos recibos da veciñanza e implantar a recollida separada da materia orgánica.
- c) Instaurar un programa de compostaxe domiciliario e/ou comunitario en concellos.

QUINTO.- Incrementar as subvencións aos concellos para implantación de medidas que contribúan á reciclaxe dos biorresiduos, na medida en que boa parte dos pequenos concellos non dispoñen dos recursos para a implantación da recollida selectiva da fracción orgánica.

SEXTO.- Que se constitúa unha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP para determinar as condicións do canon para o ano 2025 -antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano- e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galicia, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon aínda que non incorpore o quinto contedor, e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria ou financiando modelos de xestión alternativos.

SÉTIMO.- Ampliar as plantas de biorresiduos existentes como estaba previsto no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2022 para favorecer a xestión de proximidade.

INTERVENCIÓN

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Ten a palabra a voceira do Partido Socialista, D.^a Ana González Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas. Sogama, como todos e todas coñecen, xestiona os residuos de 295 concellos. En 2019 estableceu para eles unha bonificación no canon para estes concellos, é que diminuírán o volume de lixos e envases lixeiros e que repercutirá os recibos de rebaixa. O Concello de Lugo fixo os deberes, e é exemplo diso, pero en 2023, coa excusa de que Sogama, incrementaba os gastos de auga e de gas, porque é o que utilizan para o seu modelo de reciclaxe, pretendeu suprimir esta bonificación aínda establecida para eses concellos cumpridores, como era o Concello de Lugo, pero debido á presión social, a Xunta recuou e volveu establecer unha bonificación do 15% condicionado á implantación do contedor marrón e os recibos de rebaixa. Lugo segue cumprindo e cumpriu. Pero sorpresa que este xuño, os concellos enterámonos que para o segundo trimestre íase eliminar esta bonificación, e aí comeza o dobre timo da Xunta de Galicia para os concellos cumpridores e para a súa veciñanza. Retiran a bonificación e compensan o incremento retirando cartos do Fondo de Cooperación Local un dobre roubo que supón para os concellos de Lugo. Novamente, ás trilerías do PP que, como nunca ten culpa de nada nin nunca participa de nada, e vén coas súas falsidades, e di que o Goberno de España sobe o imposto da taxa de lixo. Non é así, señores e señoras do PP, o que sobe é o gravame a facer as cousas mal, como fai Sogama cos sistemas que utiliza para o seu reciclaxe. Polo tanto, este imposto o que grava e o xeito de xestionar de Sogama, que está obsoleto e que non cumpre coa aposta medioambiental actual, por que segue apostando pola incineración o 60% e polo vertedoiro, o 21%. E, ao final, quen fai caixa aquí é Sogama, a Xunta de Galicia e Naturgy, esas empresas satélites que viven de aí, e ao mellor aquí poderíamos falar de Shakira, de que facturan, facturan, facturan continuamente. A Xunta de Galicia recada dende 2022, tendo transferido este imposto, máis de 12 millóns de euros que ten previstos para o 2024, e ademais toca os cartos que eran para os distintos concellos do Fondo local de cooperación, roubándolles nove millóns de euros, vaia sumando, vaian sumando. Este é o claro exemplo da inacción da Xunta, que, coma sempre, bota a culpa aos demais, neste caso ao Goberno de España beneficia a uns poucos e, encima, temos que escoitar ao presidente de Sogama dicir que, meu pobre, que se sente atacado porque se lle grava esta vertedura para a incineración, ¿será que o modelo está obsoleto? Alguén se lle ocorreu pensalo na Xunta ou en Sogama? Ese sistema xa non vale medioambientalmente, porque as normas europeas benefician outros sistemas. E que creo que son aos que temos que tender nas distintas administracións e nas que o Concello de Lugo está apostando por elas, pero encima levamos estes sustos que non van supoñer máis que incrementar continuamente ano tras ano, se non se cambia este modelo obsoleto, e xa, este sistema é claro que factura, factura, factura, 17 millóns para Sogama, para a Xunta de Galicia, que participa de Sogama co 51%. Polo tanto, de quen é o problema? Cal é o problema?, do Goberno do

Estado? Non, señores e señoras do Partido Popular. A solución eu creo que pasa por adaptarse aos modelos que exige a normativa europea para non ser gravados e non repercutir tamén na veciñanza, e quen contamina ten que pagar, polo tanto a Xunta e Rueda teñen que pagar e os concellos temos que asumir un novo taxazo da Xunta de Galiza.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas señora Abelleira. Ten a palabra o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, don Alexandre Penas.

DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS: Moitas grazas alcaldesa. E benvidos Damián e Pablo e bos días a todos e a todas.

Pois, efectivamente, hoxe debatemos aquí unha proposición do Grupo Socialista, que se trae aquí pola taxazo que intenta facer Sogama con todos os concellos galegos. Temos uns antecedentes: cando a Unión Europea viu que non se estaba cumprindo en moitos estados os obxectivos de reciclaxe de residuos municipais no 2020. Pois ben, lanzou no 2018 unha nova directiva de residuos nas que establecía modificacións normativas con obxectivos máis ambiciosos para os seguintes lustros, 19, 25, e 30, e no caso do Estado español, incumpríronse claramente eses obxectivos para o ano 2020, e é probable, posible, que haxa un expediente incluso sancionador por ese motivo. Pero no caso de Galiza, en Galiza, situámonos á cola do Estado, estamos os penúltimos, creo, somos os últimos ou penúltimos en cuestión de reciclaxe, cunha porcentaxe no 2022 nun escaso o 21%, un escaso 21%, moi lonxe desde logo dese 50% requirido coa Unión Europea. E hai que dicir que hai comunidades, hai outros territorios do Estado español que si que están cumprindo esa porcentaxe ou están preto de cumprilo, polo tanto, coas ferramentas que temos, si que é posible facelo, si que se está facendo noutros territorios. Polo tanto, estamos facendo as cousas dende a Xunta de Galicia, dende logo, bastante mal. É por que isto é un mal resultado da Xunta de Galicia? Porque incumpre porque non cumpre as directivas do Plan estatal de residuos e incumpre os seus propios plans. Incumpre o Plan de residuos urbanos de Galicia 2010-2022, no que se fixaba un obxectivo naquel 2010 de recollida separada, de tratamento de 245.000 toneladas de materia orgánica, e os datos de 245.000 chegaron a 3.000 toneladas. Enton, esta directiva europea de residuos establece, entre outras cuestións, como ben comentaba o voceiro do Partido Socialista, a necesidade de penalizar a incineración e o depósito en vertedoiro, para desincentivar estas solucións finalistas polas que aposta, dunha maneira preferente, a Xunta e Sogama, que a Xunta e Naturgy, ao fin e ao cabo, a Xunta como socio maioritario, pero tamén esa empresa de gas e para desincentivar esas solucións, primando o que é a economía circular, a prevención, a recollida separada e a reutilización e reciclaxe. En consonancia con estes criterios da directiva, si xurdiu unha lei a nivel do Estado, 7/2022, que creou ese novo imposto, o IDIDES, o imposto de depósitos e incineración de residuos, que grava a incineración e o depósito en vertedoiro. Este imposto que foi transferido a Xunta de Galiza xa no 2022, págao Sogama e recádao a Facenda galega, incluso a Xunta fai caixa porque fai mal as cousas nesa

empresa que dirixe. É a subida xa do 24, como ben xa se apuntaba, foi incluso un intento, ao meu parecer bastante burdo de maquillaxe, porque sacaron os cartos do Fondo de cooperación dos concellos, quítanlles o diñeiro aos concellos para disfrazar que non lle soben tanto os concellos. Ben, enganarán a alguén, pero, desde logo, a calquera con sentido común non. E agora o que anuncian para este 2025. É certo que xa no 2022 anunciaron que ían subir, que era imprescindible subir, e no 2023 había eleccións que tiveron que recuar. Entón, seguramente, eu creo que si é posible que todos nos poñamos de acordo, e este Pleno, todos os membros do Pleno o entendemos así, porque consideramos que malo para Lugo e somos firmes niso, consigamos que a Xunta busque outras fórmulas. Expoñerei tamén desde o punto do Bloque Nacionalista Galego cales serían para acadar, digamos, obxectivos que nos benefician a todos os lucenses, pero tamén a todos os galegos e, desde logo, ao medio ambiente. Dende o BNG consideramos, levamos moitos anos, que este incremento unilateral, desproporcionado e abusivo do canon aos concellos é consecuencia do fracaso estrepitoso do sistema de Sogama, baseado en solucións finalistas, como dixemos, como a incineración e o depósito en vertedoiro, penalizados, como dixemos, pola normativa europea, aínda que a Xunta procura escusas e xustificacións externas a causa do desfase económico de Sogama, é a ineficiencia e o elevado custo do transporte, a xestión centralizada e, como dixemos, ese tipo de xestións de residuos polos que apostan. En lugar de abrir un debate, que é o que se debería facer e debemos facelo dende todos os concellos, e nós propoñemos así, e entendemos que non hai solucións máximas, pero abrir un debate sobre a cuestión dos residuos, introducir cambios no sistema de xestión para adaptalo ás exigencias das normativas que nos manda a Unión Europea, a Xunta opta por facerlle pagar aos concellos, e en última instancia aos veciños, porque a norma di que temos obrigación despois de que os veciños se repercute iso, entón imos ter que subir ese imposto que, segundo os cálculos optimistas, incluso, pode ser dun millón de euros para os lucenses, e logo veñen aquí dicir que non se pode subir, pero é que o están subindo vostedes pola súa mala xestión e a súa ineficacia da Xunta de Galicia. E díggollo á Xunta de Galiza, non a vostedes desde logo que son membros desta corporación, non membros da Xunta de Galicia, aínda que algunhas veces tendamos a confundir os papeis. Sigo na seguinte intervención.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Penas, polo Partido Popular, señor Ameijide.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Grazas, alcaldesa. A verdade é que pensei que ía ter este debate co concelleiro de Medio Ambiente, pero debeu coller afonía nestes últimos meses no Concello. Pero, miren, hai uns días atopeime cun veciño no portal, estaba recollendo a caixa do correo, aparecéuselle a factura do teléfono e dixo: ostras como subiu; Comentando no ascensor dicía e que a miña muller cambiou a compañía e de repente estanme cobrando moito máis, non che importaría pagar a ti a miña factura? Home non, porque, ademais, esta semana van subir os recibos alí no Concello de Lugo, somos o Concello que máis pagamos,

paga tu o teu, se queres, ou podes facer dúas cousas: Falar coa túa muller é que che anule o cambio de recibo ou cambiar de compañía, se non che gusta a que tes. Parece unha parvada, pero é que é exactamente o que está pasando aquí, exactamente o que está pasando aquí. O señor Sánchez cambia unilateralmente o contrato e pídelles que o pague o señor Rueda. Pero vostedes..., pero sexamos serios. Imos ao gran, imos ver se alguén ten culpa de que subise Sogama. Son as modificacións legais que impuxeron vostedes, o Partido Socialista, cos seus socios Bloque Nacionalista Galego e outros tantos máis no Congreso dos Deputados, é Sánchez. Isto es irrefutable. Isto non o pode negar ninguén. Cargan contra a Xunta porque é o único que saben facer, porque dálles unha síncope o día que non gobernemos a Xunta nós, porque non teñen a quen botarlle as culpas..., é que a única maneira que teñen de gobernar é facer oposición.

Ben, imos intentar analizar a situación cun pouco de rigor e seriedade. De quen é a competencia de recollida do lixo e tratamento de residuos nos municipios? Dos concellos, dígano comigo: dos concellos. Recoller, limpeza viaria, tratamento e campañas de concienciación, todo é competencia dos concellos. Por tanto, díxoo e tiña razón á señora Abelleira, quen contamina paga, efectivamente quen contamina paga, porque o responsable é Concello. E despois que se fai con eses residuos? Pois ten que buscar un xestor autorizado, pero o que queira, o que lle pete, pode ir ao xestor autorizado que lle pete. Hai máis modelos en Galicia, poden ir a outro. Ninguén lles manda ir a Sogama. Que é Sogama? Unha empresa pública participada pola Xunta de Galicia, efectivamente, que ten que cumprir normativas legais, adaptarse á normativa que lle van impoñendo e os cambios unilaterais que fai o Goberno do Estado. Que fai? Recoller os residuos que lle levan voluntariamente os concellos, valoriza os que pode e os que non van ao vertedoiro, como fai todo o mundo. E que problema atopamos? Que é o modelo máis barato de Galicia, e dos máis baratos de España, aínda despois desta presumible subida. Pero alguén cambiou as regras do xogo de forma unilateral, e quen as cambiou o señor Sánchez, o PSOE e o BNG, dígano comigo, porque é verdade. Lei 7/2022, cando se cambiou esa lei, xerouse un novo imposto á incineración, ah, pero non foi iso só, porque ademais lle quitaron as deducións que tiña por investimentos na planta de Sogama. E ademais, a terceira xa, o triplo gravame, e que lles gravaron tamén especialmente a produción de enerxía eléctrica que facía valorizando os recursos que lle enviaban os concellos. Esta é a realidade, esta é a realidade. Por tanto, agora que xa sabemos quen provocou o desequilibrio de 30 millóns de euros, agora que xa sabemos quen é o que xerou a subida do canon de Sogama. Agora imos ver qué impacto tivo sobre Sogama todo isto. Pois pasou de 66 a 108 o custo de tratamento por tonelada de residuos que se lle envía dende os concellos. Efectivamente, dicíao a señora Abelleira, estou de acordo, quen contamina paga, quen contamina son os concellos, que son os que teñen a responsabilidade na recollida e tratamento de residuos nos seus municipios, paga. Pero por que houbo esta subida? Por culpa de Sánchez. Dígano comigo outra vez: por culpa de Sánchez, do PSOE, do BNG e dos seus socios que cambiaron a lei e as regras do xogo.

Neste escenario, pois temos a Xunta de Galicia, que é sen ter competencias, financia un 60% desa suba, o 60%, e vostedes queren máis, pero non se preocupen que mañá vai haber noutra reunión tamén FEGAMP. Sabemos a orixe, real do problema, vostedes prefiren ir contra a Xunta, poden falar do que lles dea a gana. Propoñemos unha emenda que é a solución: supriman inmediatamente a subida, a modificación da Lei /2022, supriman ou deixen de quitar as deducións do investimento de Sogama e, terceiro, supriman o imposto á xeración de enerxía eléctrica, e nós comprometémonos, porque Sogama se compromete a baixar ao día seguinte o recibo, que lles parece esa emenda?

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas señor Ameijide. Ten a palabra a voceira do Grupo Socialista, dona Ana Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Pois, despois do seu ton tan paternalista e cariñoso e que non lle gusta que a portavocía a exerza eu, dígolle que non me gusta esa emenda. Polo tanto, non a imos aceptar, primeiro, porque o que di é falso, e volvo coas trilerías do Partido Popular: Vostede pensa que por ser así como se expresou hoxe neste Pleno, que vai convencer con mentiras e convertelas en realidade, pois non, señor Ameijide, non ten razón, e sigo dicindo quen contamina que pague, e neste caso, como vostede fala en nome da Xunta, como acabo de dicir agora, e que Sogama se compromete, ademais ponse por aquí na súa boca, non sei exactamente se forma parte do accionariado, pero o que lle digo é que non aceptamos iso e que hai que cambiar o modelo de xestión de residuos de Galicia, claro, como non vai ser o máis barato, evidentemente, e que é dos poucos que quedan que aínda están queimando enterrando cando se está demostrando que eses sistemas son moi contaminantes e que non respectan as normativas medioambientais de Europa e das que queremos ser partícipes todos. E sigo dicindo, a nosa postura é que a Xunta de Galicia, o señor Rueda, asuma o 100% da subida deste canon? Porque nos están roubando dúas veces, xa llo digo, o Fondo de compensación de cooperación local para os concellos de Lugo estano utilizando para dicir que non soben tanto o recibo, e vai pasar como coas estradas autonómicas, é dicir, que o Concello terá que asumir, ademais dos trece millóns que se me nomearon aquí, os 23 millóns xa leva facturando 37 millóns só co tema de Sogama, eh? Así que imaxinen o que pode facturar co resto das competencias que temos asumidas. Polo tanto, vólvolle dicir que non castiguen os concellos, que non somos os culpables, que estamos facendo ben o traballo, que para iso se nos están facendo recoñecementos e para iso temos as contratacións que temos de lixo, é investimos, señora Carballas, anote o que se inviste no contrato de lixo para os veciños e veciñas de Lugo, sendo a primeira cidade máis limpa de toda España. E sigo coas falsidades son uns trileros. Vostede dicía, claro, non lle estraña que suba de 66 a 108, carai, pois vaia a asunción para os concellos. Ou sexa, bote contas preto de 1.200.000 euros vai ter que asumir o Concello de Lugo para o ano 2025, e despois di onde investimos os cartos. Falsidades do Partido Popular.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Ten a palabra o voceiro do Bloque Nacionalista, Señor Penas.

DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS: Eu quero pensar que vostede é consciente do que acabo de dicir. É que queren seguir queimando, votando no vertedoiro, que se quite unha lei que vén de Europa para ter un modelo, digamos, ecolóxico de verdade, e non, non, queremos ir queimando, é moito máis barato, e que, de verdade, eu parécenos indefendible.

Eu participo nun faladoiro político e cando se saíu este tema do taxazo de Sogama, no que se dicía vaia papelón van ter os concelleiros do PP por aí adiante. Eu dicía: Tedes que vir a Lugo, tedes que vir a Lugo, que alí son especialistas, e eu creo que teñen que dar un máster para aí, porque son especialistas en defender o indefendible para os lucenses. Máis do millón de euros que nos van cobrar e vostedes deféndeno: queremos seguir contaminando e queimando, parece dende logo bastante surrealista.

Pedimos que a Xunta faga política medioambiental sería porque nos beneficia a todos a nós e ao futuro. En Europa e en Galicia, instámoslle á Xunta a creación dunha creación dunha comisión xa, coas consellerías pertinentes, coa Fegamp e cos concellos desde logo, e antes de que se aproben os orzamentos do 2005 para revisar o que é esta medida. E tamén pedimos que se tomen en serio, dunha vez, debater un cambio de modelo de xestión dos residuos en Galiza, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon e valorar a práctica desa redución, o compromiso de cada concello e na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria.

Estamos acostumados, comentáballe eu a estas persoas dese faladoiro político, o que é o que facían os concelleiros do PP de Lugo. Damián, vostede non se estrañe, pero isto é a tónica de todos os días. Temos o que é o canon de auga, como ben saíu aquí neste Pleno, que pagamos todos os lucenses relixiosamente, e a Xunta dende logo non inviste nada; temos unhas escolas infantís, é público, e tamén o dixo aquí o compañeiro Mauricio, un esforzo en benestar, que o sabe moi ben a compañeira Olga, durante moitos anos, porque somos un goberno de esquerdas e que cremos que a Xunta dende logo non apoia en absoluto e vostedes son cómplices de que así sexa. Como teño dito nalgunha ocasión, para todo hai que valer.

Eu estaba sorprendido, pero o que máis me sorprendeu foi a defensa do señor Cabarcos hoxe nesa emenda á proposición que defendeu o voceiro do BNG, Rubén Arroxo. Eu de verdade é que non dou crédito, eu creo que isto para contalo vou ter que reflexionar ao ver como o conto, porque eu creo que non se pode contar mellor... Polo tanto, nós consideramos que teñen que cambiar de modelo, de Sogama, e creo que entre todos os concellos e todos os cidadáns deberíamos esixilo, porque a solución, dende logo, é non pagar por contaminar, o que hai que facer é non contaminar e ter un modelo, digamos, máis sustentable. Iso é o lóxico e máis razoable.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Señor Penas. Ten a palabra, polo Grupo Municipal Popular, o señor Ameijide.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Pero cambien de modelo, ninguén lles obriga, señor Penas cambien de modelo, pero os que subiron as facturas foron vostedes, señores do Partido Socialista, no Congreso, cando cambiaron a lei, cambien de modelo. Señora Abelleira, non me molesta para nada debater con vostede, todo o contrario, o que estrañan un pouco son as afonías crónicas que hai agora no Partido Socialista.

Claro que formo parte de accionariado, eu son galego e vostede tamén, espero, e todos os que estamos aquí, e a Xunta é de todos e Sogama como ten un 51% da Xunta de Galicia, somos todos, evidentemente. Claro que formo parte do accionariado, evidentemente. Pero cambien de modelo, vólvollo dicir, non é obrigatorio estar con Sogama. Hai 295 de 313 concellos, pero pódense ir cando queiran. Hai outros dous modelos Nostián e Barbanza, iso si, son 119 euros e 150 euros por tonelada, bastante máis caros que Sogama, bastante máis caros, pero poden cambiar cando queiran, ninguén os obriga, non se vaian sentir obrigados a estar alí.

E, se teñen interese en solucionar o problema, chamen a Madrid. Eu sei que non pintan nada en Madrid, non temos autovías, non temos a alta velocidade, non temos ferrocarril, non temos nada desde que está Sánchez na Moncloa, pero se pintan algo en Madrid, que o dubido, pero ata ao señor Besteiro lle fixeron recuar o outro día coas declaracións de Altri, esa actitude parasitaria que ten agora do BNG, se pintan algo, chamen a Madrid e digan, oian, miren, que nos custa máis o recibo por culpa da actual lei, modifícaa e se lles fan caso...

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Ameijide. Acabou o seu tempo. Señor Ameijide. Nesa obsesión que ten o Partido Popular co señor Sánchez, como... (Voces de fondo) Ah, perdón, estou un pouco despistada, ten razón, pero é que tiña ganas de contestarlle, de verdade, pero xa o farei despois. Moi ben. Señora Abelleira. Puídome o ímpeto e as ganas de contestarlle.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Enténdoa perfectamente, porque co que hai que oír. Está claro que a Xunta mira polos intereses partidistas e particulares de Naturgy, Xunta e esas empresas das que vive tanta xente a través de Sogama, e bota a culpa o... -Ben, agradeceríalle por favor que non interrompera, porque está continuamente raca, raca, raca- ... a Xunta recupera eses cartos, desas perdas, 12 millóns ten previstos este ano 2024, e non mira polos intereses dos galegos e galegas. Ademais, ten outros sobrecustos, porque alí onde prometeron fai 10 anos que ían construír 11 prazas de reciclaxe ao final están tres e só funciona unha.

Tamén lle pregunto ao Partido Popular onde está o resto do reciclaxe que ten a Xunta de Galicia?

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Abelleira. Pois agora si que vou falar ... un momento, señor señor Ameijide..., porque dende logo que merece a pena. Teñen unha auténtica obsesión con Sánchez, Sánchez, Sánchez, unha auténtica obsesión. A lei é do 2022, claro que si, pero a transposición dunha directiva europea é do 2018 que se ben sabe vostede, que non necesito explicarlles, que sei que o sabe, é de obrigatoria incorporación ao noso ordenamento xurídico. Polo tanto, aínda ten a cara de dicir que non, pero, ben, esa directiva europea grava a incineración e o depósito en vertedoiro, por ser as formas medioambientais menos recomendables, que é a que utiliza Sogama, incineración, como dicían tanto o voceiro do Bloque Nacionalista como a voceira do Partido Socialista, incineración ao 60% e vertedoiro o 21%, iso é o que está gravando ese canon. E, por certo, teño que dicir que cando preguntei pedín os datos do que lle supón ao Concello de Lugo e é ao redor de 1.200.000 euros, ese é o que lles supón o canon de Sogama. Polo tanto, moi ben dito, señora portavoz do Partido Socialista: señora Carballas siga anotando, sigan anotando a onde metemos o noso diñeiro e por que hai que subir as ordenanzas fiscais. Porque a Xunta sempre fai o mesmo: eu invito e ti pagas. Ese é o resultado do que fai a Xunta, eu invito e ti pagas, é o que nos fai a todos os concellos de Galicia, pois imos votar esta proposición.

Reincorpórase á sesión DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ.

21/161 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 325/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA O CUMPRIMENTO DO COMPROMISO ADQUIRIDO CO OBXECTO DE MODIFICAR O PXOM NO PERI-6 CARA Á CREACIÓN DUN NOVO ESTACIONAMENTO DE BALDE DETRÁS DA CAPELA DO CARME (Exp. 2024/G004/000630).- Vista a citada proposición cuxo teor é o seguinte:

“En reunión plenaria da corporación municipal, celebrada en setembro de 2023, o grupo municipal do PP presentou **PROPOSICIÓN PARA FREAR E REVERTER O DETERIORO FÍSICO E SOCIAL DO BARRIO DO CARME DE LUGO**, onde se solicitaba que o Concello de Lugo abrise, de inmediato, un proceso de revisión e, no seu caso, modificación, do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Lugo e, en concreto, no que corresponde a contorna planificada polo Plan Especial de Reforma Interior número 6.

A pesares do xustificativo da proposta, a proposición non contou co apoio de ningún dos dous grupos do goberno municipal. Aínda así, a que entón era Tenente de Alcaldesa Delegada del área de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos, hoxe Alcaldesa, Dona Paula Alvarells Fondo, anunciou, durante a defensa da postura do goberno municipal, a asunción da medida proposta con estas verbas:

“o goberno iniciará a modificación parcial do PXOM respecto a bolsa do barrio do Carme unha vez que entre en vigor o 5% do PXOM deste Concello”

A afirmación da que hoxe é Presidenta da Corporación Municipal e Alcaldesa da cidade tería que ter crédito suficiente, dado que o PXOM de Lugo (ao que condicionábase o cumprimento do seu compromiso) está en vigor, integramente, dende o 11 de novembro de 2023.

Ten transcorrido UN ANO dende o intre no que se anunciou a intención de modificar o planeamento e OITO MESES dende que se aprobou o documento íntegro do PXOM.

Por outra banda, no pasado mes de xullo de 2024, o grupo municipal do PSOE presentou unha proposición para Instar á Xunta de Galicia a ***“impulsar un convenio coa Confraría do Carme para executar un aparcadoiro na traseira da súa capela en condicións similares ao acorde establecido entre o Concello e esta entidade (...)”***.

O devandito Convenio XA EXISTE (“de colaboración entre a diocese de Lugo e o concello de Lugo para a cesión do uso da parcela/soar con referencia catastral 7331407PH1673S0001 sita na rúa Noriega Varela...”) e foi asinado por José Manuel Penela Campos, en representación da Diocese de Lugo, Antonio de los Ojos Pérez, en representación da Confraría do Carme da cidade de Lugo”, e a Alcaldesa Lara Méndez López, en representación do Concello de Lugo. O terreo ao que se refire é un antigo cemiterio, que se converteu en tal por medio de doazóns veciñais, e situado nun solo en espera de desenvolvemento urbanístico.

Neste convenio, aprobado en Xunta de Goberno Local, con data de 1 de marzo de 2023, a Diocese de Lugo (conforme co aprobado pola Xunta de Goberno da Confraría do Carme), cede temporalmente ao Concello de Lugo a parcela, con carácter gratuíto, atendendo ao interese xeral e público, por un período de tempo de 4 anos. No mesmo documento, o Concello de Lugo autoriza a execución das obras necesarias para o destino previsto. En calquera caso, previamente á execución das obras, o Concello obrigase a recabar informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia.

Este convenio, aprobado hai mais UN ANO, depositaba a posesión de uso deste terreo, e polo tanto, **a responsabilidade da súa custodia e coidado, no goberno municipal**.

Transcorrido este tempo no que, como se pode observar in situ, non se levou a cabo ningún tipo de intervención, nin sequera dun mínimo mantemento, pode constatarase que o goberno municipal, ademais de **non cumprir cos compromisos**

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

reflectidos no expositivo primeiro do convenio (onde se aludía a unha subvención nominativa destinada á rehabilitación da Capela do Carme, por un importe de 70.000 €, que non se fixo efectiva, prexudicando á Confraría do Carme coa execución das obras en curso) **NON APROVEITOU OS DEREITOS DOS LUCENSES, QUE DIMANABAN DO CONVENIO**, non levando a cabo ningún tipo de intervención no terreo no que se anunciaba que unha importante e necesaria actuación, deixando correr o tempo sen nin sequera manter un mínimo de coidado no mesmo.

Por todo o exposto:

Sendo todos sabedores todos, do **inmenso interese que os propietarios e moradores desta contorna urbana teñen sobre o seu regulamento urbanístico**, e tamén dos novos, que os hai (e dende hai moi pouco tempo)

Sendo todos sabedores todos, da **gran necesidade de aparcamento de balde que existe no centro de Lugo** (principalmente xerada polas prexudiciais iniciativas do goberno local) e dispoñendo de dereitos sobre un terreo abdicable a tal fin, alomenos por tres anos mais dende agora

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta perante a corporación municipal, e os membros que compoñen o goberno da cidade a seguinte PROPOSICIÓN:

O CUMPRIMENTO DO COMPROMISO ADQUIRIDO EN PLENO cos veciños do barrio, para a modificación do PXOM no que atinxe ao P.E.R.I. 6

O INMEDIATO APROVEITAMENTO dos dereitos dos lucenses, derivados da CESIÓN GRATUITA DO TERREO SITUADO DETRÁS DA CAPELA DE O CARME, aproveitando este para a creación dun NOVO ESTACIONAMENTO DE BALDE.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - Votos en contra: | 13 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo Partido Popular, señor Cabarcos.

DON MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Grazas. En reunión plenaria da corporación do pasado setembro de 2023, o Grupo Municipal do PP, o noso, presentou unha proposición para frear e reverter a deterioración física e social do barrio do Carme de Lugo, onde se solicitaba que o Concello de Lugo abrise un proceso de revisión e, se é o caso, modificación do vixente PXOM para a contorna PERI 6 que está a impedir a recuperación da vida neste barrio. A pesar do razoable e xustificable da proposición non contou co apoio do goberno municipal e, aínda así, a que hoxe é alcaldesa e, entón era tenenta da alcaldesa, anunciou a asunción da medida con estas palabras: O goberno iniciará a modificación parcial do PXOM respecto á bolsa do barrio do Carme unha vez que entre en vigor o 5% do PXOM neste Concello. O PXOM de Lugo, que condicionaba o cumprimento do compromiso, xa está en vigor integramente dende hai oito meses e xa ten transcorrido un ano dende que anunciou esta promesa. Penosamente, tamén neste caso, semella que imos ter unha nova reedición do Día da Marmota en Lugo. Coa súa capacidade de xestión e de traballo, dentro dun ano volveremos falar disto e no mesmo punto da película. No que ten que ver co aparcadoiro, por outra banda, no pasado mes de xullo, o Grupo Municipal do PSOE presentou unha proposición para instarlle á Xunta de Galicia a impulsar un convenio coa confraría do Carme para executar un aparcadoiro na traseira da súa capela en condicións similares ao acordo establecido entre o Concello e esta entidade. Para o desconcerto de moitos que non o sabían, que pode haber algún aquí, resulta que o devandito convenio xa existía e segue existindo e está en vigor, que, por certo, lles damos os parabéns pola súa consecución, pola consecución do convenio, por fin algo se fai para dar resposta a unha demanda real, non como outras tantas imaxinarias das que xa saben vostedes que pouco a pouco os lucenses tamén se dan conta. O 1 de marzo de 2023, a Xunta de Goberno asinou coa Confraría do Carme e a diocese de Lugo un convenio que outorgou a posesión de balde por catro anos da parcela sita detrás da capela do Carme que dá fronte a Noriega Varela. Este convenio autorízalle ao Concello a execución das obras precisas para empregala como aparcadoiro público, e este convenio tamén deposita a posesión do terreo e, polo tanto, a responsabilidade da súa custodia e coidado no goberno municipal. Pois resulta que vostedes trouxeron a Pleno unha solicitude para que a Xunta formalice outro convenio co mesmo obxectivo para colocar por riba do convenio existente, en vez de facer valer o dereito dos lucenses que xa se tiña acadado.

Entón, recapitulando, a cidade de Lugo dispón ao menos durante tres anos máis dun terreo a carón da Muralla para facer un aparcadoiro. O terreo en posesión do goberno municipal ten a vexetación descontrolada e causa molestias aos veciños, e o Concello solicita ao goberno autonómico que faga un novo convenio simultáneo co convenio existente. Supoño que non son o único que non o entende.

En resumo, por todo isto que expuxen, sendo sabedores do inmenso interese da propiedade e moradores deste contorno urbano do barrio do Carme teñen sobre o seu regulamento urbanístico e tamén dos novos moradores, que os hai, e, ademais,

hai dende hai moi pouquiño tempo nova xente vivindo no barrio que está facendo investimento na súa propiedade, e sendo sabedores da gran necesidade de aparcadoiro de balde que existe no centro de Lugo e dispoñendo de dereitos sobre un terreo para tal fin, ao menos por tres anos máis, o Grupo Municipal do PP presenta ante a corporación municipal unha proposición para que se cumpra o compromiso adquirido en Pleno cos veciños do barrio para modificar o PXOM no que atinxe ao Plan especial de reforma interior número seis, e o inmediato aproveitamento dos dereitos dos lucenses, que xa son deles, que xa os teñen, derivados da cesión gratuíta, de balde, do terreo situado detrás da capela do Carme, aproveitando este para a creación dun estacionamento, tamén de balde, para os lucenses.

O PRESIDENTE EN FUNCIÓNS, DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas e queda agora, para o voceiro do goberno, señor Repetto, cinco minutos.

DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN: Sr. Cabarcos, este equipo de goberno, liderado por nuestra Alcaldesa, viene trabajando sin descanso ... del barrio del Carmen. Prueba de ello es la gran inversión que se ha realizado a lo largo de este mandato y del anterior a través de la estrategia DUSI Muramiñae, que parece que usted no conoce, apostando claramente por la rehabilitación de un barrio emblemático, como lo es el barrio del Carmen. Actuaciones como son la peatonalización y rehabilitación de la calle del Carmen, así como su humanización y puesta en valor de la cloaca romana, la transformación de la plaza para su uso y disfrute de los vecinos, la iluminación de la zona, la limpieza y señalización y reparación de caminos a su paso por el Camino Primitivo del 2019, y la creación de espacios verdes como el parque de La Lembranza, y la rehabilitación de la Casa Coliving y su dinamización. Creación de pasos de peóns iluminados para garantizar una mayor seguridad de los vecinos y peregrinos y todas esas actuaciones se han realizado en un barrio emblemático donde ha nacido el patrono de nuestra ciudad. La capilla del Carmen es una de las joyas al inicio del Camino de Santiago a su paso por Lugo, somos conocedores de esto y también somos conocedores de la necesidad de crear aparcamientos disuasorios en el entorno del centro de la ciudad, y muestra de ello son las actuaciones que se han venido acometiendo por parte de este Ayuntamiento para poder abrir y poner a disposición el parking del Seminario por las tardes, y también por parte de otras administraciones, como es la Diputación Provincial de Lugo, con ese parking que acaba de inaugurar en Santa María.

Lo que si no vemos es el compromiso de la Xunta a la hora de crear esos aparcamientos que tanto nos exige hoy aquí. Tampoco hemos visto hasta ahora el compromiso de la Xunta en habilitar aparcamientos en el multiusos por las tardes, como hace este Ayuntamiento, ni tampoco vemos por parte de la Consellería de Educación en habilitar los parking de los institutos cercanos al centro en horarios polas tardes. Como siempre, seguimos esperando. Es más, la conclusión que extraemos de su propuesta es que lo que no quieren precisamente es tener que llamar a las puerta de la Xunta, tal y como acordamos en el anterior Pleno, para que

ahora sean ellos los que, asumiendo la totalidad del coste de las obras de la capilla, hagan lo mismo que hizo en su día el Consello: convenir con la Cofradía la cesión de los terrenos para su conversión en un estacionamiento, no vaya a ser que hagan algo en beneficio del interés general y que implique un mayor compromiso de la Xunta con Lugo. Y cómo lo veo tan agobiado por eso, ya que no son capaces de trasladarle a la Xunta esta petición, le voy a dar una buena noticia. Ya la propia alcaldesa, viendo la receptividad que suele tener el gobierno del señor Rueda a las peticiones que hace el Ayuntamiento de Lugo, está en negociaciones con la Cofradía de Carme para retomar los términos de este convenio y que pronto pueda ser una realidad que los vecinos puedan disfrutar de un nuevo parking que dé servicio a la proximidad del centro histórico, por supuesto. Y, como bien sabe, el anterior convenio caduco y es necesario realizar uno nuevo, y sabe por que ese convenio caduco? Porque era necesario realizar uno nuevo? Porque Patrimonio de la Xunta tampoco facilito todos los permisos en tiempo y forma y haciendo así que los plazos estipulados y recogidos en dicho convenio no se pudieran cumplir y, por tal motivo, esta Administración tuvo que, cumpliendo los requisitos legales que así la obligan, instar a la Cofradía a devolver el adelanto de dicha subvención sujeta a ese convenio. Como puede ver, seguimos trabajando y haciendo que el Carmen pueda seguir sumando servicios al barrio. A la modificación del PXOM, PERI 6, recordarle que la alcaldesa asumió ese compromiso y créame que así se hará. Y en su día la actual alcaldesa le explicó también en el Pleno que el barrio del Carmen está pendiente de una ordenación urbanística pormenorizada que resultó afectada pola aprobación de la Xunta del trazado del Camino Primitivo por el decreto del año 2012, ya que este trazado que impuso la Xunta no coincide con el trazado que contiene el PXOM, que es anterior. Por lo tanto, la primera cuestión es esa, adaptar al PXOM, ahora que ya está aprobado ese cinco, al nuevo trazado impuesto por la Xunta, una cuestión que ya figura en la hoja de ruta de este gobierno local.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Repetto. Pois segunda quenda para o voceiro do Partido Popular, Señor Cabarcos.

DON MANUEL CARBARCOS RODRÍGUEZ: Do Pleno de hoxe podo sacar a información que lles transmitirei aos veciños do Carme cando teñamos outra reunión de propietarios, entre os que me atopo eu, de que non se preocupen por eses problemas que hoxe teñen, que están relacionados co desenvolvemento urbanístico do barrio do Carme, porque teñen un coliving no que supoño que vostede permitirá que vaian durmindo por quendas, ou algo así. Os problemas están solucionados dun xeito diferente ao que eles demandan, pero entenden que solucionados.

A verdade é que iso é unha solución a un problema imaxinario que non existe. No barrio do Carme non había demanda para durmir artistas, o que había eran problemas reais, como os que xorden da dificultade para rehabilitar a súa propiedade porque a normativa non o permite, ou que xorden para valorar a súa propiedade, porque é imposible taxar un ben alí porque non hai normativa

urbanística que ampare esa valoración e tampouco hipotecado, porque no hai ningunha entidade bancaria que asuma o risco de hipotecar un ben que non ten normativa urbanística que o ampare e tampouco rendibilizalo cunha licenza que non se lle pode dar hoxe en día.

A verdade é que o goberno municipal ten a responsabilidade de encargar a redacción deste planeamento e, polo que vostede está dicindo, témome que nin sequera está iniciada, e aprobar os seus resultados. Non se me ocorre outra cosa que pensar que non o saben facer ou que saben que é moi difícil e por iso non comezan, que supoño que ten que ver con iso.

Existe unha demanda real de planeamento urbanístico e urxente entre os veciños. Non insistan en demandas imaxinarias que tiveran que ver con cousas como as que están facendo en Lugo, que teñen que ver con bañeiras das que nin sequera había demanda previa e non se están a utilizar, ou esculturas diante do centro comercial, que non acaban sendo máis que unha hipoteca para os lucenses. Decía a alcaldesa antes que a Xunta de Galicia está a devolver moitos dos cartos que recibe de Europa porque non se empregan pois, dígolle unha cousa, en moitas destas cousas era mellor telos devolvido a tempo que non asumir as hipotecas que para a cidade de Lugo van supoñer todas estas ideas que deron resposta a problemas imaxinarios.

Entón só queda confiar en que non se lles ocorra ningún outro disparate urxente que facer e cumpran coa súa obriga e a realidade dos problemas que si teñen os cidadáns de Lugo e os veciños do barrio do Carme en concreto. E de ser bo un planeamento que lles permite aos veciños do Carme recuperar o seu barrio e que empreguen os dereitos de todos os lucenses no terreo detrás da capela para ter un aparcadoiro dun convenio que non está caducado. Xa me amosará vostede onde está esa data de caducidade. Non había vínculo entre a realización das obras, vostede polo menos probablemente non o saiba, pero non había vínculo entre a realización das obras e o asinamento do convenio para a realización dun aparcadoiro de balde, iso di o convenio, de balde. Non hai compromiso de pago co Concello para poder empregar ese espazo. Ou sexa, que están desaproveitando un ano xa, e, polo que me temo, polo que está dicindo vostede, van desaproveitar outros tres anos para poder empregalo. Feliciteino, dámoslle os parabéns por ter conseguido ese convenio. Agora, os dereitos dese terreo xa non son vosos, xa non son de vostedes, son dos lucenses, así que teñen a obriga de poder aprobeitalos.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Grazas, señor Cabarcos. Doulle a palabra novamente ao concelleiro Mauricio Repetto.

DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN: Grazas, alcaldesa. Señor Cabarcos, como sempre, con malas artes, intoxicando, confundindo y elevando a estos plenos asuntos en los que se está trabajando y que se está avanzando. Votaremos que no porque lo que ustedes proponen ya se está haciendo y los técnicos municipales están trabajando en ello, en ambos aspectos. Entendemos que sólo pide, pero nada hace y desconoce el tiempo y la dedicación que exigen estos trámites para abordarlos con rigor y que es la única forma de proceder que

tiene este Ayuntamiento. Y me sorprende en relación al coliving, que en privado felicite y en público critique. Grazas.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Perdón, aínda non lle din a palabra ao señor Cabarcos. Tranquilos, é vostede tan impetuoso coma min. Ten a palabra, señor Cabarcos.

DON MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Si, ... quería empregar o meu minuto noutra outra cousa que non fora iso, pero tenme que dicir vostede en qué momento o felicitei por esa obra ou por ese investimento. Tenmo que dicir. Outra cousa é que manteñamos a cordialidade, e que veña obrigado a traballar, igual que vostede, en todos aqueles ámbitos do meu exercicio profesional, e que teña que convivir con iso. Pero xa me dirá vostede, cando o felicitei por iso. Non me pode dicir nada parecido a iso, non lle paso por iso, iso non é certo, e gustárame, gustárame, ou ben, que mo explícase ou que rectificase o que acaba de dicir, gustárame moito.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas señor Cabarcos. Pois vostede mesmo está dicindo que a cultura para vostede é algo accesorio, porque se non felicitou pola existencia do coliving, é que algo accesorio, como demostran un e o outro día. E, en todo caso, simplemente quería facer unha matización. Falaba vostede da modificación do PXOM, de que non a sabemos facer, pero eu non a fago evidentemente, eu pido que se faga e están os técnicos municipais, que son os que o fan e saben facelo. Polo tanto, quero dicirlles iso: acaba de dicir vostede textualmente: Se non o saben facer e, por suposto, aos técnicos municipais saben facer unha modificación do PXOM. Ben, imos votar esta proposición.

22/162 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 326/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL A DOTAR Á PRAZA DE ABASTOS E AO MERCADO DE MELLORAS NAS SÚAS INSTALACIÓNS E NO SEU SISTEMA DE XESTIÓN (Exp. 2024/G004/000631).- Vista a devandita proposición expresiva do seguinte:

“Dende o Grupo Municipal do Partido Popular levamos anos denunciando o estado de abandono que sofre a Praza de Abastos e o Mercado.

Neste mandato foron varias as veces que reclamamos melloras tanto nas instalacións como na páxina web debido a un escaso ou nulo mantemento por parte do Goberno local.

Algunhas das deficiencias que se teñen demandado por parte deste Grupo Municipal son o óxido en cámaras de frío, danos no chan en corredores e entrada, esconchados na pintura de paredes e teitos por humidades, caixas de cables sen tapa, adhesivos de distancia do COVID en mal estado, mellora do montacargas ou unha máquina con información municipal que non funciona. Incluso chegouse a

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

inutilizarse a rampla de acceso lateral para subir mercadorías polo perigo que comporta o seu uso.

A páxina web está sen actualizar dende xaneiro de 2022, figurando as fotos de antes da reforma da Praza, postos que xa están pechados, sen información da localización dos praceiros ou dos produtos e sen posibilidade de facer a compra online.

Outro dos impedimentos que se están encontrando na praza son as obras de peonalización do centro, que levan casi un ano e medio e das que aínda no se sabe unha data certa de finalización e como quedará regulado o tráfico.

Ademais, a xestión da praza está baseada nunha ordenanza anticuada que está moi lonxe da idiosincrasia actual destes establecementos ou de ofrecer condicións atractivas a novos emprendedores. Exemplo de elo é que o pasado 5 de xullo publicouse na Plataforma de Contratación o concurso público para a concesión demanial de 23 postos de venda e solo se presentaron 2 ofertas.

É o momento de trazar un plan de futuro ambicioso que permita ter un mercado de proximidade de vangarda, cunhas instalacións que permitan ser un referente identitario da cidade e da provincia, non se poden deixar pasar mais oportunidades e desatendendo as demandas dos praceiros, que ven como día tras día seguen perdendo clientes.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular, trae esta iniciativa a Pleno para que a Corporación Municipal ACORDE:

- Instar ao concello a que dote ao Mercado Municipal e á Praza de Abastos dun plan de melloras continuo para arranxar os desperfectos denunciados e seguir mellorando de cara a unhas instalacións accesibles e modernas nas que se permita proxectar a climatización dos diferentes espazos, estudar a activación do sistema dixital que permita o acceso con tarxetas xa instalado pero en desuso, a posibilidade de carga e descarga das mercancías e a actualización da ordenanza."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo Grupo Popular, señora Carballas.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Gracias, alcaldesa. Yo la verdad es que no sé qué me piden que tome tantas notas de ustedes yo no tengo nada que aprender, las palabras se demuestran con hechos y desde el Grupo Municipal del Partido Popular llevamos años denunciando el estado de abandono que sufre la Praza de Abastos y el Mercado Municipal. En este mandato fueron varias las veces que estuvimos con los placentos, fueron varias las veces que reclamamos mejoras presentando preguntas o ruegos, tanto a Pleno como a comisión. En concreto: En marzo trajimos un ruego a Pleno para demandar todos los desperfectos; en enero, abril y julio pedimos que se actualízase la página web, y el 20 de agosto nos reunimos con los placentos para escuchar todas sus demandas, y comprometernos a que traeremos a Pleno unha iniciativa, porque tanto las instalaciones como la página web tienen un escaso o nulo mantenimiento por parte de este Gobierno local, y la culpa es de los dos: el BNG es el responsable y el PSOE es el cómplice necesario que lo consiente, porque para la foto siempre son los primeros en ponerse, pero ante los problemas se lavan las manos, y unos por otros la plaza sin barrer. Imagínense por un momento que ustedes son una persoa que acabe de llegar a Lugo, un vecino que se acabe empadronar, una persoa que viene de Begonte, un turista, el que sea, y entran en la praza o en el mercado, lo primero que se van a encontrar es una plaza con muchos puestos cerrados, óxido en las cámaras de frío, que no hay que ser expertos en la materia para creer que no es un lugar adecuado donde se guarde comida; daños en suelos y pasillos, desconchados en la pintura de paredes y techos, humedades en distintas zonas; cajas de cable sin tapa, los adhesivos de distancia COVID que dos años después siguen sin quitarse y además están en mal estado. Un montacargas con continuas averías y botones rotos. En una de las entradas este vecino se encontraría con una máquina de información municipal, que debe ser a modo de adorno porque no funciona y a unos metros de esa máquina un espazo que se utilizaba como Ludoteca infantil y que ahora se utiliza como unha especie de almacén municipal, pero sin orden y descuidado. ¿Y que pasa con la página web? ¿Que se encuentra unha persoa que visita la página web de la plaza del Mercado? Pues que las noticias llevan sin actualizarse desde enero de 2022 dos años y nueve meses ya; las fotos son de antes de la reforma, aparecen puestos que ya están cerrados, no hay información de la localización de los placentos, no hay información de los productos que se venden, no hay posibilidad de hacer la compra online y ni tan siquiera hay un mapa con los puestos.

Todo esto que ya demandamos desde el Grupo Municipal del Partido Popular y que puede ver cualquier persoa que quiera comprar en la plaza, desde el gobierno lo ignoran, porque como en este Concello se tapan ustedes entre unos y otros y aquí nadie se responsabiliza de nada, y la culpa no es de nadie, pues todo sigue igual. La culpa no es de nadie, a excepción de si hablamos de la limpieza, que entonces sí que rápidamente se encuentra un culpable a los placentos. Las arquetas de Plaza de Abastos tenían 450 kilos de restos, lo que significaba que llevaban años sin

limpiarse, pero la culpa es de los placentos. No, señores, la culpa de todo lo que está pasando en la plaza no es de los placentos, es de todos ustedes. Primero empezaron aislando la plaza con la peatonalización de Quiroga Ballesteros, sin dar alternativas a los placentos cuyo único objetivo es trabajar. No dejan pasar los placentos, le dificultan la entrada a los clientes y se la impiden a los proveedores. No contentos con iso, este bigobierno agravó la situación con el resto de las obras de peatonalización, que los placentos, al igual que el resto de los negocios del centro, llevan más de un año y medio sin apenas información, sin saber la fecha en que terminaran las obras y sin saber como quedará regulado el tráfico. Los placentos se enfrentan día a día con problemas para poder cargar y descargar la mercancía, o para hacer repartos. No les facilitaron ni tan siquiera una tarjeta para identificarse o una zona específica para aparcas. El resultado: que les multan. Los placentos no pueden acceder a trabajar fuera del horario de apertura de la plaza porque, pese a haber un sistema de cámaras de seguridad, el BNG no les quiere dejar pasar, lo único que quieren los placentos es trabajar y no tienen unas condiciones de trabajo fáciles, porque, pese a lo que dice en los medios la señora López, el sistema de climatización no funciona y en verano en la plaza hace mucho calor y en invierno frío. Cada año hay más puestos cerrados porque no hay un procedimiento ágil de adjudicación, hay que esperar a que el Gobierno local quiera sacarlos a licitación, y cuando eso pasa no generan interés, porque no son capaces de ofrecer condiciones atractivas a nuevos emprendedores. Lo veíamos el pasado cinco de julio, que se publicó el concurso público para la concesión de 23 puestos y se presentaron dos ofertas. A mayores de todo lo anterior, la gestión de la plaza está basada en una ordenanza anticuada, que está muy lejos de su día a día. Y pese a todo ello, los placentos siguen trabajando, siguen luchando porque la plaza esté abierta, siguen luchando por mantener uno de los lugares más emblemáticos de nuestra ciudad, por mantener la plaza llena de vida y color, llena de una gran variedad de productos frescos y de calidad, y sobre todo llena de unos placentos con pasión por su trabajo, amabilidad y calidad humana, pero lamentablemente el trabajo de los placentos solo no llega. Por eso traemos esta iniciativa a Pleno. Gracias.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Ten a palabra polo goberno a concelleira de Participación cidadá dona Cristina López.

DONA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ: Moi bo día a todos e a todas e benvido Damián, e benvido Pablo, un pracer tervos aquí o día de hoxe, e vexo que coñecen moi pouco a Praza de Abastos e o Mercado porque non debe ir visitalo moito, e sobre todo non participan para nada nas actividades que realizamos. No ano 2023 realizáronse 94 actividades na Praza de Abastos e no Mercado e no seu contorno. No que levamos do ano 2024, levamos 84 e subindo, porque aínda nos queda todo o período de Nadal, San Froilán e demais. E na Praza de Abastos podemos desfrutar tanto de visitas escolares, ata teñen a inquietude colexios de fóra de Lugo, como foi o colexio de Mosteiro de POL, en vir a visitarnos. Podemos desfrutar de concertos no mercado en distintos días. Temos diferentes campionatos, como pode

ser o de xadrez ou de fútbolín, onde vemos, sobre todo de xadrez, onde hai numerosos, pero numerosos, nenos e nenas que veñen a facer estes campionatos dentro da Praza de Abastos porque cren que é un lugar idóneo, que está, como non, estratexicamente situado no centro da nosa, da nosa cidade, campionatos que se desenvolverán ao longo de todo o ano. Temos que ver toda actividade cultural que hai alí. Vemos como xa por dous anos se presentou o proxecto Ulises no mercado municipal, eles entenderon que era un sitio idóneo para poder facer esa presentación. Vemos como novamente o encontro de palilleiras pon a Lugo nun sitio estratéxico e temos máis de 300 palilleiras que veñen cada ano a visitar a nosa cidade e así poder desfrutar de todo o traballo que elas fan. Vemos como se realizan festivais, como pode ser o Vaia Vaia, e vemos como está sendo un lugar moi atractivo para todas aquelas presentacións de estas denominacións de orixe, para as distintas organizacións e asociacións, e vemos como este ano puidemos desfrutar da carne de poldro, onde se fixeron dous días degustacións para que puidésemos coñecelas, e como se crearon sinerxías cos praceiros, neste caso cunha das carnicerías, para que puidéramos desfrutar dese produto e poder telo á venda. Pero, claro, como vostedes non van é complicado que saiban todo este tipo de cuestións.

Tamén podemos ver como podemos desfrutar da degustación do porco celta, como tivemos a primeira feira de alá de que a través da asociación Ovica vimos como en poucos días, esta fin de semana, imos poder desfrutar, coa colaboración das mulleres empresarias, porque, iso si, nós facemos numerosas colaboracións con diferentes entidades e imos facer o primeiro mercado outlet, que é o Mercado Perséfone. Vemos como este ano imos celebrar a terceira festa da Filloa, e vemos como as actividades infantís, porque, para nós, atraer sobre todo as crianzas á nosa Praza e ao noso Mercado para que poidan coñecela e así poidan atraer os seus pais, que así é como nos din os praceiros e praceiras, como a repercusión, de traer os nenos ao mercado, e esas visitas que facemos con eles, despois volven cos seus países e coas súas nais para poder desfrutar e poder mercar eses produtos de proximidade, deses produtos dunha calidade excelente e, como non, atendidos polos mellores profesionais que poidamos ter. E durante o ano 2023, 1.271 pequenos puideron desfrutar dos obradoiros infantís que vimos celebrando na Praza de Abastos os martes da 1 ás 14 horas. Pero, claro, vostedes que van saber se por alí non están.

E no ano 2024, a día de hoxe, levamos 621 nenos. Vemos como hai unha clara aposta por parte deste goberno, unha clara aposta, pola dinamización da Praza de Abastos e do Mercado, porque a realidade é moi teimuda, os números están aí e as actividades podemos desfrutar delas, pero, reitérome, vostedes cómo van saber diso, se non están nin se lles espera.

Tamén estamos traballando moi arreo nun convenio coa Escola de Hostalería. Este ano achegáronse profesores e mestres da Escola de Hostalería moi interesados en que os seus alumnos poidan desenvolver actividades e poidan presentar á sociedade lucense todo aquilo que están aprendendo dentro desa escola.

Continúo na seguinte intervención.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas, señora López. Ten novamente a palabra, polo Grupo Popular, a señora Carballas.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Si, usted, señora López, dice todas las actividades que hacen, pero lo único que están haciendo año tras año, y más desde que el BNG es responsable, es que la plaza vaya en declive, y lo saben. Ustedes dicen que nosotros no vamos por allí, no, la que no va por allí es usted, y por eso no conoce las condiciones de trabajo de los placentos de las que despoés hablaré. Cada año cierran máis puestos porque ustedes son incapaces ni de crear interés ni de manter lo que hay. Es decir, no es que no valgan para generar puestos en la plaza, que ya vemos que no valen, es que no tampoco valen para heredar. Quieren tener una plaza del nivel de otras, como el Mercado de San Miguel o la Boquería, pero no es verdad, porque cuando hay una iniciativa interesante la evitan, salvo que la iniciativa salga do uno de sus concejales o de una asociación afín al BNG, entónces sí que les vale. Y el exemplo tenemos en la que vetaron hace unos días, que era una concentración de máis de 200 motos. Según usted, porque no es un espacio para hacer churrascadas, si no son del BNG, claro, Si son del BNG se pueden hacer fiestas, música, mítines, para eso, perfecto. Miren, es que la plaza no es suya. Ustedes, PSOE y BNG, en el pacto de perdedores que hicieron para llegar al poder acordaron que de la Plaza se encargaría el BNG, y el BNG se cree que la Plaza es suya, pero la Plaza no es suya, la Plaza es un espacio público de los vecinos. Si ustedes quieren una sede del BNG, alquílenla, pero no utilicen la praza como sucursal, la plaza no suya. Y lo que no pueden ir hacer es ir a la plaza sin escuchar a los placentos y tratando de imponer su criterio. No pueden ir con esa actitude, no por el no, lejos de querer solucionar los problemas o de tender la mano, lo único que ofrecen ustedes es la nula colaboración con los placentos. Como decía antes, las arquetas de la Praza de Abastos tenían 450 kilos de restos, lo que significaba que llevaban años sin limpiarse. Y desde este Concello, señora López, lejos de disculpase, le echa la culpa a los placentos, y poco máis, que les llamaron cerdos. ¿Cómo puede una concejala cargar contra la gente que quiere trabajar, y no contenta con eso va a la radio decir que no van a abrir por las tardes para cuatro puestos y que, ojalá, algún autónomo pudiera a trabajar 35, 40 horas semanales, como pretenden los placentos de Lugo. Primero, señora López, aclárense, porque no puede decir que no les va a abrir por la tarde para que puedan trabajar y despoés decir que los placentos no quieren trabajar. Y, segundo, interésese por el trabao de los placentos, que no sólo es el que hacen esas horas delante del mostrador, detrás hay mucho trabao de limpieza, compras, contabilidades... Muchos trabaoadores de la plaza se levantan a las tres o cuatro de la mañana para ir a buscar los productos. Que, por cierto, antes ya vimos que el BNG no apoyaba a los trabaoadores y ahora vemos que tampoco apoya a los autónomos. Lo que ustedes quieren son esclavos que trabajen 50 o 60 horas a la semana, esten callados, les digan que si a todo. Quieren cerrar la plaza, montar una sucursal del BNG y tener esclavos trabajando 40 o 50 obras.

Señora López, estas declaracións súas son mozo graves y le están facendo mozo dano, tanto en la praza como a los placeros. Desde el Grupo Municipal del Partido Popular le exigimos antes y lo volvemos a exigir: Debe pedir disculpas públicas por la falta de respeto y por los comentarios inadecuados y fuera de lugar con los placeros.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Ten a palabra, polo goberno, a concelleira Cristina López.

DONA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ: Con este tema da Praza de Abastos, vostedes teñen moito que moito que calar, e hoxe aquí non vos vou branquear nin vou entrar no seu xogo, que está clarísimo. É unha burda utilización política do que estiveron facendo durante estes días. Foron vostedes os que filtraron un documento de traballo, de ámbito de traballo, aos medios de comunicación. Un documento de traballo no que estabamos elaborando un montón de propostas, propostas que, ás veces, cando hai sobre todo xente coas propostas, cada un pode propoñer o que queira, pero cando esas propostas e con ese tipo de peticións entran en confrontación ou choque cos intereses dos lugueses e das luguesas, temos un problema. Entón vostedes encargáronse de filtrar ese documento, vostedes encargáronse. Levan facendo unha campaña, unha campaña terrorífica en contra da imaxe dos praceiros e das praceiras, é o que levan facendo durante todos estes días. Entón, primeiro o martes e despois o mércores, digan vostedes de onde sacaron ese documento interno e como o expuxeron de maneira pública a todas e a todos. Vostedes cren que é unha imaxe boa para os praceiros e as praceiras, dicir que queren que os seus clientes lles aboen a auga, dicirlles que os seus clientes lles aboen o páking? E dicirlles que os seus clientes queren que lles aboen o servizo a domicilio porque lles resulta moi caro? Vostedes cren que iso se pode facer cun grupo, como vostede di, de traballadores? Porque vostedes din unha cousa aquí e despois a contraria deste lado: Vostedes utilízanos, utilízanos creando expectativas, expectativas de reivindicacións que saben que chocan frontalmente cos intereses dos lucenses e das lucenses e que iso non ía ser ben recibido por eles, e logo despois veñen aquí e filtran ese documento para que todo o mundo se entere dese tipo de reivindicacións. Que imaxe lles están deixando? Na vida vin maneira tan arteira de utilizar un grupo de xente para unha liorta política, porque isto é o único que trae é a deterioración da imaxe. Xa poden vostedes traballar arreo, pero arreo, como estamos traballando nós para restituír a imaxe de toda esa xente, Porque, xa lles digo, non se pode, non se poden sacar á luz pública nin filtrar documentos de traballo de ámbito interno, e foi o que estiveron facendo vostedes durante todos eses días.

E non malinterpreten as cousas que se din porque son moi hábiles terxiversando moi, moi hábiles, pero os verdadeiros... que os colocaron nunha posición moi moi incómoda socialmente foron vostedes a eses praceiros e praceiras que tanto din que escoitan. Iso foi o que estiveron facendo vostedes durante todos eses días.

E, xa lle digo, traballen e traballen arreo, porque nós levamos moitísimo tempo, moitísimo tempo traballando para darlle á Praza de Abastos toda actividade que ten

e todos os traballos que se están alí facendo. E eu si que vou alí e eu si que os escoito. O que non fago é dicirlles unha cousa: pidan isto, e despois ao mesmo tempo sacar esas peticións, que saben vostedes perfectamente que non son peticións que poida facer un empresario, porque deterioran moitísimo a súa imaxe e despois facelo público, iso é o xogo ao que están xogando e non os vou branquear porque son os responsables de todo o que levan feito durante esa semana.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Grazas, señora concelleira. Última quenda para o Partido Popular.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Señora López no invente y no mienta. Nosotros ni filtramos nada, ni tenemos ese documento, ni estábamos en esas reuniones de las que usted está hablando. No lo tenemos, con lo cual, si no lo tenemos, no lo podemos filtrar... Es que no sabemos de que documentos nos está hablando, no lo sabemos. Y los placeros saben pensar por sí mismo. Nosotros no les estamos utilizando. ¿Que pasa? Que usted quiere silenciar las voces de los comerciantes y quieren seguir ignorando sus necesidades? Entonces ahora viene inventando que nosotros hemos filtrado un falso documento y que nosotros estamos utilizando los placeros? Siga ustedes enfrentándose a ellos en vez de escucharlos, siga enfrentándose, y la alcaldesa, la señora Alvarellos, en vez de actuar, siga mirando para otro lado. Es que esto es increíble. Lo que está pasando con la Plaza de Abastos en Lugo es increíble, es increíble. Se debe mediar inmediatamente en este conflicto. Gracias.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas, señora Carballas. Grazas polas súas recomendacións, Pero ese papel xa o fixen. É o primeiro que quero dicir é que, dende que son a alcaldesa dende o mes de xaneiro, convoquei dúas veces a Comisión de Prazas e Mercados, ás que me acompañou a concelleira delegada, a señora López. Dúas veces no que vai de ano, e hai determinadas propostas para facer unha modificación da ordenanza de prazas e mercados e estamos traballando nelas, evidentemente. Na última reunión, que creo que foi no mes de xuño, foi no mes de xuño, xusto antes do verán, os praceiros, os representantes dos praceiros quedaron en pasarnos unha proposta, fundamentalmente de horarios para esa modificación. A día de hoxe non chegou. Polo tanto, non se pode falar do que un non sabe. Estamos reuníndonos, creo que esa é o labor que debemos facer: escoitar os praceiros, intentar modificar determinados aspectos da ordenanza de prazas e mercados, e niso estamos traballando. Como lle digo, fixemos unha proposta; é máis, fixemos unha proposta pero non estaban de acordo, entón o acordo ao que chegamos a concelleira e mais eu cos representantes da praza era que eles nos ían facer esa proposta de cambio de horarios, debe ser que non chegaron a un acordo, pero a día de hoxe non nos chegou esa proposta. Iso non ten nada que ver. Eu, como sempre digo, teño a porta aberta. O primeiro que teño que facer cando se está intentando facer ruído político é tratar de calmalo, tratar de calmalo e escoitar, Iso é o que fixen, primeiro, escoitar á miña concelleira delegada, iso é o primeiro

que teño que facer, sae a noticia un venres, e o luns o primeiro que fago é citar a concelleira delegada e despois reunirme cos representantes dos praceiros. Iso xa se fixo, grazas polas súas recomendacións pero iso xa está feito, e do que se trata é de escoitar e tratar de chegar a acordos. Polo tanto, como eles ben saben todos os representantes, e mesmo falamos a concelleira e mais eu, proximamente convocaremos novamente a Comisión de Prazas e Mercados. E se eles non fan as propostas a que se comprometeron, volveremos poñer enriba da mesa a nosa proposta, pero pódolle garantir a todos os veciños e veciñas de Lugo que estamos traballando, estamos escoitando, estamos traballando arreo para modificar esa ordenanza e que sexa satisfactoria para todas as partes, e fundamentalmente que sexa satisfactoria para os veciños e veciñas de Lugo, porque todas estas algaradas, o único que fan é prexudicar a Praza. Imos votar.

23/163 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 327/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL A IMPLEMENTAR MEDIDAS DE ORDENACIÓN DE ESTACIONAMENTO BUSCANDO O CONSENSO CON OUTRAS INSTITUCIÓNS (Exp. 2024/G004/000632).- Vista a citada proposición do seguinte teor:

“As políticas aplicadas polo goberno municipal ocasionan que a cidade de Lugo teña un déficit importante de prazas de estacionamento e para paliar este problema faise preciso buscar solucións que permitan ampliar a capacidade de aparcadoiros existente actualmente, sobre todo, na zona céntrica da cidade.

Sen descoidar que a administración competente en materia de regulación do tráfico e na habilitación de espazos de estacionamento é municipal e, por tanto, do Concello de Lugo, unha solución parcial a este problema podería ser a búsqueda de medidas de ordenación de estacionamentos en consenso con outras institucións como poden ser os institutos (IES Ollos Grandes ou IES Lucus Augusti), ou os xulgados, tal como presentamos nunha enmenda á proposición presentada polo BNG no pleno do 25 de abril, que non foi aceptada nin tida en conta.

En contactos mantidos entre este Grupo Municipal e algúns dos titulares das institucións indicadas, manifestan que non se opoñen a esta medida sempre e cando se manteña a propiedade das instalacións, se especifique claramente a responsabilidade de cada unha das partes implicadas, se asuma un compromiso expreso na regulación deste estacionamento (horarios, uso axeitado...), se garanta a responsabilidade dos danos que podan surxir nas instalacións e o uso do persoal dos centros durante o horario lectivo.

A día de hoxe xa existe unha clara mostra da sensibilidade da administración autonómica en determinadas demandas sociais como ten demostrado coa posta a disposición dos clubs da cidade do pavillón “Poli” do Lucus Augusti e Ollos Grandes, que actualmente desfrutan para poder desenvolver os seus adestramentos ante a falta de alternativas por parte do Concello de Lugo.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

Por todo o anterior, e dándolle voz a unha reivindicación social, ademais da deste Grupo Municipal do Partido Popular, traemos esta iniciativa a Pleno para que a Corporación Municipal ACORDE:

- Instar á Xunta de Galiza a abrir os aparcadoiros dos IES Virxe dos Ollos Grandes e Lucus Augusti en horario de tarde, sen interferir coa actividade habitual das instalacións, respectando as obras que se están a realizar na contorna, e dentro do consenso coa comunidade educativa, respectando a propiedade das instalacións e especificando claramente a responsabilidade de cada unha das partes implicadas.

E instar ao Concello de Lugo a que:

- Implemente as medidas de ordenación de estacionamentos, se pense especialmente nos residentes e que, dende o consenso, se estudie a optimización dos espazos reservados a outras institucións como poden ser os xulgados.

- Establezca instrucións que regulen o uso dos espazos: horarios, sinalización... garantindo a cobertura dos posibles danos que podan surxir nos aparcadoiros.

- Atenda a reivindicación do centro IES Nosa Señora dos Ollos Grandes de colocar un aparcadoiro de bicicletas para impulsar a mobilidade sostible

- Cree un plan para dotar á cidade de máis zonas de aparcadoiro"

Tendo en conta, así mesmo, a emenda *in voce* formulada no transcurso do debate do asunto polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE, no sentido de dar a seguinte redacción á parte dispositiva da proposición:

"1º .- Instar á Xunta de Galicia a abrir os aparcadoiros dos IES Virxe dos Ollos Grandes e Lucus Augusti en horario de tarde, sen interferir coa actividade habitual das instalacións, respectando as obras que se están a realizar na contorna, e dentro do consenso coa comunidade educativa, respectando a propiedade das instalacións e especificando claramente a responsabilidade de cada unha das partes implicadas.

2º.- Que se atenda a petición do centro IES Nosa Señora dos Ollos Grandes de mellorar un aparcadoiro de bicicletas para impulsar a mobilidade sostible."

E visto que o Grupo Municipal do Partido Popular acepta a emenda presentada.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación -coa redacción dada pola emenda aceptada- acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- Votos a favor:	25	dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- Votos en contra:	0	
- Abstencións:	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia a abrir os aparcadoiros dos IES Virxe dos Ollos Grandes e Lucus Augusti en horario de tarde, sen interferir coa actividade habitual das instalacións, respectando as obras que se están a realizar na contorna, e dentro do consenso coa comunidade educativa, respectando a propiedade das instalacións e especificando claramente a responsabilidade de cada unha das partes implicadas.

SEGUNDO.- Que se atenda a petición do centro IES Nosa Señora dos Ollos Grandes de mellorar un aparcadoiro de bicicletas para impulsar a mobilidade sostible.

DELIBERACIÓN

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo Partido Popular, señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Bo día novamente. Encantada de poder volver falar dos asuntos que lles preocupan aos lucenses. A señora alcaldesa dicía hai un momentíño, cando non puido reter o seu ímpeto, que tiñamos unha obsesión patolóxica, unha obsesión, eu digo que a teñen vostedes, e que realmente está empezando a rozar a patoloxía coa Administración á que nós nos imos dirixir agora. Que Lugo ten unha carencia importantísima de estacionamentos, algo que escoitan, si, efectivamente escoita, porque ás veces, claro, unha cousa é atender e outra cousa é prestar atención. Entón, ao mellor as cousas cando non nos gustan o que os din, ignoramos a parte que non nos aporta ou coa que estamos en desacordo. En abril tróuxose ao Pleno unha iniciativa neste caso para instarlle á Xunta a abrir os edificios dependentes dela. Nese pleno, intentamos por todos os medios chegar a acordos porque coincidíamos nalgunha parte da proposición, e, de feito, rexistramos unha emenda. É certo que o debate que ocupou unha porcentaxe de tempo a verdade incomprendible, analizábase ou discutíase sobre una petición que non ía no punto do acordo daquela moción, que eran os edificios da Xunta; de feito, a proposta de acordo era abrir os aparcadoiros do IES Virxe dos Ollos Grandes, o Lucus Augusti e a Facultade de Formación do Profesorado, en horario de tarde. Esa era a proposta, pero practicamente todo o debate foi iso: crispas, enlamar é atacar a Xunta como administración mala, malísima, que afoga ao Concello de Lugo. Intentamos, ademais dunha maneira moi construtiva, porque falamos cos directores de todos os centros. Explicabamos tamén que ademais do fondo había unha cuestión de forma, ese lema que ten a alcaldesa de escoitar, sorprendeunos cando visitamos a todos os centros, e nos dixeron que se estaban enterando desa proposta pola oposición, porque ninguén do goberno do Concello tivera a decencia de advertir que ían tomar unha decisión sobre o seu espazo, porque era un espazo da Consellería de Educación, polo cal as formas que creo que tamén son importantes na xestión pública pois fallaba. Aínda así, naquel momento intentamos

dicir, primeiro había un erro: o espazo da [Escola] de Formación do Profesorado era da USC, creo que deberíamos de falar coa USC, e non podíamos instarlle á Xunta e os outros dous espazos había unha predisposición a sentarse e falar do tema. Non é un tema menor, porque non o debeu ser nin sequera no párking de Santa María, que máis alá do debate político de que o inauguraron pola mañá e o clausuraron pola tarde, despois estiveron aí coas súas liortas, esas que se teñen de portas para dentro, non a que visualizan portas para fóra, pero, por exemplo, ese espazo que acaban de inaugurar, que inauguraron antonte, coma quen di, tivo a súa regulación o 17 de abril do 2024. É dicir, a propia Deputación, e nun decreto que asinou e que teño aquí copia, explicaba a necesidade de regular os espazos porque, evidentemente, aí vai convivir un uso restrinxido polas mañás é un uso público ou coa condición de vía pública pola tarde. Ben, foi imposible naquela sesión plenaria chegar a un acordo, coma sempre, desprezando o noso traballo, desprezando a nosa capacidade e, o que nos doe máis, terxiversando a nosa intención, pero evidentemente non ofende nunca quen quere, senón quen pode, e nós seguimos coa nosa folla de ruta e debéndonos a quen nos debemos que, evidentemente, son os lucenses e o enorme caudal de confianza que depositan no noso grupo municipal.

Por iso hoxe, sen acritude, pero co mesmo obxectivo, intentamos buscar un consenso e traemos para que se debata a Pleno: instarlle á Xunta a abrir os aparcadoiros na Virxe dos Ollos Grandes e no Lucus Augusti. Este texto está consensuado co seu equipo docente dentro do consenso e no horario que non afecte nin o horario lectivo nin as obras que, como sabe, se están celebrando neste momento nun deles. E, ao mesmo tempo, tamén pedimos que se estude, pensando na petición dos residentes, a optimización deses espazos que están reservados a outras institucións, como poden ser os xulgados e que en moitos momentos están infrautilizados. Que se establezan instrucións, poden valer estas, traio como unha proposta en positivo, que se atenda a unha petición que fai o IES da Nosa... supoño que estarán de acordo porque xa sabemos que aquí a bicicleta é a raíña da mobilidade, que é que se establezan aparcadoiros para bicicletas e por suposto, que sigan traballando en dotar a cidade de zonas de máis aparcadoiro. Pois iso, con rigor, coa mesma intención que en abril, e evidentemente cun traballo de consenso e de escoita activa, esta si certa e efectiva, a ver si somos capaces de chegar a un acordo.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Candia. Ten a palabra polo goberno o concelleiro Jorge Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Grazas, señora Alcaldesa. A verdade non sei a que estamos xogando. Levamos tres plenos, contando este, onde este goberno leva pedindo a apertura dos aparcadoiros da titularidade autonómica, que cambiou nestes meses de verán? Xa deron a orde dende Santiago para que se poidan abrir? A ver semella un pouquiño un xogo de trileiros, porque ademais imos ler a proposición e tamén á liña temporal:

A primeira proposición, en relación coa petición dos compañeiros do Bloque, onde o 17 de abril insta na Xunta de Galicia a abrir os aparcadoiros do IES Virxe dos Ollos Grandes, Lucus Augusti e Maxisterio.... O 17 de xullo, o PSdeG proponlle ao Pleno instarlle á Xunta a un novo aparcadoiro no barrio de Fontiñas, ... Confraría do Carme e, por último, implementar as medias necesarias para utilizar as dotacións de aparcadoiro de titularidade autonómica na contorna do centro histórico. De feito, acórdome, porque eu defendín esa proposta, no último minuto lamentaba a actitude do PP porque, claro, si que é verdade que se pediu un paquete de medidas á Administración autonómica e non houbo ningún tipo de emenda, ningunha, principalmente porque isto non interesaba nese momento. E agora, visto que a xente, non acabo de entender porque o inmovilismo da Xunta neste apartado, pois metedes por rexistro o que di: instarlle á Xunta a abrir os aparcadoiros dos institutos. A verdade, están pasando cosas raras na oficina de abaixo, estou por chamar a ..., porque debe haber fenómenos moi raros, sobre todo, polo cambio de viraxe tan repentino. Pasastes de votar que non, dúas veces, a dicir que queredes instarlle á Xunta, pero é que non dou entendido o voso discurso, porque temos a vicepresidenta do Parlamento, que sae en todas as fotos, en todos os saraos e, polo seu cargo político nesta institución, unha persoa que aproba os presupostos da Xunta de Galicia, claro, a ver, como vicepresidenta do Parlamento, entón sabe, vén a colación aquí na proposta o presuposto de deportes que leva a cidade. Dígoo porque nunha parte da proposta mencionades a clara mostra de sensibilidade da Administración autonómica co deporte da cidade, ao poñer á disposición da sociedade deportiva o polideportivo dos institutos... esquecese engadir de alugueiro, o pavillón aos clubs, ao mellor poñerdes un parquímetro, espero que non, pero, ben, é máis, cando o ano pasado o 27 de outubro, un incremento de case un 28% na partida Secretaría Xeral para o Deporte até os 52,6 millóns, 364 millóns de euros en total, é investíronse en infraestruturas de 17,5 millóns. Pois ben, aquí a que temos, pois a alugamos, invístese en diñeiro, pero, ben, aquí non temos gran cousa. Vou seguir falando da proposta e seguindo coa proposta, que ás veces o deporte núbrame un pouquiño, dicides que Lugo ten un déficit importante de estacionamento. Nós estamos traballando porque estamos a apostar pola mobilidade sostible, porque o peón é o noso protagonista fronte aos vehículos, pero estase a facer un esforzo importante. Estamos dotando de superficies de aparcadoiro gratuíto a toda a cidadanía, como amosan os aproximadamente 6.100 metros cadrados de aparcadoiros postos a disposición da veciñanza. Para rematar a lectura da proposta e dándolle unha reivindicación social, como di vostede, pero o que digo é por que non votaches que si a proposta do BNG en abril?, ou facer unha emenda? O BNG, en abril, pedía, masculino, feminino, Nosa Señora dos Ollos Grandes, Lucus Augusti e Facultade do Profesorado, puidestes facer unha emenda, e nós aí, ... apoio á proposta na parte dos institutos, por non dicir que ... que só está ben para a cidadanía o que vos dicides, a min isto, non sei, non acabo de entendelo moi ben. Continúo na seguinte intervención.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas, señor Bustos. Segunda quenda para a señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Señor Bustos, a vostede tirar do argumentario non lle queda nada, porque, ademais, vostede que aínda non está contaminado, e dígoos con toda claridade, é unha persoa coa que se pode falar, coa que se pode chegar a consensos. Mire, esta é a proposta que se votou en xullo. Seguro que ten moito traballo, evidentemente, o deporte consómelle moitas horas, pero, claro, as mocións teñen que vir preparadas, nós emendamos esa proposta, non nola aceptaron, vale? Con esa mesma coordinación e coherencia, é a emenda que traemos hoxe. Intentamos explicalo, ben sabe que nos usos da quenda de palabra e nas posibilidades que temos, que non as cuestionamos, que é lexitimidade absoluta, non puidemos explicar correctamente, porque quero pensar que vostedes non o chegaron a entender ou non quixeron entendelo, porque tamén lle digo, se vota en contra desta proposta, que ten o consenso do equipo directivo dos dous centros, que recolle as propostas dos residentes, que implica a esa Administración á que vostedes se dirixen sempre, coma se fose, imos, se fosen relixiosos da virxe de Fátima, que están constantemente, que se lles deran un euro por cada vez que citan a Xunta, eran todos millónarios, despois de citarme a min por suposto, todo iso, se votan en contra, a miña reflexión é a seguinte: Que pasa? é que a vostedes só lles interesa unha petición á Xunta cando se vota que non? É dicir, vostedes o debate coa Xunta é se non sae adiante, se hai unha proposta de acordo, xa non interesa, xa non interesa porque xa non hai pelexas.

E, mire, que pida vostede, e sinto chamarlle a atención neste tema, é que non tiña previsto entrar, pero entrou vostede e teño que contestarlle, que proteste por non ter recursos para infraestruturas deportivas cando son incapaces de sacar a redacción do proxecto do pavillón, cando teñen un compromiso orzamentario de tres administracións e foron incapaces de sacar a licitación a redacción do proxecto, é que, mire, é que ao final vostedes mesmos con esa obsesión enfermiza de atacar a Xunta quedan retratados, non teñen capacidade de xestión e vostede seguro que a ten, e o que pasa é que non lle deixan, non lle deixan, porque vostede ten vontade, coñece ademais as necesidades e ten ganas. E dígollo en positivo, non lle estou facendo unha crítica, eu entendínme sempre con vostede, e seguirei intentando entenderme, porque creo que é bo o que vostede propón. Agora, a proposta do Partido Popular para a utilización destes espazos era si, instarlle á Xunta sempre co consenso, paréceme moi forte que eu me meta na súa casa e lle diga que agora vou entrar e agora vou saír e, se un día non me apetece saír e pechou a porta e non llo dixo, saíra vostede, que teña que aceptalo porque o di o Concello. Non, as cousas, aínda que vostedes actúen cunha actitude dictatorial constantemente, e viuse ben agora mesmo co da Praza de Abastos, a nós gústanos o consenso, especialmente co que usa instalacións. Así que, se vostede vota en contra desta proposta, é que vostede non quería que se abrisen os institutos, quería a guerrilla política contra o PP para dicir que estabamos en contra, e nós temos que facer un esforzo. Ás veces temos que traelo ao Pleno tres veces ou catro para ser capaces de explicar realmente o que queremos facer, pero isto é bo para Lugo, e sei que a vostede lle gusta, así que rompa eses papeis e fáleme coa cabeza e especialmente co corazón.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Rematou o seu tempo, señora Candia. Ten a palabra o conselleiro, o señor Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Voume ruborizar con tanta boa palabra, madre mía, pero ben. A ver, o primeiro, o tema do pavillón, e iso vai na pregunta despois, entón non se cortou, pero vai preguntado despois, entón contestarase despois, porque non saíu aínda.

E imos aló coa proposición, imos facer unha emenda *in voce*, vale? Co punto un estamos de acordo, ... consenso e diálogo sempre é a seña de identidade da nosa xestión, e a proba a tedes no colexio de Montirón, onde en todo momento se mantivo un contacto próximo, todo o amable posible, para atender as peticións do colexio coa... nunha obra complicada de xestionar, máis que nada polo volume de xente que hai. E despois no segundo punto, a ver, estamos a traballar xa niso e, se abren os aparcadoiros dos centros, non temos ningún reparo en poñer unha parte de bicicletas, pero xa están postos dende hai moitísimos anos, e os do Feminino, de feito, están novos, pódense ver dende Google. Pasei onte baixo a choiva... por alí ás sete da tarde e estaban alí... Non insulto, si que é verdade que, ao mellor, están un pouco antigos, pero vostede está dicindo que estou insultando a petición do director, e eu estou dicíndolle que na proposta di que poñamos aparcadoiros de bicicleta e xa existen, entón diga que hai que renovalos, vale? Se o instituto quere uns aparcadoiros novos, non se preocupe que nós a cambio de que se permita aparcas nos institutos, o faremos. Por certo, na Polvoreira imos facer unha serie de arranxos que pertencen a educación, máis que nada porque a petición do propio centro, xa que estamos facendo a obra, pois nós entendemos que nas negociacións temos que dar algo tamén, entón espero que, cando eu lle pida axuda á Xunta, que van ser cartos para prestacións deportivas, tamén reciba o mesmo trato que estamos a facer nós a cambio de dar infraestruturas e dar un bo mantemento a todos os nosos cidadáns, de acordo? E nada, pásolle a emenda e a ver se votamos todos a favor, principalmente porque no punto un estamos de acordo e no punto dous, se queren poñer uns aparcadoiros novos, poñémolos pero agora mesmo existen, e os do Feminino están novos. De feito, creo que no Feminino levan os aparcadoiros dende cando eu estudaba no 2000, e seguramente algún de vostedes tamén. Pero ben, mándolle a emenda.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas, señor Bustos. Última quenda para a voceira do Partido Popular.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: ... nos entendémonos. Acepto por suposto no punto un e modificamos no punto dous, o penúltimo: mellorar, incluso na medida das posibilidades, ou adecentar ou redacte vostede como queira, que estamos totalmente de acordo, incluso poñan nunha segunda fase, se lle parece que ao haber eses, aínda que pidamos o seu recambio é menos prioritario, e aceptamos

como se quere, e redacte vostede ese punto e creo que damos un grande avance neste Pleno. Creo que non nos importará ser reincidentes, non nos importará esforzarnos en que, se non é a primeira, que sexa 5ª, pero que ás nosas propostas se lles preste atención, evidentemente, con esa actitude conciliadora, porque indubidablemente, no tema do estacionamento e algo onde os lucenses nos piden grandes acordos. Tamén lle deixarei unha copia, porque creo que hai unha incorrección, xa que vai de aparcadoiros, referímonos aos dous convenios que se asinaron no barrio do Carme...

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Acabou o seu tempo e benvidos ao club. Ese é o primeiro que teño que dicir, porque o resumo é: o Concello puxo á disposición, a parte de moitos aparcadoiros disuasorios, evidentemente, con máis de 6.000 metros cadrados, como dicía o concelleiro, puxo as nosas instalacións propias do Seminario. Xa hai anos, a Deputación continuou, e ese é o resumo, e temos 131 prazas, son 164, pero 131 para todos os veciños e veciñas de Lugo.

Despois de pedirlo o Bloque e o PSOE sucesivamente, este goberno, xa non se trata de partidos, este goberno propoñía constantemente, pleno tras pleno, que a Xunta fixera o mesmo, votaron que non, non quería saber nada, non querían instarlle á Xunta a nada, toda, todas eran desculpas, pero hoxe parece ... benvidos ao club. De todas formas, recórdame un pouco o que pasou coa declaración da Ofrenda, da Ofrenda do Antigo Reino de Galicia, probablemente isto é que estamos a punto de ter a noticia. Cando pasou o da Ofrenda do Antigo Reino de Galicia, cando vimos a proposta, inmediatamente dixemos vai saír, despois de anos loitando, desde o ano 2019 loitando, vai saír. Iso ten pinta de que mañá ou pasado ou así, vai saír a noticia, pero iso o traen ao Pleno para dicir: foi o Partido Popular, grazas ao partido... tal cal. Volvo dicir o mesmo que lles dixeran, cando foi o da ofrenda: espero que esta intervención non faga que atrase iso, para non darme a razón a min, que é bastante probable, pero creo que estamos no mesmo suposto que pasou coa ofrenda. Vén esta proposición a Pleno porque ... o anuncio de que van facer de que por fin... veñen a este club poñer espazos das tres administracións a disposición dos veciños cando se pode poñer e acabar así con todas esas desculpas que, ano tras ano, viñan poñendo.

Por outra parte, voullo dicir sen acritude e con humildade, dicirlle a un concelleiro que non está contaminado, está dicíndolles a todo un goberno que o está. Polo tanto, os insultos espero que os obvie, porque para min é un insulto. E, segundo, que non lle deixan xestionar, non sei que non lle deixa xestionar, eu son a alcaldesa e cada un dos meus concelleiros ten toda, toda a miña confianza, delego funcións porque confío neles e déixolles xestionar, o que pasa é que, ao mellor, pensa o que fai vostede, vostede si que non deixa, dende logo non teñen liberdade ningunha. Non vou mirar a ninguén, porque algún pódelle caer a cara de vergonza, pero si. O ladrón cre que todos son da súa condición. Eu non o son, confío nos meus concelleiros plenamente e teñen delegadas as funcións porque confío plenamente neles. Imos votar... Supoño que admitiron a emenda respecto ao punto primeiro e esa parte do segundo, imos centrarnos no que imos votar, si, quedou claro...(Voces

de fondo inintelixibles) ...eu téño clarísimo o que escoitei: a primeira mantense totalmente, e a segunda soamente a parte dos aparcadoiros das bicicletas, que dixo concretamente, xa os hai, pero se os queren renovar, non nos importa, Así foi e, polo tanto, iso é o que se vota, si, señora...

A SECRETARÍA XERAL DO PLENO: Vou dar lectura Ben, os termos das votacións fíxaos a Presidencia. Entón, polo que entendín, acórdase un primeiro punto que é instarlle á Xunta de Galiza a abrir os aparcadoiros do IES Virxe dos Ollos Grandes, Lucus Augusti en horario de tarde sen interferir coa actividade habitual das instalacións, respectando as obras que se están a realizar na contorna e dentro do consenso coa comunidade educativa, respectando a propiedade das instalacións, especificando claramente a responsabilidade de cada unha das partes implicadas. E punto segundo, que se atenda a reivindicación do centro IES Nosa Señora dos Ollos Grandes de mellorar un aparcadoiro de bicicletas para impulsar a mobilidade sostible.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Exactamente, porque entendín que non había... pero é o que se tratou aquí.... A SECRETARIA XERAL DO PLENO: ... volvo dicir que os termos da votación fíxaos a Presidencia ... A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: ... Os termos da votación son eses.

B) FUNCÍONS DE FISCALIZACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

24/164 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 5 DE XULLO DE 2024, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (EXP. 2024/G004/000607).- En conformidade co informe do vicesecretario municipal accidental, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus delegados e delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno, dende o día 5 de xullo de 2024, coa numeración 6387/2024 a 8309/2024, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2024.

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

TESOUREIRA

25/165 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DOS MESES DE XULLO E AGOSTO 2024.- En cumprimento do establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira durante os meses de XULLO e AGOSTO de 2024, coa numeración 76/2024 a 88/2024.

Do 01 de xullo ao 31 de agosto de 2024 ditáronse pola Tesourería as seguintes resolucións:

Nº de Expediente	Asunto	Número de documento	Fecha Firma
2024/T030/000076	Recurso reposición providencia apremio LABORATORIOS BIOMIG SL IAE/23:11693178,11693999,11696839	2024/76	01/07/2024
2024/T030/000077	Resolución rectificativa da Resolución 75/2024 de adxudicación de poxa de vehículos	2024/77	01/07/2024
2024/T030/000078	Recurso reposición CRISTINA GARCÍA DÍAZ requerimento de pago IBI/21 e 22	2024/78	08/07/2024
2024/T030/000079	Recurso reposición CORDO DENTAL SLU providencia apremio IAE 2021 e 2022	2024/79	08/07/2024
2024/T030/000080	Recurso reposición providencia de constrinximento RAMON MANUEL ALONSO LOPEZ (Multa 2023-P-00006644)	2024/80	15/07/2024
2024/T030/000081	Recurso reposición providencia constrinximento ABANTE SERVICIOS EMPRESARIALES SL en relación IAE/2023 nº recibo 11685344	2024/81	17/07/2024
2024/T030/000082	Recurso reposición providencia de constrinximento JOSE Mª DARRIBA PRADO (IBI/23 nº 11430440 02)	2024/82	18/07/2024
2024/T030/000083	Recurso reposición providencia constrinximento TRAFFIC NEW TECHNOLOGY nº recibo 11718664	2024/83	19/07/2024
2024/T030/000085	Deixar sen efecto PURIFICACION PARDO GLEZ HY dilixencia de	2024/84	26/07/2024

	embargo e providencia de constrinximento IBI/19		
2024/T030/000086	Deixar sen efecto JOSE RAMIRO RODRIGUEZ PARGA dilixencia de embargo e providencia de constrinximento IBI 2019-2023	2024/85	26/07/2024
2024/T030/000084	Recurso reposición providencia de constrinximento ANTONIO SEIJAS BALIÑA IVTM/23 matrícula LU2883K	2024/86	26/07/2024
2024/T030/000087	Deixar sen efecto a providencia de apremio MARIA ISABEL BLANCO GALERA IVTM/23	2024/87	26/08/2024
2024/T030/000088	RECURSO REPOSICIÓN DILIXENCIA DE EMBARGO ANGEL JORGE DAPENA RODRIGUEZ (Multa 2021-P-00001850)	2024/88	28/08/2024

De todo o cal, a Excma. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos.

26/166 DACIÓN DE CONTAS AO PLENO DOS DATOS DE MOROSIDADE CORRESPONDENTES AO 2º TRIMESTRE 2024.- Ao abeiro do artigo 4.4 da Lei 15/2010, de 05 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, DÁSELLE CONTA ao Pleno da Corporación do Informe de morosidade correspondente ao segundo trimestre de 2024 emitido pola Tesoureira Municipal en data 23 de xullo de 2024 e que literalmente di:

«ASUNTO: INFORME DE MOROSIDADE DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2024.

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

- Guía do Ministerio de Economía e Facenda de 23/03/2011 para a elaboración dos Informes trimestrais que as entidades locais deben remitir ó citado Ministerio, en cumprimento do artigo cuarto da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

- Real Decreto-Lei 4/2013, de 22 de febreiro de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo de crecemento e da creación de emprego

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

- *Real-Decreto Lei 8/2013, de 28 de xuño de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros.*
- *Lei 9/2017, de 08 de novembro, Lei de Contratos do sector público (LCAP).*
- *Lei 11/2013, de 26 de xullo, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.*
- *Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.*
- *Nota do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas para a aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local (LRSAL).*
- *Nota do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas de 15/01/2014 relativa á aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL).*
- *Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, modificado polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.*
- *Guía do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a cumplimentación da aplicación e o cálculo do período medio de pago das EELL, Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.*

INFORME.

PRIMEIRO. A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira -LOEOESF-, na súa redacción dada pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, despois de dispor que as actuacións das Administracións Públicas están suxeitas ao principio de sustentabilidade financeira (art. 4 LOEOESF na súa redacción dada pola LO 6/2015), define esta como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido na Lei, na normativa sobre morosidade e na normativa europea. Enténdese que existe sustentabilidade da débeda comercial cando o período medio de pago aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade. Para ou cumprimento do principio de sustentabilidade financeira as operacións financeiras someteranse ao principio de prudencia financeira.

O período medio de pago definido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador

distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 08 de novembro, Lei de Contratos do Sector Público, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Durante o tempo de vixencia do Real Decreto 634/2014 xurdiron dúbidas sobre a súa compatibilidade coa Directiva 2011/7/UE, de 16 de febreiro de 2011, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como coa Lei 3/2004, de 29 de decembro.

Neste senso, a modificación efectuada polo Real Decreto 1040/2017 de 22 de decembro, aclara a diferenza entre o concepto do período medio de pago a provedores ao que se refire a LO 2/2012, e o prazo máximo de pago a provedores ao que se refire a normativa en materia de morosidade. O primeiro é o intervalo temporal no que cada administración debedora debe facer fronte ás débedas cos seus provedores computado como prazo medio, cuxo incumprimento da lugar á adopción das medidas previstas na LO 2/2012 para o aseguramento de parte do pago. Polo contrario, o segundo constitúe un intervalo de tempo suxeito a precisas regras de cálculo cuxo incumprimento provoca o decheño automático de xuros da débeda impagada.

Coa entrada en vigor do Real Decreto 1040/2017 de 22 de decembro, prodúcese unha modificación na metodoloxía do cálculo do Período Medio de Pago, xa que o cómputo realízase desde a aprobación dos documentos de conformidade das facturas incluídas no mesmo. Elo implica que o PMP xa non pode ser negativo e que non poida ser obxecto de comparación en termos homoxéneos cos calculados ata o mes de abril de 2018, o que sí pode seguir a facerse coas cifras de morosidade, se ben, o límite máximo segue situado en 30 días.

Para o cálculo do período medio de pago a provedores téñense en conta as facturas expedidas desde o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ó Fondo para a Financiación dos Pagos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que sexan obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados polos órganos xudiciais ou administrativos.

SEGUNDO. *O artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, respecto da Administración Local, dispón que*

«3. Os Tesoureiros ou, na súa falta, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos

nesta Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluíra necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

4. Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, devandito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes».

TERCEIRO. Os datos, obtidos do aplicativo da contabilidade municipal a 30 de xuño de 2024, e rendidos na Oficina Virtual de Coordinación coas Entidades Locais do Ministerio de Hacienda y Función Pública son os seguintes:

1. Obrigas pagadas en prazo.

No segundo trimestre do ano 2024 realizouse o pagamento de 1.392 facturas, ascendendo o importe global das mesmas a 13.733.949,12 euros. De ditas facturas, 517 foron pagadas dentro do prazo establecido. O importe total das facturas pagadas en prazo ascendeu a 3.186.080,34 euros.

O número de facturas pagadas en prazo supón o 37,14% do total de facturas, e o importe pagado en prazo supón o 23,20% do total pagado.

2. Obrigas pagadas fóra prazo.

No segundo trimestre do ano 2024 realizouse o pagamento de 1.392 facturas, ascendendo o importe global das mesmas a 13.733.949,12 euros. De ditas facturas, 1.075 foron pagadas fóra do prazo establecido. O importe total das facturas pagadas fóra de prazo ascendeu a 10.547.868,78 euros.

O número de facturas pagadas fóra de prazo supón o 77,23% do total de facturas, e o importe pagado fóra prazo supón o 76,80% do total pagado.

3. Período medio de pago.

*O período medio de pago (PMPE) é de **87,16 días**.*

4. Facturas pendentes de pagamento ao final do trimestre.

Do total de facturas quedaron pendentes de pagamento a 30 de xuño de 2024 3.229, que representan un importe global total de 15.043.283,19 euros.

Das anteditas facturas, 866, 9.506.058,11 euros estarían pendentes de pagamento pero aínda dentro do prazo legalmente previsto para poder efectualo. As 2.363 restantes, 5.537.225,08 euros, incumprirían o prazo legal de pagamento.

5. Período medio de pago pendente.

*O período medio de pago pendente (PMPP) é de **124,11 días**.*

6. Xuros de demora.

Durante o segundo trimestre de 2024 aboáronse xuros de demora por importe total de 0,00 euros.

7. Períodos medios de pago mensuais:

Os períodos de PMP incluídos son os seguintes:

Períodos de PMP incluídos	PMP CONCELLO (días)	PMP EVISLUSA (días)
Abril 2024	12,21	6,16
Maio 2024	20,65	9,18
Xuño 2024	32,25	28,38

CUARTO. Respecto aos datos de Evislusa, o período medio de pago (PMPE) é de **9,52 días**, e o período medio de pago pendente (PMPP) é de **36,07 días**.

QUINTO. De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 4º da Lei 15/2010, sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, o presente informe remitiuse aos órganos competentes do Ministerio de Hacienda.

SEXTO. Os datos do segundo trimestre 2024 reflicten un empeoramento nos prazos de tramitación e pago das facturas; no primeiro trimestre o PMPE diminuíu por debaixo do límite legal de 60 días, pasado no segundo trimestre a estar por enriba deste; o PMPP diminúe respecto ao trimestre anterior.

Débese pois tender á regularidade e á mellora no procedemento de tramitación das facturas **dentro dos prazos legais**.

O importe de facturas das compañías eléctricas historicamente **supón a maior parte do importe de facturas pendentes de pago**, tendo cando se lles presta conformidade nalgúns casos máis de 365 días de espera, e que de ser conformadas, deben aprobarse no Pleno Municipal mediante un recoñecemento extraxudicial de crédito **o que alonga todavía máis os seus prazos de pagamento**. Este importe tan alto destas facturas e por ese longo prazo de espera, está alterando a media do cálculo do período de pago da normativa de morosidade. En calquera caso, incluso as que non teñen un período tan longo de espera, téñeno da suficiente entidade como para altera-los datos de pago do resto das facturas municipais que conforman os distintos Servizos e que se están a tramitar con normalidade e dentro dos prazos legais salvo excepcións. Igualmente, existen facturas de subministración de electricidade de exercicios anteriores que figuran pendentes de pago e **das que resulta preciso levar a cabo unha labor de depuración** das mesmas en colaboración co servizo correspondente.

E non se pode esquecer que existen tamén outras facturas pendentes de pago de exercicios anteriores que tamén foi preciso levar a un recoñecemento extraxudicial de créditos a aprobar polo Pleno, polo que **resulta preciso que por parte das Áreas Xestoras se extreme a dilixencia debida na prestación de conformidade ás mesmas e na xestión dos gastos de forma que non queden pendentes**

facturas por falta de crédito axeitado e suficiente tanto de exercicios anteriores como no presente.

*Tal e como se ven informando de forma reiterada desde o exercicio 2016, dos datos que constan na Contabilidade Municipal pódese apreciar que desde que as facturas son aprobadas polo órgano municipal competente e se realiza a toma de razón na contabilidade municipal (fase «P» contable) ata que a Tesourería realiza o seu pagamento **transcorren escasos días**. De feito, desde o cambio no cálculo do PMP pola entrada en vigor do Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, que pasa a medir os días que transcorren desde a conformidade das facturas ata o seu pago efectivo, **o PMP do Concello de Lugo atópase por debaixo dos 30 días legalmente establecidos**. Igualmente, os reducidos períodos medios de pago do Concello **coadxuvan á mellora dos datos de morosidade, xa que apenas suman días aos de tramitación das facturas**.*

Así pois, os incumprimentos que se teñen producido en materia da normativa de morosidade seguen a reflectir unha deficiente e lenta xestión interna na tramitación administrativa das facturas que debe continuar mellorando.

SÉTIMO. Tal e como xa se dixo en informes anteriores, o calendario fiscal fixado por esta Tesourería Municipal desde o ano 2012 reparte ao longo do exercicio económico tódolos padróns fiscais máis importantes en cuantía para garantir que durante todo o ano se produzan ingresos e evitar desequilibrios de liquidez na tesourería, ademáis de repartir no tempo a carga tributaria para o contribuínte.

*Este reparto que permite unha estabilidade na liquidez da Tesourería non resulta xa suficiente, o que pon de manifesto a insuficiencia dos ingresos do Concello con carácter xeral e estrutural, tal e como se viu nos resultados da liquidación de 2023 e se indicou nos informes da Intervención Municipal á mesma. Durante o segundo trimestre de 2024 levouse a cabo pola Tesourería unha **xestión da liquidez existente que permitiu afrontar os pagamentos municipais dentro do período medio de pago**, pero non cumprir cos prazos de morosidade, o que está a requirir con urxencia a adopción de medidas de incremento de ingresos e de contención dos gastos.*

Finalmente, o Calendario e Orzamento de Tesourería realizado para a subministración de datos na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais no segundo trimestre de 2024 segue estimando que se garantiza a cobertura financeira e de liquidez das obrigas que se puideran aprobar e que se atopan pendentes, pero este atópase cada vez máis axustado.

Reitérase por tanto a necesidade de tramitar nos prazos establecidos na normativa de morosidade as facturas que están pendentes así como as que entren por rexistro de entrada (prestación de conformidade á mesma ou rexeitamento) para evitar incumprimentos e, sobre todo, o abono de xuros de demora aos contratistas, o que xera un prexuízo económico a esta entidade».

De todo o cal a Excma. Corporación municipal quedou informada para os oportunos efectos.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 328/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE REPARE A RÚA FERMÍN RIVERA NO BARRIO DA PONTE.- Visto o citado rogo cuxo teor é o seguinte:

O día 29 de setembro de 2021 a Xunta de Goberno do Concello de Lugo adoptou solicitar “a cesión da estrada provincial LU-PP-2911 nunha lonxitude de 703 metros con inicio na intersección coa Estrada Vella de Santiago (intersección da Ponte Vella) e finalizando nas proximidades da Igrexa de San Lázaro, denominada Fermín Rivera”.

En outubro de 2021 a Deputación Provincial de Lugo aprobou por unanimidade no pleno dita cesión, facéndose efectiva no ano 2022. Esta vía viña presentando reiterados problemas de firme por causa do elevado tránsito de vehículos que soporta e polas numerosas avarías da canalización de augas da zona, de feito cando se fixo a recepción xa non se encontraba no estado óptimo para ser entregada.

Nese momento o equipo de goberno adquiría o compromiso de realizar un axeitado mantemento desta rúa que serve de eixe dun barrio identitario da cidade que viu mermada a súa actividade coa peonalización da Ponte Romana.

O Grupo Municipal do Partido Popular, ante a situación que presenta esta arteria do barrio da Ponte, presenta un ROGO a PLENO para que se proceda a reparar a rúa Fermín Rivera.

DELIBERACIÓN

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo Partido Popular, señor Gallego.

DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO: Grazas, señora presidenta. O día 29 de setembro do 2021, a Xunta de Goberno do Concello de Lugo acordou solicitar a cesión da estrada provincial LU-PP2911, nunha lonxitude de 703 metros, con inicio na intersección coa Estrada Vella de Santiago, intersección da Ponte Vella e finalizando nas proximidades da Igrexa de San Lázaro, denominada Fermín Rivera. En outubro de 2021, a Deputación Provincial aprobou por unanimidade do Pleno a dita concesión, a dita cesión, e fíxose efectiva no ano 2022.

Esta vía viña presentando numerosos problemas de firme por causa do elevado tránsito de vehículos que soporta e polas numerosas avarías da canalización de

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

augas. De feito, cando se fixo a cesión xa non se encontraban no estado óptimo para ser entregada. Neste momento o equipo de goberno adquiriría o compromiso de realizar un axeitado mantemento desta rúa que serve de eixe dun barrio identitario da cidade, que viña minguada na súa actividade coa peonalización da Ponte Romana.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular, ante esta situación que presenta esta arteria do barrio da Ponte, presenta este rogo a Pleno para que proceda a reparar a rúa Fermín Rivera. Moitas grazas.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Gallego. Ten a palabra o concelleiro de Medio Ambiente, D. Miguel Fernández.

DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señora alcaldesa. Benvidos Damián, benvido compañeiro e amigo Pablo. Para que non se me acuse de afonía, sei que trata de malmeter, e direilles que nós temos unha voz coral, perfectamente cohesionada; que o de Sogama é de tal gravidade como para que o defenda directamente a nosa voceira; e que antes non me ausentei, confundínme por unha chamada e descúlpome co meu grupo. Dito isto, é certo que en Fermín Rivera, polas súas circunstancias, atoparse na zona máis baixa da cidade e, polo tanto, estar sometido a maiores presións por ese importante volume de tráfico do que falaba antes o concelleiro, e tamén incluso porque hai unha serie de acometidas particulares que tamén deben ser reparadas, pois é certo que efectivamente alí ocorre maior número de avarías que no resto doutras zonas da cidade, avarías que están solucionadas e, xa lles digo, que as fochancas ocasionadas por eses arranxos se van reparar de forma inmediata se o tempo o permite, se a climatoloxía o permite, seguramente a vindeira semana. E quero aproveitar tamén para dicir que esta vía, ademais dos labores de mantemento e conservación ao que nos dedicamos e co que estamos comprometidos, precisa dunha intervención moito máis integral que inclúe, ademais da reposición completa do firme, pois a renovación total da rede de saneamento e abastecemento, o soterrado dos cables etcétera, etcétera. É un tema do que somos conscientes, no que desde este Concello se está traballando porque o consideramos prioritario, como así lles temos comunicado aos propios veciños. Moitas grazas.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 329/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO INTERCEDA ANTE ADIF CO OBXECTO DO DESBLOQUEO DA SUPRESIÓN DE PASOS A NIVEL NO MUNICIPIO DE LUGO. - Visto o citado rogo cuxo teor é o seguinte:

En febreiro de 2019 ADIF redacta o Proxecto de supresión de pasos a nivel nas liñas de rede convencional. Traxectos: Ourense- Monforte- Lugo. Lote 7: TM de Lugo.

O Lote nº 7 inclúe a supresión de 5 pasos a nivel da liña Palencia- A Coruña (traxecto Monforte-Lugo) situados nos seguintes puntos quilométricos: P.K.

422/742, P.K. 422/955, P.K. 423/492, P.K. 423/811, P.K. 424/010 ubicados na contorna de San Vicente de Coeo, na parroquia de Coeo.

En agosto de 2023 ADIF anuncia un plan de supresión de 14 pasos a nivel no municipio de Lugo indicando que seis deles estaban incluídos no proxecto aprobado para a súa licitación en decembro.

ADIF anunciou tamén que o paso a nivel 424/010 en Recimil sería licitado en decembro de 2023. Neste proxecto se preveía a construción dun novo paso inferior así como a realización de camiños de enlace.

Pasou un ano dende que ADIF anunciara a supresión dos pasos a nivel no municipio de Lugo e clausurara o paso a nivel 424/010 mentres non se concluía a súa supresión definitiva.

A día de hoxe esta supresión aínda non é unha realidade, e unha medida “de carácter provisional” estase a prolongar no tempo. Este Grupo Municipal puido constatar “in situ” que as obras están paralizadas (como reflexa a foto adxunta). É por isto que o Grupo Municipal do Partido Popular presenta un ROGO a PLENO para que o Concello de Lugo interceda ante ADIF para lograr o desbloqueo desta obra.



DELIBERACIÓN

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Polo Partido Popular. Señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Si, bo día outra vez. Neste rogo pedimos que outra vez descolguen o teléfono ou se dispoñan a reunirse con Adif ou co ministerio correspondente para defender non só os intereses de Lugo, os da zona rural, que se vén obrigados a cruzar eses pasos a nivel, que teoricamente xa tiñan que estar suprimidos, e que entraron no debate de cheo por unha fatídica noticia que nunca debeu producirse, duns falecementos, que eran uns rapaces empezando a vida, non eran lucenses, pero podían selo porque por aquel tramo os lucenses pasan unha e outra vez cada día, e, insisto, moitas veces con vehículos agrícolas.

Foron moitos os anuncios: en febreiro de 2019, Adif redactaba un proxecto de supresión dos pasos a nivel; licitábanse, empezábanse as obras, incluso no caso de Recimil, licitado dende decembro do 2023, que prevía a construción dun novo paso inferior, así como a realización de camiños de enlace. En definitiva, moitas

promesas, algunha reunión, naquel caso intercedera cando naquel momento tan sensible os veciños xa se manifestaban como a gota que colma un vaso dunhas reivindicacións históricas, na que todos, evidentemente, tivemos as nosas responsabilidades, que todos sabemos que o Goberno central estivo á fronte de partidos políticos distintos, pero era unha realidade, e era unha urxencia, e hai agora o orzamento, porque, claro, isto é o tema máis preocupante, porque realmente hai o compromiso, hai orzamento, hai a licitación, pero a obra está parada.

No propio rogo rexistramos con algunha foto, porque o paso a nivel leva unhas estruturas onde se ve claramente que por alí non pasou ningún operario, nin houbo ningún movemento de obra claramente nos últimos catro meses. Evidentemente, é algo de absoluta necesidade, todo o é, pero cando falabamos de seguridade, hai cinco minutos, expoñíamos as razóns para colocar un paso de peóns, imaxínense para elevar un paso a nivel na nosa cidade. Por iso pedimos que faga valer ese liderado, que aínda non o fixo, é que se dirixa a Adif, que toda esa énfase e empeño que ten en faltarme a min, con palabras e xestos francamente desagradables, pois que os reconduza, que reoriente esa enerxía, e que se dirixa onde ten que dirixirse, porque, claro, todo o que dixo aquí é que fala, escoita e colle o teléfono, pero, claro, vostede está posta aí para solucionar, para xestionar e para darlles resposta aos problemas, non para facerlle oposición nin á Xunta, nin ao Partido Popular, nin a Elena Candia.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Candia. Creo que non lle faltei en ningún momento ao respecto. Si llo faltou vostede a todo o goberno no momento que lle dixo a un concelleiro que el non estaba contaminado, non coma os demais. Polo tanto, iso si que é unha falta de respecto ao goberno da cidade de Lugo. Non teño máis que contestarlle, porque, evidentemente, sacou o pé do testro. Polo tanto, continuamos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Xa se contestou vostede mesma, hai orzamento, a licitación esta feita, en ningún caso as obras están paralizadas, unha licitación, estiveron traballando nela na supresión dos pasos, xa está lista a licitación. Só está pendente de publicar o anuncio, que sucederá ao longo do próximo mes, e ademais no Concello estamos pendentes de tramitación, facendo un seguimento do procedemento para que se adxudiquen e se acometan canto antes. E non é por nada, pero no Goberno central ningún investiu tanto en infraestruturas na provincia de Lugo como o actual, sen esquecer que se trata ademais dunha obra que se está a buscar a solución que garanta a seguridade de todos os cidadáns. Adif leva meses traballando neste proxecto definitivo para a supresión dos pasos actuais, e a construción doutro que resulte axeitado á configuración e ás necesidades da zona, tendo en conta ademais as necesidades da veciñanza.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor concelleiro. Continuamos.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 330/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE REPARE A PISTA DO CAMIÑO AGRA DE MUXA. - Visto o citado rogo cuxo teor é o seguinte:

No pasado mes de febreiro dende o Grupo Municipal do Partido Popular presentamos un rogo ante esta comisión reivindicando as queixas recibidas dos veciños polo estado da pista do camiño Agra de Muxa, que conta con numerosas fochancas dificultando a circulación dos usuarios.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024



O Grupo Municipal do Partido Popular presenta novamente un un ROGO a PLENO, para que se proceda a reparar a pista.

DELIBERACIÓN

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Polo Partido Popular, a señora Rubinos.

DONA FLORA RUBINOS ROIS: Moitas grazas, señora alcaldesa. Tomar en consideración significa valorar de xeito serio unha idea ou suxestión. O pasado mes de febreiro presentamos un rogo motivado polas queixas veciñais polo estado da pista do camiño da Agra de Muxa, e respondéronos que se tomaba en consideración. Non sei se se tomaron en serio a proposta, se non se tomaron en serio aos veciños ou se non se toman en serio a si mesmos, pero a pista do Camiño da Agra de Muxa segue a estar en moi mal estado. Presentamos de novo este rogo a Pleno coa esperanza de que desta volta si sexan serios e fagan algo máis que dicir que o van tomar en consideración.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas, señora Rubinos. Ten a palabra a concelleira de Cohesión Territorial, dona Ana González Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas. Ben, gustárame dicir unhas palabras antes de iniciar a contestación ao rogo. E é que para min o exercicio da actividade política non se supón ningún estado infeccioso do que poida estar contaminada de nada, senón un orgullo de representación do meu partido, de formar parte deste goberno e de atender a soberanía do pobo que nos escolleu para representar o que estamos facendo. Descoñezo qué contaminación teñen no Partido Popular, pero polas expresións e as palabras aquí dadas, podo facerme unha lixeira idea.

E ante o rogo, atendido en febreiro, efectivamente, terémolo en conta, e no momento que se poida, que se conte cos medios oportunos e que lle toque, porque, como lle dixen desde o principio, dáse prioridade ás actividades, as atencións con base nas demandas e nas prioridades que temos nas 54 parroquias de Lugo, e non.... É o que lle dicía. Terase en conta e no momento, que se poida, actuarase.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas e continuamos.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 331/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA COLOCAR UN PASO DE PEÓNS NA AVENIDA DE MAGOI NÚMERO 35, Á ALTURA DE DON LEÓN E GADIS. - Visto o citado rogo cuxo teor é o seguinte:

En el número 35 de la avenida de Magoy, a la altura de Don León y Gadis, están ocurriendo numerosos accidentes (incluso alguno con fatal desenlace).

Estos locales son lugares de afluencia porque son servicios únicos de este tipo para todo un barrio residencial. Y una forma de acceso segura a los mismos sería atravesar transversalmente por pasos de peatones.

El cien por cien de los vecinos que cruzan la calle para acceder a estos locales lo hace a través de la mediana y los riesgos de atropello son diarios.

Es absolutamente necesaria la colocación de un paso de peatones para que los vehículos respeten la prioridad de los mismos y adecúen la velocidad a su paso por esta zona, evitando de este modo situaciones de conflicto como las que se están sucediendo.

Desde el Grupo Municipal del Partido Popular presentamos un RUEGO A PLENO para adoptar una solución segura para todos que pasaría por una actuación tan simple como la colocación de un paso de peatones a la altura antes señalada.

DELIBERACIÓN

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Polo Partido Popular, señor Díaz.

DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY: Muchas gracias, bienvenido, Pablo. Quiero que sepas que las personas que luchan y que sin saberlo ayudan y contribuyen a mejorar el futuro de todos son los verdaderos héroes para nosotros. Bienvenido Damián también, es un orgullo moi grande que pases a formar parte desta corporación con todos.

La toma de decisiones en los procesos urbanos es una tarea particularmente compleja, y su ejecución y materialización en el espacio público afectan a la vida cotidiana de todas las personas. Eso es lo que está ocurriendo en el antiguamente llamado polígono da Tolda, un barrio que hace más de 40 años era la zona nueva de la ciudad en un entorno absolutamente rural y que se fue convirtiendo en una de las zonas de mayor desarrollo urbanístico. Hoy nos vamos a centrar exactamente en el tramo da avenida de Magoi, entre Alfonso X o Sabio y la rúa do Valiño, un lugar que conozco bien porque allí crecí y en el que todavía viven muchos de los que fueron mis vecinos.

Para situarnos, estoy hablando del tramo en el que se accede al Gadis, á cafetería Don León, a una frutería, un gimnasio, la Residencia de Estudiantes, unha academia de baile, y cito a propósito todos estes negocios precisamente porque son servizos que no había en un principio y que se fueron asentando a lo largo de los años en esta zona debido al crecimiento que fue teniendo el barrio en materia poblacional y económica. Se trata de un barrio que ha sufrido una abrupta transformación de su paisaje urbano y de estilo de vida de sus vecinos para adaptarse a un nuevo modelo. Los efectos negativos de esta enorme transformación han afectado especialmente a los peatones. Resulta que para poder cruzar, por ejemplo, al supermercado como se hace diariamente tienen que hacer un rodeo case quilométrico o se vén obligados a atravesar una mediana, eso es lo que ocurre a diario, absolutamente todos los vecinos cruzan a través de la mediana. Esto supone un grave riesgo para ellos y también para los conductores, que además en este tramo alcanzan velocidades moi superiores a las permitidas. Son riesgos que se ha traducido en accidentes moi graves en los últimos años, incluso accidentes mortales. El Sr. Rubén Arroxo defendía hace unos minutos situaciones

parecidas a lo que estoy hablando aquí. Para quien se construye una cidade? En relación con las condiciones de la infraestructura urbanística, el peatón tiene derecho a vivir en áreas urbanas diseñadas, planificadas y organizadas a medida de los seres humanos, en las cuales puede acceder facilmente a los sitios de trabajo, a los sitios de residencia, a los sitios de ocio. También es igualmente urgente limitar la velocidad de los automóviles mediante modificacións estruturais en el diseño de las calles que obriguen a los condutores a reducir la velocidad y garanticen la seguridad de los peatones. Democratizar la calle significa reconocer al peatón como el agente por excelencia del tráfico urbano; significa observar una jerarquía que le asigne el primer lugar al peatón y por eso se deben crear espazos para sus segura movilidad y eso es lo que pedimos para esta calle. No es aceptable que se lleven servicios para una área urbana y que no se conciban formas de acceso seguro a los mismos, para los vecinos. Por iso desde nuestro grupo municipal presentamos un ruego para que se coloque en este tramo un paso de peatones e incluso banda reductoras de velocidade, u otras medidas orientadas a la seguridade...

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: ... Estaba esperando que acabara a petición, pero xa van 17 segundos máis. Ten a palabra polo goberno o concelleiro de Infraestruturas, don Alexandre Penas.

DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS: Grazas, alcaldesa. Tómase en consideración.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 332/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE O PROXECTO DE EXECUCIÓN DO NOVO PAVILLÓN POLIVALENTE.- Visto o citado escrito expresivo do seguinte:

Ante a necesidade dun novo pavillón polideportivo, o goberno local anunciou que está a avanzar na Redacción do proxecto dun novo pavillón polivalente.

Na comisión de dinamización económica e cohesión social do día 19 de xaneiro dende o Grupo Municipal do Partido Popular preguntamos en comisión sobre a redacción do proxecto e o goberno local respondeu que neste ano 2024 terían o proxecto de execución do pavillón e que o custo ascendería a 88.541,60€ máis IVE.

Na mesma comisión do día 21 de xuño volvemos a preguntar e o goberno local respondeu que o proxecto se encontra na Área de Contratación e está seguindo os cauces normais da Administración pública.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o PLENO, a seguinte pregunta:

1. Está o goberno local en condicións de cumprir o compromiso adquirido no mes de xaneiro e disporá neste ano 2024 do proxecto de execución do pavillón?

DELIBERACIÓN

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Polo Partido Popular, señor Vázquez.

DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO: Gracias, señora alcaldesa. En primer lugar, permítanme también que me sume a los buenos deseos de salud, por supuesto a Pablo y a mi compañero Damián, desearles también toda la suerte y el éxito que será la suerte de todos y de la propia ciudad.

Ante la necesidade de un nuevo pabellón polideportivo, o goberno local anunciou que está a avanzar na redacción do proxecto no pavillón polivalente na Comisión de Dinamización Económica e Cohesión Social do día 19 de xaneiro, dende o Grupo Municipal do Partido Popular preguntamos en comisión sobre a redacción do proxecto, e o goberno local respondeu que neste ano 2024 terían o proxecto en execución do pavillón, e que o custo ascendería a 88.541,60 euros mais IVE. Esta mesma comisión do 21, volvemos preguntar, e o goberno local respondeu que o proxecto se encontra na área de Contratación, está seguindo as canles normais da Administración pública, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o Pleno a seguinte pregunta: está o goberno local en condicións de cumprir o compromiso adquirido no mes de xaneiro e disporá neste ano 2024 do proxecto de execución do pavillón? Moitas grazas.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas, Señor Vázquez. Respóndelle o concelleiro Deportes, señor Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Efectivamente, o proxecto de execución ten un custo de 90.000 e xa está preparado e listo para saír de licitación, xa está correcto e quero informalo de que se tardará o tempo que se teña que tardar, porque xa adianto que no propio prego está redactado conforme se teñan reunións mensuais e se poidan facer as modificacións que sexan necesarias na súa fase de proxecto, co obxectivo de facer un pavillón todo funcional posible e que dea cobertura ao deporte da cidade.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas, señor Bustos. Continuamos

B) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 333/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE AS OBRAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO POLVORÍN. - Visto o citado escrito expresivo do seguinte:

O pasado día 30 de xullo a Alcaldesa, a Sra. Alvarells, visitou o campo do Polvorín para anunciar o comezo da obra e a empresa que o levaría a cabo, cando aínda non estaba o proceso rematado. Nesa data non había adxudicatario, nin contrato asinado.



Publicado en Concello de Lugo (<https://concellodeLugo.gal>)

2024 - O Executivo de Paula Alvarellos comeza a obra de renovación do céspede artificial de A Polvoreira

O Executivo de Paula Alvarellos comeza a obra de renovación do céspede artificial de A Polvoreira

A actuación, que terá un importe de 169.506,22 euros e foi adxudicada a empresa Callensa, se desenvolverá nas próximas semanas para que os campos estean en óptimas condicións ao inicio da tempada deportiva.

A rexedora visitou hoxe as instalacións acompañada polo concelleiro de Xuventude e Deportes, Jorge Bustos, e os representantes dos clubs que empregan a instalación para informarlles do procedemento e períodos nos que se desenvolverá a mellora.

"Este proxecto é un exemplo da nosa dedicación e esforzo por conservar as nosas infraestruturas nun estado óptimo, nun claro exemplo do que afirmamos cando dicimos que Lugo é deporte", destacou a alcaldesa.

Tema: Benestar social, Deportes, Instalacións deportivas, Infraestruturas, Obras en execución

Ínteres: 30 de xullo de 2024

Fon: Gabinete de Prensa

O Executivo de Paula Alvarellos comeza a obra de renovación do céspede artificial de A Polvoreira. A rexedora visitou hoxe as instalacións, cuxas melloras terán un custo de 169.506,22 euros e foron adxudicadas á empresa Callensa, acompañada polo concelleiro de Deportes, Jorge Bustos, e representantes dos clubs que utilizan estas instalacións. Durante a visita, informouse aos axentes do tecido asociativo deportivo sobre os detalles da actuación que se vai levar a cabo nun terreo de xogo que cada ano empregan máis de 1.500 cativos e cativas.

A alcaldesa subliñou o compromiso do Goberno local "coa mellora continua das nosas instalacións deportivas para ofrecer as mellores condicións aos nosos cidadáns e deportistas". Alvarellos asegurou que "este proxecto é un exemplo da nosa dedicación e esforzo por conservar as nosas infraestruturas nun estado óptimo, nunha clara mostra do que afirmamos cando dicimos que Lugo é deporte".

A adxudicación das obras realizouse por un importe de 169.506,22 euros e os traballos se desenvolverán nas próximas semanas para que os campos estean en óptimas condicións ao inicio da tempada deportiva. A firma que executará as actuacións, Callensa xa acreditou experiencia nesta labor como demostran renovacións semellantes como a dos campos municipais de As Gándaras, e conta cunha ampla traxectoria no coidado de instalacións deportivas de clubs profesionais.

O concelleiro de Deportes, Jorge Bustos, destacou que "con esta obra, reforzamos o noso apoio ao deporte local e aseguramos que o Campo de A Polvoreira cumpria cos máis altos estándares de calidade. A nosa meta é que os clubs e deportistas poidan gozar destas melloras desde o inicio da tempada". Ao respecto, Paula Alvarellos puño en valor "a importancia que ten o tecido asociativo na formación, transmisión de valores e fomento de hábitos saudables entre as novas xeracións", algo que, según a propia rexedora, "fai ineludible o noso apoio á súa actividade e a atención ás súas necesidades, como pode ser a actuación que imos acometer nestas instalacións".

Por último, o edil recordou que "coa obra que acometeremos, constátase a vontade do Goberno local de ir renovando na medida do posible as máis de 30 instalacións que cede gratuitamente ao tecido asociativo, fundamentais para que poida desenvolver o seu labor. Ademais, esta actuación é moi precisa polo alto volume de utilización que ten o terreo de xogo ao longo de toda a tempada, todas as semanas."

Os traballos iniciaranse de inmediato, co obxectivo de que o terreo de xogo estea listo para o comezo das competicións e o período lectivo do CEIP das Mercedes.

URL fonte: <https://concellodeLugo.gal/gtinovas/o-executivo-de-paula-alvarellos-comeza-obra-de-renovacion-do-cespede-artificial-de-polvoreira>



O anuncio de Licitación publicouse na Plataforma de Contratación do Sector Público o 01 de xullo e o prazo de presentación de ofertas remataba o 19 de xullo.

O 22 de xullo celebrábase unha Mesa de Contratación na que se acordaba solicitar informe técnico ao xefe de servizo de enxeñería sobre o incumprimento observado na presentación de ofertas por unha das empresas licitadoras, así como informe sobre a documentación técnica e mostras que xustificasen o cumprimento do proxecto e melloras presentadas.

O 20 de agosto de 2024 a Mesa de Contratación procede a lectura do informe do servizo de enxeñería do 19 de agosto de 2024, e o exame da documentación presentada polos licitadores para a adxudicación da licitación de referencia, comprobando que esta é correcta.

O 22 de agosto a Alcaldesa firma o Decreto de adxudicación da contratación da obra de renovación do céspede artificial do campo de fútbol "O Polvorín"

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o PLENO, a seguinte pregunta:

1. Por que anunciou a Sra. Alvarellos o día 30 de xullo que empezaba a obra do campo de fútbol "O Polvorín" cando aínda non estaba adxudicada?

DELIBERACIÓN

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Ten a palabra Damián Carballo Méndez.

DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ: Bo día a todas e a todos. La verdad es que es un orgullo estar aquí representando a mi ciudad. Bueno, gran parte de ellos gracias a nuestra compañera Elena que se está entregando en un 200% a esta ciudad. Y procedo con la pregunta: El pasado sábado 21 de septiembre, con dos meses de retraso, comenzaron finalmente las obras en el campo de fútbol del

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

Polvorín. Este retraso, tras el anuncio precipitado del inicio de las obras el pasado 30 de julio, ha generado una situación complicada para los clubs que habitualmente entrenan en esas instalaciones, solicitamos a la Alcaldía que aclare las siguientes cuestiones: primero, ¿por qué anunció precipitadamente las obras antes de estar adjudicadas? segundo, fecha de finalización de las obras; tercero, medidas para paliar las deficiencias de los campos de San Fiz. Los clubs se han visto desprazados a estos campos, que están delimitados por vallas de obra que carecen de vestuarios y que además presenta un firme en mal estado. Y cuarto, comunicación con los clubs afectados. Es fundamental establecer un canal de comunicación fluido y transparente con ellos para escuchar sus necesidades.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas, señor Carballo. Respóndelle o concelleiro de Deportes, o señor Bustos

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Grazas, señora alcaldesa. Ben, a ver, o tema da Polvoreira, evidentemente se xogaches en Lugo toda a vida, saberás que As Gándaras 2, antes de poñer o céspede artificial estaba peor e tamén o campo da Polvoreira antes de poñer o céspede artificial.

Con todos os meus respectos, e sen querer puentear a ninguén, voume dirixir ao compañeiro Javier Vázquez, porque é o meu homólogo en Deportes, e teño que contestarlle a él a pregunta de deporte, e, a ver, evidentemente que non contaba con todas as cousas que pasaron, pero vou facer un cronograma para que entendades, e non se despiste ninguén. Na pregunta, dicirles que o 21 de xullo solicitábase un informe técnico ao xefe de servizo de Enxeñaría; o 24 de xullo, sabemos que das dúas empresas que se presentaron unha cumpría o prego e a outra non. Entón, como a premura da obra era importante, solicitouse que esta encargara o céspede canto antes para axilizar os prazos, axilizar os prazos e á espera de que entregara a documentación técnica, que tiña que presentar conforme ao prego, que era o aval e os certificados conforme fixeran 6 campos de céspede artificial, que se entregaron o 3 de agosto e o 13 de agosto, nunha segunda instancia, porque non os entregaron todos, de acordo? Este informe técnico que mencionades na pregunta era acreditación dos avais dos certificados, como acabo de dicir. E nada, para rematar, contestándolle a Damián, pois mira, primeiro teño que agradecer a comprensión dos clubs, hai un contacto constante, de feito, onte estiveron mandándome unha serie de peticións para mellorar a práctica deportiva, entenden que é polo ben do deporte, non é o mellor de momento de facelo, porque o trámite administrativo hai que cumprilo, e como hai que cumprilo e aquí non imos andar prevaricando en marzo, chamando a unha empresa para que encargue o céspede e poidamos ter o campo en xuño, hai que facer un procedemento administrativo onde se presenten todas as empresas. Fíxose así e saíu a licitación para facer agora en setembro. Entón, como a xente o está entendendo que se está a cumprir a promesa que se fixo, estamos en constante comunicación tanto cos presidentes coma co colexio. Estase realizando o cambio céspede con todas as garantías e mimando todo o que se poida aos clubs. E teño que agradecerlles tanto

aos clubs coma ao director e tamén aos técnicos do Concello de Lugo, que fixeron, e están facendo, un traballo excepcional para que se mingüen todas as deficiencias que poida haber.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas, señor Bustos.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 334/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE O ARRANXO E LIMPEZA DO LAVADOIRO DE CEIDE, NA PARROQUIA DE SAN SALVADOR DE OUTEIRO. -

Visto o citado escrito expresivo do seguinte:

Os veciños da parroquia de San Salvador de Outeiro transmítennos o seu malestar polo estado de abandono do lavadoiro situado en Ceide, cheo de maleza e con perigo de derrubamento.



O Grupo Municipal do Partido Popular presenta, as seguintes PREGUNTAS ante o PLENO:

1. Cando foi a última vez que o Concello de Lugo fixo mantemento neste lavadoiro?
2. Cando o vai a limpar e arranxar?

DELIBERACIÓN

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moi ben, ten a palabra a señora Rubinos, polo Grupo Popular.

DONA FLORA RUBINOS ROIS: Moitas grazas, señora alcaldesa. Os lavadoiros tradicionais teñen unha importancia histórica e cultural que ninguén pode discutir. Foron, ademais dun lugar para lavar a roupa, un espazo de comunidades, especialmente femininos. Tal vez por iso é polo seu estado de abandono, os veciños da parroquia de San Salvador de Outeiro transmitíronnos o seu malestar pola situación do lavadoiro de Ceide, cheo de maleza e con perigo de derrubamento. Por iso o Grupo Municipal do Partido Popular quixera unha resposta o máis clara posible ás preguntas que vimos facer: cando foi a última vez que o Concello fixo mantemento neste lavadoiro? e, sobre todo, cando van solucionar este problema?

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas, señora Rubinos, respóndelle Ana González Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA. Descoñezo, señora Rubinos, se ten o informe técnico do derrubamento do lavadoiro, se o Partido Popular o ten, porque non está en risco de derrubamento, nin ten goteiras, e a limpeza farase cando lle corresponda no tempo, como lle dixen antes, pola organización das prioridades e os traballos que se van realizando en todas as parroquias.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas, señora Abelleira.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 335/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE DIVERSAS CUESTIÓN RELATIVAS ÁS REPARACIÓN DA REDE DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA DURANTE AS 24 HORAS DO DÍA. - Visto o citado escrito expresivo do seguinte:

Nos últimos días os veciños de Sanfiz presentaron por rexistro un escrito para demandar que se subsanen as deficiencias que presenta a rede de abastecemento de auga e se execute o contrato publicado para a rexeneración do firme da vía.

O pasado 31 de agosto un total de 17 vivendas estiveron máis de 17 horas privados de suministro de auga.

O día 8 de setembro volveuse a producir unha avería que tivo aos veciños case 24h sen un servizo esencial, sobre todo tendo en conta que se trata de vivendas nas que residen persoas maiores e dependentes.

A única solución que tiveron os veciños foi suministrarse con cubos de auga que lles cedían outros veciños.



En abril de 2024 o Concello de Lugo anunciou a licitación para a contratación do servizo de execución de reparacións e traballos de apoio na reparación de avarías na rede de abastecemento de auga do Concello de Lugo, a día de hoxe sen resolver.

Resumen Licitación

Publicación en plataforma	Documento	Ver documentos
01/04/2024 11:40:10	Anuncio de Licitación	Html Xm1 Pdf Sello de Tiempo
01/04/2024 11:40:26	Pliego	Html Xm1 Pdf Sello de Tiempo

Otros Documentos

Publicación en plataforma	Documento	Ver documentos
15/04/2024 09:45:12	Actos públicos informativos o de aperturas de ofertas	Ver Sello de Tiempo

Enlace a la licitación

https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink_detalle_licitacion&idEve=THC%2Bv5p4DEwS7cxhTeW0g%3D%3D

Si desea copiar la URL, pulse botón derecho sobre este enlace y seleccione la opción "Copiar acceso directo"

AVISO LEGAL	PROTECCIÓN DE DATOS	GUÍA DE NAVEGACIÓN	ACCESIBILIDAD
Aviso Legal	Información General Protección de datos Registro de Actividades de Tratamiento Agencia Española de Protección de Datos Normativa de Protección de Datos Información sobre tratamientos de datos del Ministerio	Información General Guía de navegación Mapa Web	Accesibilidad

En xullo deste mesmo ano o Concello de Lugo publicaba unha nova licitación para un contrato menor coa mesma finalidade. Dito contrato tiña unha duración de 3 meses polo que debe estar en vigor.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

Sistema de Licitación Electrónica del CONCELLO DE LUGO.

El Ayuntamiento de Lugo ha publicado una nueva
licitación Electrónica.

Los datos de la nueva licitación publicada son:

- Tipo de procedimiento de contratación:
CONTRATO MENOR
- Número de expediente: 2024/C001/000641
- Denominación del expediente: Contratación do
servizo de execución de reparacións e traballos
de apoio na reparación de avarias na rede de
abastecemento de auga do Concello de Lugo
durante 3 meses
- Presupuesto base de licitación (€): 15.000
- Fecha fin de presentación de ofertas: 18/07/2024
23:59

Si desea cancelar su suscripción pulse [aquí](#)

Atentamente,

Plataforma de Licitación Electrónica del Concello de
Lugo

Como sexa que o grupo da oposición non ten acceso permanente aos contratos menores e que sólo podemos acceder cando se publican, presentamos, ante o pleno, as seguintes preguntas:

1. En que situación se atopa a tramitación da contratación do servizo de reparacións da rede de suministro de auga durante as 24h do día?
2. Cal é o persoal en activo co que conta actualmente o servizo municipal de augas?
3. Está previsto cubrir a totalidade de postos que figuran na RPT?

DELIBERACIÓN

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Polo Partido Popular, a señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Non vou repetir datos obxectivos que se viñeron producindo na cidade nos últimos tempos, porque así o fixen cando tocou o debate e xustificamos dese xeito o voto en contra da subida do 25% nesta taxa. Pero si imos preguntar, en concreto, que ten pensado facer? Fai máis dun ano anunciamos que remataba o contrato para que no seu momento se contratara de maneira provisional para atender as urxencias, licitouse un contrato menor que, polo que se ve, non tivo o obxectivo acadado, ou tivo tamén unha cantidade insuficiente, porque se o anterior, que tiña unha dotación de 100.000 mais IVE, era economicamente insuficiente, imaxinádevos un contrato menor, que son 15.000. Así se publicaba no sistema de licitación electrónica do Concello de Lugo. Entón, as preguntas, e, sobre todo, por mandar unha mensaxe de tranquilidade a todos aqueles lucenses do rural que van ver como lles van subir os seus recibos? En que situación se atopa esa tramitación da contratación dese servizo de reparacións de urxencia? Cal é o persoal en activo que conta actualmente este servizo, para nós vital na cidade? e se ten previsto cubrir a totalidade dos postos que figuran na RPT?

Neste segundo, vou definir que debe entenderse por contaminado aquel que tivo unha alteración negativa na pureza ou nas súas condicións normais. E referíame polo pouco tempo que levaba con responsabilidades. Dende logo, se iso é un insulto, creo que teríamos que repasar todo o que se leva dito neste Pleno e en plenos anteriores. En todo caso, e como aínda me sobre o tempo, a quen me corresponda contestar, si lles pregaría que tomasen en serio ao servizo e á brigada de augas, porque neste momento o malestar da cidadanía e moi alto e hai persoas con problemas de saúde, grandes dependentes, que o feito de estar horas sen auga é francamente inaceptable, especialmente nunha cidade como Lugo.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Candia. Isto teno que contestar o concelleiro de Medio Ambiente, D. Miguel Fernández.

DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, alcaldesa. Pois por tranquilizala, señora Candia, é coñecido e verificable que en Lugo temos unha auga de excelente calidade, e que se producen evidentes avarías que tratamos de solucionar no tempo máis curto posible. E creo que estamos ben encamiñados porque efectivamente, e tal como lles teño explicado en diferentes ocasións e incluso nas últimas comisións, na última comisión informativa, e coincidiron no tempo, nun momento dado, unha serie de circunstancias que van dende que a empresa encargada da reparación de avarías rematou o contrato e deixou de prestar o servizo, como é lóxico e normal. Como vostede dicía, o contrato menor que publicamos quedou deserto; un segundo contrato con revisión de prezos á alza, evidentemente, para facelo máis apetecible, máis atractivo, pois a empresa que resultou gañadora non chegou a presentar a documentación oportuna, por tanto, non se lle pode adxudicar. E coincide, ademais, no período vacacional e tamén que se produciron varias baixas médicas no propio servizo, o cal provocou que tivéssemos problemas á hora do tempo de resposta desas avarías, que lle aseguro que estamos tan interesados coma vostedes en que se solucionen o antes posible, e creo que estamos ben encamiñados porque o estamos facendo con medios propios e puntuais procedementos de urxencia, cando é o caso.

Dito iso, e contestándolle concretamente as preguntas, o prego de reparación da rede de augas atópase en Contratación, e si lle teño que dicir que pola súa elevada contía, que precisamente se incrementou esa contía por esa razón á que vostede aludía, de facelo máis atractivo, ampliálo no tempo e na contía, pois trámítase por regulación harmonizada. Por tanto, hai que respectar os prazos legalmente establecidos. En canto ao persoal do taller de augas, temos un encargado, temos un oficial maquinista fontaneiro, que así se denomina a praza, e temos seis operarios. E temos, ademais, o apoio puntual do persoal do parque móbil e en concreto os oficiais condutores, os oficiais condutores maquinistas. Tamén se procedeu á incorporación dun traballador nos meses de verán para cubrir vacacións.

É a última pregunta de se temos previsto cubrir a totalidade dos postos previstos na RPT, evidentemente si, temos ese compromiso e nesa liña estamos traballando.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac3767739836149271182.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-9-2024

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas.

D) MOCIÓNS DE URXENCIA

Rematado os asuntos recollidos na orde do día, sométese á coñecemento do Excmo. Concello Pleno, para a súa consideración fóra da orde do día a seguinte moción de urxencia:

- MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 336/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL A AMPLIAR A PARTIDA ORZAMENTARIA DAS AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL EDUCATIVO (Exp. 2024/G004/000650).-

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Doulle a palabra ao Grupo Popular para que fundamente a urxencia. Señor Vázquez ten a palabra.

DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO: Muchas gracias, alcaldesa. Bueno el motivo presentar esta moción de urgencia es sencillamente que hai determinadas épocas del año que son especialmente complicadas, que son especialmente difíciles para as familias, una de ellas es, sin ningún lugar a dudas, el inicio del curso con un gasto muy elevado para las familias, aproximadamente se calcula que la media de gasto por alumno, tanto de educación infantil como de primaria, es aproximadamente de unos 400 euros en la comunidade autónoma de Galicia. Hace unos días salían publicadas esas ayudas por parte del Concello, creo que eran aproximadamente unas ayudas que estaban en torno... en torno no, vales de 100 euros y en una cuantía total de 40.000. Los alumnos que tiene la ciudad de Lugo, en un cómputo general, es de 2084, si tenemos en cuenta los alumnos de la educación concertada, que ya no se contemplan además dentro de las ayudas, tocarían aproximadamente a unos 19 euros, indudablemente es una cantidad...

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Señor Vázquez, perdoe que o interrompa, ten que fundamentar a urxencia, non falar do contido, por que vén aquí como urxente, vale?

DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO: ... Debido a estos gastos y que esas partidas nos parecen insuficientes, consideramos que es urgente precisamente debatirlo, teniendo en cuenta, además, que estos vales salen agora mesmo, cuando tenían

que haber salido a principio de curso y donde muchas familias han hecho ya un gasto sobre el material escolar. Muchas gracias.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas, señor Vázquez. Pois imos votar a urxencia.

VOTACIÓN DA DECLARACIÓN DE URXENCIA

Tras a xustificación da urxencia efectuada, sométese a votación a declaración da urxencia previa, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 Do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a urxencia da moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, polo que xa non se entra no fondo do asunto.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Ben, pois conclúe o Pleno, non sen antes mostrar a ledicia porque esteamos os 25, os 25 concelleiros que estamos de Pleno en Pleno, e que é unha ledicia, de verdade. Polo tanto, Damián, esperamos esa leal oposición, esa oposición sen crispación, esa oposición construtiva, de verdade que temos esa esperanza en ti, que é como debe actuar a oposición.

E tamén mostrar ledicia por ter a Pablo, Pablo Permuy foi un pracer que estiveras hoxe aquí e tamén quero estendela a Felipe Rivas. De verdade que estamos moi contentos de tervos con nós neste acto. E a continuar e a traballar. Moitas grazas a todos e a todas.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excma. Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, ás trece horas e corenta e catro minutos do expresado día vinte e seis de setembro de dous mil vinte e catro, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ao Libro de Actas. De todo o cal, eu, dona Ana María Rivas García, secretaria xeral do Pleno, dou fe.